

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta de setembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretaria Acctal. Xeral do Pleno que asina D^a. Susana Gallardo Fariña (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, iniciamos o Pleno do concello, sesión ordinaria, convocada por orde do día, en poder das señoras/es concelleiros, constamos quórum, ábrese sesión pública virtual e iniciamos o Pleno.

Quería propoñerlle aos señoras/es concelleiros aos efectos dos debates da orde do día agrupar nun primeiro punto o punto dous, tres, catro, cinco e seis que ten que ver con ordenanzas e despois facer o sete separado e o oito separado e partir de aí cada un dos diferentes puntos da orde do día, suma todo o que estea relacionado coa parte de orzamentos e facenda, facelo en tres bloques de debate, cos tempos ordinarios para a súa materialización.

Procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(147).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA-XUÑO DO 1.07, EXTRAORDINARIA URGENTE DO 10.07, EXTRAORDINARIA DO 17.07, ORDINARIA DO 29.07 E EXTRAORDINARIA DO 10.08.2020)

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, (dez presenciais e dezasete por control remoto), apróbanse as actas: ordinaria (xuño) do 1.07, extraordinaria urgente do 10.07, extraordinaria do 17.07, ordinaria do 29.07 e extraordinaria do 10.08.2020.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(148).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 2698/500 (REXISTRO PLENO 2550/1101)

ANTECEDENTES: En data de 13.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 3/2011 de 30 xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse definitivamente a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral relativos a materia recadadora.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 3 de agosto de 2020.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

I. A presente modificación consiste na adaptación do texto da ordenanza á normativa xeral de aplicación, en particular, ao contido actualizado da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

-Introdúcese no artigo 15 un novo apartado 3: Posibilidade de practicar unha redución nos recargos por declaración extemporánea sen requirimento previo, adaptando deste xeito a Ordenanza á regulación contida no artigo 27 da LXT.

-Modifícase a redacción do apartado h) do artigo 19.4. A nova redacción que se propón pretende coordinar as actuacións de xestión e inspección tributarias coa normativa de aplicación xeral en materia de documentación administrativa e de actuación dos rexistros públicos. Por esta razón, faise constar na ordenanza o modo de xestionar e tramitar os documentos presentados en papel por aqueles interesados que non estiveran obrigados a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, na liña fixada polo artigo 16.5 da LPAC e polos artigos 26 e seguintes da mesma.

-Proponse, unha nova redacción ao apartado 1 do artigo 19 Bis, eliminando do texto da ordenanza a data de entrada en vigor das prescricións aludidas na disposición final sétima da LPAC, debido a incerteza sobre a data da súa efectiva entrada en vigor.

-Introdúcese nun novo apartado 5 do artigo 19 Bis o recoñecemento xurídico dunha importante canle de comunicación entre a cidadanía e o Concello de Vigo, que xa leva varios anos en funcionamento: A Oficina Virtual Tributaria. Asígnaselle unha dirección web, cunha denominación simple, para que os contribuíntes poidan acceder de modo sinxelo e directo á Oficina Virtual Tributaria (<https://hoxe.vigo.org/oficinatributaria>). Deste xeito, búscase mellorar na consecución dos principios de servizo efectivo, claridade e proximidade aos cidadáns, avanzando na senda da modernización administrativa. Ademais, consagra o dereito da cidadanía a comunicarse coa Administración e realizar un elevado número de trámites por esta oficina tributaria a través de medios electrónicos, contemplado nos artigos 13 e seguintes e 53 da LPAC.

-Engádese un novo apartado 6, no mesmo artigo 19 Bis, co fin de facer constar o compromiso da Administración tributaria do Concello co cumprimento estricto do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e o Consello, relativo á Protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, garantindo así a plena efectividade do dereito fundamental recollido no artigo 18 da constitución española de 1978. O novo ecosistema xurídico regulador desta materia inspírase nos principios de protección máxima dos datos persoais, coordinados cunha actuación dilixente e responsable dos “responsables e encargados do tratamento”, con suxeición plena das actividades de tratamento de datos persoais aos principios e disposicións do RXPD.

-Introdúcese un parágrafo terceiro no apartado 2º, do Artigo 47 para a súa adaptación ao artigo 67 da LXT.

-Introdúcese un novo apartado 3 no artigo 5.3., en base á modificación no artigo 99 da LXT introducida pola disposición final 1.1 do Real decreto-lei 22/2020, de 16 de xuño de realizar actuacións de aplicacións dos tributos, contemplando a posibilidade de que a Administración tributaria do Concello poida prestar información e asistencia tributaria a través de novos mecanismos de emisión e recepción de imaxen e son. Búscase, deste xeito, avanzar no concepto de servizo público e modernización administrativa, evolucionando os esquemas de traballo existentes, coa máxima proximidade aos contribuíntes, coa intención de lograr o máximo nivel de satisfacción da cidadanía coa actuación desta Administración. Séguese o modelo da AEAT, caracterizada desde fai anos por ser pioneira na introducción de novas técnicas de xestión administrativa, que nos últimos meses xa puxo en funcionamento distintas ferramentas dirixidas a actividades tales como a resolución de consultas.

-Engádese un novo apartado 8, no artigo 57, coa finalidade de engadir a nova regulación incorporada no artigo 99.9 da LXT. Isto posibilita a realización de actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos, a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son. Permite unha gran modernización e comodidade no procedemento de xestión tributaria así como, a realización de procedementos de inspección desde lugares xeográficamente afastados con utilización de medios telemáticos que garanticen a transmisión e recepción seguras dos documentos que, no seu caso, recollan o resultado das actuacións realizadas.

-Engádese un novo apartado 6 no Artigo 68.1, recolléndose a posibilidade de realizar actuacións no marco dun procedemento de inspección tributaria desde calquera lugar, cando se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 57.8 desta ordenanza. Con esta nova redacción, o artigo 68 da Ordenanza queda adaptado á nova regulación dos lugares das actuacións inspectoras, contida no artigo 151 da LXT.

-Engádese un parágrafo na letra f) no Artigo 78 para introducir unha nova infracción no marco da regulación do procedemento sancionador en materia tributaria, en consonancia co Artigo 199.2 da LXT.

Deste xeito, faise constar na Ordenanza a infracción tributaria na que incorren os suxeitos pasivos que incumpran a obriga determinada no Artigo 14 LPAC e Artigo 19

Bis desta Ordenanza, de relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, así como a sanción que corresponde.

II. Por motivos de economía no procedemento, introdúcese como disposición adicional a esta ordenanza unha modificación de contido técnica na ordenanza fiscal nº 16.

Resulta necesario realizar determinadas correccións de tipo técnico no Artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo:

-Precisar a aplicación de grados de discapacidade no parágrafo cuarto do Artigo 4.1., incluír no Apartado 1.6 do Artigo 4.1 prestacións de orfandade e remitir o concepto "familia monoparental" á definición do Artigo 13 da "Lei 3/2011 de 30 xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia", precisar data de inicio do cómputo de 22 meses para a aplicación do coeficiente correspondente á situación de desemprego.

-Regular o Apartado 5 do Artigo 4 atendendo aos problemas que na realidade social e familiar xurden e constitúen cambios nas persoas integrantes nunha vivenda. Trátase de acomodar a concesión do beneficio fiscal a cambios producidos entre a solicitude da exención e a aprobación do Padrón Fiscal de cada ano.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación regula aspectos procedimentais e técnicos sen repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias do exercicio 2021.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *"cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública"* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: "o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 15.- RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO.

3. O importe dos recargos a que se refire o apartado 2 anterior, reducirase nun 25% sempre que:

-se realice o ingreso total do importe restante do recargo, no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación de dito recargo e sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ou da liquidación practicada pola Administración derivada da declaración extemporánea, ao tempo da súa presentación ou no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, respectivamente

-ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento de dita débeda que a Administración tributaria concedera con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago tivera solicitado ao tempo de presentar a declaración extemporánea ou con anterioridade á finalización do prazo fixado no artigo 36.4 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación resultante da declaración extemporánea.

Cando os ingresos non se realizasen nos prazos previstos no apartado anterior, esixirase o importe da redución practicada sen máis requisito que a súa notificación.

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES.

5. Constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, os seguintes:

h) Dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se atopen en poder desta Administración, sempre que o obrigado tributario indique o día e procedemento no que os presentou.

Os documentos presentados polos interesados en soporte papel deberán ser dixitalizados, conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, para a súa incorporación ao expediente administrativo.

ARTIGO 19 BIS.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

1. Sen prexuízo da demora prevista na disposición final sétima da Lei 39/2015, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

-As persoas xurídicas

-As entidades sen personalidade xurídica

-Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos os Notarios e Rexistradores)

-Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.

5. A cidadanía terá dereito a relacionarse electrónicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Oficina Virtual Tributaria, que se atopa dentro da sede electrónica do Concello de Vigo.

O acceso á Oficina Virtual Tributaria realizarase a través da dirección electrónica

<https://hoxe.vigo.org/oficinatributaria>

6. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á Protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Vigo, como responsable do tratamento, aplicará en calquera tratamento de datos realizado no marco dun procedemento de Xestión e Inspección Tributarias, os principios recollidos en ditas normas.

ARTIGO 47.- PRESCRICIÓN.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse:

-No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

Nos tributos de cobro periódico por recibo, cando para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación non sexa necesaria a presentación de declaración ou autoliquidación, o prazo de prescrición comezará o día da devindicación do tributo.

ARTIGO 53. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÓS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

3. A Administración Tributaria poderá prestar asistencia e facilitar información tributaria mediante a utilización de programas ou aplicacións de emisión/recepción simultáneas de imaxen e son, que permitan a máxima inmediatez entre a cidadanía e a Administración.

ARTIGO 57.- FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

8. As actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos poderán realizarse a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son, a interacción visual, auditiva e verbal entre os obrigados tributarios e o órgano actuante, e garanticen a transmisión e recepción seguras dos documentos que, no seu caso, recollan o resultado das actuacións realizadas.

A utilización destes sistemas producirase cando o determine a Administración tributaria e requirirá a conformidade do obrigado tributario en relación co seu uso e coa data e hora do seu desenvolvemento.

ARTIGO 68.- LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1.

e) Nos lugares sinalados nas letras anteriores ou noutro lugar, cando ditas actuacións se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 57.8 desta ordenanza. A utilización destes sistemas requirirá a conformidade do obrigado tributario.

ARTIGO 78.- CLASES DE INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

f)

Se se presentan autoliquidacións, declaracións ou outros documentos con trascendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obriga de facelo por ditos medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

DISPOSICIÓN ADICIONAL

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. 2021

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

MODIFÍCANSE OS SEGUINTE PARÁGRAFOS:

Parágrafo cuarto do artigo 4.1 quedando redactado como segue:

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

Substitúese o epígrafe 1.6 do artigo 4.1. polo seguinte texto:

1.6. No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Substitúese o epígrafe 1.7 do artigo 4.1 polo seguinte texto:

1.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciárase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

Substitúese o apartado 4 do artigo 4.4 polo seguinte texto:

4. As solicitudes de exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, produciran efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

De presentarse algunha solicitude de exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora formulada.

Substitúese o apartado 5 do artigo 4.5 polo seguinte texto:

5. No caso de que con posterioridade á solicitude de exención, se producira cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas integrantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, arquivarase sen mais tramite.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b)Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de agosto de 2020, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 31 de agosto o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 8.09.20, o concelleiro membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos políticos municipais.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polo grupos políticos municipais segundo informe que consta no Expediente.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal xeral segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

TERCEIRO. O acordo de aprobación provisional expoñerase na sede electrónica municipal por un prazo de trinta días nos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións. Publicarase anuncio de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Finalizada a exposición pública adoptarase o acordo definitivo resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo. O acordo definitivo -incluíndo o provisional elevado a tal categoría- e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicaranse no BOP sen que a modificación entre en vigor ata a publicación.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 1:

ORDENANZA FISCAL XERAL. 2020

Índice de Contidos

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.

- CAPITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS (Artigos 1 e 2).
- CAPITULO II.- NORMAS TRIBUTARIAS (Artigos 3 e 4).

TITULO II.- OS TRIBUTOS.

- CAPITULO I.- OBRIGAS TRIBUTARIAS. (Artigos 5 a 18).
- CAPITULO II.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS.(Artigos 19 a 28).
 - a. CAPITULO III.- ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA. (Artigos 29 a 32).
 - a. CAPITULO IV.- A DÉBEDA TRIBUTARIA. (Artigos 33 a 51).

TITULO III.- APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.

- CAPITULO I.- ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS. (Artigos 52 a 55).
- CAPITULO II.- NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA. (Artigos 56 a 59).
- CAPITULO III.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA. (Artigos 60 a 65).
- CAPITULO IV.- PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA. (Artigos 66 a 70).
- CAPITULO V.- PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN. (Artigos 71 a 75).

TITULO IV.- A POTESTADE SANCIONADORA.

- a)CAPITULO I.- PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA. (Artigo 76 e 77).
- CAPITULO II.- DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS. (Artigos 78 a 80).

TITULO V.- REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.

- CAPITULO I.- MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN. (Artigo 81).
- CAPITULO II.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN. (Artigos 82 a 87).
- CAPITULO III.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS. (Artigos 88 e 89).

DISPOSICIÓNS FINAIS.

ANEXO: CATEGORÍAS FISCAIS DAS RÚAS.

TITULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.

CAPITULO I - PRINCIPIOS XERAIS.

ARTIGO 1.

1.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral dítase ao amparo do artigo 106.2 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, en desenvolvemento do establecido no RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e disposición adicional cuarta da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e demais normas concordantes.

2.- Contén as normas aplicables ao exercicio das competencias do municipio nas materias de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos tributarios municipais.

ARTIGO 2.

A presente Ordenanza Fiscal Xeral contén normas comúns tanto substantivas como procesuais que, se consideran, a todos os efectos, parte integrante das ordenanzas fiscais e regulamentos que se diten en relación á Xestión, Recadación e Inspección de Ingresos de dereito público municipais.

CAPITULO II. NORMAS TRIBUTARIAS.

ARTIGO 3.- INTERPRETACIÓN.

1. As normas contidas na presente ordenanza interprétanse conforme ó disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil.

2. En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ó seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.

3. Non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estritos o ámbito do feito imponible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

ARTIGO 4.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1. As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Vigo e aplicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade.

2. A categoría fiscal das avenidas, rúas e prazas do termo municipal será a determinada no Anexo desta ordenanza fiscal xeral. Se algunha rúa, camiño ou lugar non figurase no citado Anexo, a súa categoría fiscal será determinada conforme á seguinte escala de valores de repercusión comercial e/ou unitarios obtidos das correspondentes ponencias de valores catastrais vixentes:

CATEGORÍA	VALORES DE REPERCUSIÓN
	COMERCIAL (BI-URBANOS)
1ª	máis de 301,06 €/m ²
2ª	de 245,80 €/m ² ata 301,06 €/m ²
3ª	de 150,54 €/m ² ata 245,79 €/m ²
4ª	de 82,11 €/m ² ata 150,53 €/m ²
5ª	de 50,31 €/m ² ata 82,10 €/m ²
6ª	ata 50,30 €/m ² .

CATEGORÍA	VALORES DE REPERCUSIÓN
	COMERCIAL (BICES)

1ª	máis de	2.000 €/m2
2ª	de 1.500,10 €/m2 ata	2.000 €/m2
3ª	de 1.000,10 €/m2 ata	1.500 €/m2
4ª	de 501,10 €/m2 ata	1.000 €/m2
5ª	de 150,10 €/m2 ata	500 €/m2
6ª	ata 150	€/m2.

CATEGORÍA VALORES UNITARIOS DE SOLO
(BICES)

1ª	máis de	45 €/m2
2ª	de 30,10 €/m2 ata	45 €/m2
3ª	de 15,10 €/m2 ata	30 €/m2
4ª	de 5,10 €/m2 ata	15 €/m2
5ª	de 1,1 €/m2 ata	5 €/m2
6ª	ata 1	€/m2

3. Mediante resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda determinarase a categoría fiscal que, para cada rúa, avenida ou praza, resulte da aplicación das escalas de valores catastrais anteriormente relacionadas.

Se, como consecuencia da aplicación do apartado 2 anterior, se incrementase a categoría fiscal mais dun nivel, o incremento de categoría producirase só nun nivel para cada exercicio ata alcanzar a categoría aprobada

Se a variación de categoría fose a baixa, os efectos produciranse totalmente no exercicio seguinte a aquel no que a variación fose aprobada.

TITULO II. OS TRIBUTOS.

CAPÍTULO I. OBRIGAS TRIBUTARIAS.

ARTIGO 5.- OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL

A obriga tributaria principal ten por obxecto o pagamento da cota tributaria.

ARTIGO 6.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible é o presuposto fixado pola ordenanza correspondente para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. As ordenanzas fiscais poderán completar a delimitación do feito imponible mediante a mención de supostos de non suxeición.

ARTIGO 7.- SIMULACIÓN.

Nos actos ou negocios nos que exista simulación, o feito impoñible gravado será o efectivamente realizado polas partes.

ARTIGO 8.- DEVINDICACIÓN.

A devindicación é o momento en que se entende realizado o feito impoñible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.

A ordenanza de cada tributo poderá dispoñer a esixencia do pagamento da cota, ou de parte dela, en momento distinto do devengo.

ARTIGO 9.- EXENCIONES.

Son supostos de exención aqueles nos que, a pesar de realizarse o feito impoñible, a ordenanza exime do cumprimento da obriga tributaria principal.

ARTIGO 10.- INTERPRETACIÓN

1. Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reducións que as concretamente autorizadas pola lei, pactos ou tratados internacionais. A ordenanza fiscal de cada tributo deberá regular os supostos de concesión de beneficios fiscais.

2. As exencións, bonificacións e reducións interpretaranse en sentido restritivo e non se aplicarán a máis persoas -e só polas súas obrigas tributarias propias e directas- que ás taxativamente previstas, nin se estenderán a máis supostos que os sinalados especificamente.

3. Cando nas respectivas ordenanzas se declare exento de pagamento de tributos ó Estado, este beneficio non comprenderá ás entidades ou organismos que, calquera que fose a súa relación ou dependencia do Estado, posúan personalidade xurídica propia e independente e non teñan recoñecida por lei exención especial.

ARTIGO 11.- BONIFICACIONES EN MATERIA DE TAXAS

1. Para a fixación das tarifas das taxas que, polas súas características, o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelas.

2. O importe estimado das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.

3. O Concello Pleno, nos actos de aprobación de plans de actuación sectorial ou instrumentos de planeamento poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso aos principios de capacidade económica e xustiza distributiva.

4. Nos supostos establecidos no apartado 3 anterior así como no suposto de que unha ordenanza específica autorice a concesión de beneficios fiscais a persoas de escasa capacidade económica como xubilados, pensionistas e outras haberán de cumprirse os requisitos establecidos no artigo seguinte deste texto.

ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

1. O Concello Pleno determinará para cada exercicio, os supostos obxectivos e requisitos subxectivos que deben reunir os beneficiarios de bonificacións ou exencións de taxas. Noutro caso entenderanse vixentes os do exercicio anterior.

2. A aplicación de exencións, bonificacións e reducións que procedan, efectuarase a petición de parte coa xustificación documental que proceda.

3. O importe dos recargos a que se refire o apartado 2 anterior, reducirase nun 25% sempre que:

-se realice o ingreso total do importe restante do recargo, no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación de dito recargo e sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ou da liquidación practicada pola Administración derivada da declaración extemporánea, ao tempo da súa presentación ou no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, respectivamente

-ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de apazamento ou fraccionamento de dita débeda que a Administración tributaria concedera con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago tivera solicitado ao tempo de presentar a declaración extemporánea ou con anterioridade á finalización do prazo fixado no artigo 36.4 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación resultante da declaración extemporánea.

Cando os ingresos non se realizasen nos prazos previstos no apartado anterior, esixirase o importe da redución practicada sen máis requisito que a súa notificación.

3. As peticións das persoas interesadas tramitaranse polo departamento que teña competencia no plan de actuación sectorial ao que se alude no artigo 11.3 anterior así como pola administración tributaria do Concello previa obtención de datos da AEAT.

4. As exencións e bonificacións que afecten a taxas de exacción periódica (padrón fiscal) haberán de solicitarse para cada período impositivo, producindo efectos para o período impositivo seguinte ao da súa solicitude.

ARTIGO 13.- OBRIGAS TRIBUTARIAS ACCESORIAS.

Teñen a natureza de obrigas tributarias accesorias as obrigas de satisfacer o xuro de mora, os recargos por declaración extemporánea e os recargos do período executivo. Por lei poderán impoñerse outras obrigas tributarias accesorias.

ARTIGO 14.- XURO DE MORA.

1. O xuro de mora é unha prestación accesoria que se esixirá aos obrigados tributarios e os suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fóra de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade a ingresar, unha vez finalizado o prazo establecido pola ordenanza. Esixirase xuro de mora como consecuencia do cobro dunha devolución improcedente así como noutros casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de mora tributario non require a previa advertencia da administración nin un atraso culpable no obrigado.

2. O xuro de mora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada improcedentemente e resultará esixible durante o tempo a que se estenda o atraso do obrigado.

3. O xuro de mora será o interese legal do diñeiro vixente ó longo do período en que aquel resulte esixible, incrementado nun 25% agás que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

4. Non se esixirán xuros de mora ou serán esixidos por prazo distinto do establecido no parágrafo 2 deste artigo, nos supostos regulados nos apartados 4 e 5 do artigo 26 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 15.- RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO.

1. Os recargos por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fóra de prazo sen requirimento previo da administración.

2. Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes o termo do prazo establecido para a presentación e ingreso, os recargos será do 5,10 ou 15% respectivamente. Dito recargo calcularase sobre o importe da liquidación derivado da declaración extemporánea e excluírá as sancións e os xuros de mora

vindicados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o termo do prazo establecido para a presentación, o recargo será do 20% e excluírá as posibles sancións. Neste caso, esixíranse os xuros de mora polo tempo transcorrido dende o día seguinte ao termo dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento da autoliquidación ou declaración.

3. O importe dos recargos a que se refire o apartado 2 anterior, reducirase nun 25% sempre que:

-se realice o ingreso total do importe restante do recargo, no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación de dito recargo e sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ou da liquidación practicada pola Administración derivada da declaración extemporánea, ao tempo da súa presentación ou no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, respectivamente

-ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento de dita débeda que a Administración tributaria concedera con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago tivera solicitado ao tempo de presentar a declaración extemporánea ou con anterioridade á finalización do prazo fixado no artigo 36.4 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación resultante da declaración extemporánea.

Cando os ingresos non se realizasen nos prazos previstos no apartado anterior, esixírase o importe da redución practicada sen máis requisito que a súa notificación.

ARTIGO 16.- RECARGOS DO PERÍODO EXECUTIVO.

Os recargos do período executivo devíndícanse co inicio de dito período. Son de tres tipos: recargo executivo, recargo de constrinximento reducido e recargo de constrinximento ordinario.

ARTIGO 17.- OBRIGAS TRIBUTARIAS FORMAIS.

1. Son obrigas tributarias formais aquelas que, sen ter carácter pecuniario son impostas pola ordenanza aos obrigados tributarios. O seu cumprimento está relacionado co desenvolvemento de actuacións ou procedementos tributarios.

2. Entre outras que poidan ser establecidas legalmente, os obrigados tributarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

- a) Solicitar e utilizar o número de identificación fiscal nas relacións de natureza ou transcendencia tributaria.
- b) A obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións.
- c) A obriga de achegar a Administración tributaria libros, rexistros, documentos, informes, antecedentes con transcendencia tributaria.
- d) A obriga de facilitar inspeccións e comprobacións administrativas.

ARTIGO 18.- OBRIGAS E DEBERES DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

A Administración tributaria está suxeita ás seguintes obrigas de contido económico: realizar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, devolución de ingresos indebidos, o reembolso do custo das garantías e satisfacer xuros de mora.

CAPITULO II. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES.

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que as Ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas tributarias.

2. Entre outros son obrigados tributarios:

- a) Os contribuíntes.
- b) Os substitutos dos contribuíntes.
- c) Os obrigados a realizar pagos fraccionados.
- d) Os sucesores.

3. Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles a que as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas formais.

4. Terán a consideración de obrigados tributarios, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio susceptible de imposición.

5. Constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, os seguintes:

- a) Dereito a ser informado e asistido pola Administración tributaria sobre o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas tributarias.
- b) Dereito a obter, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria e nesta Ordenanza, as devolucións derivadas da normativa de cada tributo e as devolucións de ingresos indebidos que procedan, con aboamento do xuro de demora previsto no artigo 26 da Lei Xeral Tributaria, sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto.
- c) Dereito a ser reembolsado, na forma fixada na lei, do custo dos avais e outras garantías achegados para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda, se o devandito acto ou débeda é declarado total ou parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme, con aboamento do xuro legal sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto,

así como á redución proporcional da garantía achegada nos supostos de estimación parcial do recurso ou da reclamación interposta.

d) Dereito a utilizar as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

e) Dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que sexa parte.

f) Dereito a coñecer a identidade das autoridades e persoal ao servizo da Administración tributaria baixo cuxa responsabilidade se tramitan as actuacións e procedementos tributarios nos que teña a condición de interesado.

g) Dereito a solicitar certificación e copia das declaracións por el presentadas, así como dereito a obter copia selada dos documentos presentados perante a Administración, sempre que a acheguen xunto ós orixinais para o seu cotexo, e dereito á devolución dos orixinais dos devanditos documentos, no caso de que non deban constar no expediente.

h) Dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se atopen en poder desta Administración, sempre que o obrigado tributario indique o día e procedemento no que os presentou.

Os documentos presentados polos interesados en soporte papel deberán ser dixitalizados, conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, para a súa incorporación ao expediente administrativo.

i) Dereito, nos termos legalmente previstos, ao carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria, que só poderán ser utilizados para a aplicación dos tributos ou recursos dos que teña encomendada a xestión e para a imposición de sancións, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás nos supostos previstos nas leis.

j) Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración polo persoal ao servizo da Administración tributaria.

k) Dereito a que as actuacións da Administración tributaria que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma en que lle resulte menos gravosa, sempre que iso non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.

l) Dereito a formular alegacións e a achegar documentos que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución.

m) Dereito a ser oído no trámite de audiencia, nos termos previstos nesta lei.

n) Dereito a ser informado dos valores dos bens inmobles que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión.

ñ) Dereito a ser informado, ao inicio das actuacións de comprobación ou inspección, sobre a natureza e alcance delas, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións e a que estas se desenvolvan nos prazos previstos nesta lei.

o) Dereito ao recoñecemento dos beneficios ou réximes fiscais que resulten aplicables.

p) Dereito a formular queixas e suxestións en relación co funcionamento da Administración tributaria.

q) Dereito a que as manifestacións con relevancia tributaria dos obrigados se recollan nas dilixencias redactadas nos procedementos tributarios.

r) Dereito dos obrigados a presentaren perante a Administración tributaria a documentación que estimen conveniente e que poida ser relevante para a resolución do procedemento tributario que se estea a desenvolver.

s) Dereito a obter copia á súa custa dos documentos que integren o expediente administrativo no trámite de posta de manifesto deste, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

Este dereito poderase exercer en calquera momento no procedemento de constrinximento.

ARTIGO 19 BIS.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

1. Sen prexuízo da demora prevista na disposición final sétima da Lei 39/2015, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

-As persoas xurídicas

-As entidades sen personalidade xurídica

-Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos os Notarios e Rexistradores)

-Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.

Administración Tributaria do Concello de Vigo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas, (previa autenticación e acreditación da súa identidade) por medios electrónicos; a través de correo ordinario ou presencialmente. Así mesmo, poderán escoller a forma no que o Concello emitirá a súa resposta á comunicación da persoa interesada: por medios electrónicos ou polos medios ordinarios antes mencionados.

3. As notificacións da Administración Tributaria do Concello de Vigo practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando a persoa interesada estea obrigada a recibilos por esa vía conforme ao apartado 1. As notificacións electrónicas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada a notificación, cando transcorreran 10 días naturais dende a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido. Todas as notificacións que se practiquen en papel poñeranse a disposición das persoas interesadas, e ademais, na sede electrónica do Concello de Vigo para que esta poida acceder ás mesmas de forma voluntaria.

4. As persoas interesadas terán dereito a consultar o estado de tramitación do seu expediente administrativo a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

5. A cidadanía terá dereito a relacionarse electrónicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Oficina Virtual Tributaria, que se atopa dentro da sede electrónica do Concello de Vigo.

O acceso á Oficina Virtual Tributaria realizarase a través da dirección electrónica

<https://hoxe.vigo.org/oficinatributaria>

6. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á Protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Vigo, como responsable do tratamento, aplicará en calquera tratamento de datos realizado no marco dun procedemento de Xestión e Inspección Tributarias, os principios recollidos en ditas normas.

ARTIGO 20.- SUXEITOS PASIVOS: CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

1. É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a ordenanza, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela, sexa como contribuínte ou como substituto deste.
2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible.
3. É substituto ó suxeito pasivo, que, por imposición da ordenanza e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.
4. De conformidade co artigo 56 da presente ordenanza, en relación a cada feito imponible, o suxeito pasivo obrigado ao pagamento da débeda tributaria será único, aínda que concorreran varias titularidades de dereitos sobre un mesmo obxecto tributario.

ARTIGO 21.- OBRIGADOS A REALIZAR PAGOS FRACCIONADOS.

É obrigado a realizar pagos fraccionados o contribuínte a quen a ordenanza de cada tributo impón a obriga de ingresar cantidades a conta da obriga tributaria principal con anterioridade a que esta resulte esixible.

ARTIGO 22.- SUCESORES DE PERSOAS FÍSICAS.

1. Á morte dos obrigados tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos herdeiros, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto a adquisición da herdanza.

As referidas obrigas tributarias transmitiranse aos legatarios nas mesmas condicións que as establecidas para os herdeiros cando a herdanza se distribúa a través de legados e nos supostos nos que se institúan legados de parte alícuota.

En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable salvo que se tivera notificado o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

2. Non impedirá a transmisión aos sucesores das obrigas tributarias devindicadas o feito de que na data da morte do causante a débeda tributaria non estivera liquidada, en cuxo caso as actuacións entenderanse con calquera deles, debéndose notificar a liquidación que resulte de ditas actuacións a todos os interesados que consten no expediente.

3. Mentres a herdanza se atopa xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ao representante da herdanza xacente.

As actuacións administrativas que teñan por obxecto a cuantificación, determinación e liquidación das obrigas tributarias do causante deberán realizarse ou continuarse co representante da herdanza xacente. Se ao termo do procedemento non se coñeceran os herdeiros, as liquidacións realizaranse a nome da herdanza xacente.

As obrigas tributarias a que se refire o parágrafo anterior e as que foran transmisibles por causa de morte poderán satisfacerse con cargo aos bens da herdanza xacente.

ARTIGO 23.- SUCESORES DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE.

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda e demais percepcións patrimoniais recibidas polos mesmos nos dous anos anteriores á data de disolución que minoren o patrimonio social que debера responder destas obrigas. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes o cotitulares transmitiranse integramente a éstos, que quedarán obrigados solidariamente ao seu cumprimento.

2. O feito de que a débeda tributaria non estivera liquidada no momento de producirse a extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade non impedirá a transmisión das obrigas tributarias devindicadas aos sucesores, podéndose entender as actuacións con calquera deles.

3. Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades e entidades con personalidade xurídica, as obrigas tributarias pendentes das mesmas transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan ou sexan beneficiarias da correspondente operación. Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade e entidade con personalidade xurídica.

4. No caso de disolución de fundacións ou entidades ás que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta Ordenanza, as obrigas tributarias pendentes das mesmas transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou aos partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

5. As sancións que puideran proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás que se refire este artigo serán esixibles aos sucesores das mesmas, nos termos establecidos nos apartados anteriores e, no seu caso, ata o límite do valor determinado conforme ao disposto no apartado 1 deste artigo.

ARTIGO 24.- RESPONSABLES.

1. De acordo coa lei, as ordenanzas respectivas poden declarar responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria xunto cos debedores principais, a outras persoas ou entidades.

2. Agás precepto expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3. A responsabilidade alcanzará á totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario. Cando tivera transcorrido o prazo voluntario de pagamento que se conceda ó responsable sen realizar o ingreso, iniciárase o período executivo e esixiranse os recargos e xuros que procedan.

4. A responsabilidade non alcanzará ás sancións agás lei que estableza unha excepción.

5. Agás norma con rango de lei que dispoña outra cousa, a derivación da acción administrativa para esixirle o pagamento da débeda tributaria aos responsables requirirá un acto administrativo no que, previa audiencia do interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance. Este acto seralle notificado con expresión dos elementos esenciais da liquidación, e conferiráselles dende ese instante tódolos dereitos e obrigas do debedor principal.

6. Cando sexan dous o máis os responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixírselle integramente a calquera deles.

7. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, amais dos que establecen outras normas con rango de lei, os declarados expresamente nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 25.- CAPACIDADE DE OBRAR E REPRESENTACIÓN LEGAL.

As persoas que carezan da capacidade de obrar no ámbito tributario nos termos regulados no artigo 44 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, terán a representación legal establecida no artigo 45 da mesma Lei.

ARTIGO 26.- REPRESENTACIÓN VOLUNTARIA.

1. Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, agás que se faga manifestación expresa en contrario.

2. Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos e outros supostos en que sexa necesario a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado diante da Administración Tributaria do Concello.

ARTIGO 27.- DOMICILIO FISCAL.

1. O domicilio fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións coa administración tributaria.

2. O domicilio fiscal será, para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual e deberá coincidir co enderezo de empadramento.

3. O domicilio fiscal será, para as persoas xurídicas, o seu domicilio social no municipio de Vigo, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso atenderase o lugar no que efectivamente se realice dita xestión ou dirección. Estas mesmas regras son de aplicación para as entidades as que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza.

4. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o cambio do mesmo a Administración Tributaria do Concello. A Administración Tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

5. O incumprimento da obriga de comunicar o domicilio fiscal ou cambio do mesmo constituirá infracción tributaria.

6. Os obrigados tributarios, para a súa comodidade, poderán comunicar ó Concello, amais do domicilio fiscal outros domicilios para os efectos de notificación.

ARTIGO 28.- RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO.

1. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español para os efectos das súas relacións coa Administración tributaria do Concello.

2. As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Vigo, terán o seu domicilio fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

CAPITULO III. ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.

ARTIGO 29.- BASE IMPOÑIBLE: MÉTODOS DE DETERMINACIÓN.

1. A base imponible é a magnitude en diñeiro ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito imponible.

2. A ordenanza de cada tributo establecerá o método para determinar a base imponible dentro dos seguintes:

- a) Estimación directa.
- b) Estimación obxectiva.
- c) Estimación indirecta.

3. Con carácter xeral, as bases imposables determinaranse polo método de estimación directa. Por lei estableceranse os supostos en que, con carácter voluntario poida aplicarse unha estimación obxectiva. O método de estimación indirecta aplicarase cando a Administración tributaria non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación da base imponible.

ARTIGO 30.- BASE LIQUIDABLE.

A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, na base imponible, as reducións establecidas na ordenanza fiscal.

ARTIGO 31.- TIPO DE GRAVAME.

O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica á base liquidable para obter a cota íntegra.

ARTIGO 32.- COTA TRIBUTARIA: COTA INTEGRAL, LIQUIDA E DIFERENCIAL.

1. A cota íntegra é a resultante de aplicar á base liquidable ó tipo de gravame ou ben unha cantidade fixa establecida na ordenanza fiscal.

2. A cota líquida é o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deducións, bonificacións e coeficientes correctores que se establezan na ordenanza fiscal.

3. A cota diferencial é o resultado de minorar a cota líquida no importe dos ingresos a conta realizados se estes fosen establecidos na ordenanza fiscal.

CAPITULO IV. A DÉBEDA TRIBUTARIA.

ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA.

1. A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.

2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por

- a) Xuros de demora.
- b) Recargo por declaración extemporánea.
- c) Recargos de período executivo.
- d) Outros recargos esixibles legalmente.

3. A Administración tributaria do Concello non practicará liquidacións por importe inferior a 7 €.

4. Os formularios/modelos/impresos normalizados de, autoliquidacións, solicitudes de fraccionamentos/aprazamentos e outros relativos á xestión recadadora serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

A utilización dos formularios/modelos/impresos normalizados será preceptiva, estando a disposición dos contribuíntes na sede electrónica municipal. Se o contribuínte non empregara o modelo normalizado correspondente, a administración municipal lle requirirá a súa presentación nun prazo non superior a 10 días. De non terse presentado no prazo indicado, entenderase que ten desistido da súa solicitude arquivándose a mesma sen necesidade de resolución.

ARTIGO 34.- FORMAS DE EXTINCIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA.

1. As débedas poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación, dedución sobre transferencias, condonación e polos demais medios previstos nas leis.

2. O pago, a compensación, a dedución sobre transferencias ou a condonación da débeda tributaria teñen efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado, deducido ou condonado.

ARTIGO 35 - LEXITIMACIÓN, LUGAR DE PAGO E FORMA DE PAGO.

1. Pode efectuar o pago calquera persoa, agás que ao órgano competente para a recadación lle conste, con carácter previo e de forma fidedigna, a oposición do debedor. A oposición do debedor non producirá efectos respecto de calquera persoa obrigada a realizar o ingreso en virtude dunha disposición legal ou regulamentaria.

O terceiro que pague a débeda non poderá solicitar da Administración a devolución do ingreso efectuado, nin sequera no caso de que o ingreso sexa considerado indebido, nin exercitar os demais dereitos que corresponden ao obrigado ao pago, sen prexuízo das accións que en vía civil puidesen corresponderlle. Con todo, poderá exercitar os dereitos que se deriven ao seu favor exclusivamente do acto do pago.

2. O pago das débedas poderá realizarse nas caixas dos órganos competentes, nas entidades que, no seu caso, presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras,

directamente ou por vía telemática, cando así estea establecido polo órgano municipal competente.

3. Os pagos realizados a órganos non competentes para recibilos, ou persoas non autorizadas para iso, non liberarán ao debedor da súa obriga de pago, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde en que incorra o perceptor indebido.

4. No procedemento administrativo de constrinximento, cando o importe obtido fose insuficiente para liquidar integramente a totalidade dos compoñentes dunha mesma débeda, a aplicación realizarase, en primeiro lugar ás custas e, deseguido e proporcionalmente, ao principal da débeda e aos recargos do período executivo, cancelándose, en último lugar, os xuros de mora devindicados.

ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO

1. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas de vencemento periódico e notificación colectiva, tanto por tributos como por outros ingresos de Dereito público, serán os determinados cada ano polo Concello a través do calendario fiscal do contribuínte proposto pola Tesourería Municipal. Para a determinación dos períodos de cobro, teranse en conta fundamentalmente as previsións anuais da Tesourería así como as particularidades do feito impositivo, procurando a distribución das cargas fiscais ao longo de todo o exercicio.

O calendario fiscal será publicado no BOP e exposto no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, podendo difundirse, ademais, por outros medios que se consideren adecuados.

2. Con carácter xeral, a recadación dos padróns do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, da Taxa por recollida de lixo de vivendas iniciarase no primeiro semestre do exercicio. O padrón de Exaccións Unificadas Industriais (Taxa de lixo comercial e vados), iniciarase no mes de xullo. Por outra parte, a recadación dos padróns do Imposto sobre Bens Inmóbiles e Imposto sobre Actividades Económicas iniciarase no segundo semestre do exercicio.

3. Cando o calendario fiscal modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente aos suxeitos pasivos tal circunstancia.

4. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas por liquidacións de devindicación única, non comprendidas no apartado 1. anterior, será o que conste no documento-notificación dirixido ao suxeito pasivo, sen que poida ser inferior ao período establecido no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria e que é o seguinte:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

5. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que estableza a normativa de cada tributo.

6. As débedas por conceptos diferentes aos regulados nos puntos anteriores, deberán pagarse nos prazos que determinen as normas conforme as que tales débedas se esixan. En caso de non determinación de prazos, aplicarase o disposto neste artigo.

7. As débedas non satisfeitas nos períodos citados esixiranse en período executivo, computándose, no seu caso, como pagos a conta as cantidades satisfeitas fóra de prazo.

8. Cando nun mesmo documento de cobro, se liquidan varios tributos ou varias anualidades dun mesmo tributo, o pago realizado en entidade bancaria colaboradora deberá alcanzar á totalidade da débeda. No caso de que o obrigado desexa satisfacer unicamente un ou algúns dos tributos ou anualidades, estarase ao disposto nas normas sobre fraccionamentos previstas na presente Ordenanza.

ARTIGO 37.- MEDIOS E MOMENTO DO PAGO EN EFECTIVO.

1. O pago das débedas e sancións tributarias que deba realizarse en efectivo poderá facerse sempre en diñeiro de curso legal. Así mesmo poderá realizarse por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que para cada un deles se establece na presente ordenanza e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso:

- a) Cheque.
- b) Tarxeta de crédito e débito, podéndose realizar a correspondente transacción de forma presencial, ou mediante Internet.
- c) Transferencia bancaria.
- d) Domiciliación bancaria.
- e) Xiro postal.
- f) Calquera outros que se autoricen polo órgano municipal competente.

Unicamente será admisible o pago polos medios aos que se refiren as letras b), c), d) e e) naqueles casos nos que así se estableza.

2. Será admisible o pago mediante tarxeta de crédito e débito, sempre que a tarxeta cartón a utilizar se atope incluída entre as que, para tal fin, sexan admitidas pola Administración tributaria municipal.

O límite dos pagos a realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade que se estableza polo órgano municipal competente por cada documento de ingreso, non podendo simultanearse, para un mesmo documento de ingreso, con calquera outro dos medios de pago admitidos.

Os importes ingresados polos obrigados ao pago a través de tarxetas de crédito ou débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización de tales tarxetas ou por calquera outro motivo.

Os ingresos efectuados por medio de tarxeta de crédito e débito, entenderanse realizados no día en que aqueles tiveran entrada nas contas correntes municipais.

3. Será admisible o pago mediante transferencia bancaria a algunha das contas correntes municipais, unicamente naqueles supostos en que así se lle comunique ao obrigado ao pago polos órganos municipais competentes.

O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, haberá de expresar con total claridade o concepto tributario concreto a que o ingreso corresponda, e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira e deba de aplicarse a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia, o ordenante poñerá en coñecemento dos órganos municipais competentes a data, importe e a Entidade financeira receptora da transferencia, así como o concepto ou conceptos tributarios a que corresponde.

Considerarase momento do pago a data na que tivera entrada o importe correspondente nas contas correntes municipais, quedando liberado dende ese momento o obrigado ao pago fronte á Facenda municipal.

4. Cando así se indique na notificación, os pagos en efectivo das débedas tributarias poderán efectuarse mediante xiro postal. Os suxeitos pasivos consignarán, sucintamente, no "talón para o destinatario" que integra o impreso de imposición, os datos referentes ao remitente e enderezo, obrigado ao pago, tributo ou exacción de que se trate, período impositivo, número de recibo ou liquidación e obxecto tributario. Sen prexuízo do anterior, ao mesmo tempo de impoñer o xiro, cursarán o exemplar da declaración ou notificación, segundo os casos, ao Concello de Vigo, consignando en dito exemplar a Oficina de correos ou estafeta na que tiveran tramitado o xiro, data de imposición e número que aquela lle asignou.

Os ingresos por este medio entenderanse, para todos os efectos realizados no día en que se tivera imposto o xiro.

5. O pago en efectivo das débedas non tributarias efectuarase polos medios que autorice a súa propia normativa. Se non se tivera disposto regra especial, o pago deberá realizarse polos medios citados no apartado anterior.

6. Enténdese pagada en efectivo unha débeda, cando se teña realizado o ingreso do seu importe nas caixas dos órganos competentes, entidades colaboradoras ou entidades que, no seu caso, presten o servizo de caixa ou a demais persoas ou entidades autorizadas para recibir o pago.

7. Non entanto, cando o pago se realice a través de entidades de depósito ou outras persoas autorizadas, a entrega ao debedor do xustificante de ingreso liberará a este dende a data que se consigne no xustificante e polo importe que figure nel, quedando obrigada a entidade ou intermediario financeiro fronte á Facenda municipal dende ese momento e por devandito importe, agás que puidese probarse fehacientemente a inexactitude da data ou o importe que conste na validación do xustificante.

8. As ordes de pago dadas polo debedor ás entidades de depósito e a outras persoas autorizadas para recibir o pago, non producirán, por si soas, efectos fronte á Facenda municipal, sen prexuízo das accións que correspondan ao ordenante fronte á entidade ou persoa responsable do incumprimento

ARTIGO 38.- PAGO MEDIANTE CHEQUE

1. Os pagos que se realicen nas entidades colaboradoras ou entidades que puidesen prestar o servizo de caixa, poderán efectuarse mediante cheque que deberá reunir, ademais dos requisitos esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

a) Ser nominativo a favor do Concello de Vigo, polo importe exacto da débeda ou débedas a satisfacer.

b) Estar debidamente conformado ou certificado pola Entidade de crédito, en data e forma.

c) Deberá expresar o nome ou denominación social do librador, que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade.

A admisión de cheques que incumpran algún dos requisitos anteriores quedará a risco da entidade que os acepte, sen prexuízo das accións que correspondan a dita entidade contra o obrigado ao pago.

2. Non entanto, cando un cheque validamente conformado ou certificado, non poida facerse efectivo en todo ou en parte, unha vez transcorrido o período voluntario, ditarase providencia de constrinximento polo importe non pagado para o seu cobro en vía de constrinximento e será esixido á entidade que o conformou ou certificou.

3. A entrega do cheque na entidade que, no seu caso, preste o servizo de caixa liberará ao debedor polo importe satisfeito, cando se fixera efectivo. En tal caso, producirá efectos dende a data en que teña entrada en devandita entidade. Esta validará o correspondente xustificante de ingreso no que consignará a data e o importe do pago, quedando dende ese momento a entidade obrigada diante da Facenda municipal.

4. O importe do cheque poderá corresponder a un só débito ou comprender varios débitos para o seu pago de forma simultánea.

ARTIGO 39.- PAGO MEDIANTE DOMICILIACIÓN BANCARIA

1. A domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

a) Que o obrigado ao pago sexa titular da conta na que domicilie o pago e que dita conta estea aberta nunha entidade de crédito. Tamén poderá domiciliarse o pago nunha conta que non sexa da titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación.

b) Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación ao órgano municipal correspondente por calquera dos medios establecidos. A estes efectos, o Concello establecerá, en cada momento, a data límite para a admisión de solicitudes de domiciliación e traslado, e o período a partir do que producirán efecto.

2. Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ao enderezo do contribuínte o documento de pago. Alternativamente, os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario, debendo a entidade financeira expedir e remitir o comprobante de cargo en conta. Para os efectos de informar aos contribuíntes que teñan domiciliados os seus recibos, poderase enviar avisos advertíndolles da data concreta en que se fará o cargo en conta.

Aos contribuíntes que faciliten o seu teléfono móbil, e o soliciten, enviaráselles unha mensaxe comunicando a data do cargo en conta bancaria.

3. Os pagos entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso aquel que expida a entidade de crédito onde se atope domiciliado o pago, que incorporará, como mínimo, os datos que se establezan pola Tesourería Municipal.

4. Naqueles casos nos que o cargo en conta non se realice ou se realice fóra de prazo, por causa non imputable ao obrigado ao pago, non se esixirán a este recargos, xuros

de mora nin sancións de ningún tipo, debendo facer efectivo unicamente o importe da cota inicialmente liquidada.

ARTIGO 40.- XUSTIFICANTES E CERTIFICACIÓNS DE PAGO.

1. Quen realice o pago dunha débeda terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pago realizado. O pago das débedas tributarias soamente se xustificará mediante a exhibición do documento que, de entre os enumerados no apartado seguinte, proceda.

2. Os xustificantes do pago en efectivo serán, segundo os casos:

a) O orixinal ou copia compulsada do documento de ingreso debidamente dilixenciado pola entidade financeira colaboradora ou pola entidade que preste, no seu caso, o servizo de Caixa da Corporación.

b) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado expedidas por funcionario municipal competente.

c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado expedidas por medios telemáticos, cuxa autenticidade e validez poida ser comprobada na opción “oficina virtual” da páxina web do Concello de Vigo.

d) O documento acreditativo da operación realizada por vía telemática expedido pola entidade financeira.

e) O documento acreditativo da operación realizada, expedido polo caixeiro automático.

f) Calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pago polo órgano municipal competente.

3. Os xustificantes de pago en efectivo deberán indicar, ao menos, as seguintes circunstancias:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal, se consta, e domicilio do debedor.

b) Concepto, importe da débeda e período a que se refire.

c) Data de pago.

d) Órgano, persoa ou entidade que o expide.

4. Cando os xustificantes de pago se estendan por medios mecánicos, as circunstancias do apartado anterior poderán expresarse en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras, no seu conxunto, do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

5. O obrigado ao pago poderá solicitar da Administración, certificación acreditativa do pago efectuado, quedando esta obrigada a expedila.

ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo RD 939/2005 do 29 de xullo, e nesta Ordenanza.

2. Prazos e requisitos:

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que

tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas en período voluntario de recadación.

2.1.- Criterios xerais:

Todas as persoas e entidades que acrediten dificultades transitorias de tesourería nos términos da presente Ordenanza e cumpran cós restantes requisitos esixidos poderán solicitar e obter o aprazamento ou fraccionamento das súas débedas nos seguintes prazos máximos:

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 6 meses ou 6 mensualidades.
- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 9 meses ou 9 mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou 12 mensualidades.
- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.
- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.

2.2.- Criterios excepcionais:

Establécense os seguintes prazos excepcionais para as persoas e entidades nas que se dean as condicións indicadas nos subepígrafes 2.2.a), 2.2.b) e 2.2.c):

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou 12 mensualidades.
- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.
- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 30 meses ou 30 mensualidades.
- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 36 meses ou 36 mensualidades.

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas no mesmo período de recadación.

2.2. a).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non teñen a condición de empresarios ou profesionais:

A unidade familiar á que pertenza o titular da débeda debe de ter unha renda bruta conxunta anual inferior aos seguintes importes :

- 1) 2 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se non hai ningún menor de idade na unidade familiar.

2) 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se hai un menor de idade na unidade familiar.

3) 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) calculado en 14 pagas, se hai dous ou máis menores de idade na unidade familiar.

4) Se o solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teñen un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou son vítimas de violencia de xénero, os límites anteriores incrementaranse en 0,5 veces.

2.2.b).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que teñen a condición de empresarios ou profesionais:

- Aplicaráselle os requisitos esixidos no apartado anterior (2.2.a) pero para a determinación da renda bruta conxunta da unidade familiar terase en conta os rendementos netos das actividades económicas desenvolvidas.

2.2.c).- Condicións que deben cumprir as persoas xurídicas e entidades:

- Deben de acreditar un resultado de explotación negativo nos tres últimos exercicios sociais cerrados.

3. Cando o debedor teña a condición de Sector Público e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ao cumprimento dos propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 2 deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.

De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías.

ARTIGO 42.- SOLICITUDE

1. Os aprazamentos ou fraccionamentos concederanse pola Administración municipal, previa solicitude dos obrigados ao pagamento.

O interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia na formulación da súa solicitude.

2. Inadmitiranse as seguintes solicitudes de aprazamento e/ou fraccionamento:

– As da prestación pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos correspondente á autoliquidación presentada.

– As solicitudes que inclúan débedas en período voluntario e executivo. Neste suposto comunicáraselle ao interesado que, se o desexa, debe presentar dúas solicitudes, unha pola totalidade da débeda en período executivo e outra, pola totalidade da débeda en período voluntario.

– As solicitudes que non inclúan todas as débedas que estean en período executivo no momento da súa presentación.

– As solicitudes de débedas en período voluntario se non solicita simultaneamente o aprazamento ou fraccionamento de todas as débedas que estean en período executivo no momento da presentación.

– As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento reiterativas doutras anteriores que fosen obxecto de denegación previa cando non conteñan ningunha modificación substancial respecto da solicitude previamente denegada.

– As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento que resulten extemporáneas por non formularse nos prazos previstos no art. 46.1 do Regulamento Xeral de Recadación.

A inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento implicará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos.

Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso potestativo de reposición ou reclamación económico administrativa.

3. As solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento de pagamento dirixiranse ao tesoureiro municipal, que é a quen corresponde avaliar a situación económico-financeira do obrigado ao pagamento en relación á posibilidade de satisfacer os débitos, así como a suficiencia e idoneidade das garantías propostas ou, no seu caso, a concorrencia das condicións precisas para obter a dispensa de garantía.

4. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterá, necesariamente, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.

b) Identificación das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicite, debendo figurar necesariamente, cando menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que acrediten que a súa situación económico-financeira lle impide, de forma transitoria, efectuar o pagamento.

d) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

e) Lugar, data e sinatura do obrigado ao pagamento así como, no seu caso, a do seu representante.

f) Se solicita o aprazamento ou fraccionamento dunha autoliquidación deberá achegar esta debidamente cumprimentada no modelo normalizado establecido para o efecto, agás que o interesado non estea obrigado a presentala por estar xa en poder da administración.

5. O obrigado tributario deberá xustificar a falta de liquidez ou de tesourería, así como a capacidade para xerar recursos para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados, para o que deberá achegar a seguinte documentación:

a) Se o solicitante é unha persoa física:

– Copia íntegra da última declaración do IRPF presentada polo solicitante.

Non será precisa a achega da declaración do IRPF cando o solicitante autorice ao concello de Vigo solicitar á AEAT dita información.

– No caso de que o interesado non estea obrigado a presentar declaración do IRPF, deberá achegarse un certificado de rendas imputables para os efectos do IRPF correspondente ao último exercicio fiscal, expedido pola AEAT.

– Copia da última nómina ordinaria percibida.

– Si percibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo órgano competente.

– No seu caso, certificación da prestación por desemprego, facendo constar o seu importe, ou certificación de atoparse en situación de demandante de emprego, expedidas polos órganos competentes.

– Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade do/a debedor/a abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo, que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

b) Se o solicitante é unha persoa xurídica:

– As contas anuais dos tres últimos exercicios sociais depositadas no rexistro mercantil.

– Balance de situación á data da presentación da solicitude.

– Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da empresa abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable de apoderado da entidade na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

6. Todas as persoas físicas que soliciten os prazos excepcionais (artigo 41.2.2) deberán achegar, ademais da establecida nos apartados anteriores, a seguinte:

- Fotocopia do libro de familia da unidade familiar ou, no seu caso, certificación da folla individual do Rexistro Civil do titular ou de cada un dos individuos da unidade familiar .

- Certificado de empadramento, emitido á data da presentación da solicitude, do titular e de todos os membros da unidade familiar.

- Copia da última declaración de IRPF presentada por todos os membros da unidade familiar.

- Certificado dos servizos sociais do órgano competente, que acredite as circunstancias especiais requiridas para a aplicación da porcentaxe adicional do artigo 41 subepígrafe 2.2. a) punto 4).

Non será precisa a achega das declaracións de IRPF cando todos os membros da unidade familiar autoricen ao concello de Vigo a solicitar á AEAT a información, documentos e certificacións necesarios para a tramitación da solicitude.

Tamén se poderá substituír a achega do certificado de empadramento pola autorización expresa do solicitante para realizar a consulta ante o Padrón Municipal de Habitantes. Este suposto só será de aplicación a contribuíntes empadroados no municipio de Vigo.

7 Se o solicitante está obrigado a presentar garantía, compromiso expreso e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar aval solidario ou certificado de seguro de caución

8. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta que se admita unha que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarase xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

b) Valoración dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a Administración poderá esixir que a valoración se efectúe por unha empresa ou profesional inscrito en dito rexistro.

9. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta a dispensa total ou parcial de mesma achegarse xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía. Esta declaración deberá de ser xustificada documentalmente.

b) Xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

c) Balance de situación e conta de resultados dos tres últimos exercicios sociais.

d) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

ARTIGO 43.- GARANTÍAS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

1. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración Pública ou o importe da débeda, cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, sexa inferior a 18.000,00 euros.

Para os efectos da determinación deste importe, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude (principal, xuros de mora, recargas do período executivo e custas no seu caso), como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, agás que estean debidamente garantidas, sempre que estean no mesmo período de recadación, voluntaria ou executiva.

2. As débedas aprazadas ou fraccionadas que deban garantirse deberán asegurarse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante un certificado de seguro de caución, cuxa vixencia deberá exceder ao menos en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.

Unicamente, cando se xustifique que non é posible obter aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, ou que a súa achega compromete gravemente a viabilidade económica do obrigado ao pago, a Administración poderá admitir outras garantías que se estimen suficientes a xuízo da Tesourería Municipal.

Excepcionalmente, poderá dispensarse total ou parcialmente da prestación das garantías esixibles, cando o obrigado ao pago careza dos bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

3. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de mora que xere o aprazamento e un 25 por cento da suma das dúas partidas.

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado, incluíndo a recarga do período executivo correspondente, os xuros de mora que xere o aprazamento , máis un 5 por cento da suma de ambas partidas.

4. A garantía deberá formalizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión cuxa eficacia quedará condicionada a dita formalización. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente a débeda pola vía de constrinximento xunto cos seus xuros e a recarga do período executivo que corresponda, sempre que tivera finalizado o período voluntario de ingreso. Se o aprazamento se tivera solicitado en período executivo, iniciárase ou continuará, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

5. Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo do tesoureiro, considerarase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.

ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN.

1. Acumularanse nun mesmo expediente as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas que estean en período voluntario no momento da presentación da solicitude. Non se acumularán aquelas, cuxa solicitude xa fose resolta expresamente.

2. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de dito expediente.

Se a solicitude se presenta en período executivo a Administración tributaria poderá iniciar ou, no seu caso, continuar o procedemento de prema durante a tramitación do aprazamento ou fraccionamento.

a) Se a solicitude se presenta en período voluntario de ingreso, o fraccionamento ou aprazamento concederase polo importe do principal máis os xuros de mora sobre a débeda aprazada.

b) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando aínda non se notificou a providencia de prema e, polo tanto, a recarga executiva é do 5%, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 5% da recarga executiva máis os xuros de mora correspondentes.

c) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando se notificou a providencia de prema, pero aínda non transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 10% da recarga de prema reducida máis os xuros de mora correspondentes.

d) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora correspondentes.

3. Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, se concorrese algún defecto na mesma ou na documentación achegada, concederáse ao interesado un prazo de 10 días para a súa emenda e/ou achega co apercibimento de que se así non o fixera procederáse, sen máis trámite, ao arquivo da solicitude, posto que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

Neste caso, o interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia para a contestación ao requirimento notificado, o que se lle indicará no mesmo.

No suposto de solicitudes por prazos superiores aos máximos establecidos na presente ordenanza, as resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento outorgaranse polos prazos máximos establecidos no artigo 41, ao considerar que esta circunstancia non é un defecto polo que non será obxecto de requirimento de emenda.

4. Durante a tramitación da solicitude o debedor deberá efectuar o pago do prazo, fracción ou fraccións propostos naquela, podendo, no caso contrario, denegarse a solicitude por concorrer dificultades económico-financeiras de carácter estrutural.

5. Para a resolución dos expedientes, os órganos de recadación avaliarán o carácter transitorio das dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento.

Por carácter transitorio das dificultades económico-financeiras debe entenderse a ausencia ou escaseza de recursos líquidos suficientes, con carácter conxuntural e non estrutural, que non permita a cancelación das súas obrigas inmediatas.

Entenderase como unha situación conxuntural, todas aquelas que teñen causa na actual situación económica que poden ter unha continuidade no tempo.

No caso de empresarios ou profesionais as dificultades económico-financeiras de carácter conxuntural avalíaranse preferentemente a través do estudo da última declaración do imposto sobre a renda presentada, así como de calquera outra que puidese resultar de utilidade achegada voluntariamente ou previo requirimento municipal.

O requisito de transitoriedade das dificultades económico-financeiras observarase, procurando evitar que, a través de reiteradas e sucesivas solicitudes, especialmente de tributos periódicos de notificación colectiva, o Concello aprobe de forma sistemática aprazamentos ou fraccionamentos nos casos nos que non hai problemas económico-financeiros de carácter conxuntural.

Cando se aprecien as dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento, teranse en conta aquelas circunstancias que poidan ser reflexo de dificultades estruturais, de falta de viabilidade da actividade, ou ben de utilización indebida desta facilidade de pagamento, de especial importancia nas solicitudes de prazos dilatados, ou con dispensa total ou parcial de garantía. En concreto, examínase:

- O cumprimento das súas obrigas tributarias, incluídos outros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.
- A reiteración na solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos sobre a mesma débeda tributaria de exercicios anteriores.
- A cancelación por incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.

6. Os expedientes de aprazamento e fraccionamento finalizarán mediante resolución da Concellería da Área de Orzamentos e Facenda.

7. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento especificarán os prazos de pagamento e demais condicións do acordo, que poderán ser distintos dos solicitados. En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes e o importe das cotas mensuais serán o mesmo.

8. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento, notificaranse ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán, no seu caso, de non constituírse a garantía no prazo establecido así como dos efectos de falta de pagamento. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de mora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos.

No caso de autoliquidacións presentadas en prazo xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, o acordo de concesión aprobará a liquidación que corresponda.

No caso de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo o acordo de aprobación incluírá as recargas e xuros que procedan.

9. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, coa advertencia de que de non producirse o ingreso en devandito prazo, comezará o período executivo e o procedemento de constrinximento.

Coa notificación remitiráselle a/s carta/s de pagamento na que se incluírá a liquidación dos xuros de mora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata o último día do prazo do artigo 62.2 da LXT. aberto coa notificación da resolución.

O solicitante terá dereito a solicitar e a obter a devolución dos xuros de mora que lle correspondan se efectúa o pagamento antes do último día do prazo aberto coa notificación da resolución desestimatoria.

No caso de autoliquidacións presentadas durante o período voluntario de ingreso xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a resolución denegatoria conterà, así mesmo, a aprobación da liquidación correspondente cos xuros devindicados dende a finalización do período voluntario de ingreso.

Tratándose de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, a resolución denegatoria aprobará a liquidación que corresponda coas consecuencias ás que se refire o artigo 15 desta ordenanza xunto cos xuros devindicados dende o día seguinte ao da presentación da autoliquidación extemporánea.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá iniciarse ou continuar, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

10. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo. Transcorrido devandito prazo sen que tivera recaído resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar a resolución expresa.

ARTIGO 44BIS. TRAMITACIÓN AUTOMATIZADA.

1. O solicitante pode optar pola tramitación automatizada da súa solicitude excepto que a débeda da que pida o aprazamento ou fraccionamento se atope nos seguintes supostos:

- a) Que estea emitida a dilixencia de embargo.
- b) Que haxa execución de embargo en conta e o importe executado cubra a contía da débeda que pretende fraccionar ou aprazar.
- c) Que estea emitida a notificación de embargo de salarios ou inmobles.
- d) Que estea emitida a orde de busca e captura dalgún vehículo.
- e) Que o procedemento de recadación estea suspendido por concurso de acredores, constitución de garantía, compensación, proposta de baixa ou por outras causas establecidas legal ou regulamentariamente.
- f) Que o debedor teña débedas en período executivo sobre as que non haxa solicitado o preceptivo fraccionamento ou aprazamento.
- g) Que algunha das débedas que se pretende fraccionar ou aprazar, estivesen incluídas con anterioridade noutro expediente de fraccionamento ou aprazamento, e resultasen impagadas.
- h) O importe máximo das débedas a fraccionar ou aprazar sexa superior a 18.000€ .

2.- Prazos.

Os prazos serán os establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza Fiscal Xeral- criterios xerais-. Non serán de aplicación os criterios excepcionais recollidos no artigo 41.2.2 da dita ordenanza.

3.- Tramitación.

- a) En sede electrónica estará habilitada esta opción de tramitación.
- b) Directamente nas ventanillas de recadación do Concello, en cuxo caso será asistido polo persoal municipal.

4.- Resolución da solicitude.

- a) Estimatoria. A tramitación rematará cunha resolución que se lle notificará no acto ao solicitante.

En sede electrónica xerarse un documento que acreditará a recepción da notificación da resolución, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

En ventanilla entregarse un documento que conterá a resolución da solicitude, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

- b) Arquivo. Se a solicitude incumpre algún dos requisitos para a súa tramitación automatizada só poderá empregar a tramitación ordinaria conforme ao establecido no artigo 44 da vixente ordenanza.

5.- Contía de cada fracción.

O sistema calculará, tendo en conta os prazos ordinarios establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza, un contía fixa, que se fará efectiva mensualmente mediante domiciliación bancaria.

6.- Queda facultada a Concellería de Orzamentos e Facenda, previo informe do Tesoureiro, para ditar as instrucións necesarias conducentes ao desenvolvemento

operativo do procedemento, sempre e cando non contradiga o previsto no artigo 44BIS da Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 45.- CÁLCULO DE INTERESES EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. No caso de concesión do aprazamento calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada, polo tempo comprendido entre o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario e a data do vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento fora solicitado en período executivo, a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo. Os xuros devindicados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

2. En caso de concesión do fraccionamento, calcularanse xuros de mora por cada fracción de débeda. Se o fraccionamento fora solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá o recargo do período executivo. Por cada fracción de débeda computaranse os intereses devengados dende o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido. Os xuros devindicados por cada fracción deberán pagarse xunto con dita fracción no prazo correspondente.

3. Cando a totalidade da débeda aprazada ou fraccionada se garantira con aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante certificado de seguro de caución, o xuro de mora esixible será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

4. No caso de autoliquidacións sen ingreso que se tiveran presentado extemporaneamente, o xuros de mora computarase dende a data da presentación da solicitude do aprazamento ou fraccionamento.

ARTIGO 46 - EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO.

1. Nos aprazamentos solicitados en período voluntario, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuara o pago, iniciárase ao día seguinte o período executivo que incluírá a débeda aprazada, os xuros devindicados e o recargo do período executivo correspondente. Nos aprazamentos solicitados en período executivo, procederase, no seu caso, a executar a garantía, ou, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a realización do débito pendente.

2. Nos fraccionamentos solicitados en período voluntario, se chegado o vencemento de calquera dos prazos non se efectuara o pago, consideraranse tamén vencidas as fraccións pendentes, iniciándose o período executivo para o cobro da totalidade da débeda fraccionada non satisfeita e os seus xuros devindicados ata a data de vencemento do prazo incumplido, co recargo do período executivo que corresponda. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, do mesmo xeito, considéranse vencidas anticipadamente as fraccións pendentes procedéndose conforme ao disposto no apartado anterior.

ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

1. A Conta Fácil 10 é un sistema especial de pagamento que permite fraccionar o pagamento, sen devindicación de xuros nin necesidade de presentar garantías, da cota a pagar por todos os tributos de cobramento periódico e notificación colectiva

devindicados o 1 de xaneiro de cada ano dos que sexa titular un mesmo obrigado ao pagamento, mediante o ingreso periódico de 10 cotas mensuais consecutivas.

2. Os tributos aos que se refire o apartado anterior son os seguintes:

- Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Imposto sobre Actividades Económicas.
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Taxa pola recollida do lixo domiciliaria.
- Exaccións Unificadas Industriais.

3. Poderán acollerse ao sistema especial de pagamentos previsto no presente artigo aqueles suxeitos pasivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Non manter co Concello de Vigo débedas ou sancións tributarias en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, agás que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- b) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.
- c) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito de titularidade do solicitante. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.
- d) Figurar como suxeito pasivo do IBI ou do IAE.

4. Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día DEZ ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.

5. O interesado en acollerse á Conta Fácil 10 deberá presentar a solicitude antes do 31 de decembro do exercicio anterior a aquel no que se produza a devindicación dos tributos fraccionados.

6. Cotas. A Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción en función dos recibos dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.

No suposto de que o solicitante deixe de estar acollido a este sistema especial de pagamento por non cumprir os requisitos establecidos nas letras b) ou d) do apartado 3 deste artigo procederase de oficio á devolución das cotas que resultasen pagadas.

7. En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, incorporaranse automaticamente as novas unidades fiscais incorporadas aos padróns dos tributos municipais de cobramento periódico e notificación colectiva, sen necesidade de que o interesado o solicite.

8. A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no calendario do contribuínte.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Se unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" resultasen recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadadora.

9. Os interesados deberán comunicar expresamente calquera cambio na domiciliación bancaria, producindo efectos na vindeira cota, sempre que se solicite antes do día 20 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

10. Para obter un certificado de atoparse ao corrente do pagamento de calquera dos tributos acollidos a esta modalidade de pagamento, será necesario que se producise o pagamento íntegro do devandito tributo de acordo co disposto no parágrafo segundo do punto 9 do presente artigo sobre aplicación de cantidades a conta.

ARTIGO 47.- PRESCRICIÓN.

1. Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito do Concello para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
- b) O dereito do Concello para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas
- c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.
- d) O dereito a obter as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

2. O prazo de prescripción comezará a contarse:

-No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

Nos tributos de cobro periódico por recibo, cando para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación non sexa necesaria a presentación de declaración ou autoliquidación, o prazo de prescripción comezará o día da devindicación do tributo.

3. Os prazos de prescripción aos que se refire o apartado 2. anterior interrúmpense por actuacións da administración tributaria así como dos obrigados tributarios, nos termos regulados no artigo 68 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4. A prescripción gañada extingue a débeda tributaria.

5. A prescrición aplicarase de oficio, mesmo nos casos nos que estivese pagada a débeda, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado ao pagamento.

ARTIGO 48.- COMPENSACIÓN.

1. As débedas coa Facenda Municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos pola mesma a favor do debedor.

2. As débedas a favor do Concello de Vigo por créditos vencidos, líquidos e esixibles, cando o debedor sexa un Ente territorial, Organismo Autónomo, Seguridade Social ou Entidade de Dereito público, cuxa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso no período voluntario.

Así mesmo, as débedas vencidas, liquidadas e esixibles que o Estado, as Comunidades Autónomas, entidades locais e outras entidades de dereito público teñan co Concello de Vigo poderán extinguirse mediante dedución das cantidades que a Administración do Estado, ou das Comunidades Autónomas, deban transferir ás referidas entidades debedoras. Neste suposto o procedemento a seguir será o seguinte:

a) Comprobado pola Unidade de Recadación que algunha das Entidades citadas no parágrafo anterior é debedora do Concello de Vigo, unha vez finalizado o período voluntario de ingreso, o poñerá en coñecemento da Tesourería Municipal a fin de verificar a existencia de créditos que poidan ser obxecto de compensación de oficio.

b) Verificada pola Tesourería Municipal a inexistencia de créditos que poidan ser obxecto de compensación de oficio, comunicarase á entidade debedora que, tendo transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se tivera efectuado o pago das débedas e non existindo crédito recoñecido ao seu favor, iniciárase procedemento de dedución das cantidades que a Administración do Estado, ou das Comunidades Autónomas, deba transferirlles, con indicación da débeda a que se refire. Na notificación concederase un prazo de 15 días para efectuar as alegacións que se estimen convenientes.

Se durante o prazo de alegacións a Entidade debedora alega insuficiencia de crédito orzamentario e a súa vontade de tramitar un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, en prazo non superior aos tres meses, suspenderase o procedemento ata que a modificación orzamentaria sexa efectiva.

Pola contra, se durante dito prazo non se presenta alegación algunha, nin se achegan novos documentos ou elementos de proba, ditarase resolución conforme a dita proposta.

c) Transcorrido o prazo de 15 días e resoltas as alegacións presentadas, no seu caso, adoptarase polo órgano competente o acordo que proceda, notificándoo ao ente acredor e ao debedor.

3. Cando un debedor á Facenda Municipal, non comprendido no apartado anterior, sexa á vez acredor da mesma por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.

ARTIGO 48 BIS. - COBRO DE DÉBEDAS DE ENTIDADES PÚBLICAS

1. Cando non fose posible aplicar a compensación como medio de extinción das débedas das Entidades Públicas apuntadas no artigo anterior, por non ostentar as mesmas crédito ningún contra o Concello, o Tesoureiro solicitará á Intervención ou ao correspondente departamento económico-financieiro do Ente debedor, certificado acreditativo do recoñecemento da obrigaçión de pagar ao Concello.

2. Unha vez efectuado o trámite previsto no número anterior, e despois de examinar a natureza da débeda do debedor e o desenvolvemento das actuacións realizadas no expediente, elaborárase proposta de actuación, que pode ser unha das seguintes:

- a) Se non está recoñecida a débeda por parte do Ente debedor, solicitar certificación do recoñecemento da obriga e da existencia de crédito orzamentario.
- b) Se da certificación expedida se deducira a insuficiencia de crédito orzamentario para atender o pago, comunicárase ao ente debedor que o procedemento se suspende durante tres meses, para os efectos de que poida tramitarse a modificación orzamentaria pertinente.
- c) Cando a débeda teña quedado firme, esta recoñecida a obriga e exista crédito orzamentario, instárase o cumprimento da obriga no prazo dun mes.

Cando a Tesourería valore a extrema dificultade de realizar o crédito municipal a través das accións do apartado anterior, ben como consecuencia da ausencia de resposta do ente debedor, ben como consecuencia da oposición a realizar o pago por razóns de calquera índole, levaranse a cabo, por esta orde, as seguintes actuacións:

- a) Solicitar á Administración do Estado, ou á Administración Autónoma que, con cargo as transferencias que puideran rodearse a favor do Ente debedor, se aplique a retención de cantidade equivalente ao importe da débeda e sexa posto a disposición do Concello.
- b) Solicitar a colaboración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- c) Cando todas as actuacións municipais en orde á realización do crédito teñan resultado infrutuosas, investigárase a existencia de bens patrimoniais a efectos de ordenar o embargo dos mesmos, se se estima necesario e resulta acorde cos principios de economía e eficiencia na xestión recadadora.

ARTIGO 49.- COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirle ao Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:

- a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado tributario.
- b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario e referencia contable.
- c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.
- d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2. A Alcaldía acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar fallidos os obrigados ó pagamento, ou por terse realizado con resultado negativo as actuacións previstas no presente artigo.

2.- Cando se declaren fallidos os obrigados ó pagamento e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilitara no antedito prazo.

3.- Se o recadador executivo coñecera da solvencia sobrevivida do debedor, proporá a rehabilitación do crédito ao tesoureiro. Unha vez aprobada, rexistrárase informaticamente.

4.- Declarado fallido un debedor, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, si non existen outros obrigados ou responsables.

5.- Para os efectos de declaración de créditos incobrables, o Recadador Executivo Municipal documentará debidamente os expedientes, en función da contía dos mesmos, formulando proposta que, coa conformidade do tesoureiro, someterase á aprobación polo Excmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

6.- En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, e coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e condicións que haberán de verificarse con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido, en función dos importes e características da débeda:

6.1. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores ou no enderezo que figure na base de datos municipal.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

6.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01€ e inferior a 600,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores ou no enderezo que figure na base de datos municipal.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Vigo.

6.3 Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores ou no enderezo que figure na base de datos municipal.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Vigo.

- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

6.4 Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, ou no enderezo que figure na base de datos municipal.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de persoas físicas.

- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Vigo.

- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

- Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros rexistros públicos.

- Cando se trate de débedas que figuren a nome de persoas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

7.- Cando, iniciado o período executivo, non se dispoña do Número de Identificación Fiscal do debedor, ou ben dalgún outro dato que imperativamente deba conter a providencia de constrinximento, os expedientes serán automaticamente dados de baixa definitiva mediante a declaración dos correspondentes créditos como incobrables, dando conta da resolución adoptada ó servizo liquidador competente.

8.- Para os efectos de determinar a contía á que se refiren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, con exclusión das recargas e os

xuros do período executivo, e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento.

No entanto, poderase pospor a proposta de declaración de crédito incobrábel por debedor fallido dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

9.- Cando a totalidade da débeda pendente de aboamento en período executivo corresponda a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria, formularase a correspondente proposta en función do importe acumulado da totalidade das multas de circulación, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, cando se cumpran os requisitos seguintes:

a) Cando o importe da débeda sexa igual ou inferior a 100,00€, e fora infrutuoso o embargo de fondos situados en contas abertas en entidades de depósito.

b) Cando o importe da débeda fora superior a 100,00€ e igual ou inferior a 600,00€ e foran infrutuosos os intentos de embargo de fondos e de soldos, salarios e pensións.

c) Sendo o importe da débeda superior a 600,00€, non tiveran resultado positivo, ademais das previstas nos apartados a) e b) anteriores, as actuacións de embargo de vehículos. No suposto de infractores reincidentes poderanse realizar actuacións complementarias das anteriores.

d) Tratándose de infractores non residentes no Municipio de Vigo, ou residentes especialmente reincidentes, entendendo por estes os que teñan cinco ou máis multas pendentes de aboamento en período executivo, poderase ordenar o embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Vigo.

10.- As normas contidas neste artigo polas que se fixan as condicións para a declaración de fallido dos debedores constitúen procedementos tipo para a mellora da eficiencia recadadora do Concello de Vigo e poderán excepcionarse cando razóns de oportunidade así o aconsellen, non sendo en ningún caso invocable o seu cumprimento polos administrados, para os efectos de ser declarados insolventes.

ARTIGO 51.- CONDONACIÓN

1. As Entidades Locais non poderán allear ou hipotecar os seus dereitos e propiedades nin conceder exencións, perdóns, rebaixas ou moratorias para o pagamento dos seus recursos ou dos créditos por calquera concepto que tivesen liquidados ó seu favor, agás nos casos previstos polas leis.

2. As débedas só poderán condonarse en virtude de Lei, na contía e cos requisitos que na mesma se determinen.

TITULO III. APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.

CAPITULO I. ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

ARTIGO 52. ÁMBITO DA APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

1. A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos de xestión, inspección e recadación. Igualmente, comprenderá, actuacións de información e asistencia ós obrigados tributarios, publicacións, contestación a consultas tributarias escritas, colaboración social na aplicación dos tributos, cumprimento de obrigas de información e outros.

ARTIGO 53. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÓS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. A administración tributaria do Concello prestará ós obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas.

2. A actividade a que se refire o apartado anterior, desenvolverase polos seguintes medios:

a) Mediante a publicación anual dun texto actualizado das ordenanzas fiscais e de prezos públicos do Concello e dos seus organismos autónomos.

b) O Servizo de xestión tributaria informará ós contribuíntes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello. Dita información será accesible a través da web do Concello.

3. A Administración Tributaria poderá prestar asistencia e facilitar información tributaria mediante a utilización de programas ou aplicacións de emisión/recepción simultáneas de imaxen e son, que permitan a máxima inmediatez entre a cidadanía e a Administración.

ARTIGO 54. COLABORACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A colaboración social na xestión dos tributos poderá instrumentarse a través de acordos da Administración Tributaria municipal con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Dita colaboración poderá referirse entre outros, ós seguintes aspectos:

a) Campañas de información e difusión.

b) Simplificación do cumprimento das obrigas e deberes tributarios e asistencia na realización de declaracións.

c) Presentación e remisión á Administración tributaria do Concello de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, previa autorización dos obrigados tributarios.

d) Solicitude e obtención de certificados tributarios e información do estado de tramitación de devolucións, previa autorización dos obrigados tributarios.

2. Toda persoa natural o xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionarlle á Administración Tributaria do Concello toda clase de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria, deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, nos termos establecidos no artigo 93 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. Así mesmo, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os

xefes ou encargados de oficinas civís ou militares do Estado e dos demais entes públicos territoriais, os organismos autónomos e sociedades estatais, as Cámaras e Corporacións, Colexios e Asociacións Profesionais, Mutualidades de Previsión Social, as demais entidades públicas incluídas as Xestoras da Seguridade Social e quen, en xeral exerzan funcións públicas estarán obrigados a subministrarlle á Administración Tributaria do Concello cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta, nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

3. A Administración Tributaria poderá prestar asistencia e facilitar información tributaria mediante a utilización de programas ou aplicacións de emisión/recepción simultáneas de imaxen e son, que permitan a máxima inmediatez entre a cidadanía e a Administración.

4. A denuncia pública é independente do deber de colaboración coa Administración Tributaria municipal conforme co apartado 2 deste artigo, e consistirá en poñer en coñecemento da administración tributaria do Concello feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións ou ter transcendencia para a aplicación dos tributos.

Recibida unha denuncia, trasladarase aos departamentos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.

As denuncias infundadas poderán archivarase sen máis trámite.

Non se considerará ao denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados da mesma.

5. De conformidade cos artigos 53.1 apartado d) e 28.2 da Lei 39/2015, nos procedementos tributarios iniciados a instancia do contribuínte, non será necesario aportar documentos que a administración tributaria do Concello poida obter nas plataformas de intermediación de datos.

Non obstante, a persoa interesada poderá opoñerse á consulta de datos a través da Plataforma de Intermediación de Datos entre Administracións Públicas, manifestando a súa oposición de forma expresa e fundamentada en causa xustificada segundo o disposto no artigo 6.1 do Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE.

Sen prexuízo de todo o anterior, nas ordenanzas fiscais de cada tributo poderá esixirse a presentación de documentos non accesibles a través da citada plataforma de intermediación.

6. Os beneficios fiscais de carácter rogado poderán ser prorrogados, sempre que o interesado, exprese na súa solicitude o seu consentimento para as sucesivas consultas dos datos e documentos necesarios para o mantemento do beneficio fiscal en períodos impositivos posteriores. A falta deste consentimento, requirirase a presentación anual polos contribuíntes da correspondente solicitude de beneficio fiscal.

ARTIGO 55.- CONSULTA TRIBUTARIA ESCRITA.

1. Os obrigados tributarios poden formularlle á Administración Municipal consultas debidamente documentadas, en relación ó réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.

3. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para o órgano encargado da aplicación dos tributos na súa relación co consultante no seguinte sentido:

-Mentres no se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ó caso, aplicaranse ó consultante os criterios expresados na contestación e sempre que non se tiveran alterado as circunstancias e datos recollidos no escrito da consulta.

-Aplicaranse os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e circunstancias de dito obrigado e os que se inclúan na contestación á consulta.

4. A competencia para contestar as consultas establecidas neste precepto corresponderalle a Xunta de Goberno, sen que caiba recurso ningún contra a contestación e sen prexuízo de que poida emprenderse aquel contra o acto ou actos administrativos ditados de acordo cos criterios manifestados nas mesmas.

5. A Administración Municipal deberá contestar ás consultas efectuadas nun prazo máximo de seis meses.

CAPITULO II. NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA.

ARTIGO 56.- NORMAS REGULADORAS DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

1. As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

a) Pola presente Ordenanza.

b) Polas Ordenanzas fiscais de cada tributo.

c) Pola Lei 58/2003 Xeral Tributaria e disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela no que non estea regulado na presente ordenanza fiscal xeral e restantes ordenanzas fiscais do Concello.

d) Supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

2. Para unha aplicación dos principios de eficiencia e equidade na xestión dos tributos municipais, facultase á Concellería de Economía e Facenda para ditar resolucións aclaratorias, de procedemento, e de aplicación de criterios en relación ó disposto no presente texto da Ordenanza Fiscal Xeral así como nas ordenanzas fiscais de cada tributo

ARTIGO 57.- FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

1. Os procedementos tributarios realizaranse nas fases de iniciación, desenvolvemento e terminación.

2. A iniciación poderá ser de oficio ou a instancia do obrigado tributario por medio de autoliquidación, declaración, comunicación ou solicitude.

3. A Administración tributaria do Concello poñerá a disposición dos obrigados tributarios modelos normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións e solicitudes segundo a normativa propia de cada tributo.

4. No desenvolvemento do procedemento tributario, os obrigados tributarios teñen dereito a que se lles expida certificación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións así como copia, á súa costa, dos documentos que consten no expediente agás que afecten a terceiras persoas.

5. As actuacións da Administración tributaria documentaranse en comunicacións, dilixencias e informes.

a) Comunicacións son aqueles documentos polo que a Administración tributaria notifica ao obrigado tributario o inicio do procedemento, realiza requirimentos ou pon de manifesto feitos ou actuacións relativos a aquel.

b) As dilixencias son os documentos públicos que se estenden para facer constar feitos e manifestacións do obrigado tributario ou persoa co que se entenden as actuacións.

6. O trámite de audiencia previo á proposta de resolución dun expediente poderá obviarse nos expedientes de actas con acordo ou naqueles en que estea previsto un trámite de alegacións posterior á proposta. O trámite de alegacións terá unha duración de 10 días hábiles.

7. A terminación dos procedementos tributarios producirase por resolución da Alcaldía, desestimento, renuncia ao dereito no que se fundamentaba a solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo.

8. As actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos poderán realizarse a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son, a interacción visual, auditiva e verbal entre os obrigados tributarios e o órgano actuante, e garanticen a transmisión e recepción seguras dos documentos que, no seu caso, recollan o resultado das actuacións realizadas.

A utilización destes sistemas producirase cando o determine a Administración tributaria e requirirá a conformidade do obrigado tributario en relación co seu uso e coa data e hora do seu desenvolvemento.

ARTIGO 58.- LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: CONCEPTO E CLASES.

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio polo que o Concello determina a débeda tributaria.

2. As liquidacións tributarias serán provisionais e definitivas.

3. Con carácter xeral, as liquidacións tributarias terán carácter de provisionais agás que fosen practicadas nun procedemento inspector previa comprobación e investigación de todos os elementos da obriga tributaria.

ARTIGO 59.- NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS.

1. As liquidacións tributarias notificaranse ós obrigados tributarios coa expresión de:

a) Identificación do obrigado tributario.

b) Elementos determinantes da contía da débeda tributaria.

c) Motivación das mesmas coa expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen así como dos fundamentos de dereito.

d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que deban presentarse e prazo para a súa interposición.

e) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

f) O seu carácter de provisional ou definitiva.

2. No caso de tributos de cobro periódico e tal e como establece a respectiva ordenanza fiscal, notificarase individualmente a liquidación correspondente á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións poderanse notificar colectivamente mediante editos que o advirtan. O aumento da base tributaria sobre o resultante das declaracións deberá notificárselle ó suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas Leis ou de modificación das Ordenanzas Fiscais regulamentariamente tramitadas. Neste caso serán notificadas colectivamente segundo o disposto no artigo 63.2 desta ordenanza.

3. As Ordenanzas fiscais especificarán, se é o caso, outros supostos nos que non será preceptiva a notificación expresa e advertirase igualmente nos correspondentes impresos regulamentarios de declaracións, autoliquidacións ou partes de alta, ou mediante escrito ao declarante.

4. No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou Rexistro.

5. Os prazos para recursos en notificacións practicadas mediante exposición ao público dos padróns prodúcense desde o día seguinte ao de finalización de período voluntario de pagamento.

6. As notificacións defectuosas producirán efectos a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.

7. En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente aos suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto

íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración Municipal rectifique a deficiencia.

8. A notificación poderá practicarse no domicilio fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado para tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.

9 Cando non fora posible efectuar a notificación, citarase aos obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín Oficial do Estado. Estas publicacións realizaranse os luns, mércores e venres de cada semana. Na publicación constará a relacións de modificacións pendentes indicando:

- Obligado tributario o seu representante.
- Procedemento que as motiva.
- Órgano competente para a súa tramitación.
- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este o de os 15 días seguintes ao da publicación.

Transcorrido dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais o día seguinte ao vencemento do prazo de 15 días sinalado.

CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

1. A Xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

- a) Recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.
- b) A comprobación e realización das devolucións previstas na Ordenanza fiscal procedente.
- c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa Ordenanza fiscal.
- d) Control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e outras obrigas formais.
- e) As actuacións de verificación de datos.
- f) As actuacións de comprobación de valores.
- g) As actuacións de comprobación limitada.
- h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas de declaracións tributarias así como actuacións derivadas de verificación e comprobación.
- i) Emisión de certificados tributarios, agás os relativos á recadación e inspección.
- j) A elaboración e mantemento de censos e padróns fiscais.
- k) A información e asistencia tributaria.
- l) As restantes actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

2. A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme ao disposto nas ordenanzas fiscais de cada tributo, artigo 61 a 65 da presente Ordenanza e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Os formularios/modelos/impresos normalizados de declaracións tributarias, autoliquidacións e outros relativos á xestión tributaria serán aprobados mediante resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda.

3. O réxime de autoliquidación será supletorio do disposto na correspondente ordenanza en todos os tributos e prezos públicos deste Concello.

No caso de que non se realizase o ingreso dentro da data límite de pagamento que consta na propia autoliquidación provista de código de barras, aquela seguirá o procedemento previsto no artigo 160 e seguintes da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sede electrónica do Concello dispón de simuladores de autoliquidacións nos que o suxeito pasivo obterá información respecto da contía a ingresar segundo as diferentes variables que afectan a cada feito impositivo concreto. Utilizando os simuladores obtéñense borradores que non dan orixe a documento con código de barras e, polo tanto, non xeran ningunha obriga de pagamento.

No entanto, cando un contribuínte emite unha autoliquidación con código de barras está cumprindo a obriga tributaria de declarar. No momento no que realiza o pagamento, cumprimenta a obriga tributaria principal. O mesmo sucederá con autoliquidacións emitidas polos servizos tributarios do Concello, no labor de asistencia ao contribuínte de xeito presencial.

Para o caso de que o suxeito pasivo tivera emitido unha autoliquidación con código de barras e data límite de pagamento, e desexara rectificar ou anular aquela, deberá realizar este trámite conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria que regula o procedemento de rectificación de autoliquidacións.

ARTIGO 61.- PADRÓNS FISCAIS PERIÓDICOS

1. Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, aparte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da esixibilidade do tributo.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter ademais dos datos específicos que requira cada un deles, segundo as características da exacción, os extremos seguintes:

- a) Nome, apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo, e se non residise en Vigo, o do seu representante neste municipio.
- b) Finca, establecemento industrial ou comercial ou elemento obxecto da exacción.
- c) Base impositiva e/ou liquidable.
- d) Tipo de gravame.
- e) Cota tributaria.

ARTIGO 62.- FORMACIÓN

A formación dos padróns, matrículas ou rexistros será realizada polas oficinas xestoras da respectiva exacción e tomará como base:

- a) Os datos existentes na propia oficina ou noutras da Administración Municipal.
- b) As declaracións ou declaracións-liquidacións dos suxeitos pasivos nos casos en que así se esixa.
- c) O resultado da investigación practicada.

ARTIGO 63.- APROBACIÓN

1. Os padróns serán elaborados polo Departamento de Informática, e corresponderalle á Administración de Tributos a súa verificación e á Intervención Xeral a súa fiscalización e toma de razón.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano a aprobación da Alcaldía, dándose conta á Xunta de Goberno Local e expoñeranse ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na prensa local, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

3. Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

4. Non precisarán de notificación individualizada as variacións na cota tributaria orixinadas por modificación de tipos impositivos, índices, coeficientes ou tarifas aprobadas por Lei de carácter xeral, de obrigatoria aplicación, ou procedentes da correspondente modificación da Ordenanza Fiscal regulamentariamente tramitada. Así mesmo non precisarán de notificación individualizada as cotas de recibos periódicos con aumentos nas bases impoñibles e liquidables cando tales aumentos procedan de revalorizacións de carácter xeral autorizados polas Leis.

ARTIGO 64.- ALTAS E BAIXAS: EFECTOS

1. As altas por declaración dos interesados ou descubertas pola acción investigadora da Administración Municipal terán efecto dende a data en que, por disposición de cada ordenanza, naza a obriga de contribuír e serán incorporadas definitivamente ó padrón, matrícula ou rexistro do ano seguinte.

2. As baixas ou alteracións deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e producirán a eliminación ou rectificación do padrón, matrícula ou rexistro, con efectos a partir do período seguinte a aquel no que fosen presentadas, sen prexuízo da correspondente verificación ou comprobación.

ARTIGO 65.- PROCEDIMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

1. De conformidade cos artigos 123 e 136 a 140 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, a Administración Tributaria do Concello realizará as seguintes actuacións de comprobación limitada:

- a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.
- b) Exame dos datos e antecedentes obrantes na Administración do Concello que poñan de manifesto a realización do feito impoñible ou do presuposto dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes da mesma non declarados ou distintos aos declarados polo obrigado tributario.
- c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial agás a contabilidade mercantil, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.
- d) Requirimentos a terceiros para que acheguen a información que estean obrigados a subministraren con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

2. As actuacións de comprobación limitada realizaranse nas oficinas do Concello agás a comprobación de datos censuais e elementos tributarios de carácter obxectivo que deban ser comprobados visualmente tales como superficies, potencia instalada, uso de locais e outros.

3. As actuacións de comprobación limitada realizaranse de oficio notificando a súa natureza e alcance aos obrigados tributarios. Documentaranse en comunicacións e dilixencias.

4. Con carácter previo á práctica de liquidación provisional, a Administración tributaria do Concello comunicará a proposta de liquidación co fin de que o obrigado tributario poida presentar as alegacións que estime oportunas.

5. O procedemento de comprobación limitada rematará, agás supostos de caducidade ou inicio de procedemento inspector, con resolución administrativa que conteña:

- Elementos da obriga tributaria obxecto de comprobación e o seu ámbito temporal.
- Especificación das actuacións realizadas.
- Relación de feitos e fundamentos de dereito que motivan a resolución.
- Liquidación provisional ou manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

6. Ditada a resolución anterior, a Administración tributaria non realizará nova regularización sobre o obxecto e ámbito temporal comprobado. Os obrigados tributarios non poderán impugnar os feitos e elementos determinantes da débeda tributaria aos que manifestaran conformidade expresa.

CAPITULO IV. PROCEDIMENTO DE INSPECCIÓN.

ARTIGO 66.- A INSPECCIÓN TRIBUTARIA.

1. A Inspección tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración do Concello.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de conformidade co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.
- d) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
- e) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente, a iniciativa propia ou a requirimento dos órganos do Concello ou doutras Administracións, reguladas de forma específica ou, en defecto de regulación expresa, conforme aos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2. Agás o disposto expresamente no presente capítulo así como no título IV desta Ordenanza Fiscal Xeral, o procedemento e actuacións da Inspección Tributaria do Concello adecuaranse ó disposto nos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 67.- FACULTADES DA INSPECCIÓN.

1. A Inspección de Tributos poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou ben se produzan feitos impoñibles ou exista algunha proba dos mesmos, sempre que o xulgue conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñecer os bens, despachos, instalacións ou explotacións do interesado, e practicaranse cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

2. Cando no exercicio das súas actuacións, sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario deberá obterse o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

ARTIGO 68.- LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente:

- a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina.
- b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
- c) Onde exista algunha proba do feito impoñible.
- d) Nas oficinas do Concello, cando os elementos sobre os que deban realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas.

e) Nos lugares sinalados nas letras anteriores ou noutro lugar, cando ditas actuacións se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 57.8 desta ordenanza. A utilización destes sistemas requirirá a conformidade do obrigado tributario.

2. A Inspección de Tributos poderá personarse sen previa comunicación nas empresas, oficinas e instalacións do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este ou co encargado ou responsables dos locais.

3. Cando a Inspección de Tributos actúe nas súas dependencias ou noutras oficinas públicas, farao dentro do horario oficial de apertura ó público das mesmas e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.

Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral da oficina ou da actividade que rexa nos mesmos, agás que as circunstancias das actuacións esixan actuar fora dos días e horas anteditos.

ARTIGO 69.- ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

1. O procedemento de inspección iniciarase:

- a) De oficio.
- b) A petición do obrigado tributario nos termos establecidos no artigo 149 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2. As actuacións da Inspección documentaranse en:

- Comunicacións.
- Dilixencias.
- Informes e Actas.

3. As actas son os documentos públicos que estende a Inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarándoa correcta.

Os formularios/modelos/impresos normalizados de, actas e outros relativos á inspección dos tributos serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

4. As actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de desconformidade.

ARTIGO 70.- RECURSOS CONTRA LIQUIDACIÓNS DERIVADAS DE ACTAS

1. Os obrigados tributarios poderán interpoñer recurso económico-administrativo ou potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de notificación das liquidacións derivadas de actas de conformidade e desconformidade. Entenderase producida a notificación, no caso de acta de conformidade, de non existir notificación de liquidación, transcorrido un mes dende a data da acta.

Non poderá impugnarse a liquidación e sanción derivadas dun acta de acordo agás suposto de nulidade ou existencia de vicios de consentimento.

2. Calquera reclamación formulada contra a liquidación practicada nas actas de acordo ás que se dera conformidade, e que, en consecuencia, a sanción fose obxecto das reducións previstas no artigo 188 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, dará lugar á esixencia do importe da redución sen máis requisitos que a notificación ao interesado.

CAPITULO. V. PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN.

ARTIGO 71 - INICIO DO PERÍODO EXECUTIVO

1. O período executivo iníciase:

a) Para os tributos de vencemento periódico e notificación colectiva, e para as liquidacións previamente notificadas e non ingresadas ao seu vencemento, o día seguinte ao vencemento do prazo de ingreso en período voluntario.

b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada sen realizar o ingreso, ao día seguinte da finalización do prazo que estableza a correspondente ordenanza fiscal de cada tributo para dito ingreso ou, se este xa tivese concluído, o día seguinte ao da presentación da autoliquidación.

2. A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes.

A interposición dun recurso ou reclamación en tempo e forma contra unha sanción impedirá o inicio do período executivo ata que a sanción sexa firme en vía administrativa e teña finalizado o prazo para efectuar o ingreso en período voluntario.

3. Iniciado o período executivo, efectuarase a recadación das débedas liquidadas ou autoliquidadas co recargo correspondente e, no seu caso, os xuros e as custas que procedan polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pago.

4. O inicio do período executivo determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo e, no seu caso, das costas do procedemento de constrinximento.

5. Os recargos do período executivo son de tres tipos: recargo executivo, recargo de constrinximento reducido e recargo de constrinximento ordinario. As súas contías son as seguintes:

a) O recargo executivo será do cinco por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.

b) O recargo do constrinximento reducido será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización dos seguintes prazos:

- 1) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- 2) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

c) O recargo de constrinximento ordinario será do 20 por cento e será aplicable cando non concorran as circunstancias dos apartados a) e b).

6. Cando os obrigados tributarios non efectúen o ingreso ao tempo de presentar a autoliquidación, devindicarase o recargo de constrinximento á finalización do prazo regulamentario determinado para o ingreso. En caso de autoliquidacións extemporáneas, presentadas sen realizar o ingreso, os recargos do período executivo devíndicanse á presentación das mesmas.

7. Os recargos do período executivo son compatibles cos recargos de extemporaneidade.

8. O recargo de constrinximento ordinario é compatible cos xuros de demora. Cando resulte esixible o recargo executiva ou o recargo de constrinximento reducido non se esixirán os xuros de mora devindicados dende o inicio do período executivo.

ARTIGO 72.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO.

1. O procedemento de constrinximento iníciase mediante a notificación da providencia de constrinximento ditada polo Tesoureiro Municipal.

2. A providencia de constrinximento constitúe o título executivo único, que ten a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pago.

3. A providencia de constrinximento poderá ser impugnada diante do tesoureiro polos seguintes motivos:

- a) Extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
- b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
- c) Falta de notificación da liquidación.

- d) Anulación da liquidación.
- e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda constrinxida.

4. Cando a impugnación, razoablemente fundada, se refira á existencia de causa de nulidade de pleno dereito na liquidación, poderá ordenarse a paralización de actuacións. Se se verifica que efectivamente se dá aquela causa, instarase o correspondente acordo administrativo de anulación da liquidación e estimarase o recurso contra a providencia de constrinximento, procedendo á anulación da mesma.

5. Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:

- a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

6. Se o obrigado tributario non efectuara o pago dentro do prazo ao que se refire o apartado anterior, procederase ao embargo dos seus bens, advertíndose así na providencia de constrinximento.

7. Contra a dilixencia de embargo dos bens que formen o patrimonio do debedor só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:

- a) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
- b) Falta de notificación da providencia de constrinximento.
- c) O incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.
- d) Suspensión do procedemento de recadación.

8. O procedemento de constrinximento terá carácter exclusivamente administrativo e sustanciarase do modo regulado no Regulamento Xeral de Recadación.

9. De acordo co disposto no artigo 165 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de constrinximento suspenderase na forma e cos requisitos previstos nas disposicións reguladoras dos recursos e reclamacións económico-administrativas, e nos restantes supostos previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS

1. O procedemento ordinario de adxudicación de bens embargados será a poxa pública. A dita poxa será única e realizarase por medios electrónicos no Portal de Poxas da Axencia Estatal do Boletín Oficial do Estado, debendo observarse na súa tramitación o disposto nos artigos 100 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

2. A Mesa de poxa de bens estará integrada polo Tesoureiro Municipal, que será o seu Presidente, o Secretario Xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue, que actuará como Secretario, un funcionario técnico da Asesoría Xurídica Municipal e o Recadador Executivo Municipal. Todos poderán ser substituídos nos supostos de ausencia.

3. As poxas de bens embargados anunciaranse no Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Edictos do Concello. Poderá dispoñerse a publicación do anuncio de poxa en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas cando se considere conveniente. A poxa abrirase transcorridas polo menos 24 horas desde a publicación do anuncio.

Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito do 5 por cento do tipo de poxa dos bens polos que desexe poxar.

4. Os importes dos tramos de licitación son os seguintes:

- a) Para tipos de poxa inferiores a 10.000 euros, 100 euros.
- b) Para tipos de poxa desde 10.000 euros ata 50.000 euros, 300 euros.
- c) Para tipos de poxa desde 50.001 euros ata 250.000 euros, 500 euros.
- d) Para tipos de poxa superiores a 250.000 euros, 1.000 euros.

5. A Mesa, atendendo ao interese público e sen que exista un prezo mínimo de adxudicación, decidirá se a oferta é suficiente ou se declara deserta a poxa, cando a mellor das ofertas presentadas sexa inferior ao 50 por cento do tipo de poxa.

Neste suposto fíxase, indicativamente, o 40 por cento de tipo de poxa como oferta admisible.

No suposto de que se considere suficiente a oferta procederase a adxudicación do ben ou lote correspondente.

6. Terminada a poxa, levantarase a acta correspondente, entregándoselles aos adxudicatarios unha certificación da mesma. Todos os gastos derivados da adxudicación, incluídos os tributos que graven a transmisión, serán por conta do adxudicatario. Os adxudicatarios exoneran expresamente ao Concello de Vigo, ao amparo do artigo 9 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, de Propiedade Horizontal, da obriga de achegar a certificación sobre o estado das débedas da comunidade, sendo por conta dos mesmos a cancelación das débedas pendentes de pagamento.

7. En caso de impago do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

A adxudicación será notificada ao adxudicatario, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o adxudicatario polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado en todo caso.

8. Cando no procedemento de alleamento regulado non se adxudicara algún ou algúns dos bens embargados, o órgano de recadación competente poderá, a condición de que teñan utilidade para a Facenda pública, propor de forma motivada ao órgano competente a súa adxudicación á Facenda pública seguindo o procedemento regulamentado na Lei 58/2003 e no Real Decreto 939/2005.

Se non concorrese a circunstancia de utilidade pública, o órgano de recadación poderá solicitar unha nova valoración aos efectos de iniciar unha nova poxa.

Se o órgano de recadación o considera oportuno, poderá iniciar de novo a poxa coa valoración do ben ou bens que corresponda á poxa pechada na que non se adxudicaron os bens.

9. Terminada a poxa ou, no seu caso, formalizada a adxudicación directa, levantarase acta e entregárase aos adxudicatarios a certificación do acta de adxudicación dos bens.

Todos os gastos derivados da adxudicación, incluídos os impostos que graven a transmisión, serán por conta do adxudicatario.

Os adxudicatarios exoneran expresamente o Concello de Vigo, ao amparo do artigo 9 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, de Propiedade Horizontal, da obriga de achegar certificación sobre o estado das débedas da comunidade, sendo a cargo dos mesmos a cancelación das débedas pendentes de pago.

10. En caso de impago do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incurrir polos danos e prexuízos que orixine a falta de pago do prezo de remate.

Así mesmo, o adxudicatario non poderá desistir da súa oferta con posterioridade a completar o prezo de remate polo que, se fose o caso, o importe de remate abonado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incurrir o adxudicatario polos danos e prexuízos causados á Administración

ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO

1. Para os efectos do establecido nos artigos 171.3 da Lei Xeral Tributaria e 607 da Lei 1/2000, de axuizamento civil, cando o aboamento do soldo, salario ou pensión se produza con regularidade, unicamente terán a consideración de soldo, salario ou pensión as cantidades percibidas polo debedor correspondentes á última mensuralidade ingresada na conta obxecto de embargo. Por conseguinte, as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso terán a condición de aforro e non lles serán de aplicación as limitacións do citado artigo 607 LECiv, agás no suposto regulado a continuación.

2. Excepcionalmente, naquelas contas nas que os únicos ingresos sexan os procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos últimos doce meses non supere o importe do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión para os efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a débedas tributarias e o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ao remate do prazo de vinte días naturais dende o día seguinte á data da traba, aos efectos de que a Administración poida ordenar o levantamento da retención antes de que a entidade bancaria execute o embargo, nos termos recollidos no apartado 6 do artigo 79 do Regulamento Xeral de Recadación.

O importe do fraccionamento mensual será o 5% do importe do soldo, salario ou pensión mensual. Considérase soldo, salario ou pensión mensual o resultado de dividir

o importe total ingresado por estes conceptos no último ano entre doce. En calquera caso, o suxeito pasivo poderá solicitar o fraccionamento por importe superior.

3. Para acollerse a este réxime, os interesados deberán presentar o extracto bancario dos movementos da conta embargada referido aos últimos doce meses así como a documentación xustificativa dos ingresos. O servizo de recadación poderá requirir periodicamente a xustificación do mantemento das condicións mediante a achega de sucesivas certificacións bancarias de movementos.

4. Para os efectos deste artigo, e aínda que non fosen de devengo periódico, asimiláranse a soldos, salarios e pensións as axudas de emerxencia social.

ARTIGO 74.- XUROS DE MORA.

1. As cantidades esixibles nun procedemento de constrinximento por ingresos de Dereito público devindicarán xuros de mora dende o día seguinte ao do vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso.

2. A base sobre a que se aplicará o tipo de xuro non incluírá a recarga de constrinximento.

3. O tipo de interese fixarase de acordo co establecido nos artigos 10 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e 26.6 da Lei Xeral Tributaria. Cando, ao longo do período de mora, se tiveran modificado os tipos de interese, determinarase a débeda a satisfacer por xuros sumando as contías que correspondan a cada período.

4. Con carácter xeral, os xuros de mora cobraranse xunto co principal; se o debedor se negara a satisfacer os xuros de mora no momento de pagar o principal, practicarase liquidación que deberá ser notificada e na que se indiquen os prazos de pago.

5. Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas, poderán calcularse e reterse os xuros no momento do embargo, se o diñeiro dispoñible fose superior á débeda perseguida. Se o líquido obtido fora inferior, practicarase posteriormente liquidación dos xuros devindicados.

6. Non se practicará liquidación por xuros de mora cando a súa importe sexa inferior a 5 euros.

7. Noutros supostos, non se esixirán xuros de mora a partir do momento en que se incumpran os prazos máximos para notificar a resolución das solicitudes de compensación, o acto de liquidación ou a resolución dos recursos administrativos, sempre que, neste último caso, se tivera acordado a suspensión de acto recorrido. En particular, para este efecto, respecto aos recursos administrativos, o prazo máximo para resolvelos establécese nun ano.

ARTIGO 75.- CUSTAS DO PROCEDIMENTO

Terán a consideración de custas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As custas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente teñan que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento..
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que teñan que abonarse polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

TITULO IV. A POTESTADE SANCIONADORA.

CAPITULO I. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.

ARTIGO 76.- SUXEITOS INFRACTORES.

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que estean tipificadas e sancionadas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria ou noutra lei.

2. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 19 da presente ordenanza que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis, e en particular os seguintes:

- a) Os contribuíntes e os substitutos dos contribuíntes.
- b) Os obrigados a realizar ingresos a conta.
- c) Os obrigados ó cumprimento de obrigas tributarias formais.
- d) A entidade representante do grupo fiscal no réxime de consolidación fiscal.
- e) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

3. O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal para os efectos de declaración de responsabilidades.

4. As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:

- a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar no ámbito tributario.
- b) Cando concorra forza maior.
- c) Cando derivan dunha decisión colectiva para quen tiveran salvado o seu voto ou non asistira á reunión na que se tomou a mesma.
- d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas tributarias. Entre outros supostos entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o obrigado tivese actuado amparándose nunha interpretación razoable da norma ou cando o obrigado tributario tivese axustado a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración Tributaria competente nas publicacións e comunicacións escritas ás que se refiren os artigos, 86 e 87 da LXT. Tampouco se esixira esta responsabilidade se o obrigado tributario axusta a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración tributaria competente a unha consulta formulada por outro obrigado, sempre que entre as súas circunstancias e as mencionadas na contestación á consulta exista unha igualdade substancial que permita entender aplicables ditos criterios e estes non teñan sido modificados.

Aos efectos do disposto neste apartado 4 nos supostos a que se refire o artigo 206 Bis da LXT, non poderá considerarse, agás proba en contrario, que existe concorrencia nin

da dilixencia debida no cumprimento das obrigas tributarias nin da interpretación razoable da norma sinaladas no paragrafo anterior.

e) Cando sexan imputables á deficiencias técnicas de programas informáticos de asistencia facultados pola Administración tributaria.

ARTIGO 77.- TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES.

1. Os Inspectores-Actuarios iniciarán os expedientes sancionadores correspondentes ás infraccións tributarias postas de manifesto como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación que lles sexan encomendadas, naqueles casos nos que, ao tempo de estender as actas, teñan no seu poder todos os elementos necesarios para cualificar a infracción cometida e graduar e determinar a contía da sanción a impoñer; asemade, ao incoar o expediente, poderán formular a proposta de imposición de sanción á que se refire o Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

2. O Xefe da Inspección de Tributos tramitará os expedientes sancionadores, unha vez formulada a proposta polos Inspectores-Actuarios e, particularmente, elevar á Alcaldía a proposta de resolución que proceda.

3. Nos casos de ausencia, enfermidade, abstención ou recusación do Xefe da Inspección, tramitará o expediente sancionador o Inspector de maior antigüidade no Servizo, sempre que non sexa o Actuario nas actuacións que dan lugar á sanción, nas que asumirá a competencia o actuario segundo en antigüidade.

CAPITULO II. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

ARTIGO 78.- CLASES DE INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

As infraccións tributarias clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o que segue:

a) Deixar de ingresar a débeda tributaria que debера resultar dunha autoliquidación.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50% ao 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda do Concello.

- Será infracción moi grave cando se utilizaran medios fraudulentos.

A sanción consistirá en multa do 100 ao 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda do Concello.

b) Incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50 ao 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda Municipal.

- Será infracción moi grave cando se tiveran utilizado medios fraudulentos.

A sanción será multa proporcional do 100 ao 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda Municipal.

c) Solicitar indebidamente, devolucións, beneficios ou incentivos fiscais.

- Constitúe infracción tributaria solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada tributo mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos en autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes, aínda que as devolucións non se obtiveran.

Esta infracción será sempre grave. A sanción consistirá en multa proporcional do 15% da cantidade indebidamente solicitada.

- Se a infracción consiste en solicitar indebidamente beneficios fiscais e non fose sancionable por outra infracción, sancionárase con multa fixa de 300 euros.

d) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción leve, sen prexuízo das especialidades reguladas no artigo 198 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sanción será multa fixa de 200 euros. Se se tratase de declaracións censuais, comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, a multa será de 400 euros.

e) Non comunicar o domicilio fiscal ou o seu cambio do mesmo polas persoas que non realicen actividades económicas.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa 100 euros.

f) Presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción grave.

A sanción será de 150 euros no caso de autoliquidacións ou declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, 250 euros, no caso de declaracións censuais incompletas, inexactas ou con datos falsos.

Se se presentan autoliquidacións, declaracións ou outros documentos con trascendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obriga de facelo por ditos medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros.

g) Contestar de forma inexacta aos requirimentos individualizados de información previstos no artigo 54 da presente ordenanza.

Será infracción grave.

A sanción será a establecida no artigo 199 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

h) Incumprir as obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa de 150 €.

i) Resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria. Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado para o efecto, teña realizado actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración tributaria en relación co cumprimento das súas obrigas.

Será infracción grave.

As sancións serán as previstas no artigo 203 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

j) Outras infraccións reguladas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria incluídas no artigo 206 bis, así como noutras normas legais.

Serán clasificadas e sancionadas conforme as citadas normas legais.

ARTIGO 79.- CRITERIOS DE GRADACIÓN.

De resultaren aplicables os criterios de gradación aludidos no artigo precedente, aqueles aplicaranse conforme o disposto no artigo 187 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado conforme aos artigos 187 e 188 da citada Lei. Este criterio implicará a redución do 50% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reducións poderán ser do 30% mais un 25% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

ARTIGO 80.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA.

1. O procedemento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada aos de aplicación dos tributos, agás renuncia do obrigado tributario. Neste caso tramitarase conxuntamente.

2. O procedemento sancionador en materia tributaria iniciárase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente.

3. Na instrución do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre desenvolvemento das actuacións e procedementos tributarios ás que se refire o artigo 99 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4. O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade. Previamente, a proposta de resolución será notificada ao interesado concretando a sanción proposta con indicación dos criterios de gradación e a súa motivación, indicándolle a posta de manifesto do expediente e concedéndolle un prazo de 15 días para alegacións.

5. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición coas especificidades reguladas no artigo 212 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

TITULO V. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.
CAPITULO I. MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.

ARTIGO 81.- MEDIOS DE REVISIÓN.

1. Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

- a) Procedementos especiais de revisión.
- b) Recurso potestativo de reposición.
- c) Reclamación económico administrativa.

2. As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, non poderán ser revisadas en vía administrativa calquera que sexa a causa alegada, agás nos supostos de nulidade de pleno dereito, e rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

3. As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello poderán ser declaradas lesivas conforme o disposto nos artigos 213 e 218 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4. Cando foran confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións das reclamacións económico-administrativas.

CAPITULO II.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

ARTIGO 82.- CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

Son procedementos especiais de revisión os de:

- a) Revisión de actos nulos de pleno dereito.
- b) Declaración de lesividade de actos anulables.
- c) Revogación.
- d) Rectificación de erros.
- e) Devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 83.- DECLARACIÓN DE NULIDADE E LESIVIDADE.

Corresponderalle á Xunta de Goberno a declaración de nulidade de pleno dereito así como a declaración de lesividade para o interese público dos actos ditados en materia tributaria e resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, nos supostos e conforme ó procedemento establecido nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 84.- REVOGACIÓN DE ACTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS E DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN.

1. O Concello poderá revogar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevidas que afecten a unha situación xurídica particular poña de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedemento se tivera producido indefensión aos interesados.

2. A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ó principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

3. A revogación só será posible mentres non tivera transcorrido o prazo de prescrición.

4. O procedemento de revogación iniciarase sempre de oficio e será competente para declarala a Xunta de Goberno.

ARTIGO 85.- RECTIFICACIÓN DE ERROS.

O Concello rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos sempre que non tivera transcorrido o prazo de prescrición.

ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:

- a) Cando se tivera producido duplicidade no pagamento.
- b) Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
- c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescrición.
- d) Noutros supostos establecidos en normas legais ou nas Ordenanzas fiscais do Concello.

2. Cando o dereito á devolución fose recoñecido en virtude de acto administrativo de liquidación ou resolución económico-administrativa ou xudicial, así como por resolucións dos expedientes aludidos no apartado 1 deste artigo, procederase a execución da devolución.

3. O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ao seguinte:

Deberá consignar na súa solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizar a eventual devolución a través de transferencia bancaria.

4. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación dera lugar a un ingreso indebido, deberá instar a rectificación da autoliquidación.

Neste caso a Administración tributaria do Concello aprobará a correspondente liquidación provisional, recoñecemento ou non do ingreso indebido e conseguinte devolución.

5. Non será ingreso indebido aquel que tivese lugar por incumprimento de obrigas formais por parte do obrigado tributario, así como denegación de licenzas ou autorizacións por non contaren coas condicións esixidas pola normativa da aplicación. Se por aplicación da normativa do tributo, nestes casos, procedera unha devolución de ingresos, realizarase a citada devolución sen abono de xuros.

ARTIGO 87.- DEVOLUCIÓN DE OFICIO

Se na resolución dun recurso ou reclamación se declara un ingreso indebido ou se condona unha multa xa pagada, acordarase de oficio a devolución do seu importe previa achega dos correspondentes xustificantes do seu ingreso en arcas municipais.

CAPITULO III. RECURSOS ADMINISTRATIVOS.

ARTIGO 88.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN.

1. Os actos ditados pola Administración tributaria do Concello poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición diante do órgano que ditou o acto.

2. O presente recurso de reposición deberá interpoñerse con carácter previo á reclamación económico-administrativa. Se o interesado interpuxera o recurso potestativo de reposición, non poderá promover a reclamación económico-administrativa ata que existira resolución expresa do recurso de reposición ou tivese transcorrido o prazo dun mes dende a súa interposición, en cuxo caso se considerará desestimado.

3. O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto recorrible ou do seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

4. A interposición do recurso non suspende a execución do acto agás que se garante o importe total, os xuros de mora e os recargos.

5. Non se admitirán outras garantías que as seguintes, a elección do reclamante:

a) Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais ou, no seu caso, no Concello.

b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución prestado por banco ou banqueiro rexistrado oficialmente por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros ou Cooperativa de crédito cualificada.

c) Fianza provisional e solidaria prestada por dous contribuíntes do municipio de recoñecida solvencia, só para débedas inferiores a 601,01 €.

6. En casos moi cualificados e excepcionais, o Concello poderá acordar, a instancia de parte, debidamente motivado o acordo, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade de tributos.

7. É competencia da Alcaldía a resolución dos recursos de reposición

ARTIGO 89.- RECLAMACIÓN ECONÓMICA ADMINISTRATIVA.

1. As reclamacións económico-administrativas contra os actos da Administración Tributaria do Concello rexéranse polo establecido no Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (BOP nº 113 do 15 de xuño de 2004) Igualmente poderán ser obxecto de reclamación económico administrativa os actos ditados en vía executiva relativos a outros ingresos de dereito público non tributarios.

2. O prazo para interpoñer a reclamación económico-administrativa será dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acto recorrible ou do seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo. Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

3. De terse interposto previamente recurso potestativo de reposición, o prazo dun mes contarase dende a notificación da resolución do recurso de reposición ou, transcorrido un mes dende a interposición daquel sen que existira resolución.

4. A interposición da reclamación non suspende a execución do acto agás que se garante o importe total, os xuros de mora e os recargos.

5. En casos moi cualificados e excepcionais o Tribunal económico administrativo do Concello poderá acordar, a instancia de parte, con acordo debidamente motivado, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos recorridos.

6. De existir acordo de suspensión no procedemento de recurso potestativo de reposición, poderá manterse aquela en vía económico-administrativa.

7. A resolución da reclamación esgota a vía administrativa e contra ela caberá recurso en vía contencioso-administrativa ante o órgano xurisdiccional competente. O interesado poderá igualmente recorrer en vía contencioso-administrativa se, transcorrido un ano, dende a interposición da reclamación non se producira resolución expresa.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

DISPOSICIÓN ADICIONAL

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. 2021

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6. No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

1.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios.

2. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

3. Así mesmo, gozarán de bonificación de 5% os establecementos comprendidos nos apartados B, C e D, que acrediten que contan con espazo interior destinado aos contedores de lixo. Para gozar desta bonificación, deberán presentar na Admón. de Tributos solicitude acompañada de plano dilixenciado pola Xerencia Municipal de Urbanismo en tal sentido, con anterioridade o devengo da taxa.

4. As solicitudes de exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

De presentarse algunha solicitude de exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora formulada.

5. No caso de que con posterioridade á solicitude de exención, se producira cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas integrantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, archivarase sen mais tramite.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

3(149).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. EXPTE. 2710/500 (REXISTRO PLENO 2551)

ANTECEDENTES: En data de 13.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 28 de setembro do 2015 aprobose provisionalmente a última modificación desta ordenanza fiscal nº 5, quedando elevada a definitiva aquela aprobación por ausencia de reclamación en período de exposición pública. (expte. 2211/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020.

Terceiro.- Con data 11 de agosto de 2020 o Tribunal Económico Administrativo do Concello emitiu informe previo de legalidade favorable sobre o contido da modificación que se incorpora no presente informe proposta.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Estas actuacións realízanse tendo en contra que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza do imposto realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, formúlase a proposta contida no presente expediente:

3.1. Reformúlase o texto das bonificacións contidas no artigo 3 da ordenanza no sentido de determinar no propio acordo de aprobación da ordenanza declaracións xenéricas de “especial interese ou utilidade municipal” que fundamentarán a aplicación concreta en vía de xestión tributaria da correspondente bonificación, sen necesidade do pronunciamento plenario individualizado que esixía o texto vixente.

De conformidade do artigo 103.2 do citado RDL 2/2004 realízase no texto proposto unha xenérica “declaración de especial interese ou utilidade municipal” para todas as obras realizadas en edificacións preexistentes, destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas. Tamén, para as realizadas pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian figurar no inventario de bens do Concello, para as obras incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas, Casco Vello, edificios catalogados do PEEC e nas áreas de rehabilitación integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.

Respecto da posibilidade de que, segundo o texto vixente, puidese ser declarada en expediente individualizado determinada obra “de especial interese ou utilidade municipal”, pertencente ao sector da pesca e conserva, amplíase a bonificación a outros sectores económicos estratéxicos da cidade e realízase unha declaración xenérica de “especial interese ou utilidade municipal” para que todas as construcións, instalacións e obras destinadas ao desenvolvemento das actividades que tributan no Imposto de Actividades Económicas nos epígrafes 416.1 e 416.2: Fábrica de Conservas de Pescado e outros produtos mariños, 612.8: Comercio Maior de Pescados, Crustáceos, Moluscos e outros, 643.1: Comercio Menor de Pescado e outros Produtos da Pesca, Grupo 361: Construción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, Grupo 362: Construción de carrocerías, remolques e volquetes, Grupo 363: Fabricación de equipo, componentes, accesorios e pezas de reposto para vehículos automóbiles, Grupo 371: Construción Naval e Grupo 372 Reparación e mantemento de buques.

Compre facer constar que a xa existente bonificación excepcional do 95%, posible mediante expediente individualizado “de especial interese ou utilidade municipal” en actividades da pesca e conserva obedeceu, no seu día, á “crise do Prestige” e que a actual situación económica, e os plans do Goberno local, diríxense ao apoio de

sectores productivos estratéxicos da cidade con capacidade tractora do tecido socioeconómico.

Regúlase no texto proposto a posibilidade de declaración “de especial interese ou utilidade municipal” para outros supostos, segundo o establecido no apartado 9 do artigo 3.

3.2. Como medida coadxuvante á recuperación económica establécense nas disposicións transitorias medidas redutoras na carga fiscal para todas as obras non acollidas á exención ou bonificación do artigo 3. Establécese unha bonificación no 20% na cota do imposto xa con vixencia extraordinaria para o presente exercicio 2020 dende a data do acordo de aprobación do presente proxecto de modificación desta ordenanza pola Xunta de Goberno Local, extendendo a súa vixencia a todo o exercicio 2021 segundo se dispón na Disposición Transitoria 1ª.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto sobre construcións, instalacións e obras para os exercicios 2020 e 2021:

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello en relación ao importe da previsión orzamentaria de 1.800.000 € na partida 29000 do orzamento de ingresos para o exercicio 2020, a bonificación extraordinaria proposta na Disposición Transitoria 2ª non terá impacto orzamentario negativo.

En relación a previsión orzamentaria a realizar na partida correspondente para o exercicio 2021, o seu importe debería ascender a 2.500.000€. Non obstante, realizarase unha previsión para o orzamento de 2021 de 2.000.000€ como consecuencia da aplicación da bonificación do 20% para o próximo exercicio 2021, estimándose por esta bonificación un impacto orzamentario de 500.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “*cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública*” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 11 de agosto de 2020 obrante neste expediente, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS” (5), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

2. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, por iren destinadas ou implicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras que realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian a figurar no inventario de Bens do Concello.

4. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras destinadas ao desenvolvemento das actividades que tributan no Imposto de Actividades Económicas nos epígrafes 416.1 e 416.2: Fábrica de Conservas de Pescado e outros produtos mariños, 612.8: Comercio Maior de Pescados, Crustáceos, Moluscos e outros, 643.1: Comercio Menor de Pescado e outros Produtos da Pesca, Grupo 361: Construción e montaxe de vehículos

automóviles e os seus motores, Grupo 362: Construción de carrocerías, remolques e volquetes, Grupo 363: Fabricación de equipo, componentes, accesorios e pezas de reposto para vehículos automóviles, Grupo 371: Construción Naval e Grupo 372 Reparación e e mantemento de buques.

5. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 75% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello, así como nos edificios catalogados do PEEC, e nas Areas de Rehabilitación Integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.

SUPRÍMENSE os seguintes parágrafos, ata o Apartado 6, e incorporáanse no Apartado 9.

6. As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderanse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento de emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 . Os suxeitos pasivos deste imposto aportarán coa solicitude da Licencia de Obras o correspondente acordo da Xunta de Goberno Local onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

7. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa autoliquidación do Imposto, a correspondente cédula de calificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa

8. Gozarán dunha bonificación do 30% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ao 95%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

9. Fora dos supostos enumerados nos apartados 2 a 8, e cando concorran razóns do artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 , poderán declararse outros supostos como “de interese ou utilidade municipal”.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” regulada neste apartado corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple e fixará a contía da bonificación. A tal fin, de oficio ou a instancia de parte, deberá solicitarse do Pleno da Corporación a “declaración de interese ou utilidade municipal”, argumentando os motivos de dita solicitude.

As bonificacións reguladas nos apartados 2 a 9 teñen carácter rogado e deberán ser solicitadas polos suxeitos pasivos do imposto.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licencia de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

A solicitude irá acompañada de copia da licencia de obra e presuposto desglosado das construcións, instalacións ou obras, ou daquela parte das mesmas, para as que se solicita a “declaración de especial interese ou utilidade municipal”.

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á resolución que a outorgue, previa constatación do cumprimento dos requisitos.

A tal fin, incorporarase informe técnico do departamento de Licencias en relación as obras que supoñan efectivamente eliminación de barreiras arquitectónicas no caso das obras a que se refire o apartado 2 deste artigo.

No caso das obras a que se refire o apartado 3, incorporarase informe favorable do departamento de Educación do Concello e informe do departamento de Patrimonio Municipal en relación á súa inclusión no Inventario de Bens do Concello.

No caso das obras a que se refire o apartado 4 contará con informe técnico favorable do Departamento de Licencias relativo á expedición de Licencia de Actividades e Instalacións, así como alta no censo do IAE nos epígrafes obxecto da bonificación.

No caso de obras a que se refire o apartado 5, informe favorable da Comisión de Seguimento do PEEC, Bouzas e Casco Vello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licencia concedida, así como no caso de caducidade da licencia. Notificarase ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguente bonificación, a fin de que no prazo dun mes, aquél presente a correspondente autoliquidación complementaria. Transcorrido este prazo, sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo terá incorrido en infracción tributaria.

As bonificacións previstas no presente artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva segundo a orde en que aparecen reguladas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª. Con efectos exclusivos para esta Ordenanza e para o exercicio 2021, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza no exercicio 2021 e aplicaráselles unha bonificación do 20% da cota.

2ª. Con carácter excepcional, para o presente exercicio 2020, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de

recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza con posterioridade ao Acordo de aprobación deste proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local e aplicaráselle unha bonificación do 20% da cota.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. A presente modificación Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

O Interventor Xeral, en data 20.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 31 de agosto o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación de dita Ordenanza.

En data 8.09.20, o o grupo municipal do Partido Popular, achega escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polo grupo políticos municipal do Partido Popular segundo informe que consta no Expediente.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

TERCEIRO. O acordo de aprobación provisional expoñerase na sede electrónica municipal por un prazo de trinta días nos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións. Publicarase anuncio de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Finalizada a exposición pública adoptarase o acordo definitivo resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo. O acordo definitivo -incluíndo o provisional elevado a tal categoría- e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicaranse no BOP sen que a modificación entre en vigor ata a publicación.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 5:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. 2020

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, teñan ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

2. As construcións, instalacións, ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en particular:

- a) Obras de nova planta e ampliación de construcións existentes.
- b) Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
- c) Instalación de rótulos e letreiros.
- d) Peche de terreos.
- e) Obras en cemiterios.
- f) Obras e instalacións industriais.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquelas.

A estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou custes que supoña a súa realización.

2. No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir tódalas obrigas tributarias relativas a este imposto incluída a de efectuar o ingreso das cotas en Arcas Municipais de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei Xeral Tributaria.

4. Nas solicitudes de licenza deberá constar especificamente, nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono das obras e da empresa construtora (1) .

- (1) En relación con esta última, en caso de non estar designada, aportarase no momento da súa designación (artigo 2.2 da Ordenanza reguladora das taxas de licenza)

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONS

1. Está exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas o mesmo, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obra de investimento novo como da súa conservación.

2. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, por iren destinadas ou implicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras que realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian a figurar no inventario de Bens do Concello.

4. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras destinadas ao desenvolvemento das actividades que tributan no Imposto de Actividades Económicas nos epígrafes 416.1 e 416.2: Fábrica de Conservas de Pescado e outros produtos mariños, 612.8: Comercio Maior de Pescados, Crustáceos, Moluscos e outros, 643.1: Comercio Menor de Pescado e outros Produtos da Pesca, Grupo 361: Construción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, Grupo 362: Construción de carrocerías, remolques e volquetes, Grupo 363: Fabricación de equipo, componentes, accesorios e pezas de reposto para vehículos automóbiles, Grupo 371: Construción Naval e Grupo 372 Reparación e e mantemento de buques.

5. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 75% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello, así como nos edificios catalogados do PEEC, e nas Areas de Rehabilitación Integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.

6. As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderanse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento de emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 . Os suxeitos pasivos deste imposto aportarán coa solicitude da Licencia de Obras o correspondente acordo da Xunta de Goberno Local onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

7. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa autoliquidación do Imposto, a correspondente cédula de calificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa

8. Gozarán dunha bonificación do 30% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ó 95%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

9. Fora dos supostos enumerados nos apartados 2 a 8, e cando concorran razóns do artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 , poderán declararse outros supostos como “de interese ou utilidade municipal”.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” regulada neste apartado corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple e fixará a contía da bonificación. A tal fin, de oficio ou a instancia de parte, deberá solicitarse do Pleno da Corporación a “declaración de interese ou utilidade municipal”, argumentando os motivos de dita solicitude.

As bonificacións reguladas nos apartados 2 a 9 teñen carácter rogado e deberán ser solicitadas polos suxeitos pasivos do imposto.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licencia de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

A solicitude irá acompañada de copia da licencia de obra e presuposto desglosado das construcións, instalacións ou obras, ou daquela parte das mesmas, para as que se solicita a “declaración de especial interese ou utilidade municipal”.

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á resolución que a outorgue, previa constatación do cumprimento dos requisitos.

A tal fin, incorporárase informe técnico do departamento de Licencias en relación as obras que supoñan efectivamente eliminación de barreiras arquitectónicas no caso das obras a que se refire o apartado 2 deste artigo.

No caso das obras a que se refire o apartado 3, incorporárase informe favorable do departamento de Educación do Concello e informe do departamento de Patrimonio Municipal en relación á súa inclusión no Inventario de Bens do Concello.

No caso das obras a que se refire o apartado 4 contará con informe técnico favorable do Departamento de Licencias relativo á expedición de Licencia de Actividades e Instalacións, así como alta no censo do IAE nos epígrafes obxecto da bonificación.

No caso de obras a que se refire o apartado 5, informe favorable da Comisión de Seguimento do PEEC, Bouzas e Casco Vello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licenza concedida, así como no caso de caducidade da licenza. Notificarase ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguinte bonificación, a fin de que no prazo dun mes, aquél presente a correspondente autoliquidación complementaria. Transcorrido este prazo, sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo terá incorrido en infracción tributaria.

As bonificacións previstas no presente artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva segundo a orde en que aparecen reguladas.

ARTIGO 4.- BASE IMPOÑIBLE E DEVENGO

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material desta.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2. A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

3. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza.

ARTIGO 5.- TIPO IMPOSITIVO E COTA

1. O tipo de gravame será o 3,5%.
2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

ARTIGO 6.- XESTIÓN

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración Municipal, efectuando o pago previamente á retirada da Licencia concedida, en calquera entidade colaboradora autorizada, e, en todo caso, dentro do prazo máximo de un mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión de dita licencia.

No caso de obras en vivendas de promoción pública da titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o prazo de ingreso será dun mes contado dende a notificación da adxudicación do contrato de obras e, en todo caso no prazo máximo dun mes dende o comenzo daquelas.

3. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base imponible do tributo, en función do presuposto aportado polos interesados, sempre que o mesmo estivese visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

4. Nos casos en que o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo esixa para a posible concesión de licencia a aportación de proxecto visado polo Colexio Oficial, o suxeito pasivo estará obrigado a acompañar a autoliquidación, que deberá presentar a efectos deste imposto, de fotocopia do presuposto de Construción, Instalación ou obra a realizar e DNI ou NIF do suxeito pasivo.

5. No caso de que se modifique o proxecto e houberse incremento de presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición ós requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

6. Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o custo real e efectivo das mesmas sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. Acompañarán certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

7. No caso de que non puidese presentarse o Certificado e Presuposto final de obra no prazo sinalado no número anterior, poderá solicitarse unha prórroga de un mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.

8. A vista da documentación aportada e das construcións, instalacións ou obras, efectivamente realizadas e do custo real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou

reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda, sen prexuízo das sancións que procedan, de acordo co disposto no artigo 6 desta Ordenanza.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

No relativo á cualificacións das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os contribuíntes por este Imposto poderán ingresar as cotas provisionais nos seguintes períodos:

- 50% da liquidación provisional no prazo dun mes dende a notificación da licencia.
- 50% no prazo de 7 meses dende a notificación daquela.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª. Con efectos exclusivos para esta Ordenanza e para o exercicio 2021, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza no exercicio 2021 e aplicaráselles unha bonificación do 20% da cota.

2ª. Con carácter excepcional, para o presente exercicio 2020, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza con posterioridade ao Acordo de aprobación deste proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local e aplicaráselle unha bonificación do 20% da cota.

DISPOSICIÓN S FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e restante normativa tributaria de aplicación.

2ª. A presente modificación Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo no disposto na Disposición Transitoria 2ª. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO A

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

LISTADO DE PREZOS MEDIOS PARA OBRAS DE NOVA PLANTA OU DE REFORMA

OBRAS MENORES

1. m2 substitución carpintería	48,08 €
2. ud. Porta madeira	78,13 €
3. m2 reposición cristais	12,02 €
4. m2 reposición cuberta	18,03 €
5. m2 sollado de terrazo	12,02 €
6. m2 sollado de cemento	6,01 €
7. m2 sollado de parqué	18,03 €
8. m. Rodapé	2,40 €
9. m2 encintado	1,20 €
10. m2 limpeza paredes de pedra	3,01 €
11. m2 pintura	2,40 €
12. m2 azulexado	12,02 €
13. m2 reboque	7,21 €
14. m2 falso teito	10,22 €
15. m2 mampara	54,09 €
16. m2 impermeabilización	4,21 €
17. m. Baixante	10,52 €
18. m2 cámara de aire	12,02 €
19. m2 reixas de seguridade	60,10 €
20. m2 picar cales	3,01 €
21. m3 limpeza ou roza de terreos	1,80 €
22. m3 escavación	3,31 €
23. ud. punto luz, enchufe	14,42 €
24. ud. fosa séptica	336,57 €
25. ud. pozo auga	901,52 €
26. ud. lápida	180,30 €
27. instalación sanitarios	
- Bañeira	72,12 €
- Lavabo	72,12 €
- Bidé	72,12 €
- Inodoro	72,12 €
- Baño compl.	264,45 €
28. m2 construción escaleira	36,06 €
29. m2 Apertura de oco	6,01 €

VARIOS

30. m2 Toldo	60,10 €
31. m2 Marquesiña	180,30 €
32. m. Cala	30,05 €
33. ud. entrada carruaxes	18,03 €
34. m2 rótulo opaco saínte	270,46 €

35. m2 Rótulo opaco adosado	210,35 €
36. m2 Rótulo luminoso saínte	360,61 €
37. m2 Rótulo luminoso adosado	330,56 €
38. m2 Carteleira publicitaria	27,05 €
39. ud. instalación grúa	601,01 €

MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN

40. m2 de vivenda unifamiliar no rural	360,61 €
41. m2 de chalé	601,01 €
42. m2 edificio de vivendas de P.O.	300,51 €
43. m2 edificio de vivendas libres	540,91 €
44. m2 de nave industrial	108,18 €
45. m2 Obras de reforma	90,15 €
46. m2 Sotos e Locais comerciais	180,30 €

PECHES -(altura 1,80 m.)

47. m. de aramado con postes	21,04 €
48. m. de bloques de formigón	15,03 €
49. m. de pedra	45,08 €

MURO CONTENCIÓN.

50. m3 muro contención	126,21 €
------------------------	----------

CUARTO DE BAÑO.

51. m2 construción cuarto de baño	300,51 €
-----------------------------------	----------

GALPÓNS.

52. m2 construción de galpón	30,05 €
53. m2 demolición de muros	48,08 €

4(150).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E DERROGACIÓN DA ORDENANZA 32 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 2697/500 (REXISTRO PLENO 2552)

ANTECEDENTES: En data de 14.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Con data 22 de maio de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda asinou orde de inicio de expediente de modificación de Ordenanza Fiscal nº 30.

Segundo.- Con data 24 de xullo de 2020 o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda solicita ao Tribunal Económico Administrativo do Concello informe previo de legalidade sobre o texto de modificación elaborado pola Dirección de Ingresos, no que se inclúe a derogación da Ordenanza 32 ao terse incluído os supostos nela regulados na Ordenanza 30.

Terceiro.- Con data 24 de xullo de 2020 o Tribunal Económico Administrativo do Concello emite informe previo de legalidade favorable ao texto que se incorpora no presente informe proposta.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, formúlase a proposta contida no presente expediente.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Resulta especialmente relevante na presente proposta de modificación o exercicio das facultades potestativas do Concello en materia de taxas, no sentido de que “podendo” establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local “poden” non establecelas ou non suxeitar á taxas, determinados aproveitamentos ou utilizacións privativas, por motivos de interese xeral.

Segundo o anterior, no artigo 1º referido ao feito impoñible, amais de especificar no apartado F) unha serie de supostos de ocupacións de dominio público local por motivos de actividades económicas, de venda, deportivas, festivas e culturais, regúlanse nos apartados 2 a 5, ocupacións de dominio público local que, por diferentes motivos, o Concello deixará fora do ámbito de aplicación desta Ordenanza:

-Decláranse non suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1, calquera que fose a súa ubicación dentro do municipio, incluídas no desenvolvemento de festividades, eventos e actividades declaradas expresa e individualizadamente polo Pleno do Concello “de especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita declaración estenderá os seus efectos ás sucesivas edicións en tanto non sexa revogada

-Inclúense neste texto as ocupacións inherentes as festas de Entroido, Reconquista, Semana Santa, Semana Grande das Festas de Vigo, Marisquiño e Nadal. Tamén as festas patronais e tradicionais de interese para barrios e parroquias.

-No apartado 3 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 enfocadas á dinamización económica e social de actividades comerciais e as súa extensións: campañas, rebaixas e promocións solicitadas e promovidas por asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e outras entidades asociativas de carácter comercial, inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente o carácter dinamizador económico e social da actividade comercial autorizada.

-No apartado 4 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 para exposición e actividades de carácter cultural, científico, educativo e artístico sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente ausencia de lucro.

-No apartado 5 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F do Artigo 1.1. e non incluídas nos supostos dos apartados 2

a 4 sempre que sexan declaradas pola Xunta de Goberno Local “de interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita calificación “de interese ou utilidade municipal” terá carácter puntual e non estenderá os seus efectos máis alá da edición para a que sexa declarada.

-

-No Artigo 3 establécense supostos de exención de conformidade co artigo 24.4 do TRLRFL para persoas en risco de exclusión social e entidades do artigo 2 e disposición adicional novena da Lei 49/2002 de 23 de decembro e colectivos inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

-No “Artigo 4.4 Tarifas” esténdese a redución do 50% nas tarifas do Epígrafe B) Valados, puntais, andamios...vixente para os 30 primeiros días de ocupación, ata 90 días.

-Especifícanse as cotas do Epígrafe F) para os distintos supostos incluídos na Ordenanza Fiscal nº 32 que quedará derogada. Establécense cotas sensiblemente inferiores ás vixentes e diferenciadas segundo as características da ocupación, suxeitos que a realizan, rendabilidade esperada e interese público, permanecendo únicamente as tarifas vixentes para un suposto residual F.5) accións comerciais de marketing e publicidade que conlevan instalacións en vía pública para promoción e/ou presentación de produtos.

-No epígrafe G) relativo a entradas de vehículos (vados) engádese unha puntualización de carácter técnico para ponderar axeitadamente a tributación no caso de varias entradas a un garaxe.

Igualmente, realízanse correccións técnicas no Artigo 4.5 e 4.6 que clarifican a aplicación de Ordenanza.

As modificacións introducidas no “Artigo 6.- Normas sobre Ingresos” van destinadas a aportar claridade para a xestión do tributo.

Por último, régúlase con motivo da consecuencia da pandemia COVID-19 para o presente exercicio 2020 na Disposición Transitoria Segunda 1ª, unha bonificación extraordinaria do 100% nas cotas do epígrafe E “mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”.

As cotas devengadas en 2020 e ingresadas por este concepto durante o período anterior ao 14 de marzo de 2020 terán a consideración de “ingreso a conta” da cota que resulte por este concepto no exercicio 2021. No caso de non devengarse a correspondente cota en 2021, procederase a tramitar expediente de devolución de ingresos.

Polo mesmo motivo, na Disposición Transitoria Segunda 2ª establécense, para o exercicio 2020, a non suxeición das ocupacións do epígrafe F do artigo 1.1 desta ordenanza e artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 32 para as ocupacións vinculadas á actividades de dinamización comercial e cultural na rúa, así como a Campaña de Nadal 2020-2021.

O texto proposto remata cunha Disposición Derrogatoria do seguinte tenor literal: Queda derogada a “ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais

con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipais, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria nas partidas correspondentes do orzamentos de ingresos do Concello para os exercicios 2020 -2021.

A bonificación extraordinaria do 100% pola ocupación por mesas e cadeiras que se está aplicando excepcionalmente ao exercicio 2020 ten un impacto orzamentario neste exercicio de 40.000€ pero non terá impacto no exercicio 2021.

As declaracións de non suxeición ás taxas reguladas na presente ordenanza incluídas nos apartados 2 a 5 do Artigo 1 afectan ás partidas orzamentarias 33502 Postos e barracas dotada en 2020 con 25.000€, partida 33900 Outros aproveitamentos da vía pública dotada con 125.000€ e 33902 Ingresos ocupación mercados ambulantes 100.000€. Estímase un impacto orzamentario en cada unha das tres e para cada un dos exercicios 2020 e 2021, nun 50% do seu importe: 125.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL” (30), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1.

F) Instalación de postos, casetas de venda, barracas, casetas de feira, carpas, tómbolas, tiouvivos, norias e outras atraccións de feira, circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatro, cine e outros espectáculos na rúa, así como extensión da actividade comercial ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas promocionais de carácter ocasional.

2. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1, calquera que fose a súa ubicación dentro do municipio, incluídas no desenvolvemento de festividades, eventos e actividades declaradas expresa e individualizadamente polo Pleno do Concello “de especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita declaración extenderá os seus efectos ás sucesivas edicións en tanto non sexa revogada

Aos efectos do establecido no paragrafo anterior, considéranse “de especial interese ou utilidade municipal” as seguintes festas ou eventos: Entroido, Reconquista, Semana Santa, Semana Grande das Festas de Vigo, Marisquiño e Nadal.

Tamén terán a citada consideración de “de especial interese ou utilidade municipal” as festas patronais e tradicionais de interese para barrios e parroquias organizadas por entidades asociativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 enfocadas á dinamización económica e social de actividades comerciais e as súa extensións: campañas, rebaixas e promocións solicitadas e promovidas por asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e outras entidades asociativas de carácter comercial, inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente o carácter dinamizador económico e social da actividade comercial autorizada.

4. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 para exposición e actividades de carácter cultural, científico, educativo e artístico sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente ausencia de lucro.

5. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F do artigo 1.1. e non incluídas nos supostos dos apartados 2 a 4 sempre que sexan declaradas pola Xunta de Goberno Local “de interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita calificación “de interese ou utilidade municipal” terá carácter puntual e non extenderá os seus efectos máis alá da edición para a que sexa declarada.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

3. Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as persoas que realicen venda ambulante, acreditadas para a venda, que se atopen en risco de exclusión social, previa valoración dos servizos sociais municipais.

4. Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as entidades incluídas no artigo 2 e na Disposición Adicional Novena da Lei 49/2002, de 23 de decembro e colectivos inscritos no rexistro municipal de asociacións.

ARTIGO 4.- COTAS

A.2 SUPRÍMESE

A.4 SUPRÍMESE

Durante os 90 primeiros días de ocupación, as anteriores tarifas terán unha redución do 50%.

Epígrafe F) Actividades económicas e outras na vía pública

F.1. Venda ambulante, ocasional e “de tempada”: postos e casetas de venda.

Por m² ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe o posto.

No caso de ocupación do dominio público local con mercadillos de carácter periódico, ocasional ou sectorial na vía pública aplicarase unha tarifa única de 1€/m²/día

F.2. casetas de feira, tómbolas, tíovivos, norias e outras instalacións e atraccións de feira.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación máis a correspondente superficie de seguridade.

F.3. Circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatros, cine e outros espectáculos na rúa.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
0,3	0,2	0,2	0,1	0,1	0,05 €

A superficie computable será a que ocupe a instalación mais a correspondente superficie de seguridade.

F.4. Extensión da actividade comercial -desenvolvida nun local radicado no municipio- ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas proporcionais de carácter ocasional.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación mais a correspondente superficie de seguridade.

F.5. Accións comerciais de marketing e publicidade que conlevan instalacións en vía pública para promoción e/ou presentación de produtos.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1 €

A superficie computable será a que ocupe o posto.

Cando a un garaxe se acceda por varias entradas aplicarase a cada unha delas a cota que corresponda segundo o tipo de garaxe e o numero total das súas prazas pero aplicando a cada entrada unha redución do 25%

5. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4. do artigo 4.4-- o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en este termo municipal as referidas empresas.

O réxime especial de cuantificación do 1,5% dos ingresos brutos aplicarase ás empresas a que se refire este epígrafe 5, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

6. En xeral, cando se utilicen procedementos de licitación pública sobre ocupacións suxeitas, o importe da taxa será o valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que será esixido na súa integridade.

Pola contra, cando concorra un suposto de non suxeición a esta taxa e un procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

7.

As cotas deste apartado 7, terán a consideración de compensación ao Concello polos custos a que ten que facer fronte coma consecuencia do contrato de xestión do servizo de aparcamentos e serán esixidas conxuntamente coas taxas reguladas na presente Ordenanza.

2. Cando a ocupación de dominio público corresponda a empresas explotadoras de servizos de subministracións a que se refire o apartado 5 do artigo 4 da presente ordenanza así como empresas de telecomunicacións, finalizada a obra correspondente a cada licenza ou transcorrido o prazo de tres meses contado a partir da data da proposta de execución (PRX), deberá formularse, a efectos censuais, declaración de ocupación de dominio público segundo formulario dispoñible en <https://sede.vigo.org/ocupacion> identificado como "paso 3 de 3 declaración de ocupación de dominio"

O incumprimento da obriga sinalada no paragrafo precedente constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 198.1 da LXT.

- Nas ocupacións realizadas con redes de telecomunicacións, durante o primeiro trimestre de cada ano natural os servizos tributarios practicaran a correspondente liquidación derivada do epígrafe I.4 do artigo 4 da presente ordenanza.

- As restantes empresas explotadoras doutros servizos de subministracións diferentes ás telecomunicacións ingresarán, polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada semestre, o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de "a conta" da autoliquidación de regularización que se presentará antes

do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados polo Presidente do Consello de Administración, así como informe da auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao termino municipal de Vigo no citado período.

3. Os titulares de caxeiros automáticos deberán practicar autoliquidación da correspondente cota anual segundo do epígrafe A.5 do artigo 4 durante o primeiro trimestre do ano natural

4. Os solicitantes de aproveitamentos sinalados no apartado B), C) e H) do Artigo 1º, deberán formular, solicitude/autoliquidación de taxas por todo o tempo solicitado. Dito documento poderá descargarse da páxina Web do Concello.

Se o tempo solicitado non resultare suficiente, deberán formular, con anterioridade o seu vencemento, solicitude de continuación co aproveitamento e autoliquidación complementaria.

No caso de que a anterior autoliquidación complementaria fose extemporánea será obxecto dos recargos regulados na Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos de Vías e Obras e Circulación Viaria, os solicitantes estarán obrigados a formular a baixa do aproveitamento.

De non terse formulado esta baixa, a Administración Tributaria do Concello poderá requirir o pagamento das taxas devengadas xunto cos recargos e sancións tributarias procedentes. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá impoñer a correspondente sanción por infracción de norma regulamentaria.

5.No caso do aproveitamento a que se refire o apartado H) do artigo 1, se a solicitude abranguera unha duración superior ao do período impositivo, nos exercicios sucesivos incluírase no padrón anual periódico con sistema de cobro por recibos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

SEGUNDA

1ª Pola situación excepcional creada pola pandemia Covid-19 aplicarase, para o exercicio 2020, bonificación do 100% nas cotas resultantes da aplicación do epígrafe E) “Mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”.

As cotas devengadas en 2020 e ingresadas por este concepto durante o período anterior ao 14 de marzo de 2020 terán a consideración de “ingreso a conta” da cota que resulte por este concepto no exercicio 2021. No caso de non devengarse a correspondente cota en 2021, procederase a tramitar expediente de devolución de ingresos.

2ª Declarase, para o exercicio 2020 a non suxeición das ocupacións do epígrafe F do artigo 1.1 desta ordenanza e artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 32 para as ocupacións vinculadas á actividades de dinamización comercial e cultural na rúa, así como a Campaña de Nadal 2020-2021.

Por conseguinte, cando concorra un suposto dos indicados no paragrafo precedente cun procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a “ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipais, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzaran a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias anteriores, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

c) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

O Interventor Xeral, en data 21.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 31 de agosto o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación de dita Ordenanza.

En data 8.09.20, o concelleiro membro Non Adscrito, o grupo Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos municipais.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polo grupos políticos municipais segundo informe que consta no Expediente.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local e derogación da ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local de data de 27.08.2020.

TERCEIRO. O acordo de aprobación provisional expoñerase na sede electrónica municipal por un prazo de trinta días nos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións. Publicarase anuncio de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Finalizada a exposición pública adoptarase o acordo definitivo resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo. O acordo definitivo -incluíndo o provisional elevado a tal categoría- e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicaranse no BOP sen que a modificación entre en vigor ata a publicación.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 30:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. 2020

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúen feitos impoñibles destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:

A) Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.

B) Ocupación de terreos de dominio público local con valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

C) Ocupación de terreos de dominio público local con colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos.

D) Ocupación de terreos de dominio público local con entullos, areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón e outros.

E) Ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

F) Instalación de postos, casetas de venda, barracas, casetas de feira, carpas, tómbolas, tiiovivos, norias e outras atraccións de feira, circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatro, cine e outros espectáculos na rúa, así como extensión da actividade comercial ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas promocionais de carácter ocasional.

G) Entradas de vehículos ó interior de edificios, fincas ou locais.

H) Reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos ou carga e descarga de mercancías de calquera clase.

I) Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.

J) Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.

2. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 incluídas- calquera que fose a súa ubicación dentro do municipio- no desenvolvemento de festividades, eventos e actividades declaradas expresa e individualizadamente polo Pleno do Concello “de especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita declaración extenderá os seus efectos ás sucesivas edicións en tanto non sexa revogada

Aos efectos do establecido no paragrafo anterior, considéranse “de especial interese ou utilidade municipal” as seguintes festas ou eventos: Entroido, Reconquista, Semana Santa, Semana Grande das Festas de Vigo, Marisquiño e Nadal.

Tamén terá a citada consideración de “de especial interese ou utilidade municipal” as festas patronais e tradicionais de interese para barrios e parroquias organizadas por entidades asociativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 enfocadas á dinamización económica e social de actividades comerciais e as súa extensións: campañas, rebaixas e promocións solicitadas e promovidas por asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e outras entidades asociativas de carácter comercial, inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente o carácter dinamizador económico e social da actividade comercial autorizada.

4. *Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 para exposición e actividades de carácter cultural, científico, educativo e artístico sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente ausencia de lucro.*

5. *Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F do artigo 1.1. e non incluídas nos supostos dos apartados 2 a 4 sempre que sexan declaradas pola Xunta de Goberno Local "de interese ou utilidade municipal" por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita calificación "de interese ou utilidade municipal" terá carácter puntual e non extenderá os seus efectos máis alá da edición para a que sexa declarada.*

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria quen disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local.

Nas taxas relativas ao apartado G) do artigo anterior, serán substitutos do contribuínte, obrigados ao pagamento das taxas, os propietarios dos edificios, fincas ou locais a que dan acceso as entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza, referidas a aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen a seguridade cidadá ou a defensa nacional.

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado B) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

3. *Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as persoas que realicen venda ambulante, acreditadas para a venda, que se atopen en risco de exclusión social, previa valoración dos servizos sociais municipais.*

4. *Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as entidades incluídas no artigo 2 e na Disposición Adicional Novena da Lei 49/2002, de 23 de decembro e colectivos inscritos no rexistro municipal de asociacións.*

ARTIGO 4.- COTAS

1. As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta Ordenanza calcularanse aplicando as tarifas que figuran no apartado 4 deste artigo atendendo á categoría da rúa sinalada no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, onde radique o aproveitamento especial.

2. No caso de que o aproveitamento estea situado na confluencia de varias rúas, aplicarase á tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

3. No caso de que o aproveitamento estea situado en parques e xardíns públicos, aplicarase á categoría da rúa de máis categoría coa que linde.

4. Tarifas.

Epígrafe A) Surtidores de gasolina, aparatos de venta automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local:

A1. Surtidores de gasolina instalados en solo de dominio público local.

Por unidade e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
2430	2350	1828	1826	1566	1284 €

A.2. Con caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instalados en solo o voo de dominio público local.

Por m2 ou fracción e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

A.3. Caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial de vía pública.

Por unidade e ano.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
171	132	102	101	88	71 €

A.4. Por ocupación de voo con voladizos de redes ou valados, con tendidos para condución da enerxía eléctrica ou calquera outro servizo.

Por ml ou fracción e ano ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

A.5. Por casetas de transformación de enerxía eléctrica e similares en solo ou voo.

Por unidade e ano:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
750	368	317	297	216	151 €

A.6. Por grúas nas que o brazo ou pluma ocupe no seu recorrido calquera porción de voo sobre a vía pública así como farolas, escaleiras de emerxencia e outras instalacións que voen sobre dominio público.

Por unidade e semestre:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
374	186	158	149	107	78 €

A7. Por casetas ou outros elementos afectos á obra principal na parte que exceda do replanteo da mesma.

Por m2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1,00

A superficie computable será a delimitada polas aristas extremas que forman todos os elementos da ocupación.

Epígrafe B) Valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

Por m2 ou fracción, e día ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
0,90	0,90	0,75	0,75	0,70	0,65 €

Durante os 90 primeiros días de ocupación, as anteriores tarifas terán unha redución do 50%.

Non se computarán, a efectos desta taxa as superficies ocupadas por casetas descontaminantes de amianto.

Epígrafe C) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos, silos para elaboración de materiais e similares.

C.1 Colectores para recollida ou depósito de entullos ou residuos, silos para elaboración de materiais e similares.

C.1.1. Por cada colector de ata 7 m2
durante un período de 3 días naturais.15 €

C.1.2. Por cada colector de superficie superior a
7 m2
durante un período de 3 días naturais.30€

C.1.3. Por cada colector de ata 7 m2
durante un período de 7 días naturais. 50€
Tratándose dunha ampliación de 4 días
respecto do abonado no apartado C.1.1.35€

C.1.4. Por cada colector de superficie superior a 7 m² durante un período de 7 días naturais. 90€
Tratándose dunha ampliación de 4 días respecto do abonado no apartado C.1.2.60€

C.1.5. Por cada colector de ata 7 m² durante un período máximo de 10 días naturais 90 €
Tratándose dunha ampliación de 3 días respecto do abonado no apartado C.1.3. 40€

C.1.6. Por cada colector de superficie superior a 7 m² durante un período máximo de 10 días naturais 155€
Tratándose dunha ampliación de 3 días respecto do abonado no apartado C.1.4. 65€

C.2. Sacos para depósito de materiais de construción e recollida de entullos e residuos, aplicarase opcionalmente unha das dúas seguintes tarifas:

C.2.1. Por cada saco durante un período máximo de 3 días naturais. 7,00 €

C.2.2. Por cada saco durante un período máximo de 6 días naturais. 21,00 €

Epígrafe D) Operacións excepcionais de carga e descarga

D.1. Entullos, areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, e similares.

Por m² ou fracción e hora ou fracción:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
1,35	1,15	1,05	0,90	0,90	0,60 €

D.2. Mudanzas e elevadores.

Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
3,55	2,85	2,35	1,95	1,95	0,95 €

No caso de que a mudanza se efectúe entre dous emprazamentos dentro do termo municipal e, sempre que se realice dentro dunha xornada laboral, realizarase unha única liquidación aplicando a tarifa fiscal do emprazamento de maior categoría fiscal.

Epígrafe E) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:

Por m² ou fracción e por ano ou fracción:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
----------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------

5,34 2,79 2,38 2,09 2,09 0,75 €

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

Epígrafe F) Actividades económicas e outras na vía pública

F.1. Venda ambulante, ocasional e “de tempada”: postos e casetas de venda.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

<i>1ª</i>	<i>2ª</i>	<i>3ª</i>	<i>4ª</i>	<i>5ª</i>	<i>6ª</i>	
1,35	1,05	1	0,70		0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe o posto.

No caso de ocupación do dominio público local con mercadillos de carácter periódico, ocasional ou sectorial na vía pública aplicarase unha tarifa única de 1€/m2/día

F.2. casetas de feira, tómbolas, tíovivos, norias e outras instalacións e atraccións de feira.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

<i>1ª</i>	<i>2ª</i>	<i>3ª</i>	<i>4ª</i>	<i>5ª</i>	<i>6ª</i>	
1,35	1,05	1	0,70		0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación máis a correspondente superficie de seguridade.

F.3. Circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatros, cine e outros espectáculos na rúa.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

<i>1ª</i>	<i>2ª</i>	<i>3ª</i>	<i>4ª</i>	<i>5ª</i>	<i>6ª</i>	
0,3	0,2	0,2	0,1	0,1	0,05	€

A superficie computable será a que ocupe a instalación máis a correspondente superficie de seguridade.

F.4. Extensión da actividade comercial -desenvolvida nun local radicado no municipio- ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas proporcionais de carácter ocasional.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

<i>1ª</i>	<i>2ª</i>	<i>3ª</i>	<i>4ª</i>	<i>5ª</i>	<i>6ª</i>	
1,35	1,05	1	0,70		0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación máis a correspondente superficie de seguridade.

F.5. Acci3ns comerciais de marketing e publicidade que conlevan instalaci3ns en v3a p3blica para promoci3n e/ou presentaci3n de produtos.

Por m2 ou fracci3n e d3a:

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1 €

A superficie computable ser3 a que ocupe o posto.

Ep3grafe G) Entradas de veh3culos a trav3s de beirarr3as e terreos de dominio p3blico local, por cada catro metros lineais ou fracci3n e por cada entrada e ano:

a) Garaxes particulares de vivendas unifamiliares ou fincas e recintos particulares 3 aire libre, con capacidade m3xima para catro veh3culos:

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
119,40	109,30	79,80	59,65	39,50	29,20€

b) Garaxes de comunidade e privados para uso exclusivo de vivendas:

b.1. ata 10 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
249,95	225,15	149,70	119,40	100,20	49,45 €

b.2. de 11 a 25 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
349,30	315,30	209,45	167,95	139,70	73,85 €

b.3. de 26 a 50 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
500,90	440,30	290,25	239,80	200,35	100,20€

b.4. de 51 a 75 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
751,00	660,90	435,55	360,40	300,65	149,70€

b.5. de 76 a 100 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1001,80	901,50	570,75	470,45	380,40	190,15€

b.6. de 101 a 150 prazas

Categor3as r3as:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
1402,75		1262,00		798,90	659,10	532,15	265,45€

b.7. de 151 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
1963,55		1766,75	1118,70		921,90	746,30	372,25€

b.8. máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
3005,95	2754,90	1703,30	1402,75	1111,40	560,70€		

c) Garaxes abertos ó público

c.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
350,10	300,65	179,95	149,70	119,40	59,65 €		

c.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
500,90	435,55	249,95	200,35	149,70	100,20€		

c.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
701,40	601,15	350,10	249,95	200,35	149,70€		

c.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
1503,00		1352,60		781,35	701,40	550,45	450,30€

c.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
3005,95		2705,45		1603,15	1402,75	751,00	701,40€

d) Garaxes de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes:

d.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
300,65	249,95	139,70	100,20	79,80	49,45 €		

d.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª		
500,90	400,75	249,95	200,35	159,85	100,20€		

d.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
751,00	601,15	440,30	300,65	239,80	149,70€

d.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1503,00	1202,20	981,65	601,15	480,60	300,65€

d.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
3005,95	2705,45	1603,15	1202,20	701,40	601,15€

e) Entradas a establecementos comerciais, industriais ou de servizos

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
249,95	219,55	149,70	119,40	100,20	49,45 €

Cando a entrada se utilice por dous ou máis usuarios, aplicarase a cada un deles a cota que corresponda segundo a aplicación das distintas tarifas incluídas no presente epígrafe G, cunha redución do 25%.

Cando a un garaxe se acceda por varias entradas aplicarase a cada unha delas a cota que corresponda segundo o tipo de garaxe e o número total das súas prazas pero aplicando a cada entrada unha redución do 25%

No caso de aparcadoiros municipais xestionados indirectamente, estarase en primeiro lugar ao disposto nos respectivos pregos, ademais de ao disposto neste epígrafe.

Epígrafe H) Reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase:

Por ml ou fracción e mes ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
9,25	4,80	4,30	2,95	2,95	1,65€

Epígrafe I) Outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas de solo, voo e subsolo de dominio público local.

I1. Por ocupación do subsolo, con entubados ou galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo.

Por ml ou fracción e ano ou fracción no caso de que a sección vertical fose inferior a 0,20 m².

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

No caso de que a sección fose superior a 0,20 m2 a cota será o resultado de multiplicar a tarifa resultante anterior polo número de veces que a superficie de 0,20 m2 este contida na superficie total da sección.

I2. Por casetas de transformación de enerxía eléctrica e similares no subsolo.

Por unidade e ano:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
750	368	317	297	216	151 €

I3. Caixas de distribución e rexistro instaladas no subsolo do dominio público municipal.

Por m2 ou fracción e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

I.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
17,47		10,71	7,91	0,21	0,20	0,17

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos % de redución da cota de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.

Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

Epígrafe J) A calquera outro aproveitamento que fose autorizado polo Concello sen que apareza explicitamente contemplado nestas tarifas deberá aplicarse a tarifa correspondente ó aproveitamento que máis se lle asemelle pola súa natureza.

5. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4. do artigo 4.4-- o importe

daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en este termo municipal as referidas empresas.

Cando o aproveitamento afecte ao resto do dominio público municipal, aplicaranse, segundo a clase do mesmo, a tarifa das antes establecidas, con carácter xeral, que corresponda.

A estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil. As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4.

O réxime especial de cuantificación do 1,5% dos ingresos brutos aplicarase ás empresas a que se refire este epígrafe 5, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

A efectos do disposto neste epígrafe, entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, teñan sido obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal.

Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión as redes das mesmas. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministracións a que se refire este apartado 5.

As taxas reguladas neste apartado 5 son compatibles con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as empresas a que se refire este epígrafe deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), quedando excluída, polo pagamento desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

6. En xeral, cando se utilicen procedementos de licitación pública sobre ocupacións suxeitas, o importe da taxa será o valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que será esixido na súa integridade.

Pola contra, cando concorra un suposto de non suxeición a esta taxa e un procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Cando a ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública ou as obras necesarias para isto supoñan a inutilización de todo ou en parte de prazas de aparcadoiro a que se refire a Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante Parquímetros Expendedores de Billetes na Cidade de Vigo, o interesado deberá indemnizar ao Concello ou, no seu caso, ao contratista, dos eventuais prexuízos que se lle causen coa ocupación cun máximo de 6€ praza e día.

7. Nas cotas calculadas segundo o disposto neste artigo correspondentes ós epígrafes A), B), C), D) F) e H), cando as ocupacións do dominio público afecten a prazas de aparcamento regulado na Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública mediante parquímetros expendedores de billetes na cidade de Vigo, sumaranse as seguintes cantidades:

- a) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes A) e H), 6,65 € por m² ou fracción e quincena ou fracción con un mínimo de 65,55 €.
- b) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes B), C), D) e F), 0,75 € por m² ou fracción e día ou fracción, con un mínimo de 4,35 €.

No caso de que a ocupación inclúa beirarrúa e prazas delimitadas para aparcamento regulado (ORA), as superficies a considerar para a aplicación dos apartados a) e b) anteriores serán, exclusivamente, as correspondentes as prazas de aparcamento ocupadas.

As cotas deste apartado 7, terán a consideración de compensación ao Concello polos custos a que ten que facer fronte coma consecuencia do contrato de xestión do servizo de aparcamentos e serán esixidas conxuntamente coas taxas reguladas na presente Ordenanza.

ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo a que se referirán as cotas das diferentes taxas reguladas nesta ordenanza será o seguinte:

- Para os aproveitamentos sinalados nos epígrafes A), E) e I) do artigo 1 o período impositivo coincidirá co ano natural, a excepción do aproveitamento en voo derivado da instalación de grúas torre, que será semestral; e de casetas ou outros elementos afectos á obra no que será o número total de días no que permaneza a ocupación.

- Para os aproveitamentos sinalados nos epígrafes B), C) e F) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co número total de días do aproveitamento.

- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe D) do artigo 1º, o período impositivo será o número de horas ou días.

- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe G) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co semestre natural de cada ano.

- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe H) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co número de meses de aproveitamento.

2. As taxas reguladas na presente ordenanza devengarase no momento en que se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, aplicándose para a determinación de cotas os seguintes criterios:

- No caso de que, previamente a iniciar o uso exclusivo ou o aproveitamento especial do dominio público fora preciso executar obras, o devengo producirase dende a data de remate das referidas obras.

- As altas surtirán efectos dende o día de inicio do aproveitamento.

- As baixas surtirán efectos dende o día de cese do aproveitamento que figure na autorización salvo que os servizos técnicos municipais determinen outra data distinta do cese.

- As baixas relativas a aproveitamentos sinalados nos apartados A), G) e I) presentadas durante o primeiro mes do período impositivo, causarán efectos na data de finalización do período impositivo anterior.

ARTIGO 6.- NORMAS SOBRE INGRESO

1. No momento da presentación de solicitudes de licenzas por usos privativos ou aproveitamentos especiais, os suxeitos pasivos ingresarán por autoliquidación o importe das taxas que correspondan segundo o disposto nos artigos 4 e 5 desta Ordenanza referidas ao exercicio corrente, salvo que os servizos técnicos municipais xestores do servizo, por motivos debidamente xustificados, autoricen a súa autoliquidación nun momento posterior da tramitación do expediente.

No caso de que, previamente a iniciarse a ocupación do dominio público fora preciso realizar obras, a autoliquidación efectuarase á finalización das mesmas e antes de iniciarse o aproveitamento.

2. Cando a ocupación de dominio público corresponda a empresas explotadoras de servizos de subministracións a que se refire o apartado 5 do artigo 4 da presente ordenanza así como empresas de telecomunicacións, finalizada a obra correspondente a cada licenza ou transcorrido o prazo de tres meses contado a partir da data da proposta de execución (PRX), deberá formularse, a efectos censuais, declaración de ocupación de dominio público segundo formulario dispoñible en <https://sede.vigo.org/ocupacion> identificado como "paso 3 de 3 declaración de ocupación de dominio"

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 198.1 da LXT.

- Nas ocupacións realizadas con redes de telecomunicacións, durante o primeiro trimestre de cada ano natural os servizos tributarios practicaran a correspondente liquidación derivada do epígrafe I.4 do artigo 4 da presente ordenanza.

- As restantes empresas explotadoras doutros servizos de subministracións diferentes ás telecomunicacións ingresarán, polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada semestre, o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de "a conta" da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados polo Presidente do Consello de Administración, así como informe da auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao termino municipal de Vigo no citado período.

3. Os titulares de caxeiros automáticos deberán practicar autoliquidación da correspondente cota anual segundo do epígrafe A.5 do artigo 4 durante o primeiro trimestre do ano natural

4. Os solicitantes de aproveitamentos sinalados no apartado B), C) e H) do Artigo 1º, deberán formular, solicitude/autoliquidación de taxas por todo o tempo solicitado. Dito documento poderá descargarse da páxina Web do Concello.

Se o tempo solicitado non resultare suficiente, deberán formular, con anterioridade o seu vencemento, solicitude de continuación co aproveitamento e autoliquidación complementaria.

No caso de que a anterior autoliquidación complementaria fose extemporánea será obxecto dos recargos regulados na Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos de Vías e Obras e Circulación Viaria, os solicitantes estarán obrigados a formular a baixa do aproveitamento.

De non terse formulado esta baixa, a Administración Tributaria do Concello poderá requirir o pagamento das taxas devengadas xunto cos recargos e sancións tributarias procedentes. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá impoñer a correspondente sanción por infracción de norma regulamentaria.

5.No caso do aproveitamento a que se refire o apartado H) do artigo 1, se a solicitude abranguera unha duración superior ao do período impositivo, nos exercicios sucesivos incluírase no padrón anual periódico con sistema de cobro por recibos

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. Para poder desfrutar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas do dominio público, os interesados deberán solicitar a oportuna autorización. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as autorizacións mediante subasta pública conforme ó Prego de Condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 deste texto.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse ó disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86.

2. No caso dos aproveitamentos a que se refire o epígrafe G) do artigo 3 que requiran obra de rebaixe do bordo, os solicitantes de entradas a establecementos comerciais e industriais, simultaneamente coa solicitude de licenza de obra deberán constituír fianza por importe de 106 € para responder dos gastos de reposición do bordo.

Procederase á devolución desta fianza se o titular do aproveitamento procede á reposición do bordo previamente á baixa do aproveitamento.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. ou razón social e C.I.F. do solicitante, correo electrónico, domicilio fiscal, situación do aproveitamento e o seu prazo de duración (máximo 90 anos).

No caso de que os aproveitamentos por entradas de vehículos foran detectados a través de actuacións inspectoras ou comprobacións de campo, a Administración Tributaria poderá iniciar expediente de solicitude de autorización do aproveitamento por entradas de vehículos-referenciado catastralmente tanto con datos gráficos como alfanuméricos-, no caso de que na visita realizada, o titular catastral da finca, titular da actividade económica, inquilino ou ocupante conforme a dereito, manifestara fehacientemente a súa vontade de regularizar o aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferencias coas peticións e conforme ás normas vixentes no Concello en relación ao tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras. Se se desen diferencias coas declaracións, notificaranse ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación de intereses de demora e a sanción correspondente.

5. En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados, sempre que non se teña producido o feito impoñible.

6. Non poderá ocuparse dominio público municipal ata que fose ingresado o importe das taxas e outorgada a correspondente autorización.

7. A ocupación entenderase concedida polo tempo que figure na autorización, sen prexuízo dos supostos de renuncia polo interesado, caducidade ou revogación da mesma, nos casos legalmente previstos.

8. No caso dos aproveitamentos que figuran nos epígrafes B),C), D) e F) do artigo 1 os titulares das licencias deberán depositar antes de retirar a licenza, fianza para responder dos posibles danos que poidan ocasionarse no dominio público, dos posibles gastos de reconstrución ou reparación do dominio público, na contía que determine os departamentos de Urbanismo, Infraestrutura e Obras, Circulación Viaria e/ou o departamento competente, segundo corresponda.

A estes efectos e de conformidade co previsto no artigo 34 da Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as Consequentes Ocupacións necesarias para a implantación de Servizos na Vía Pública, o solicitante deberá presentar no prazo dos 15 días seguintes á notificación da licenza de obras e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, fianza para responder polos danos e prexuízos que poda sufrir o dominio público con ocasión ou como consecuencia, directa ou indirecta, da execución das mesmas, por importe do 10% do seu custo incluído no presuposto presentado ou na licenza, no caso de que o mesmo fora modificado por aquela.

No caso de que o aproveitamento supoña a execución de obras no dominio público coa conseguinte remoción de pavimentos e de conformidade co previsto na Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as Consequentes Ocupacións necesarias para a implantación de Servizos na Vía Pública e no artigo 4.d) da Ordenanza Fiscal nº 24 Reguladora das Taxas pola Prestación do Servizo de Control de Calidade, os solicitantes xunto coa súa solicitude deberán acreditar ter ingresado na Tesourería Municipal o 4% do presuposto de execución material da obra a que corresponda. O importe ingresado será provisional a resultados da liquidación que proceda á finalización da obra e sen prexuízo da súa devolución se a licenza fora denegada.

9. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe, se fora superior á fianza constituída ao efecto.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

10. O disfrute dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela, será sancionado pola Xunta de Goberno Local ou Órgano en que delegue de acordo co disposto no artigo 127.1.l) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

No momento no que o servizo integral de xestión de residuos sólidos urbanos procedentes de obras de construción e demolición en domicilios depositados en sacos en terreos de dominio público estea en funcionamento, deixará de aplicarse a tarifa do epígrafe c.2. por estar incluído o importe do aproveitamento no prezo público fixado na ordenanza 42.

SEGUNDA

1ª Pola situación excepcional creada pola pandemia Covid-19 aplicarase, para o exercicio 2020, bonificación do 100% nas cotas resultantes da aplicación do epígrafe E) “Mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”.

As cotas devengadas en 2020 e ingresadas por este concepto durante o período anterior ao 14 de marzo de 2020 terán a consideración de “ingreso a conta” da cota que resulte por este concepto no exercicio 2021. No caso de non devengarse a correspondente cota en 2021, procederase a tramitar expediente de devolución de ingresos.

2ª Declarase, para o exercicio 2020 a non suxeición das ocupacións do epígrafe F do artigo 1.1 desta ordenanza e artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 32 para as ocupacións vinculadas á actividades de dinamización comercial e cultural na rúa, así como a Campaña de Nadal 2020-2021.

Por conseguinte, cando concorra un suposto dos indicados no paragrafo precedente cun procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a “ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipais, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e a restante normativa de aplicación.

2ª. Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzaran a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias anteriores, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5(151).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS. EXPTE. 2712/500 (REXISTRO PLENO 2553)

ANTECEDENTES: En data de 14.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- No BOP de 12 de decembro de 2016 publicouse a última modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións (50), con vixencia sen alteración dende 1 de xaneiro de 2017.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020, na liña da proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Urbanismo en expediente 12644-407.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas

polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións.

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza da taxa realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, formúlase a proposta contida no presente expediente, consistente en ampliar, para o exercicio 2021 a exención prevista no Artigo 5.1.; para aplicala tamén á obras de reforma ou adaptación de locais para actividades económicas cunha superficie de ata 150m². Inclúese para o exercicio 2021 a exención das taxas de licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc e das taxas de licenzas de primeira ocupación ou posta en marcha de actividades.

Realízase a presente modificación de conformidade cos Artigos 20 ao 27 do TRLRFL, en particular segundo o artigo 24.4.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida da taxa de licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2021.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ao importe efectivo desta taxa no exercicio 2019, aquel foi de 1.185.818,37€

A previsión orzamentaria nas partidas do presuposto da Xerencia de Urbanismo 32100 e 32200 para o exercicio 2020 ascenderon á 1.143.444,56 €. Non obstante segundo datos efectivos a 31 de xullo de 2020 estas partidas acadarían a 31 de decembro un importe aproximado de 1.000.000€.

En relación á previsión orzamentaria a realizar na partida correspondente para o exercicio 2021, o seu importe debería reducirse nun 10%, estimándose pola exención incluída nesta modificación de Ordenanza un impacto orzamentario aproximado de 100.000€. Inclúese neste expediente estimación de custos e ingresos para o exercicio 2021 realizado por técnico da Xerencia de Urbanismo en expediente 12644-407.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN” (50), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª Para o exercicio 2021 amplíase a exención regulada no Apartado 1 do artigo 5 ás obras de reforma ou adaptación de locais para actividades económicas cunha superficie de ata 150 m2

2ª Para o exercicio 2021 gozarán de exención as licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc; así como as licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

•b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de agosto de 2020, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación de dita Ordenanza.

O Interventor Xeral, en data 19.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 31 de agosto o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación de dita Ordenanza.

En data 8.09.20, o concelleiro membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escritos de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos municipais.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polos grupos políticos municipais segundo informe que consta no Expediente.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27.08.2020.

TERCEIRO. O acordo de aprobación provisional expoñerase na sede electrónica municipal por un prazo de trinta días nos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións. Publicarase anuncio de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Finalizada a exposición pública adoptarase o acordo definitivo resolvendo as reclamacións presentadas e

aprobando a definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo. O acordo definitivo -incluíndo o provisional elevado a tal categoría- e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicaranse no BOP sen que a modificación entre en vigor ata a publicación.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 50:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN. 2020

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVINDICACIÓN

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2. Constitúe feito imponible desta taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

3. Constitúen feito imponible desta taxa as actividades técnicas e administrativas conducentes á declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita.

4. Igualmente constitúe feito imponible desta taxa a prestación doutros servizos urbanísticos relacionados no apartado C) do artigo 7 deste texto.

5. A taxa devindicarase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e a correspondente iniciación do expediente.

6. Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación de licenza solicitada, ou a renuncia, ou desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

7. Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade á concesión da licenza procederá a devolución do 50 % da taxa ingresada, sempre que a solicitude fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ao órgano competente.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento no que a comunicación ou declaración adquiera eficacia.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento dos dereitos e taxas previstas nesta ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

2. Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitud nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa construtora. En relación con esta última, no caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

ARTIGO 3.-

1. Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

2. Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

ARTIGO 4.-

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou comunicacións previas para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

2. Non estarán suxeitos ao pagamento de taxas de licenza de pozos e fosas sépticas emprazados en zonas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiros.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Gozarán de exención de taxas a intervención e control naquelas obras que reciban tratamento de “obra menor” polos servizos urbanísticos do Concello.

2. Gozarán de exención as taxas de licenzas de primeira ocupación relativas a vivendas cualificadas de protección oficial de réxime especial.

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado C) do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para bens de interese cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 16/1985 do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.

4. Segundo a norma 8.1.i) do Plan especial de edificios conxuntos e elementos a conservar sobre "tratamento de medianeiras ó descuberto" practicarase unha recarga do 50% nas taxas de licenza correspondentes ao exceso de volume que resultase do devandito tratamento de medianeiras.

5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licencia de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia e ARI de Santa Clara(Cabral).

6. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes das licenzas achegarán coa solicitude o correspondente acordo da Xunta de Goberno onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

1. No caso das actividades descritas nos apartados 1 e 2 do artigo 1, a base imponible, que será igual á base liquidable, é o importe do presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado 3 do artigo 1 a base imponible, que será igual a base liquidable, é o importe do presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fóra de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado D) do artigo 7.

ARTIGO 7.-

As cotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

A) Licenzas de obra ou "declaración responsable " ou "comunicación previa": 0,95 por cento sobre a base liquidable.

B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) Declaración de fóra de ordenación das edificacións con infracción prescrita: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

D) Outros servizos urbanísticos:

- | | |
|--|---------|
| 1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. | 6,30 € |
| 2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. | 24,95 € |
| 3.- Licenzas de parcelación urbanística, ou declaración de innecesariedade de parcelación, por cada parcela resultante | 48,15 € |

4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa).
61,55 €

5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade.

5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”

- 5.1.1. Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha. 26,80 €
- 5.1.2. Vivendas de superficie construída entre 101 m2 e 250 m2, por cada unha. 107,65 €
- 5.1.3. Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha. 250,65 €

5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

- 5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha. 13,80 €
- 5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un. 18,35 €
- 5.2.3. Baixos divididos, por cada un. 9,25 €
- 5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta. 13,80 €

5.3 OUTROS USOS

- 5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 1,75 €
Por cada 10 m2 de exceso. 0,40 €

- 5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 2,55 €
Por cada 10 m2 de exceso. 0,50 €

6. Solicitud de declaración de ruína. 308,70 €

7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. 229,95 €

Para o caso no que o presuposto de execución supere o básico practicarase, amais da liquidación da cota sinalada no parágrafo precedente, liquidación de taxas relativo á diferenza de presuposto, con arranxo ao disposto no apartado A) deste artigo. Para o caso dos chamados “proxectos reformados” e “obras de reforma” aplicaranse idénticos criterios aos sinalados neste apartado para os proxectos de execución.

8. Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e de xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custo dos anuncios en diarios oficiais e prensa local. Os interesados poderán tramitar e custear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devindica taxa ningunha.

9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas,

como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.

10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.

11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Legislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.

ARTIGO 8.-

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas aos apartados A) e B) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, que deberá estar suscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

2. No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 201,15 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

3. En obras de vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o prazo de ingreso destas taxas será dun mes contado dende a notificación da adjudicación do contrato de obras e, en todo caso, con anterioridade ao inicio das obras.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nesta materia rexerá a Ordenanza fiscal xeral e a restante lexislación tributaria de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

1ª. Conforme establece o artigo 10 apartado 7 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Vigo, tense acollido ao procedemento de comunicación previsto no Texto refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais .que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións catastrais consecuencia dos seguintes actos administrativos:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición.
- Licenzas de modificación de uso.

2ª Os suxeitos pasivos do IBI, destinatarios das licenzas anteditas quedan liberados das obrigas de presentar a correspondente alteración catastral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª Para o exercicio 2021 amplíase a exención regulada no Apartado 1 do artigo 5 ás obras de reforma ou adaptación de locais para actividades económicas cunha superficie de ata 150 m2

2ª Para o exercicio 2021 gozarán de exención as licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc; así como as licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza fiscal, serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza fiscal xeral, na Lei 58/2003 xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

6(152).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS. EXPTE. 2713/500 (REXISTRO PLENO 2554)

ANTECEDENTES: En data de 14.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- No BOP de 12 de decembro de 2016 publicouse a última modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por licenzas de actividades e instalacións (50), con vixencia sen alteración dende 1 de xaneiro de 2017.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020, na liña da proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Urbanismo en expediente 12644-407.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas pola concesión de licenzas de actividades e instalacións .

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademáis de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza da taxa realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmulase a proposta contida no presente expediente, consistente en establecer para o

exercicio 2021 exención nas taxas resultantes da aplicación do Artigo 5, apartado 1 desta Ordenanza para Licenzas de Actividades de superficie inferior ou igual a 150 m2. No suposto de actividades de superficie superior a esta cifra de 150m2 resultarán exentos os primeiros 150m2. Neste suposto descontaranse 150m2 da superficie total e á superficie resultante aplicarase o tramo da tarifa do *Apartado 1.1. Superficie do local* que lle corresponda.

Realízase a presente modificación de conformidade cos Artigos 20 ao 27 do TRLRFL, en particular segundo o artigo 24.4.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida da taxa de licenzas de actividades e instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2021.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ao importe efectivo desta taxa no exercicio 2019, aquel foi de 72.124,80€

A previsión orzamentaria na partida do presuposto da Xerencia de Urbanismo 32101 para o exercicio 2020 ascendeu á 73.258,44€. Non obstante segundo a estimación, para o exercicio 2020, realizada polos técnicos de Urbanismo no informe económico obrante neste expediente o importe a 31 de decembro sería de 44.637,72€.

Estímase segundo a presente proposta de exención -que modifica en parte a realizada en expediente 12644-407- un impacto orzamentario na partida 32101 de aproximadamente 5.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, "*cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública*" a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación

definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN. 2021” (51), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o exercicio 2021 gozarán de exención nas taxas resultantes da aplicación do Artigo 5, apartado 1 desta Ordenanza para Licenzas de Actividades de superficie inferior ou igual a 150 m².

No suposto de actividades de superficie superior a esta cifra de 150m² resultarán exentos os primeiros 150m². Neste suposto descontaranse 150m² da superficie total e á superficie resultante aplicarase o tramo da tarifa do *Apartado 1.1. Superficie do local* que lle corresponda

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de agosto de 2020, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da citada Ordenanza.

O Interventor Xeral, en data 19.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 31 de agosto o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación de dita Ordenanza.

En data 8.09.20, o membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos municipais.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

DEBATE PUNTOS 2, 3, 4, 5 E 6:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para solicitar a aprobación desta modificación puntual nunha serie de ordenanzas fiscais que teñen como obxectivo baixar a tributación e reducir os impostos en definitiva para os cidadáns de Vigo, especialmente para os comerciantes e os que fagan algunha das actividades industriais da nosa cidade, cun efecto de mitigar polo tanto os efectos desta pandemia, desta desaceleración da actividade económica e co obxectivo de facer máis sinxelo e reducir a carga tributaria para determinadas actividades. Con esa finalidade, na taxa de licencia de obras se exima para as obras da reforma e adaptación de local de actividades económicas en inmobles, esta taxa de licencias de obras que como digo que tamén vexa reducida para as actividades de primeira ocupación e de primeira utilización de naves industriais, de locais e de oficinas que se fagan nesta cidade, polo tanto, favorecendo a realización de reformas nos inmobles para realizar actividades económicas e facilitando tamén a apertura e a primeira ocupación de actividades económicas como digo nesta cidade de Vigo, tamén está a exención á taxa de licencias de actividades especialmente para aquelas empresas que ocupen unha superficie de ata 150 metros, polo tanto, para o pequeno e mediano comercio pero tamén estendendo esta exención para eses metros, para o resto de actividades, polo tanto, reducindo a carga tributaria para tódolos aqueles que queiran iniciar unha actividade económica que queiran realizar reformas nos seus locais comerciais, e polo tanto, que queiran realizar unha actividade económica que xere valor engadido para esta cidade, esta redución das taxas de obras de primeira ocupación e de actividade complétase tamén cunha bonificación do imposto sobre construción, instalacións e obras, que permitirá que todas aquelas obras que se realicen, en non só xa en locais comerciais ou en naves industriais senón tamén todas aquelas obras que se realicen nesta cidade contén cunha bonificación dende xa, dende a aprobación pola Xunta de Goberno desta modificación de ordenanza e tamén para o vindeiro período impositivo, dunha bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, un imposto que como saben grava o orzamento dunha obra que se execute en calquera inmovible, polo tanto, se facilita esa realización de reformas, esa facilitación de obras, como digo, non só xa en locais comerciais senón tamén

con carácter xeral e esa bonificación se aplica con independencia do orzamento que se presente como presuposto para facer esa rehabilitación, para facer esa obra, polo tanto, se bonifica tamén e trátase de incentivar a realización deste tipo de actividades como un dos obxectivos de incentivo de facilitar tamén a actividade económica neste ámbito e polo tanto, no sector da construción, que mellore tamén as condicións non só de vida senón tamén de desempeño dunha actividade económica na nosa cidade, polo tanto, bonificación tamén que se suma as xa anunciadas, das taxas que anunciei en primeiro lugar. Dicir que tamén se aplica aos sectores estratéxicos da cidade que ademais ven a alixeirar a súa carga administrativa xa que se suprime para algúns sectores a necesidade das solicitudes desa bonificación, igual que tamén para a realización das obras nas áreas de Casco Vello, de Santa Clara de Coia, especialmente para os ascensores neste caso, pero tamén con carácter xeral.

Polo tanto, reducindo a carga tributaria na nosa cidade como xa fixemos reducindo a taxa de lixo, de recollida de lixo para mitigar os efectos da pandemia, como xa fixemos tamén coa taxa de vados para aquelas actividades que viron reducida a súa actividade durante a pandemia e como tamén fixemos, coa redución do importe do prezo da auga, tamén para esas actividades, polo tanto, facendo economía e incentivando os sectores económicos e reducindo a carga fiscal para os cidadáns, bonificación que tamén se estende a determinadas taxas de ocupación da vía pública polo tanto, tamén neste caso reducimos esa tributación e finalmente facemos unha modificación tamén puntual na ordenanza fiscal xeral para incorporar determinadas medidas para familias monoparentais, para discapacitados, e para desempregados para clarificar a aplicación das bonificacións fiscais para estes tres colectivos de desempregados, de discapacitados e de familias monoparentais ademais de incluír algunhas outras melloras que pretenden reducir a presencialidade para realizar trámites administrativos neste concello polo tanto, para favorecer esa realización telemática de trámites, para todo iso solicitamos a aprobación inicial, provisional destas ordenanzas.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego formulamos 38 emendas a esta proposta de revisión das ordenanzas fiscais cun obxectivo claro que era o de

avanzar cara unha fiscalizade municipal socialmente xusta, a través dun medio que non é outro que alargar a utilización de mecanismos legais como as bonificacións e as exencións, o grupo de goberno dixo que non a todas e cada unha destas emendas con propostas, como a que defendíamos de bonificar nun 95% o IBI a aqueles inmobles cuxo uso fose cedido ao Concello de Vigo ou a calquera administración pública para incorporarse a un programa de vivenda social nunha cidade que ten 18.500 vivendas baleiras. Dixeron que non á penalizar e a frear ao agromar de casas de apostas nos nosos barrios cun aumento, cun recargo do 95% no IAE ou cun recargo tamén de 95% nas taxas de licencias de actividades para este tipo de locais, dixeron que non a aumentar o esforzo fiscal das grandes empresas porque o Bloque Nacionalista Galego lle propuxemos que se aumentase nun 100% a taxa por instalación de caixeiros automáticos ou nun 25% a taxa que se lle aplica as empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil ou un incremento xeral do 15% do IAE que só pagan as empresas cun volume de facturación por enriba do millón de euros. Dixeron que non a aumentar a exención das taxas para aquelas familias con menores ingresos en servizos e taxas como as escolas infantís municipais, as escolas municipais culturais de música, de danza, as instalacións deportivas, máis tamén acabar cunha inxustiza histórica no que ten que ver co recibo do lixo para aqueles establecementos de menos de 50 metros, as propostas do BNG ían cara a propoñer unha fiscalizade socialmente máis xusta, vostedes o que traen aquí é apenas un matizado, unha maquillaxe que dende logo está moi por detrás do que necesita a cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós agardábamos un propósito de emenda con respecto a outros anos e a outros exercicios fiscais, a situación que viven as nosas cidades e a situación que vivimos dende marzo deste ano, queremos que obrigaba a unha acción moito máis decidida por parte deste goberno, na ordenanza de ascensores en vía pública que por fin imos a aprobar e previsiblemente dentro duns puntos, literalmente dise que ás ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestades regulamentaria recoñecida ás entidades locais, cando vostedes nos presentan este proxecto de modificación orzamentaria que apenas toca 5

ordenanzas e deixa fora a remodelación de ordenanzas moi importantes, primeiro inhabilita a posibilidade de que os grupos da oposición formulemos moitas achegas a outras ordenanzas nomeadamente ordenanzas que teñen que ver con taxas moi importantes para as economías vigueses como pode ser o lixo, como pode ser o relacionado co IBI e na parte que lle toca ao Concello de Vigo, a posibilidade de reducir o tipo para reducir importante, dun xeito importante o ano que ven este importe, deixan fora unha serie de ordenanzas que teñen que ver por exemplo coa ordenanza do taxi, creo que había que tocala para converter o taxi tamén e nos tempos COVID-19 nun transporte público, bonificado, deixan fora as taxas das escolas infantís, deixan fora un motón de taxas que poderían ser un mecanismo de resposta política e económica por parte do Concello de Vigo, priorizan iso si a modificación de ordenanzas que teñen que ver con proxectos en vía pública de interese municipal, inclúen a norias e as barracas e hoxe amanecemos cunha nova na prensa unha pseudo ameaza da empresa da noria esixindo “a ver que hai do meu”, unha serie de prioridades deste goberno local que cando menos non teñen nada que ver coas prioridades que están artellando outros concellos, o grupo da Marea de Vigo lle dixemos que falta un mecanismo de revisión permanente de tódalas ordenanzas, e nomeadamente neste ano porque o ano 21 vai a ser moito peor que esta ano porque o goberno xa fixo un mecanismo para que os ERTes poidan seguir no tempo, mecanismos de escudo social e de protección e nós o único que nos preocupa é onde imos a colocar unha noria ou onde imos a poñer unha serie de exencións sobre taxa de vía pública que non son o principal problema do comercio desta cidade, o principal problema do comercio desta cidade é nomeadamente a tarifa da auga da que imos a falar, e a tarifa do lixo que obviamente nesta proposta de modificación non aparece, nas propostas que nós lle propoñíamos o primeiro que dicíamos era que hai que traballar precisamente sobre as ordenanzas que economicamente lle dan pois máis quebradizos de cabeza aos vigueses/as e ademais está no propio orzamento porque son precisamente as taxas e os prezos públicos que máis recadan e que máis importe económico teñen, as que vostedes non tocan, e creo que iso dende logo non tocaba neste ano; si que se preocuparon de determinados aproveitamentos especiais e ademais sobre algunhas cuestións que vostede di efectivamente vaise tocar os impostos indirectos pero que para o ano, independentemente vostede nos

diga que é unha redución, na previsión orzamentaria vai a ir un incremento do 2%, se podería pensar que vostedes esperan un importante aumento de determinadas actividades relacionadas coa construción ou que realmente a proposta de modificación das ordenanzas non cubre cando menos esas cuestións, polo tanto, o primeiro que nós denunciámos no escrito que remitimos e nas proposta que foron rexeitadas na súa totalidade é non o que hai senón o que falla, falla este tipo de ordenanzas que dende logo están sendo abordadas como modificacións importantes, pero a maiores sobre as que vostedes propoñen unha modificación, nós cremos que se podía avanzar moito máis na ordenanza fiscal xeral, seguimos pensando que o aprazamento “sine die” en contra do que din os técnicos municipais é un mecanismo que utilizan moitos concellos e que mentres unha persoa estea nunha situación de vulnerabilidade o aprazamento dos impostos e das taxas públicas se aplica con total normalidade, seguimos pensando que se poden facer modificacións que teñen que ver con bonificacións á actividade empresarial pero vinculada ao número de traballadores e o seu mantemento no tempo, seguimos a pensar ademais cremos que non é un tema menor, que temos que formular na ordenanza fiscal xeral novas bonificacións que funcionan dunha maneira natural en moitos concellos, non só ligadas ás familias monoparentais senón ligadas tamén a niveis de renda con escalas e ademais sistematicamente se nos di que iso é unha cuestión, incluso en informe, de contido político que debería tratarse con esa cuestión. Como ademais teremos tempo para falar de cales son as medidas económicas que se queren artellar, nos dicimos que esta proposta é insuficiente e ademais que non toca precisamente as ordenanzas que deberían de ser as que abordáramos para esta situación.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, o ano pasado veu vostede aquí cunha subida de 14 tributos municipais do 2,5%, o impuestazo, así estreou o seu mandato na véspera, cando xa se vía pois unha crise económica, non sabíamos loxicamente que viría unha pandemia con estas consecuencias económicas e sociais, e agora que si o sabemos que sabemos, que temos o escenario económico que temos por diante, a crise social económica que temos por diante, agora que estamos a sufrir as consecuencias dese impuestazo no peor desta crise, dese

impuestazo xeneralizado, indiscriminado, para todo o mundo lineal moi por enriba do IPC pois agora nos presenta para o ano 2020, pensabamos nós que ían a vir un montón de medidas fiscais, un motón de revisións de ordenanzas en liña co xa anunciado, vai a baixar os tributos, vai a baixar o IBI, van a baixar o lixo, nada de nada, presionado pola situación do confinamento dixo que ía aprazar os impostos e así o fixo e agora temos que pagar todo de golpe, vostede fala con ministros, di, e con presidentes, nos falamos coa xente, estamos por Vigo e o que vemos é que a xente ten que estar a pagar os impostos agora de setembro a novembro, uns impostos máis caros que nunca, esta política fiscal non se pode facer Sr. Caballero non, é nefasta e nos preguntamos para que? Para ter un remanente de 80 millóns de euros, para ter un superávit de 20 millóns de euros, para obrigar aos vigueses/as a pagar moi por enriba das súas posibilidades, incrementando a presión fiscal e o esforzo fiscal en 13 anos nun 20%, dixo vostede que nos ía perdoar o imposto de circulación polo tempo que estivemos confinados, onde está? A modificación da ordenanza? Dixo vostede que aos comerciantes e aos hostaleiros non lle ía cobrar a auga polo tempo que estaban confinados, onde está? Xa llo dixemos e o volvemos a repetir, é vostede implacable cobrando impostos, é vostedes implacable acumulando remanentes pero é vostede moi negligente no gasto, sabemos que non executa nunca o gasto e por iso temos o que temos, un remanente histórico que por certo, xa falaremos diso, volveremos a falar diso, estivo a punto de entregar a Madrid. Ven vostede aquí cunhas propostas vergoñentas, aquí o que se están a modificar son taxas urbanísticas, que facemos cos negocios que están abertos e que están pechando? Vostede lle preocupa abaratar os custes dos negocios que van abrir, a nós tamén, fixemos unha proposta moito máis ambiciosa que quedou desbotada, pero non hai nin unha soa proposta, nin unha soa modificación de ordenanza fiscal para rebaixar os impostos como o IBI, como o lixo, como a auga, e agora o único imposto que se vai a bonificar aquí o vemos con esta taxa de ocupación da vía pública, se declara para o exercicio 2020 a non suxección as ocupacións vinculadas ás actividades de campaña de Nadal de 2021, epígrafe f, tómbolas, casetas e norias, que ese negocio vai a ser tax-free, imos poñer tax-free na Alameda, na rúa Colón ou onde vaiamos poñer a noria, iso si que vai a ser un negocio que non vai a pagar impostos e os demais vigueses o imos ter que pagar.

Fixo vostedes o ano pasado, no mes de decembro que pasou desapercibido e non o anunciou, a revisión do catastro, da valoración catastral inmobiliaria que se publicou no Boletín Oficial do Estado no mes de decembro de 2019 para o 2020 que supón unha revisión dos valores catastrais de Vigo para o ano 2020 do 5%, o Sr. Caballero no ano 2020 os vigueses que teñen inmobles son 5% máis ricos, como lle subiu o IBI para este ano, case ao límite legal, imos a ter que pagar moito máis polo mesmo que temos, onde está aquí a rebaixa, onde está aquí aliviar a presión fiscal Sr. Alcalde? Isto é inxustificable, insuficiente, errático, inxusto, non pode ser que se anuncie a bombo e pratillo un montón de medidas de aforro fiscal e o que ven aquí sexa un tax-free para a noria e unha exención de taxas urbanísticas, oxalá se pidiran moitas licencias de apertura Sr. Alcalde pero nos o que vemos é que están a pechar.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois ben entre o discurso apocalíptico do representante do partido Popular e entre o discurso utópico tamén dos representantes dos outros grupos da oposición está a realidade, este goberno dende o primeiro momento, dende o confinamento, dende o decreto de estado de Alarma, veu tomando medidas para reducir a carga tributaria dos cidadáns desta cidade, hai que lembrar eses dous aprazamentos de impostos, polo tanto, deixando nas mans privadas eses aforros para que puidesen facer uso para as súas necesidades privadas e demorando polo tanto, ese percepción dos impostos e das taxas municipais, porque si Sr. Marnotes temos caixa, como un Concello saneado, non como outros da nosa contorna que gobernan vostedes, nin como a Xunta de Galicia que goberna o Sr. Feijóo, somos un concello saneado, e falando do Sr. Feijóo vostede lle copia o discurso, o Sr. Feijóo si que non fixo nada de nada, non rebaixou ningún imposto, non rebaixou ningunha taxa pero non só iso, subiu os prezos de todo, escolas infantís máis caras, nós escolas infantís máis baratas, non gasta, non desinfecta, nos traslada os gastos de desinfección, de mantemento de colexios etc., e o Sr. Feijóo nada de nada, nós baixamos a taxa de lixo para as empresas que tiveron problemas neste período de confinamento, baixamos o prezo da auga para as empresas que tiveron problemas neste período de confinamento, nos solo cobramos durante o confinamento, durante 90 días non lle cobramos os impostos

do lixo, da auga e dos vados comerciais para estas empresas, nós si que tomamos medidas con prezos de escolas infantís, xa que vostede fala diso, máis baixos que os da Xunta de Galicia e aprazando como dixen impostos ata dúas veces deixando esa liquidez para as familias e deixando esa liquidez para as empresas, agora mesmo vostede non se decata porque parece que non se decata isto xa o fixemos, o que facemos neste Pleno é continuar con ese proceso de aprobación de modificación das ordenanzas para facer ese trámite preceptivo de modificación das ordenanzas fiscais, reducindo a fiscalidade ás empresas, reducindo a fiscalidade ás actividades económicas e mellorando polo tanto, tamén a fiscalidade global para tódolos cidadáns.

Miren, os grupos da oposición, Marea e non adscrito o que vostedes propoñen digo de novo, está entre a utopía, ese catálogo de 38 peticións que sempre fan porque é rescatar ano tras ano 38 peticións, moitas delas ilegais, non se pode facer, polo tanto, se non se poden facer son ilegais e son utópicas e son inviables, nós si que facemos o que podemos facer, o que debemos facer e o que a cidade quere.

PRESIDENCIA: Votaremos os cinco puntos por separado como marcan as normas.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Rexeitar as emendas presentadas polo grupos políticos municipais segundo informe que consta no Expediente.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

TERCEIRO. O acordo de aprobación provisional expoñerase na sede electrónica municipal por un prazo de trinta días nos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións. Publicarase anuncio de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia. Finalizada a exposición pública adoptarase o acordo definitivo resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo. O acordo definitivo -incluíndo o provisional elevado a tal categoría- e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicaranse no BOP sen que a modificación entre en vigor ata a publicación.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 51:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E
INSTALACIÓN. 2020

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e, de conformidade cos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa por licenzas de actividades e instalacións que se rexerá por esta ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa de licenzas de actividades e instalacións as actividades municipais necesarias para o outorgamento das citadas licenzas así como a realización de actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2. Non están suxeitas a taxa de licenza de actividades e instalacións os cambios de titular de licenzas en vigor, que abonarán a taxa establecida na Ordenanza Fiscal de Expedición de Documentos. Non se consideran en vigor as licenzas que teñan

declaración expresa de caducidade e as que correspondan a locais nos que cesase a actividade por un período superior a seis meses.

3. Non entanto o disposto no apartado 2 anterior deste artigo, os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello os cambios de titular mediante a cumprimentación de impreso regulamentario que se facilitará no rexistro xeral do Concello.

ARTIGO 3.- DEVINDICACIÓN

A taxa devindicarase cando a Administración inicie a realización das actividades a que se refire o artigo 2 da presente ordenanza.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos obrigados ao pagamento desta taxa as persoas naturais ou xurídicas e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 decembro, xeral tributaria, que soliciten a correspondente licenza.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

1.- A cota tributaria das licenzas de actividades e instalacións, e das actividades de control derivadas de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, determinarase como suma da cota calculada en función da superficie máis a cota resultante en función da potencia nominal solicitada expresada en CV, segundo os cadros que se establecen nos apartados 1.1 e 1.2 que seguen.

1.1.- Superficie do local:

ata	50 m2		24,10 €
de	51 m2 a	150 m2	28,95 €
de	151 m2 a	200 m2	130,15 €
de	201 m2 a	500 m2	260,35 €
de	501 m2 a	1.000 m2	772,00 €
de	1.001 m2 a	2.000 m2	1.447,95 €
de	2.001 m2 a	5.000 m2	2.412,85 €
de máis de		5.000 m2	3.378,70 €

1.2.- Potencia nominal. Entenderase por potencia nominal computable para os efectos desta taxa, tanto a potencia motriz aplicada directamente ao proceso produtivo como á potencia eléctrica das instalacións, máquinas e aparatos que tamén interveñan no dito proceso. Exclúese a potencia utilizada en iluminación, así como a empregada para servizos xerais do local que non teñan incidencia no proceso produtivo. Para aplicación da tarifa que segue, debe utilizarse a equivalencia 1kW=1,36CV no caso de que a potencia solicitada estea expresada en KW.

Potencia nominal:

Sen potencia ningunha			0 €
ata	10 CV		138,00 €
de	11 CV a	20 CV	183,75 €
de	21 CV a	25 CV	230,10 €
de	26 CV a	50 CV	276,05 €
de	51 CV a	100 CV	321,85 €
de máis de		100 CV	
aplicarase á totalidade da potencia computable á tarifa de			3,15 € por CV

2. Excepcionalmente, as licenzas correspondentes a elementos transformadores de enerxía eléctrica pertencentes a compañías vendedoras da mesma, deberán satisfacer a cota que resulte de sumar a tarifa resultante en función da superficie do local calculada segundo o disposto no apartado 1.1 deste artigo e a tarifa resultante da aplicación do seguinte cadro de potencias expresadas en KVA.

Potencia:

Ata 2000 KVA	367,65 €
Polo exceso de 2000 KVA a 5000 KVA, incrementarase a tarifa anterior, por cada 100 KVA en fracción de exceso	22,90 €
Polo exceso de 5000 KVA ata 10000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores , por cada 100 KVA ou fracción de exceso	13,55 €
Polo exceso de 10.000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso	9,20 €

3.- Cando se trate de ampliación de superficie e/ou ampliación de potencia para dedicar a unha actividade que xa conta con título habilitante, a cota tributaria determinarase en función da superficie e/ou potencia que correspondan das sinaladas nos apartados precedentes.

4.- Cando se trate dun título habilitante para actividade de tempada, a cota tributaria será proporcional á fracción do ano natural na que se pretenda realizar a actividade, supoñendo que a cota que resulta das tarifas anteriores permite o exercicio continuado durante un ano. Se a actividade se realizase por tempada pero con continuidade para varios exercicios, devindicarase a cota total que resulte das mencionadas tarifas.

5.- Pola emisión, a instancia de parte, do informe de que a actividade se exerce de conformidade, liquidarase a taxa por importe de 54,35 euros.

ARTIGO 6.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes das licenzas achegarán, coa solicitude, o correspondente acordo da Xunta de Goberno onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, acreditando o ingreso correspondente no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2. Unha vez adoptada a resolución que proceda e,/ou realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación definitiva que se lle notificará ao interesado reclamando ou devolvendo a cantidade que proceda.

ARTIGO 8.-

As comunicacións que realicen os interesados en relación a cambios de titularidade as que se refire o apartado 2 do artigo 2 desta ordenanza, realizaranse en impreso regulamentario no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo e irán acompañadas de documento acreditativo da licenza do local ou título habilitante, fotocopia do DNI ou CIF do titular actual e do titular anterior. Abonarán a taxa que corresponda segundo a tarifa vixente na Ordenanza fiscal de taxas de expedición de documentos.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo ás infraccións tributarias, ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, aplicarase a Ordenanza fiscal xeral, a Lei 58/2003 xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

1ª. Conforme establece o artigo 10 apartado 7 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Vigo, tense acollido ao procedemento de comunicación previsto no Texto refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións catastrais consecuencia dos seguintes actos administrativos:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición.
- Licenzas de modificación de uso.

2ª Os suxeitos pasivos do IBI, destinatarios das licenzas anteditas quedan liberados das obrigas de presentar a correspondente alteración catastral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o exercicio 2021 gozarán de exención nas taxas resultantes da aplicación do Artigo 5, apartado 1 desta Ordenanza para Licenzas de Actividades de superficie inferior ou igual a 150 m².

No suposto de actividades de superficie superior a esta cifra de 150m² resultarán exentos os primeiros 150m². Neste suposto descontaranse 150m² da superficie total e á superficie resultante aplicarase o tramo da tarifa do Apartado 1.1. Superficie do local que lle corresponda

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. Para o non previsto nesta Ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza fiscal xeral, a Lei 58/2003 xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

2ª. *Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.*

7(153).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2021 DA ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, ALCANTARILLADO-REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 2689/500 (REXISTRO PLENO 2555/1101)

ANTECEDENTES: En data de 19.08.20, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

"1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- 1.Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- 2.Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- 3.Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- 4.Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- 5.Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- 6.Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- 7.Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- 8.Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- 9.Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

10. Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

11. Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante acordo plenario de data 5 de setembro do 2018 foi aprobado o vixente texto da "Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais".

O citado acordo plenario consistiu en adaptar a vixente ordenanza de "taxas" ao novo concepto de "prestacións patrimoniais de carácter público non tributario", de conformidade co artigo 20.6 do RDL 2/2004 que aproba o TRLRFL. Naquel acordo non se variaron as tarifas, estando vixentes as actuais dende 1 de xaneiro de 2018.

Segundo.- A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello constitúe o marco de referencia da Lei 9/2019 de 11 de decembro da C.A. de Galicia que establece no seu artigo 12 a necesidade de eliminar das tarifas de abastecemento de auga "mínimos exentos que desincentiven o "consumo responsable da auga", determinando no seu apartado 3 que as administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras dos distintos servizos co obxecto de acadar unha estrutura tarifaria axustada aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.

Terceiro.- Con data 10 de xuño de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ordena o inicio da tramitación de adaptación das tarifas de auga á normativa vixente.

Cuarto.- Con data 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno Local acorda a apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 para a adaptación das tarifas I,II,III e IX do artigo 5 da ordenanza.

Quinto.- Durante o período de 20 días, en que este trámite estivo aberto, recibíronse seis suxerencias/consideracións /aportacións cuxo contido valórase neste expediente na medida en que resulta coadxuvante á que a estrutura e contía das tarifas propostas garanticen a consecución dos mencionados principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

3.1. De conformidade cos principios contidos na Directiva marco da auga 2000/60/CE e recollidos no artigo 12 da Lei 9/2019 de 11 decembro de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, as tarifas a aplicar aos usuarios dos servizos incluídos no "ciclo integral da auga" deben cumprir os seguintes requisitos: uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.

As tarifas vixentes no Concello de Vigo, responden xa, na actualidade, ao cumprimento dos citados principios, en maior grado o “principio de equidade” e, en grado medio os de “transparencia” e “recuperación de custes”. Respecto do obxectivo de “consumo responsable”, compre facer constar que a media do consumo na cidade de Vigo situase por debaixo da media estatal.

No obstante o anterior, á vixente tarifa autoriza, polo mesmo importe ou cota bimestral, un consumo de ata 30m³ ao bimestre, sistema que se ven denominando “mínimo exento” e que, segundo o artigo 12 da Lei 9/2019, debe eliminarse.

Como cuestión previa,compre referir que os importes fixos que os usuarios veñen pagando por poder consumir un numero variable de m³ - ata un máximo de 30 ao bimestre - están destinados, nunha contía moi elevada, a sufragar, entre todos os abonados, os custes fixos do servizo. Partimos, en consecuencia, dunha tarifa moi equitativa no reparto dos custes fixos.

3.2. Segundo as instrucións recibidas pola Dirección de Ingresos dende as Concellerías de Facenda e de Fomento, presentase a modificación da estrutura da tarifa vixente dacordo cos principios mencionados no parágrafo primeiro desde informe-proposta e a instrucción expresa de que a tarifa realice unha recuperación de custes non superior á do exercicio de 2019.

O establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, recuperando idéntica cantidade de ingresos que en 2019, sen dúbida, deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados. Só así se acada o principio de “uso eficiente da auga” e aforro do recurso “consumo responsable”.

- Esta nova estrutura, establece para consumos domésticos ou de familias, os tramos de consumo por persoa fronte á anterior que atendía a tramos de consumo por vivenda. Este cambio vai destinado ao cumprimento do principio de equidade ao permitir aplicar un prezo moi baixo aos primeiros 6m³ por persoa e bimestre, un prezo baixo aos seguintes 4m³ por persoa e bimestre e prezos superiores nos consumos máis altos ou excesivos. Interesa sinalar que o primeiro tramo de consumo doméstico de 6m³/persoa/bimestre corresponde ao consumo de 100 litros por persoa e día que a Organización Mundial da Saúde considera un consumo óptimo para cubrir condicións de hixiene e saúde.

Para que a nova tarifa resulte máis transparente que a anterior debemos establecer cotas fixas diferenciadas para cada un dos servizos do ciclo da auga (abastecemento, alcantarillado e depuración) facendo visible que estamos diante de servizos con altísimas cifras de custes fixos de mantemento, operación e investimento en instalacións. Dito noutros términos, no prezo do m³ de auga consumida, evacuada e depurada deben estar incluídos os custes fixos. Ata tal punto resulta imprescindible o financiamento dos custes fixos que, a mera disponibilidad do servizo debe implicar o abono de cotas fixas de servizo ou aboamento por abastecemento, alcantarillado e depuración, de forma similar ao que sucede nas facturas doutros servizos como electricidade e gas.

Resulta oportuno mencionar, neste punto, a consideración segunda das realizadas no trámite de consulta pública pola Asociación de Consumidores y Usuarios del Agua (ACUA) na que se solicita que a “revisión da ordenanza 60 atenda ao principio de recuperación de custes, mesmo a incluír no estudo económico correspondente as previsión de investimentos” As dúas cuestións aparecen amplamente documentadas e calculadas no presente expediente.

- As Cotas fixas de aboamento ou cotas fixas de servizo quedan fixadas na Tarifa I do Artigo 5 diferenciadas para cada un dos tres servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e, en cada servizo, diferenciadas para abonados domésticos e non domésticos.

Para unha mellor comprensión do alcance dos custes fixos que deben ser financiados entre todos os abonados - consuman ou non -, especifícase no propio articulado da ordenanza que:

--A cota fixa de abastecemento “corresponde aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns - , adución - Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.”

--A Cota fixa de alcantarillado “ corresponde aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saians e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino”.

--A cota fixa de depuración “corresponde aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.”

- A continuación establécense como Tarifas II, III e IV as cotas variables ou por consumo para os tres servizos considerados, tamén diferenciando consumo doméstico e non doméstico. Como xa se apuntou anteriormente e, tamén figura na aportación terceira de ACUA, unha tarifa baixo o principio de equidade debe ter en conta o número de persoas que consumen estes servizos no momento de aplicarlle a unha determinada vivenda un tramo de consumo ou outro. De aí que os tramos das tarifas variables de aplicación a consumos domésticos teñan prezos unitarios para consumos por persoa ao bimestre. O primeiro tramo de 6/m³/persoa/bimestre terá unha tarifa moi reducida : 7 céntimos/m³ para abastecemento, 5 céntimos/m³ para alcantarillado e 5,24 céntimos/m³ para depuración.

Un segundo tramo de máis de 6 ata 10 m³ por persoa e bimestre tamén con prezos baixos. A continuación, dous tramos máis con prezos superiores onde se fai efectivo o incentivo aforrador do recurso.

No caso de abonados non domésticos propóñense cinco tramos aplicando para os primeiros 18/m³/bimestre prezos moi baixos, idénticos ao primeiro tramo de consumos domésticos.

- Polo seu interese, transcríbese a continuación a forma de aplicar os diferentes tramos de consumo doméstico e auga quente centralizada que consta no apartado H). do Artigo 5:

“1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

2. Para as vivendas nas que o número de empadroados fose 4 ou máis estenderase a aplicación da tarifa do primeiro tramo a razón de 6m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, a tarifa do segundo tramo a razón de 4 m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, e a tarifa do terceiro tramo a razón de 10 m³ por persoa que exceda o número 3 na vivenda considerada.

Para a aplicación desta extensión dos tres primeiros tramos, os servizos tributarios do concello facilitarán á sociedade concesionaria a información de empadroados nas vivendas con 4 ou máis persoas a 20 de maio de cada ano.

No caso de que con posterioridade ao 20 de maio houberse variación no número de ocupantes da vivenda, os usuarios deberán facilitar á sociedade concesionaria o correspondente volante ou certificado de empadramento.

Para que surta efectos a información padroal que aporten os usuarios no correspondente padrón bimestral, esta deberá ser aportada durante o primeiro mes do bimestre considerado. En caso contrario, surtirá efectos no bimestre inmediato posterior.

3. Para a aplicación das tarifas no caso de auga quente centralizada, terase en conta o número de vivendas ás que se da servizo, considerando a todas elas con tres ocupantes. Aos metros cúbicos de auga quente asignados a cada vivenda aplicarase a tarifa correspondente ao tramo segundo de uso doméstico. Se houberse excesos sobre 10 m³/bimestre/persoa aplicaranse as tarifas dos tramos seguintes que correspondan. Para a aplicación de tramos tamén se considerará unha ocupación de tres persoas para todas e cada unha das vivendas do edificio”.

Razóns de eficiencia y economía administrativa aconsellan o tratamento xeral favorable aos usuarios de “supoñer que na xeneralidade das vivendas hai tres persoas, puidendo aplicárselles así a 18 metros cúbicos a tarifa máis reducida (Apartado 1 anterior). Segundo a información estatística municipal complementada coa información existente no Padrón da taxa de lixo vivendas, máis do 80% do total das vivendas están ocupadas por ata 3 persoas.

Segundo o anteriormente transcrito Apartado 2, a unha vivenda con 4 persoas aplicaráselle a tarifa do primeiro tramo ata os 24 m³/consumo bimestre, se os ocupantes son 5 poderán consumir ata 30m³ ao prezo do primeiro tramo e así sucesivamente.

Téndose estudado os consumos reais das comunidades con auga quente central ao longo do exercicio 2019, podemos deducir coa posta en aplicación do Apartado 3

anterior, que todas tributarían os seus consumos na tarifa do segundo tramo o que significará respecto das facturas vixentes, aforros de entre un 30 a un 70%.

- Regúlase no Apartado 2 do Artigo 8 unha opción voluntaria de factura mensual que, implicaría para quen o solicite, recibir nos meses pares facturas por importe das cotas fixas de servizo que terían o carácter de ingreso a conta da facturación total bimestral.
- Por último, introdúcese no Artigo 10 a aplicación dunha redución no 50% das cotas fixas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos Apartados I.1, I.2 e I.3 do Artigo 5 desta ordenanza, para usuarios domésticos que, por motivos de escasa capacidade económica e circunstancias que implican vulnerabilidade, veñen resultando exentos da Taxa de lixo vivendas.

Inclúese no propio Artigo 10 desta ordenanza o contido do Artigo 4 Ordenanza Fiscal reguladora das taxas da recollida do lixo que servirá para determinar os usuarios aos que lles corresponderá a redución nas cotas fixas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración.

Por motivos de xestión e eficiencia, a aplicación deste beneficio iría dende o bimestre xullo-agosto dun ano ao bimestre maio-xuño do seguinte, sendo os Servizos Tributarios do Concello quen faciliten á concesionaria do servizo a relación de usuarios aos que aplicar as cotas reducidas.

- Establécese un réxime transitorio con vixencia, ata que se volva modificar o texto da ordenanza, consistente en limitar a un máximo de 36,97 € determinadas facturas bimestrais. Este réxime transitorio aplicarase a todos os usuarios domésticos para consumos inferiores o iguais a 6 m³/persoa/bimestre. Esta limitación pode resultar necesaria nas vivendas onde hai 5 ou máis ocupantes e vai destinada a evitar un salto significativo en usuarios domésticos que na actualidade estiveran consumindo 30 m³ ou máis metros cúbicos e fosen familias extensas.

4. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, ALCANTARILLADO- REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

- a) Servizo de subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) Servizo de alcantarillado e redes de sumidoiros (saneamento).
- c) Servizo de depuración de augas residuais.
- d) A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do servizo.
- e) En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

ARTIGO 5. TARIFAS.

A). TARIFA I.- COTAS FIXAS DE ABOAMENTO OU COTAS FIXAS DE SERVIZO.

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, ou alcantarillado ou depuración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de alcantarillado e depuración de augas residuais.

As cotas fixas de servizo correspondentes aos tres servizos mencionados liquidaranse en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Os importes e a súa xustificación por constituír custes fixos dos diferentes servizos son os seguintes:

I.1. Cota fixa de abastecemento.

Uso doméstico :

19,57€/usuario/ bimestre

Uso non doméstico :

28,64€/usuario/ bimestre

Corresponde este importe aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns-, adución - Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.

I.2. Cota fixa de alcantarillado.

Uso doméstico:

5,55€/usuario/ bimestre.

Uso non doméstico:

9,56€/usuario/ bimestre .

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saians e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino-.

I.3. Cota fixa de depuración.

Usuario doméstico

3,5€/usuario/ bimestre.

Usuario non doméstico

9,79€/usuario/ bimestre.

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.

B). COTA FIXA DE ABOAMENTO/SERVIZO DE ABASTECIMENTO EN ACOMETIDAS CONTRA INCENDIOS.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada edificio que dispoña de acometida para uso contra incendios.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso non doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada local, nave ou instalación que dispoña de acometida para uso contra incendios.

C). TARIFA II.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN / ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de abastecemento seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos de consumo e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ABASTECIMENTO

TARIFA

A) Uso doméstico:

Por persoa/bimestre

De 0 a 6 m ³	0,0700 €/m ³
Máis de 6 a 10 m ³	0,2100 €/m ³
Máis de 10 a 20 m ³	1,030 €/m ³
Máis de 20 m ³	1,2210 €/m ³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 18 m ³	0,0700 €/m ³
Máis de 18 a 30 m ³	0,3050 €/m ³
Máis de 30 a 60 m ³	0,9490 €/m ³
Máis de 60 a 100 m ³	1,4580€/m ³
Máis de 100 m ³	1,5268€/m ³

D). TARIFA III.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO E SUMIDOIROS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de alcantarillado e rede de sumidoiros seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ALCANTARILLADO	TARIFA
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m ³	0,0500 €/m ³
Máis de 6 a 10 m ³	0,2137 €/m ³
Máis de 10 a 20 m ³	0,6828 €/m ³
Máis de 20 m ³	0,8246€/m ³
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m ³	0,0500 €/m ³
Máis de 18 a 30 m ³	0,3137 €/m ³
Máis de 30 a 60 m ³	0,6828 €/m ³
Máis de 60 a 100 m ³	0,8246€/m ³
Máis de 100 m ³	0,8760€/m ³

E).TARIFA IV.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de depuración de augas residuais seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

DEPURACIÓN	Tarifa
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m ³	0,0524 €/m ³
Máis de 6 a 10 m ³	0,1880 €/m ³
Máis de 10 a 20 m ³	0,8402 €/m ³
Máis de 20 m ³	0,9713 €/m ³
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m ³	0,0524 €/m ³
Máis de 18 a 30 m ³	0,5156 €/m ³
Máis de 30 a 60 m ³	0,8402 €/m ³
Máis de 60 a 100 m ³	0,9713 €/m ³
Máis de 100 m ³	1,0101 €/m ³

F).COTA VARIABLE DE ALCANTARILLADO E DEPURACIÓN PARA USUARIOS SÓ SANEAMENTO.

Para os usuarios dos servizos de alcantarillado e depuración de augas residuais que non dispoñan de contador, por non ser usuarios do servizo de abastecemento, o seu

consumo determinarase en base a unha dotación de 151 litros por habitante e día, a mesma cifra que se establece no plan hidrolóxico de Galicia-Costa.

Elimínase parágrafo

SUPRÍMESE CONSUMO MÍNIMO

G) FORMA DE CÁLCULO DO CONSUMO.

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

H) FORMA DE APLICAR OS DIFERENTES TRAMOS DE CONSUMO DOMÉSTICO E AGUA QUENTE CENTRALIZADA.

1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

2. Para as vivendas nas que o número de empadroados fose 4 ou máis estenderase a aplicación da tarifa do primeiro tramo a razón de 6m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, a tarifa do segundo tramo a razón de 4 m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, e a tarifa do terceiro tramo a razón de 10 m³ por persoa que exceda o número 3 na vivenda considerada.

Para a aplicación desta extensión dos tres primeiros tramos, os servizos tributarios do concello facilitarán á sociedade concesionaria a información de empadroados nas vivendas con 4 ou mais persoas a 20 de maio de cada ano.

No caso de que con posterioridade ao 20 de maio houberse variación no número de ocupantes da vivenda, os usuarios deberán facilitar á sociedade concesionaria o correspondente volante ou certificado de empadramento.

Para que surta efectos a información padroal que aporten os usuarios no correspondente padrón bimestral, esta deberá ser aportada durante o primeiro mes do bimestre considerado. En caso contrario, surtirá efectos no bimestre inmediato posterior.

3. Para a aplicación das tarifas no caso de auga quente centralizada, terase en conta o número de vivendas ás que se da servizo, considerando a todas elas con tres ocupantes. Aos metros cúbicos de auga quente asignados a cada vivenda aplicarase a tarifa correspondente ao tramo segundo de uso doméstico. Se houberse excesos sobre 10 m³/bimestre/persoa aplicaranse as tarifas dos tramos seguintes que correspondan. Para a aplicación de tramos tamén se considerará unha ocupación de tres persoas para todas e cada unha das vivendas do edificio.

I). CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.

Idem texto vixente.

J). TARIFA V.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, CON CARGO AOS USUARIOS.

Idem texto vixente.

K). TARIFA VI.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO.

Idem texto vixente.

L). TARIFA VII .- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO.

Idem texto vixente.

M). TARIFA VIII.- CONSUMOS ESPECIAIS

Idem texto vixente.

N). TARIFA IX.- REPOSICIÓNS DE SUBMINISTRACIÓNS

Idem texto vixente.

O). TARIFA X.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

1. Idem texto vixente.

2. Idem texto vixente.

3. COTA DE MANTEMENTO DO MODULO DE LECTURA REMOTA DE CONSUMO, VÍA RADIO.

No caso de usuarios cuxo contador individual se atope no interior da vivenda ou local deberán optar por cambiar a ubicación do contador ao exterior da vivenda ou local de forma que permita a súa lectura sen acceder ao interior ou incorporar ao contador un sistema que permita a lectura remota, de forma que a empresa subministradora teña acceso aos datos de consumo rexistrados sen acceder ao interior da vivenda ou local

No caso de que a opción fose a instalación do modulo de lectura remota, aplicarase a seguinte cota de mantemento para cubrir os custes de mantemento e renovación -10 anos- de dito modulo:

Cota de mantemento do modulo de lectura remota de consumo vía radio:
0,77€/contador/mes.

Todas as tarifas, previstas neste artigo, non inclúen os importes que correspondan en concepto de Imposto sobre o valor engadido (IVE)

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN.

1. O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento, alcantarillado e depuración).

2. CONTA FÁCIL 12:

Os obrigados ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

Para usuarios domésticos, a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (14,31€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador (0,385€) co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

Para usuarios non domésticos a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (24€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

Esta factura de mes impar será “ingreso a conta” da correspondente factura bimestral.

A factura correspondente ao mes par conterá a metade das cotas fixas bimestrais e as cotas variables pola totalidade dos consumos do bimestre. Non será aplicable esta modalidade de facturación mensual a usuarios de “só alcantarillado e depuración” debido á escasa contía das súas cotas fixas.

Para obrigados ao pagamento con bonificación do 50% das cotas fixas, o importe da factura dos meses impares calcularase sobre as correspondentes cotas fixas bonificadas.

3. Facturación mensual de grandes consumidores. Os obrigados ao pagamento con consumos iguais o superiores a 2.000 m³/ano poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

A factura mensual será pola metade do importe das cotas fixas bimestrais polos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración, máis o correspondente consumo mensual e, no seu caso, a cota mensual de aluguer de contador e a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio.

ARTIGO 10. COTAS FIXAS DE SERVIZO REDUCIDAS.

Aplicarase unha redución do 50% das cotas de aboamento/servizo de subministración /abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos apartados 1.1, 1.2 e 1.3 do Artigo 5 desta Ordenanza aos usuarios domésticos que resulten exentos da taxa de lixo vivendas conforme ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora que reproducimos a continuación:

“1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitud.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

“ No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5”.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia”.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude”.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios”.

A cota de aboamento reducida aplicarase de oficio aos usuarios domésticos aos que lles fora recoñecido o beneficio fiscal na taxa de lixo vivendas. A relación de usuarios aos que deberá aplicarse as cotas fixas reducidas de subministración, alcantarillado e depuración será remitida á sociedade concesionaria do servizo con anterioridade ao 20 de maio de cada ano. Surtirá efectos no bimestre maio- xuño e continuará ata o bimestre marzo- abril incluído do ano seguinte.

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte ao de lectura e comprobación de consumos. No caso de facturas mensuais, os primeiros 15 días do mes natural.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

FACTURA MÁXIMA BIMESTRAL EN CONSUMOS DOMÉSTICOS DO PRIMEIRO TRAMO

A fin de que familias con 5 ou mais membros non sufran salto significativo respecto da tarifa vixente en 2020 por consumos correspondentes ao primeiro tramo de 6 m³/persoa/bimestre, establécese o seguinte límite máximo que continuará vixente ata que esta Ordenanza resulte modificada:

O importe total do recibo bimestral para uso doméstico -incluíndo os conceptos de cotas fixas e variables de abastecemento, alcantarillado e depuración, aluguer de contador e IVE- non poderá superar o importe de 36,97€ para consumos inferiores ou iguais a 6m³ /persoa/bimestre. O exceso sobre consumos dende 6m³/persoa/bimestre liquidarase coa tarifa que corresponda ao seu tramo de consumo. O importe anterior de 36,97€ manterase en tanto os tipos correspondentes do imposto sobre o valor engadido (IVE) sexan o 10% para os servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e o 21% para aluguer de contador. No caso de que variasen estes tipos o importe de 36,97€ sufrira unha variación acorde coa variación dos tipos de IVE.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

Comenzará a aplicarse no bimestre xullo-agosto de 2021, unha vez realizadas as modificacións informáticas para o cálculo das novas tarifas coa información que transmitirán os servizos tributarios do Concello á sociedade concesionaria sobre a relación de exentos 2021 da taxa de lixo vivendas para aplicación da cota de aboamento reducida prevista no Artigo 10 desta Ordenanza e así mesmo a relación de vivendas con 4 o máis persoas empadroadas para aplicación de extensión de tramos.”

O Interventor Xeral, en data 20.08.20, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 27 de agosto, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

En data 8.09.20, o concelleiro membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 17.09.20, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos municipais.

O 18 de setembro, o secretario xeral do Pleno emite informe respecto da mencionada Ordenanza.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.2020, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente neste punto traemos a aprobación provisional da modificación puntual desa ordenanza sobre o servizo de auga, modificación que afecta fundamentalmente ás tarifas incluíndo unha tarifa que ten en conta o consumo e que ten en conta tamén o que a OMS a Organización Mundial da Saúde ten dito como o consumo óptimo para atender as necesidades vitais de cada persoa, hai que dicir que a OMS cifra en 100 litros de auga por persoa e día, ese é o consumo óptimo é dicir o que precisa unha persoa para sobrevivir, para a súa hixiene, a súa alimentación, os seus coidados, e nós temos en conta ese criterio para nese mínimo que trata de fomentar o consumo responsable de auga, establecer un prezo baixo para ese consumo de auga que prezo baixo que está en 7 céntimos de euros para eses consumos, polo tanto, as persoas que fagan un consumo responsable van a ser beneficiados dese prezo porque hai que dicir tamén que esta nova tarifa da auga reduce a tarifa, reduce o

prezo que pagan a maioría das familias de Vigo, reduce o prezo que pagaremos as persoas que facemos un uso responsable da auga e polo tanto, para a maioría dos vigueses o recibo da auga non só non sube senón que baixa, polo tanto, a maioría da cidade se verá beneficiada desta redución na tarifa da auga, porque ser un consumo responsable se da unha redución desa tarifa, isto é significativo para aquelas vivendas que teñan un consumo inferior a 18 metros cúbicos ao bimestre que van a ter unha redución do recibo, polo tanto, para a maioría das vivendas, para a maioría das familias, que están situadas no termo municipal de Vigo, polo tanto, facemos unha tarifa que ten en conta ese aspecto variable que é o consumo con unha tarifa progresiva como digo, para facer que os primeiros litros de auga que necesitan as persoas sexa un prezo reducido, 7 céntimos de euro por litro e persoa día, e incrementando esa tarefa para os consumos que superen ese importe fixando como óptimo pola Organización Mundial da Saúde, polo tanto, a maioría das cidadás/áns desta cidade verán non só como digo conxelados o seu recibo da auga senón minorado tamén sobre todo ese recibo, recibo baixa para os cidadáns.

Incorporamos tamén outro aspecto social a tarifa nesta modificación da ordenanza da prestación patrimonial, posto que permitirá que familias con escasos recursos que cuantifiquemos en 4.000 familias con escasos recursos vexan tamén bonificada o seu prezo da auga, son 4.000 familias que pagarán menos do seu recibo da auga por ter precisamente necesidades económicas, polo tanto, melloramos tamén esa situación para as familias con dificultades económicas nesta cidade, e tamén melloramos outra situación que era digna de protección que é os edificios da auga que teñen auga comunitaria posto que eses edificios con auga comunitaria verán tamén reducida a súa factura da auga o pasar dunha redución que reduce ese tramo entre un 40% e un 60%, podemos poñer como exemplo algún edificio dunha zona moi poboada desta cidade, na Avenida de Castelao por exemplo, unha comunidade de propietarios que pasará de pagar 263 euros de recibo a 138 euros dese recibo de auga comunitaria, polo tanto, mellorando tamén esas condicións de auga para os edificios que teñen eses sistemas comúns de aproveitamento de auga e polo tanto, reducindo ese prezo da auga para as familias e para as persoas que habitan nesta cidade.

Recibo que tamén ten en conta as persoas empadroadas nese edificio polo tanto, que se terá en conta o empadroamento para ter en conta eses litros que se necesitan para unha persoa de día e polo tanto, para ese primeiro tramo da tarifa de 7 céntimos de euro, o empadroamento pasará a ser tamén un elemento central desta tarifa, e identificamos tamén por transparencia e por claridade na tarifa os custes fixos da tarifa a auga que é preciso soste, que é preciso manter para lograr un abastecemento desa auga, da rede de sumidoiros, desa auga que sae e tamén de depuración desa auga, en definitiva unha tarifa da auga que reduce o prezo da auga para a maior parte da cidade que só sube para aqueles que fan un consumo intensivo da auga por regos de xardíns, por enchido de piscinas, e por outras actividades deste tipo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A modificación do recibo da auga que traen a este Pleno é unha rotunda burla á cidadanía desta cidade, falan vostedes dun recibo por consumo real e ó certo é que o único que fan con esta modificación é aumentar nun 276% o importe das cotas fixas de servizo e pasan de 7,6 euros a case 29 euros, un 531% mais no caso dos usuarios/as non domésticos que van pagar preto de 50 euros por cota de servizo. Vostedes o que traen aquí non é unha nova tarifa, traen unicamente un cambio na estrutura da factura pero máis nada, vai cambiar o aspecto da factura que pagan as viguesas/es pero non en termos reais o seu importe, e non vai cambiar nada non porque o digo este concelleiro do BNG é que o din algúns informes que acompañan a esta proposta, na resposta da emenda que formula o BNG dise, “se os usuarios no exercicio de 2019 pagaron 39.940.000 euros no recibo da auga, no exercicio de 2021 pagarán no seu conxunto a mesma cifra”, vostedes falan que esta modificación vai estimular o aforro, un consumo responsable, isto que quere dicir? Que imos pagar o mesmo por consumir menos auga, os aforros que vostedes presentan non os cuantifican porque son ridículos, son 4 céntimos de aforro na factura, no caso de consumos de 18 metros cúbicos y de apenas 1,10 euros se o consumo é inferior a 12 metros cúbicos, vostedes non dan nin para un café, neste axuste histórico do recibo da auga; e dende o Bloque Nacionalista Galego tamén queremos sinalar algo importante, traen unha modificación do recibo, do sistema tarifárico sen falar do modelo de xestión, vai

vencer a concesión que hoxe rexe o servizo de abastecemento da auga sen que ninguén saiba nada, o razoable será efectivamente abordar ese modelo de xestión, onde a posición do BNG é clara a prol da remunicipalización do servizo para que deixe de ser un negocio.

SR. PÉREZ CORREA: A verdade é que o noso grupo municipal está expectante por saber cal ía ser a reacción do goberno local nos meses previos a un debate quizais o debate máis importante, este concelleiro dixo na anterior lexislatura que nesta lexislatura teríamos dous grandes debates e dous grandes retos políticos que abordar en canto aos servizos públicos, un era o transporte que xa sabemos por onde vai, xa temos claro quen pisa forte e é o grupo Avanza e coa escusa do santísimo COVID-19 somos capaces incluso de impostar unha ampliación concesional cando xa abrimos o proceso de ter un regulamento, incluso da redacción cun grupo de técnicos municipais, a redacción do novo prego, temos unha ampliación, e tamén tiñamos dicíamos que era a cuestión da auga, porque no momento en que se abriu esa caixa de Pandora que é a renovación cando rematou a concesión e nos aí coincidimos co Alcalde de Vigo, co grupo municipal Socialista, claro que tiñamos un contrato absolutamente obsoleto, claro que tiñamos un sistema de cálculo de tarifa absolutamente erróneo, claro que tiñamos un consumo de 0 a 30 que escondía as miserias do servizo de abastecemento da auga, pero no momento que se decidiu ampliar 5 anos, abrimos unha caixa de Pandora que figuraba no prego que di que poderá ser ampliable en períodos de 5 anos ata un máximo de 40 e evidentemente esta modificación que vostedes traen aquí, o que fai é abrir esa caixa de Pandora incluso máis, porque o único que están a facer con esta proposta, xa non de ordenanza senón de taxa de prestación de servizos e que a empresa neste caso Aqualia siga cobrando exactamente o mesmo, trasladando os importes dos custes de consumo de ese bloque tan absolutamente inxusto de 0 a 30, trasladándoas ao bloque da cota fixa que na altura calquera veciño desta cidade, os que hoxe nos sigan pola redes pode coller a súa factura e sabe que ten unha cota fixa de 7,6 e agora pasará a 28 e pico. E con que escusa? Pois para xustificar ese traslado do importe que pagamos os vigueses/as pois poñemos enriba da mesa 100 millóns de euros de investimentos, hai as famosas investimentos na auga, a escusa sempre perfecta para xustificar, hai que facer

100 millóns de euros de investimentos, hai que ampliar 5 anos máis Aqualia porque vai facer moitos investimentos, por certo, unha delas o dinoseto que ten que ver co subministro de auga e como eu o cante flamenco, e esa cuestión vostedes agora ademais fano nun informe feito por uns técnicos municipais que din 100 millóns porque con 100 millón equilibra, pero podía dicir 3,000 millóns e eles mesmos recoñecen que as estimacións de investimento que se indican a continuación por cada unha das actuacións supoñen unha primeira aproximación que permita prever as necesidades de investimento anual no servizo, esta valoración deberanse concretar para cada caso con máis detalle nos correspondentes estudos previos, e a actualización do Plan director de abastecemento e saneamento que é onde está o quid da cuestión, e este Plan director xa dicía fai 20 anos que tiñan que vostedes que afrontar os investimentos na estación potabilizadora do Casal, e cuestións que vostedes fixeron unha batalla co partido Popular e estiveron rompéndonos á cabeza aos vigueses con cuestións de investimentos que si ten que ser a Xunta de Galicia que si ten que ser o Concello, agora ven que o Concello quere facelas e o non pon ningunha pega porque así ten o paquete de 100 millón de euros para meterlle aí tódolos cartos que deberían ser aforro directo ás familias viguesas, e ademais ninguén nos asegura que eses 8 millóns de euros de investimento, 100 millóns no período que se propón aquí, van a estar garantidos, porque os investimentos de Aqualia son absolutamente opacas, e único que fan vostedes é garantir que a empresa leve o mesmo, e ademais o único que fan vostedes é defender unha posición xa indefendible cando todos concellos avanzados de Europa o que están a propoñer é que a privatización das empresas públicas de auga foi un erro estratéxico, estamos a falar de Bruselas, de París, das grandes cidades e crearon empresas públicas que debería ser o mecanismo volver ter unha EMARVISA empresa municipal de auga de Vigo que funcionaba, como sempre dicimos en orzamentos base cero, e que todo o que ingresaba ía directamente a rede de saneamento de auga, non a dinosetos ou a humanizacións onde o saneamento e o abastecemento son menos do 20% do investimento da humanización e este debate que non deberíamos de ver aquí, vostedes deberían ir con este sistema e coas facturas dos veciños/as e sobre todo dos negocios ver cal vai a ser aplicación do ano que ven porque na

resposta que dan ás nosas alegacións, recoñecen que poñendo relacións aos consumos promedio ás 80.000 vivendas no exercicio do 2019 resultará que un 49% das mesmas pagarán menos da cota, que pasa co outro 50 e pico por cento? Pois obviamente o comido polo servido, e aquí perdemos todos, ata perde a capacidade de fiscalización do Concello de Vigo e a única que gaña é Aqualia.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A farsa da auga, isto é unha farsa, isto é unha simulación, isto é tomar o pelo á xente, aquí da o Alcalde unha rolda de prensa e anuncia que se vai cobrar o auga polo consumo real, e cando imos aos papeis vemos que a tarifa fixa da auga é case a mesma que a que tiñamos antes, imos a pagar en moitos casos, na maior parte dos casos, moito máis, unha familia de tres membros que consuma 14 metros cúbicos que é menos dos 18 que paga agora, vai a ter que pagar en vez de 38 vai ter que pagar 46 euros. Miren, aquí non hai que enganar á xente, aquí hai un prego de cláusulas administrativas e técnicas do ano 90 que estipula unha tarifa, un prezo fixo da auga, que foi o que estableceu a concesionaria cando se fixo a súa oferta, ese é prezo da auga, que se actualiza en base a unha fórmula polinómica que está nese prego do ano 90, unha concesión que caducou e que vostede prorrogou Sr. Alcalde, ata o ano 20, tivo a oportunidade de poder facer unha concesión nova de adaptar os consumos aos consumos reais e os prezos ao custe real da auga e non ao custe que está nese prego, nesa oferta e non o fixo, e agora no ano 2020 o volveu a facer, porque se prorrogou tacitamente o contrato porque vostede non denunciou a prorroga, volvemos a ter auga cara, a máis cara de Galicia, volvemos a tela, claro que se prorrogou a auga se na propia ordenanza se calcula o prezo e o custe e se informa en base ao establecido no prego para o ano 2021, que se supón que xa non estaba vixente, non nos tomen por parvos, vostede aquí o que fixo é que se veu obrigado a cambiar unha taxa e establecer esta tarifa, porque hai unha Lei autonómica que lle obriga a cobrar polo consumo real, e como vostede ten que garantir o prezo da auga que está no prego porque vostede mesmo prorrogou ese prego o que fixo é meter un custe fixo brutal en catro tarifas que está perfectamente informado no expediente, se referiu a elo o concelleiro do BNG, quero dicir, é sensiblemente igual o que se vai a pagar, varían uns céntimos, pero no groso das familias vigueses se pagará máis, que pasa aquí? Por que non se renunciou a este contrato

como se tiña que facer e se fixo un prego novo e unha concesión nova? Sr. Alcalde para que criticar vostede aos seus antecesores socialistas está vostede moi cómodo con eles, porque aquí en Vigo temos un plan xeneral que é o do ano 93, porque aquí en Vigo temos unha concesión de transporte que tamén é dos anos 90 e porque en Vigo temos unha concesión da auga que tamén é dos anos 90, para criticalas como os critica séntese vostede moi cómodo con ese sistema porque tivo moitas ocasións para cambialo e non o fixo, nese modelo de cidade que é transversal, que transcende ideoloxías, outra farsa, é o mesmo modelo que había nesta cidade nos anos 90, exactamente o mesmo, seguimos e seguiremos pagando custes que non temos que asumir, que non teríamos que asumir, se vostede fixera o seu traballo, se vostede cumprira coa súa obriga, e establecera unha adxudicación dun servizo de abastecemento de auga e non enganar á xente como fixo con Vitrasa porque con Vitrasa nos enganou, vostedes renunciou á prorroga tácita, nos fixo un regulamento novo que nós aquí alegamos e informamos e ao final nada de nada, en tres días a prorroga, o sexa menos farsa e menos mentira e non enganar a xente.

Sr. Aneiros vostedes mesmo na súa intervención tampouco foi moi explícito sabe o que hai, a auga non vai a baixar, e non se vai a cobrar o consumo real porque o consumo real que ven nesta tarifa é unha parte mínima da tarifa, o din os seus propios técnicos, por que? Porque hai que garantir o prezo unitario da auga que está nun prego dos anos 90, vólvollo repetir Sr. Alcalde, se sente vostedes moi cómodo con ese sistema, moi cómodo, cun plan do 93, cunha concesión do 90 na auga e cunha concesión no 91 do autobús, está moi cómodo, e do lixo tamén porque aquí se van prorrogando e se van facendo contratos pero a empresa segue sendo a mesma, e o lixo non baixou, xa está ben de tomar o pleno, nós por suposto imos votar en contra.

SR. ANEIROS PEREIRA: Fala o representante do Partido Popular de farsa, farsa si que é que esta cidade cando tivo unha Alcaldesa e un Alcalde do Partido Popular non modificase nada da auga, e tampouco fixera ningún investimento, iso si que é unha farsa, farsa tamén é que o canón de saneamento da Xunta de Galicia suba o canón de saneamento da Xunta de Galicia sobe, a tarifa da auga de Vigo baixa,

polo tanto, quen faga un consumo responsable da auga en Vigo ten menos prezo polo consumo de auga, o canón de saneamento da Xunta de Galicia sube, e polo tanto nós baixamos a tarefa da auga a aqueles fagan un consumo responsable, claro se vostede me di teño piscina a encho dúas ou tres veces ao ano e a baleiro dúas ou tres veces ao ano claro que pagarei máis porque consumo máis auga, evidentemente que consumo máis auga pero os cidadáns normais, correntes que viven nas súas casas que fan un consumo responsable da auga non van a pagar máis auga, só pagarán máis auga quen teña un consumo máis intenso da auga e polo tanto, esa é a modificación que facemos da tarifa, ademais, insisto, 4.000 familias bonificadas no prezo da auga nesta cidade tarifa social, edificios con agua centralizada cun prezo menor da auga, afecta a partes moi importantes desta cidade, singularmente quero sinalar barrio de Navia, de Coia, das Flores en Teis, da zona de Pizarro, por exemplo aí é onde vai a verse esa redución da tarifa da auga, farsa si que é como digo, que o canón de saneamento da Xunta de Galicia si que suba, e farsa tamén é que a Xunta de Galicia non faga as obras que lle obriga o Plan Hidrolóxico na conca que afecta a Vigo, iso si que é unha farsa Sr. Marnotes, así que nós si que estamos coa cidade, coas necesidades da cidade, pero miren, non só se falaba de farsa polo representante do Partido Popular xa quedou desmontada, senón de burla por algún representante político, burla si que é non se fagan investimentos, porque esa rede de saneamento e esa rede de abastecemento ten que ser mantida, a auga non chega a casa polo ceo, hai que traela, verdade? E temos dúas presas unha presa en Eiras, un embalse de Zamáns e temos dous canais, un que ven dende a presa de Eiras e outro que ven dende a presa de Zamáns ata Valadares, temos dúas ETAPs en Valadares, temos sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, rede de transportes, as acometidas, todo iso hai que mantelo, claro que hai que mantelo, polo tanto, cando vostedes propoñen na súas emendas que sexa o orzamento municipal o que asuma todo ese custe, o que están a facer é subir os impostos aos vigueses pola vía indirecta e facer que non se fagan outras cousas nesta cidade, nós si que queremos manter a rede de saneamento, claro que si, e a rede de abastecemento claro, e depuración claro, porque facemos un ciclo integral da auga, do ciclo da auga, por iso esa tarifa é a máis xusta é a mellor posible, unha tarifa que ten en conta tamén esas

necesidades da cidade, por certo, cando gobernou o Alcalde nacionalista tampouco modificou o sistema da auga.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, consecuencia da súa adaptación ao preceptuado na Lei 9/2019, de 11 de decembro, o proxecto de modificación parcial da Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

SEGUNDO. Someter a información pública e audiencia dos interesados a modificación inicialmente aprobada por un prazo de trinta días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia para a presentación das reclamacións e suxestións que se estimen oportunas; de non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de pronunciamento expreso do Pleno.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

TERCEIRO. Remitir á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia o presente acordo en unión do expediente tramitado a efectos do sinalado no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 16. Catro do Real Decreto-Lei 7/1996, de 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

ANEXO
(en cursiva os artigo modificados)

ORDENANZA Nº 60

ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PUBLICO NON TRIBUTARIO
POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS,
SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. 2019

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- a) *Servizo de subministración ou abastecemento de auga potable.*
- b) *Servizo de alcantarillado e redes de sumidoiros (saneamento).*
- c) *Servizo de depuración de augas residuais.*
- d) *A realización ou execución de obras, cuxa competencia estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do servizo.*
- e) *En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.*

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles aos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO.

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados -no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

ARTIGO 5. TARIFAS.

A). TARIFA I.- COTAS FIXAS DE ABOAMENTO OU COTAS FIXAS DE SERVIZO.

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, ou alcantarillado ou depuración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de alcantarillado e depuración de augas residuais.

As cotas fixas de servizo correspondentes aos tres servizos mencionados liquidaranse en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Os importes e a súa xustificación por constituír custes fixos dos diferentes servizos son os seguintes:

I.1. Cota fixa de abastecemento.

Uso doméstico :

19,57€/usuario/ bimestre

Uso non doméstico :

28,64€/usuario/ bimestre

Corresponde este importe aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns-, adución - Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.

I.2. Cota fixa de alcantarillado.

Uso doméstico:

5,55€/usuario/ bimestre.

Uso non doméstico:

9,56€/usuario/ bimestre .

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saians e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino-.

I.3. Cota fixa de depuración.

Usuario doméstico

3,5€/usuario/ bimestre.

Usuario non doméstico

9,79€/usuario/ bimestre.

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.

B). COTA FIXA DE ABOAMENTO/SERVIZO DE ABASTECIMENTO EN ACOMETIDAS CONTRA INCENDIOS.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada edificio que dispoña de acometida para uso contra incendios.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso non doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada local, nave ou instalación que dispoña de acometida para uso contra incendios.

C). TARIFA II.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN / ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de abastecemento seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos de consumo e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ABASTECIMENTO

TARIFA

A) Uso doméstico:

Por persoa/bimestre

De 0 a 6 m³ 0,0700 €/m³

Máis de 6 a 10 m³ 0,2100 €/m³

Máis de 10 a 20 m³ 1,030 €/m³

Máis de 20 m³ 1,2210 €/m³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 18 m³ 0,0700 €/m³

Máis de 18 a 30 m³ 0,3050 €/m³

Máis de 30 a 60 m³ 0,9490 €/m³

Máis de 60 a 100 m³ 1,4580€/m³

Máis de 100 m3 1,5268€/m3

D).TARIFA III.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO E SUMIDOIROS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de alcantarillado e rede de sumidoiros seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ALCANTARILLADO	TARIFA
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m3	0,0500 €/m3
Máis de 6 a 10 m3	0,2137 €/m3
Máis de 10 a 20 m3	0,6828 €/m3
Máis de 20 m3	0,8246€/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m3	0,0500 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,3137 €/m3
Máis de 30 a 60 m3	0,6828 €/m3
Máis de 60 a 100 m3	0,8246€/m3
Máis de 100 m3	0,8760€/m3

E).TARIFA IV.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de depuración de augas residuais seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

DEPURACIÓN	Tarifa
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m3	0,0524 €/m3
Máis de 6 a 10 m3	0,1880 €/m3
Máis de 10 a 20 m3	0,8402 €/m3
Máis de 20 m3	0,9713 €/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m3	0,0524 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,5156 €/m3
Máis de 30 a 60 m3	0,8402 €/m3
Máis de 60 a 100 m3	0,9713 €/m3
Máis de 100 m3	1,0101 €/m3

F).COTA VARIABLE DE ALCANTARILLADO E DEPURACIÓN PARA USUARIOS SÓ SANEAMENTO.

Para os usuarios dos servizos de alcantarillado e depuración de augas residuais que non dispoñan de contador, por non ser usuarios do servizo de abastecemento, o seu consumo determinarase en base a unha dotación de 151 litros por habitante e día, a mesma cifra que se establece no plan hidrolóxico de Galicia-Costa.

G) FORMA DE CÁLCULO DO CONSUMO.

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

H) FORMA DE APLICAR OS DIFERENTES TRAMOS DE CONSUMO DOMÉSTICO E AGUA QUENTE CENTRALIZADA.

1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

2. Para as vivendas nas que o número de empadroados fose 4 ou máis estenderase a aplicación da tarifa do primeiro tramo a razón de 6m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, a tarifa do segundo tramo a razón de 4 m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, e a tarifa do terceiro tramo a razón de 10 m³ por persoa que exceda o número 3 na vivenda considerada.

Para a aplicación desta extensión dos tres primeiros tramos, os servizos tributarios do concello facilitarán á sociedade concesionaria a información de empadroados nas vivendas con 4 ou máis persoas a 20 de maio de cada ano.

No caso de que con posterioridade ao 20 de maio houbese variación no número de ocupantes da vivenda, os usuarios deberán facilitar á sociedade concesionaria o correspondente volante ou certificado de empadramento.

Para que surta efectos a información padroal que aporten os usuarios no correspondente padrón bimestral, esta deberá ser aportada durante o primeiro mes do bimestre considerado. En caso contrario, surtirá efectos no bimestre inmediato posterior.

3. Para a aplicación das tarifas no caso de auga quente centralizada, terase en conta o número de vivendas ás que se da servizo, considerando a todas elas con tres ocupantes. Aos metros cúbicos de auga quente asignados a cada vivenda aplicarase a tarifa correspondente ao tramo segundo de uso doméstico. Se houbese excesos sobre 10 m³/bimestre/persoa aplicaranse as tarifas dos tramos seguintes que correspondan. Para a aplicación de tramos tamén se considerará unha ocupación de tres persoas para todas e cada unha das vivendas do edificio.

I). CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.

1. As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100m. Das redes de subministración de auga e saneamento deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa a solicitude á entidade concesionaria do

servizo. A dita obrigatoriedade subsistirá, limitándose a un servizo, no suposto de que sexa unha única rede (subministración ou saneamento) a que se atope dentro do límite máximo de 100m., ao que anteriormente se fixo referencia.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

J). TARIFA V.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO, CON CARGO AOS USUARIOS.

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

2. Os cadros dos prezos unitarios, anteriormente citados, inclúen as operacións correspondentes a mantemento, reparación e, no seu caso, substitución das acometidas de subministración de auga, que serán a cargo do concesionario do servizo.

3. Con respecto ás acometidas de saneamento ás obrigas asumidas polo concesionario limitaranse a limpeza das mesmas.

4. O concesionario, naqueles casos nos que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varias fincas ademais de ao do solicitante, repercutirá sobre os futuros usuarios, que se vexan beneficiados por dita ampliación, a parte proporcional do custo do proxecto. O concesionario distribuirá os ingresos obtidos entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a este tramo.

5. A obriga do concesionario fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos cinco anos de efectuarse o pagamento desa primeira acometida.

6. O concesionario terá plena liberdade, sen que resulte de aplicación o previsto nos anteriores parágrafos, para conectar a esta instalación as acometidas xa existentes na zona ampliada.

K). TARIFA VI.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO.

b) Usos domésticos (unicamente vivendas unifamiliares):

- Abastecemento 450,7591 €
- Saneamento 1.051,7712 €

c) Usos industriais:

- Abastecemento 1.803,0363 €
- Saneamento 3.005,0605 €

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

L). TARIFA VII .- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO.

- Por cada formalización de alta (subministración /ou saneamento). 13,8533 €
- Por cada solicitude, toma de datos e confección de Orzamento de instalación de acometida ou rede de ampliación. 3,0051 €

M). TARIFA VIII.- CONSUMOS ESPECIAIS

Por cada columna para a toma de auga en bocas de rego, con destino exclusivo a obras de pavimento ou urbanización de rúas e vías públicas, ou para usos similares.
60,1012 €/mes

N). TARIFA IX.- REPOSICIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS

- Levantamento e reposición do contador de medida. 18,0304 €
- Apertura/peche chave macho. 18,0304 €
- Levantamento e reposición acometidas. 105,1771 €

O). TARIFA X.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

1. Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0,002278 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002278. (Ø²) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3850 €/contador/mes)

2. Adquisición:

Contador de 13 mm.	40,5258 €
Contador de 15 mm.	44,7611 €
Contador de 20 mm.	54,5416 €
Contador de 25 mm.	93,8938 €
Contador de 30 mm.	131,2899 €
Contador de 40 mm.	203,3063 €
Contador de 50 mm.	451,0195 €
Contador de 65 mm.	558,3454 €
Caixa de Rexistro, unidade	13,2705 €

3. COTA DE MANTEMENTO DO MODULO DE LECTURA REMOTA DE CONSUMO, VÍA RADIO.

No caso de usuarios cuxo contador individual se atope no interior da vivenda ou local deberán optar por cambiar a ubicación do contador ao exterior da vivenda ou local de forma que permita a súa lectura sen acceder ao interior ou incorporar ao contador un

sistema que permita a lectura remota, de forma que a empresa subministradora teña acceso aos datos de consumo rexistrados sen acceder ao interior da vivenda ou local

No caso de que a opción fose a instalación do módulo de lectura remota, aplicarase a seguinte cota de mantemento para cubrir os custes de mantemento e renovación -10 anos- de dito modulo:

Cota de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio: 0,77€/contador/mes.

Todas as tarifas, previstas neste artigo, non inclúen os importes que correspondan en concepto de Imposto sobre o valor engadido (IVE)

ARTIGO 6. COTA.

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO.

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando este se utilice.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN.

1. O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento, alcantarillado e depuración).

2. CONTA FÁCIL 12:

2.1. Os obrigados ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

2.2. Para usuarios domésticos, a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (14,31€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador (0,385€) co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

2.3. Para usuarios non domésticos a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (24€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

2.4. Esta factura de mes impar será “ingreso a conta” da correspondente factura bimestral.

A factura correspondente ao mes par conterá a metade das cotas fixas bimestrais e as cotas variables pola totalidade dos consumos do bimestre.

2.5. Non será aplicable esta modalidade de facturación mensual a usuarios de “só saneamento (alcantarillado e depuración)” debido á escasa contía das súas cotas fixas.

Para obrigados ao pagamento con bonificación do 50% das cotas fixas, o importe da factura dos meses impares calcularase sobre as correspondentes cotas fixas bonificadas.

3. Facturación mensual de grandes consumidores. Os obrigados ao pagamento con consumos iguais o superiores a 2.000 m³/ano poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

A factura mensual será pola metade do importe das cotas fixas bimestrais polos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración, máis o correspondente consumo mensual e, no seu caso, a cota mensual de aluguer de contador e a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

3. A Xunta de Goberno Local tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza vía de constrinximento, no caso en que fose procedente

ARTIGO 10. COTAS FIXAS DE SERVIZO REDUCIDAS.

Aplicarase unha redución do 50% das cotas de aboamento/servizo de subministración /abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos apartados 1.1, 1.2 e 1.3 do Artigo 5 desta Ordenanza aos usuarios domésticos que resulten exentos da taxa de lixo vivendas conforme ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora que reproducimos a continuación:

“1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

“ No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5”.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia”.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude”.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios”.

A cota de aboamento reducida aplicarase de oficio aos usuarios domésticos aos que lles fora recoñecido o beneficio fiscal na taxa de lixo vivendas. A relación de usuarios aos que deberá aplicarse as cotas fixas reducidas de subministración, alcantarillado e depuración será remitida á sociedade concesionaria do servizo con anterioridade ao 20 de maio de cada ano. Surtirá efectos no bimestre maio- xuño e continuará ata o bimestre marzo- abril incluído do ano seguinte.

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN.

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte ao de lectura e comprobación de consumos. No caso de facturas mensuais, os primeiros 15 días do mes natural.

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sanciónns que en cada caso procedan estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

Sen prexuízo do exposto no apartado precedente, a entidade concesionaria poderá exercitar as facultades outorgadas na cláusula 70 do prego de condicións administrativas que rexeu o concurso así como as establecidas no artigo 66 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas e saneamento (aprobado polo Pleno Corporativo en sesión do 27 de xaneiro de 1993), tras as autorizacións administrativas oportunas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

FACTURA MÁXIMA BIMESTRAL EN CONSUMOS DOMÉSTICOS DO PRIMEIRO TRAMO

A fin de que familias con 5 ou mais membros non sufran salto significativo respecto da tarifa vixente en 2020 por consumos correspondentes ao primeiro tramo de 6 m3/persoa/bimestre, establécese o seguinte límite máximo que continuará vixente ata que esta Ordenanza resulte modificada:

O importe total do recibo bimestral para uso doméstico -incluíndo os conceptos de cotas fixas e variables de abastecemento, alcantarillado e depuración, aluguer de contador e IVE- non poderá superar o importe de 36,97€ para consumos inferiores ou

iguais a 6m3 /persoa/bimestre. O exceso sobre consumos dende 6m3/persoa/bimestre liquidarase coa tarifa que corresponda ao seu tramo de consumo. O importe anterior de 36,97€ manterase en tanto os tipos correspondentes do imposto sobre o valor engadido (IVE) sexan o 10% para os servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e o 21% para aluguer de contador. No caso de que variasen estes tipos o importe de 36,97€ sufrirá unha variación acorde coa variación dos tipos de IVE.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

Comenzará a aplicarse no bimestre xullo-agosto de 2021, unha vez realizadas as modificacións informáticas para o cálculo das novas tarifas coa información que transmitirán os servizos tributarios do Concello á sociedade concesionaria sobre a relación de exentos 2021 da taxa de lixo vivendas para aplicación da cota de aboamento reducida prevista no Artigo 10 desta Ordenanza e así mesmo a relación de vivendas con 4 o máis persoas empadroadas para aplicación de extensión de tramos.

8(154).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO. EXPTE. 68/142 (REXISTRO PLENO 2585/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta da proposta de Resolución da Dirección Superior Contable e Orzamentaria co conforme do concelleiro delegado, de data 3.09.20, e Resolución da Alcaldía da mesma data que di o que segue:

“De acordo co ordenado mediante Resolución de Alcaldía-Presidencia da data da sinatura electrónica de 3 de agosto de 2020, e en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda por Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019, formúlase proposta de aprobación das Liña Fundamentais do Orzamento para o ano 2021.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Aprobación dos obxectivos de regras fiscais de Estabilidade orzamentaria, Regra de Gastos e endebedamento.

Consello de Ministros, sesión do 11 de febreiro de 2020.

SEGUNDO. Con data 29 de xullo de 2020, creouse o expediente, con data 3 de agosto, a Alcaldía resolve sobre o inicio do procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2021.

TERCEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación das Liñas Fundamentais do Orzamento.

CUARTO. Pola Intervención e polo responsable superior contable e orzamentario emitiuse informe ao respecto, previo cálculo segundo as directrices do Orzamento previsto en termos aproximados para o ano 2021, que será enviado ao Ministerio de Facenda.

QUINTO.- As liñas están a reflectir as previsións contidas no Real Decreto Lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxentes, aplicables á Entidades Locais, especialmente o previsto no artigo 3 e 4 da devandita norma, establecendo unha previsión na participación do Fondo axustable a contía prevista no saldo do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de

conformidade co establecido no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta de Resolución:

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2021.

Estado de gastos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau.

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Capítulos	Estimación Liquidación 2020	% variación	Estimación Créditos iniciais 2020
A) Detalle de Gasto Corrente N.F			
I	69.424.166,18		75.933.585,74
II	126.240.110,04		130.698.020,30
III	1.000,00		118.530,00
IV	26.256.050,11		26.712.509,38
Fondo de continxencia			600.000,00
Total G. Corrente N. Financeiro	221.921.326,33	5,47%	234.062.645,42
B) Detalle Gastos capital Financ.			
VI	32.740.960,48		41.445.859,47
VII	2.248.110,85		1.479.052,94
Gasto capital NF	34.989.071,33	22,68%	42.924.912,41
Total Gasto N. Financeiro	256.910.397,66	7,81%	276.987.557,83
C) Detalle Gastos Capital			

Financ.			
VIII	476.200,00		532.000,00
IX	,00		,00
Total Gasto Financeiro	476.200,00		532.000,00
Total Orzamento	257.386.597,66	7,82%	277.519.557,83

Estado de ingresos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau.

O capítulo 4 do estado de ingresos ten incluído a participación no Fondo que regula o artigo 4 do Real Decreto 27/2020, de 4 de agosto.

Capítulos	Estimación D. Recoñecidos 2020	Variación	Estimación Previsións iniciais 2021
I e II	126.613.626,24		122.642.284,85
IBI	73.758.300,00		71.160.000,00
IAE	13.500.000,00		13.901.000,00
IVTM	15.015.000,00		15.015.000,00
IIVTNU	7.500.000,00		7.400.000,00
ICIO	2.869.727,24		2.001.000,00
Cesión Tributos Estado	13.970.599,00		13.165.284,85
III	45.040.608,15		42.001.959,71
IV	82.393.672,36		98.599.555,06
FCF	66.760.293,76		66.389.004,00
Resto transferencias e subvencións	15.633.378,60		32.210.551,06
V	2.732.000,00		2.812.396,00
Total I. Corrente N. Financeiro	256.779.906,75	3,61%	266.056.195,62
B) Detalle Ingresos Capital N.F			
VI	130.306,42		,00
VII	11.153.132,82		10.931.362,21
Ingresos capital NF	11.283.439,24	-3,12%	10.931.362,21
Total Ingresos N. Financeiros	268.063.345,99	3,33%	276.987.557,83
C) Detalle Ingresos Financeiros			
VIII	476.200,00		532.000,00
IX	,00		,00
Total Ingreso Financeiro	595.000,00		532.000,00
Total Orzamento	268.658.345,99	3,34%	277.519.557,83

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2020.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Dende logo para dar conta desta remisión tamén ao Ministerio de Facenda, das Liñas Xerais do Orzamento porque como goberno que traballa pola cidade, como goberno que traballa constantemente durante o mes de agosto deste ano 2020, realizouse a elaboración desta Liñas Fundamentais do Orzamento e a remisión ao Ministerio de Facenda, estamos polo tanto, xa en pleno proceso de elaboración dos orzamentos para o ano 2021, que parten desa non subida de impostos como xa quedou sinalado senón tamén desa redución que se fai sinaladamente nalgúns impostos nos que podemos facer esa redución polo tanto, baixando de novo a presión fiscal para a cidade e polo tanto, mantendo tamén o seu nivel de financiamento. Partimos dese nivel de financiamento e hai que sinalar neste caso que é unha mágoa que o Partido Popular a nivel estatal bloquease ese decreto lei que permitía achegar recursos adicionais a esta cidade e as demais cidades de España pero que para esta cidade eran recursos singularmente importantes, hai que singularizar que para este período poderíamos ter un contexto de ingresos adicionais de 150 millóns de euros se lle engadimos os fondos europeos pero o Partido Popular parece que non estaba nesas, estaba máis cómodo en bloquear a aprobación da convalidación dese decreto-lei no Congreso dos Deputados e polo tanto, en empeorar tamén as arcas municipais, facendo que

este Concello e outros non puidesen gozar dos seus aforros para adicar ás necesidades da cidade. Hai que dicir, cidade ten que saber que o Partido Popular é o responsable, é un dos responsables de que esta cidade, o BNG que tamén votou en contra no Congreso dos Deputados de que non tivese un ingreso adicional de 18 millóns de euros só no ano 2021, polo tanto, o voto en contra no Congreso dos Deputados do grupo Popular e do BNG, fai que xa como digo este Concello non teña 18 millóns de euros adicionais só no ano 2021, aínda que como díxo Alcalde, o estamos arranxando, estamos en fase de arranxar, claro o que ten votar en contra un Decreto-lei sen lelo, sen ter en conta as súas consecuencias é o que ten, pero nós estamos na liña de elaborar uns orzamentos para a cidade, que teñan en conta as necesidades da cidade, esas son as liñas que se remiten ao ministerio, pretendemos como facemos dende este goberno ter uns servizos públicos de calidade, así o reflicte o observatorio dos servizos públicos urbanos, defender o benestar social e comunitario tamén coa liña de axudas ás persoas, ás familias, aos colectivos, ás entidades sen ánimo de lucro que o precisan, defender a educación dos nosos xoves, programas emblemáticos que tratan de formar a xeracións futuras desta cidade defendendo a cultura, defendendo tamén ese nova xeito de vivir que é a través do deporte, da vida saudable que se fai nesta cidade. Polo tanto, tamén defendendo o que quere a cidade e como non mellorando as condicións de vida da cidade coas humanizacións, coa eliminación das dificultades que teñen as persoas para moverse por esta cidade, co ese Vigo Vertical que favorece as condicións de vida de toda a cidade e sen esquecer a promoción da cidade que tamén xera retorno económico para a nosa cidade. Como dicía, os ingresos se conxelan posto que non hai subida de impostos, ao contrario hai baixada da tributación e baixada tamén da recadación no ano 2021 e o único suporá ese incremento de ingresos adicionais para este Concello, serán eses convenios que se asinen coas entidades que colaboran, singularmente a Deputación de Pontevedra, tamén os ministerios do goberno de España que permitirán esa avenida de Madrid, a estación AVE, ou dispor tamén de determinados fondos europeos. Polo tanto, nese contexto se elaborará o orzamento do ano 2021 lamentando como digo ese voto en contra do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados para ese Decreto-lei que permitía incrementar os ingresos para esta cidade e que estamos en vías de resolver.

Orzamento que como non pode ser doutro xeito se elaborará cumprindo cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e tamén de sustentabilidade e algo que caracteriza a este goberno que permite entre outras cousas pagar en prazos aos provedores, pagar en tempo récord tamén aos provedores e polo tanto, o orzamento que terá en conta non só eses criterios macro de estabilidade económica e sustentabilidade senón tamén as necesidades da cidades, as necesidades en servizos públicos, benestar social, comunitario, en investimentos, en promoción da cidade, en cultura, en deporte, en defensa da educación e sobre todo en defensa desta cidade de Vigo que é o caracteriza a este goberno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O que trasladan como Liñas Fundamentais para o Orzamento do 2021, é fundamentalmente unha proposta, poderíamos dicir de continuísmo mais eu creo que é de máis ben inercia, sobre esas premisas, sobre as premisas que se recollen nese documento dificilmente vanse poder atender aos retos e ás necesidades que presenta o contexto de pandemia e dende logo, deixa en evidencia a falla de impulso do grupo de goberno e a ausencia dun proxecto de cidade para alén de volver repetir o xa feito, agás escaleiras mecánicas e actuacións festivas no que se reduce o seu proxecto de cidade mais nada. Aumentan, só prevén un aumento dun 1% no gasto corrente, dende logo da nota non, marca o nivel de cal vai ser o impulso e o alargamento da actividade da prestación de servizos municipais, conxelán ou prevén que se vai quedar practicamente conxelado o capítulo IV que é onde se imputan as axudas sociais precisamente neste momento non, neste contexto. Nós o que lle dicimos dende o Bloque Nacionalista Galego e llo dicimos en clave construtiva e que é o momento duns orzamentos de cidade, non son uns orzamentos do grupo municipal Socialista, vostedes levan moitos anos aprobando unhas contas que só teñen en conta a opinión do grupo municipal Socialista, rexeitan todas e cada unha das propostas que formulamos os grupos da oposición, non hai ningún tipo de interlocución real co tecido asociativo agás intentar escoitar almas e nós lle dicimos que este contexto de crise é o momento duns orzamentos en clave de cidade, falando con todo o mundo, escoitando a todo o mundo e por iso lle reiteramos a proposta de que se poña en marcha unha mesa local de orzamentos

onde as entidades, os axentes, ao tecido asociativo da cidade, todas as organizacións, todos os actores que facemos parte desta cidade, poidamos participar e colaborar na elaboración dunhas contas que estean á altura das necesidades da cidadanía, da veciñanza e á altura do contexto que imos ter que afrontar.

SR. PÉREZ CORREA: na anterior lexislatura este grupo municipal levou unha moción aquí ao Pleno que propoñíamos un mecanismo e ademais artellabamos cal era o seu funcionamento, de mecanismo de participación cidadá e de orzamentos participativos que funcionan na maior parte das capitais europeas e nas grandes cidades do estado español, incluso algunhas que posteriormente foron gobernadas polo Partido Popular que nin sequera o Partido Popular se atreve, toda vez que lle da a voz aos veciños, a retirarlle, eu creo ademais que non debe ser fácil marcar unhas liñas dun orzamento neste ano e sobre todo con moitas incertezas que recolle o propio documento que está falando deses usos dos remanentes que por agora está en clara discusión, a min, e o digo así como militante de Unidas Podemos me gustaría que o voto de Unidas Podemos no Parlamento fose negativo porque estamos a falar dunha cuestión de fondo, e estamos a falar dunha proposta ao Ministerio de Facenda absolutamente inasumible para o conxunto dos concellos deste país, pero aínda podendo entender a estratexia de goberno e o que temos enriba da mesa aínda é peor, porque a estas alturas tódolos voceiros dos grupos presentes da FEMP acaban de asinar un documento esixindo claridade na negociacións entre o Presidente de FEMP e o ministerio de Facenda porque non existe nin sequera unha lectura, o escrito como é público pois en calquera momento llo podemos mandar ao conxunto dos medios de comunicación e veremos se teremos idea ou non, está por ver como se inclúe isto no orzamento, e polo tanto condicionaba gran parte das liñas fundamentais pero xa era difícil facer un orzamento cando puxemos os marcos orzamentarios e se propuxeron aquí, nós entendemos que a crise da COVID-19 e a situación económica e social que nos imos atopar obriga a improvisar e cremos ademais que demasiado apresurado que o Ministerio abra a plataforma xa en setembro porque cremos ademais que quedaba moito por clarear cales van a ser os mecanismos, non só a cuestión dos remanentes o superávit senón mecanismos legais, cal vai a ser achega económica

dos 75.000 millóns de euros de Europa que aí si que conseguiu no marco da FEMP mellorar a proposta para que tamén chegaran aos concellos e nos recoñecemos que é difícil facer un marco orzamentario pero hai algunha certeza neste documento, e este documento ademais de dicir que os impostos directos e os indirectos van a subir, nos caso dos directos un 0,65%, no caso dos indirectos un 2%, tamén deixa claro que imos a incrementar un 1% o capítulo II en gastos e bens de correntes e servizos por procesos de privatización, isto non lle estou a dicir ao goberno do Partido Popular, estoullo a dicir ao goberno socialista porque din que vostedes agora, non sabemos por que, non se pode realizar os servizos de apertura e peche nos centros deportivos, que antes se facían con bolsas de contratación como acaban de facer recentemente nunha Xunta de Goberno e agora o contrato de prestación de servizos de apertura e peche das instalacións deportivas obriga a incrementar o gasto en vez de servizos, é dicir, privatizan e nos custa máis, ademais un proceso que entendíamos que estaba en discusión, están correndo outra vez porque xa está outra vez en Mesa de Contratación privatizar a apertura de 15 instalacións que pode afectar á case unha trintena dependendo do momento, de traballadores que estaban dentro dunha bolsa de contratación que existía no Concello, isto é inxustificable, que aumentemos o gasto non para dar mellor servizo senón para privatizar, porque entón o argumento do PP e o PSOE pensan o mesmo en determinadas cuestións que moitas veces expresa por parte da cidade e destes traballadores, dende logo, queda absolutamente xustificado. Aumenta tamén polo novo contrato do SAF, nos imos a poñer tódalas luces sobre o novo contrato do SAF porque non nos fiamos da empresa que entra e o dicimos abertamente, do grupo que ven que DomusVi nos deu momentos de gloria durante os meses do confinamento e nós non imos a poñer en dúbida o traballo dos técnicos e dos traballadores municipais que fixeron as valoracións pero sabemos como entra esta empresa nos concellos e como entra dunha maneira moi agresiva que moitas veces nin mecanismos públicos de contención temos para evitar que se fagan cos servizos públicos e polo tanto, queremos que tamén poñer moitos ollo en que si o aumento de horas que é evidente e o aumento do servizo non vai en detrimento da calidade asistencial e sobre todo dos dereitos das traballadoras do servizo. Ademais recoñecen que os

investimentos se contraen e ademais o período de investimento vai estar moi decidido en base si podemos utilizar eses remanentes, os usos finalistas deses remanentes e que ademais como imos a aplicar o Teito de Gasto na cuestión do superávit a ademais nun ano, repito, que calquera que sexa agora mesmo capaz de poñer un orzamento enriba da mesa e mirar coa perspectiva do ano que nos ven imos a ter que facer moitas modificacións orzamentarias con consenso, xa non digo de nós, senón do conxunto dos vigueses/as.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Mire, eu non sei se isto é unha provocación ou un descoido, ou unha inercia, total só temos feito. Esta Liñas Fundamentais do Orzamento se sustentan no Real Decreto Lei que non foi convalidado, e se sustentan na operación errada de entregarlle ao goberno os aforros municipais a cambio de recibir unha parte, mire o que di aquí, capítulo IV “os empregos desta capítulo van estar condicionados polo acordo que se adopte en canto a participación que ten o Concello no fondo de Participación de 5.000 millóns” que regula o artigo 4 do Real Decreto Lei 27/2020, que a súa vez está relacionado co compromiso de achega dos préstamos que outorguen as entidades locais á administración xeral do estado, isto que é unha provocación? Porque nos non imos facerlle ningún préstamo ao Estado, xa llo dixo o Senado, xa llo dixo o Congreso dos Deputados, xa llo dixeron alcaldes do seu partido, alcaldes de tódolos partidos, non lle imos facer ningún préstamo e vostede sábeo, mire, Sr. Alcalde, os cartos de Vigo van quedar en Vigo, 80 millóns de euros, 271 euros por cada vigués, 550 euros por cada familia viguesa, é unha magnífica noticia que eses cartos que queden en Vigo e agora o seu traballo en vez de facer o que escribira o ditado, o seu traballo é negociar un bo acordo para que se poida utilizar eses cartos sen ter que entregalos. Eses cartos son dos aforros dos vigueses, o nosos cartos, os cartos de tódolos españois 15.000 millóns de euros se pretendía facer un préstamo ao Estado. Miren, 193 deputados votaron abaixo ese episodio, non só foi o Partido Popular, na investidura do Sr. Pedro Sánchez lle votaron 167 deputados, hai máis consenso en España político sobre que o seu acordo adoptado co seu voto de calidade foi pernicioso, hai máis consenso niso que en que o Sr. Pedro Sánchez sexa presidente, mire vostede. Foi derrotado, a votación foi a que foi Sr. Alcalde, e como lle dixo unha comunicadora en “prime time” non podemos estar todos

equivocados e ter vostede a razón, só, entón como non é así, nós o que lle dicimos nas Liñas Orzamentarias que presenta aquí é, nós queremos esta previsión de ingreso, a queremos aquí, a queremos no orzamento, queremos a nosa participación nese fondo de 5.000 millóns, queremos utilizar o superávit, queremos utilizar os remanentes, pero non lle queremos facer un préstamo se o di aquí, está relacionado co compromiso de achega das entidades locais ó préstamo que lle outorguen ao estado, pois non queremos que se relacione unha cousa coa outra, vostede pono aquí, ven aquí con isto, saca esta tema no debate porque foi o señor concelleiro de Facenda quen introduciu esta tema, eu me vexo obrigado a contestarlle, nós o que queremos é que nestas Liñas Orzamentarias teña vostede en conta que nós queremos os cartos que o goberno prometeu sen condicións e claro que queremos utilizar os remanentes, busquen a solución legal o que lle imos é prestar os cartos á Sra. Montero, non lle imos a prestar os cartos dos vigueses ao Estado, non estamos para iso, para vostede estamos para seguir tendo un servizo de transporte deficitario, precario, para ter a auga máis cara, para ter un Plan Xeral do 93 e para estar, por certo, a oficina de rúa Venezuela de Aqualia pechou, xa está celebrando a nova tarifa, pechando a oficina de atención ao público da rúa Venezuela, ah! xa abriu, pois onte estaba pechaba, non xoguen coa xente, non xoguen se van a rebufo me parece moi ben, ultimamente van moito ao rebufo van por detrás da realidade e aquí tamén imos por detrás porque traen uns datos que son erróneos, que son o produto dunha decisión unilateral dun Alcalde, o Alcalde de Vigo, que decide poñerse ao servizo e ao ditado dun goberno en vez ao servizo do municipalismo español, e agora ten vostede que renegociar esto, volva vostede aquí cun presuposto que nos permitan utilizar os nosos remanentes sen ter que entregalos, veña vostede aquí cun orzamentos que nos permitan utilizar os nosos superávit e volva vostede aquí cun orzamentos que nos permitan utilizar ese fondo de 5.000 millóns de euros sen condicións, porque se vostede non fai iso agora, quedará de novo e por segunda vez desautorizado, porque os cartos, eses 5.000 millóns existen e os queremos Sr. Alcalde, co cal queremos eses cartos no orzamento.

SR. ANEIROS PEREIRA: Facemos uns orzamentos que reflicten o modelo de cidade que queremos, unha cidade sen débeda cos bancos, sen débeda con provedores, polo tanto con débeda cero, cunha presión fiscal baixa e cuns ingresos que pagamos tódolos vigueses e que aínda poderían ser mellores se o bloqueo do Partido Popular e do BNG no Congreso dos Deputados non fose este, porque hai que dicilo claro, quen incautou os aforros municipais foi o goberno do Sr. Rajoy e do Sr. Montoro, cando o Sr. Montoro usou os aforros municipais para consolidar as súas contas fronte a Europa, cando o Sr. Montoro aprobou unha Lei de estabilidade orzamentaria que condenaba aos concellos a non poder facer uso dos seus aforros, o que se quería facer agora era buscar unha vía para poder utilizar eses aforros e retornar eses aforros á cidade, polo tanto, o que vostedes fixeron foi un acto de rebanchismo político prexudicando a tódolos cidadáns porque se vostedes lían ese Decreto Lei permitía un acordo excepcional para tódolos municipios, excepcional, que como digo permitiría a esta cidade gozar de 150 millóns de euros nos próximos anos, singularmente 18 millóns euros adicionais no orzamento de 2021, por certo, para investimento, en que? En cidade, para investimento na mellora das condicións de vida da cidade porque si queremos unha mellor cidade, queremos que os cidadáns teñan e gocen dunha excelente cidade que xa teñen pero que sexa aínda mellor, que facilita a mobilidade das persoas singularmente maiores, das persoas que teñen un carrito cos nenos para levalos andando ao colexios, que poden moverse nun novo modelo de mobilidade sostible, iso é o que queremos para esta cidade, pero vostedes cando votaron non, a ese Decreto de Lei, na convalidación do Congreso da que agora se rin, votaron non á cidade, votaron non ao beneficio dos cidadáns, votaron non a 18 millóns adicionais no orzamento do 2021 e 150 millóns de euros nun período ata o 2023, a iso votaron que non, polo tanto, son vostedes os que están prexudicando á cidade, os que vostedes coa súa regras aprobados nos tempos da maioría absoluta do Partido Popular fixeron que os concellos ben xestionados como este, non puidesen gozar dos seus aforros, iso son vostedes, así que, quítense esa careta de salvapatrias que teñen agora mesmo, ou que queren ter agora mesmo é defender os intereses da cidade, porque esta orzamentos que se elaborarán reflicten ese modelo de cidade solidaria, con axudas aos colectivos que así o precisan, cunha fiscalizade xusta,

humanizada onde se pode vivir, onde se pode gozar das zonas verdes, onde se pode gozar do comercio, das hostalería...

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes vostede está en interrupción permanente, esta non é unha forma democrática de proceder, téñolle que chamar a atención.

SR. ANEIROS PEREIRA: Si dicía, unha cidade dinámica, emprendedora, que ten en conta as necesidades das persoas, ese é o modelo dos orzamentos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

9(155).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE EN EDIFICIOS CONSTRUÍDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 103457/421 (REXISTRO PLENO 2586/1101).

ANTECEDENTES: Con data 11.08.20, a técnica de Admón. Xeral co conforme do xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“I. ANTECEDENTES DE FEITO

Na data 21/02/2020 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo acorda incoar o presente expediente administrativo; tramitándose dende a Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo baixo o número 103457/421, dándosele conta ó Consello da Xerencia de Urbanismo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 03/03/2020 toma coñecemento do inicio das actuacións previas á elaboración da presente Ordenanza consistentes na apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da

“Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo”, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo.

En data 04/03/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo o borrador da presente Ordenanza, comenzando o prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións a 05/03/2020.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 na súa Disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público advirtindo que reanudasen no momento no que perda vixencia o real decreto ou as prórrogas do mesmo.

Non obstante o exposto; o apartado 4. da Disposición adicional terceira do mesmo Real Decreto 463/2020, segundo redacción modificada polo Real Decreto 465/2020, sinala,

“Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que ... sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.

Por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, en data 28/04/2020, acorda a continuación do procedemento administrativo incoado para a redacción dunha Ordenanza para a instalación de ascensores en fachada en edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional abrindo a continuación do prazo para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura Ordenanza.

En data 22/04/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo a reanudación do prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións. Deixase constancia na sede electrónica e no portal de transparencia, que dito prazo finaliza a 12/05/2020.

Durante o prazo de exposición pública do borrador da presente Ordenanza, a Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) presenta suxerencias na data 23/03/2020 no rexistro web da XMU. (cod sol. W425932-5811) Así mesmo, e xa fóra de prazo, presenta suxerencias a 15/05/2020 o técnico Domingo Couto Toucedo.(cod sol. W431787-7619)

II. MARCO NORMATIVO

As Ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e contitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1

de Outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

III. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1) .

O procedemento para a aprobación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación incial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxestións.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamiento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación incial, coma así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza.

Segundo o artigo artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e organizacións afectadas. A presente Ordenanza axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

IV PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional que coma Anexo I se incorpora á presente resolución.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinca (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidiran co seu superior criterio, o que estimen oportuno.

ANEXO I.

Anteproxecto de Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional.

PREÁMBULO

I. “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadás na vida política, económica, cultural e social.”

O artigo 9.2 da Constitución refunde a finalidade subxacente da actividade pública concretada na idea de procurar unhas condicións obxectivas de integración dos cidadás; por outra banda a configuración do Estado como “social” esixe a intervención dos poderes públicos para que a igualdade dos individuos sexa efectiva. Dende esta visión a eliminación de obstáculos arquitectónicos de accesibilidade e mobilidade é unha aposta das Administracións o fin de acadar unha digna calidade de vida.

O Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), no artigo 3.3.e) sinala, “Os poderes públicos ... desenvolverán, no medio urba técnica ou economicamente viable no, as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de ... sustentabilidade ... social En particular: garantirán o acceso universal dos cidadás, de acordo cos requirimentos legais mínimos, os edificios ...”

II. No marco descrito o TRLSRU no artigo 24.4 indica, “Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal

cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público". En idéntico xeito pronúnciase o artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas en Galicia.

Nos preceptos transcritos os lexisladores estatais e autonómicos dan resposta a un baleiro legal e a unha demanda reclamada pola mais elemental idea de mobilidade vertical e polo dereito de todo cidadá a desfrutar dunha vivenda digna e accesible entendendo este término, non coma accesibilidade económica -cuestión que corresponde ás políticas de vivenda protexida- senón como accesibilidade funcional.

III. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do afastado 1993 (PXOM 1993) non garante na súa normativa nin nas súas previsións unha solución á problemática de accesibilidade dos edificios carentes de ascensor, elo non impide que o Concello de Vigo -poder público comprometido coas políticas de accesibilidade- o fin elevar a calidade de vida dos seus cidadás, no marco da súa competencia no outorgamento de licenzas urbanísticas, artigo 143.2. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e no uso da súa potestade regulamentaria, artigo 4 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, desenvolva unha resposta mediante unha norma que posibilite actos de edificación (torre ascensor) en solos de dominio público ou privado o fin de correxir efectos dispares no disfrute dos dereitos garantidos na Constitución.

A presente Ordenanza -complementaria ás de edificación do vixente PXOU 1993- debe entenderse como unha norma especial para o desenvolvemento dos artigos 3.3 e 24.4 do R.D. Lex. 7/2015 e como a materialización dunha política de colaboración da Administración municipal desenvolta dende o seu compromiso co principio de igualdade material, artigo 9.2 Constitución, no seu concepto mais amplo pois garante a prevalencia da accesibilidade (interese particular) fronte a utilización do voo do solo público (interese xeral) conforme ás necesidades básicas dos individuos; a tal fin impulsa e estimula a instalación dun equipamento esencial (ascensor) no uso residencial colectivo.

IV. A Ordenanza segue a síntese das que en similar sentido teñen aprobado outras grandes cidades, neste sentido mostra tres obxectivos básicos, (i) incorpora as previsións normativas ditadas con posterioridade á aprobación do vixente Plan Xeral, en concreto o TRLSRU que, como se ten exposto, permite a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensables para a instalación de ascensores; (ii) concreta as condicións técnicas e xurídicas que resultan de aplicación na instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa; (iii) disciplina o procedemento formal para a tramitación das solicitudes o obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que redunde en eficiencia e axilidade ofertando un marco de seguridade xurídica.

Na normativa de aplicación subxace a pretensión de favorecer a accesibilidade universal sen distinguir o solo nin polo o seu destino nin pola a súa titularidade; no sentido exposto a Ordenanza incorpora a posibilidade de torres de ascensor sobre espazos libres privados aos que se lles aplicarán as condicións xerais establecidas para

as torres en espazo público; tamén menciona a posibilidade da instalación de ascensor no interior dos edificios e a posibilidade de outorgar licenzas sobre espazos de dominio público ou privados para a instalación doutros axustes razoables de pequena entidade.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente Ordenanza garantir e fomentar no ámbito do término municipal de Vigo o cumprimento das medidas de igualdade material que permitan o acceso e a utilización das edificacións conforme ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación; a este efecto regula as condicións técnicas, urbanísticas, administrativas e procedementais no suposto de autorización de instalación dunha torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo ou dotacional así coma de determinados elementos que permitan realizar axustes razoables tales como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares en edificacións que, carecendo das mesmas ou non reunindo as condicións de accesibilidade ou mobilidade, deban instalarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal.

É tamén obxecto da Ordenanza a instalación de ascensores e outros medios mecánicos similares relativos a facilitar a accesibilidade e mobilidade en solo privado exterior o edificio ou no interior do mesmo.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A instalación da torre ascensor ou dos restantes medios de accesibilidade e mobilidade coma rampas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares, ben sexa sobre terreos de dominio público ou de propiedade privada, rexerase polo disposto na presente Ordenanza mediante a cal desenvólvese o previsto nos artigos 3.3 e 24.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e pola normativa técnica de aplicación.

2. As obras precisas para a instalación destes elementos de mobilidade e accesibilidade no interior do edificio encádranse, segundo Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, nas de *adecuación funcional de edificio*; son obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Os promotores das actuacións previstas nesta Ordenanza atópanse excepciónados do cumprimento exacto das condicións de habitabilidade se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

3. Respecto ao procedemento para súa tramitación administrativa, no non previsto nesta Ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza Municipal de Tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 3. Conceptos urbanísticos. Edificio existente; torre de ascensor; axustes razoables.

1. *Edificio existente.* A efectos desta Ordenanza teñen a consideración de edificios existentes aqueles cuxa solicitude de licenza de obras sexa anterior á entrada en vigor do Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación (CTE) en materia de accesibilidade, entendéndose que os edificios cuxa solicitude de licenza sexa posterior á devandita norma cumpren as condicións de accesibilidade polo que non poderán acollerse o previsto nesta Ordenanza sen prexuízo de ser susceptibles de axustes razoables.

Teñen tamén a consideración de edificios existentes aqueles construídos con anterioridade o ano 2010, aínda que non se teña constancia da solicitude de licenza.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación os edificios existentes de usos e tipoloxías diferentes o de residencial de vivendas colectivas e equipamento de carácter público.

2. *Tipoloxía residencial.* Aos mesmos efectos, considérase edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter outros usos distintos do residencial.

3. *Torre ascensor.* A efectos desta Ordenanza ten a consideración de torre de ascensor a construción ou instalación integrada polo espazo necesario para a maquinaria e o recinto ou espazo vertical por onde se despraza a cabina do ascensor, as plataformas de embarque e desembarque do mesmo, así como as superficies complementarias que, no seu caso, resulten imprescindibles dispoñer para establecer a comunicación entre as plataformas e o núcleo de comunicación vertical resultante da actuación.

As torres de ascensores e os demais elementos de accesibilidade regulados nesta Ordenanza tales como ramplas, plataformas elevadoras e similares dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan a efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración dela cualificación do solo. Consecuencia do anterior poderán instalarse en edificios que teñan esgotado a edificabilidade máxima asignada no correspondente Plan.

As torres ascensores e aos demais elementos de accesibilidade e mobilidade non lles resultarán de aplicación as condicións de posición da edificación establecidas no planeamento urbanístico.

4. *Ascensor.* A efectos desta Ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" aprobada por Real Decreto 88/2013, do 8 de febreiro.

5. *Axustes razoables*. Os efectos desta Ordenanza enténdese por axustes razoables en materia de accesibilidade aquelas modificacións e adaptacións necesarias que garantan a todas as persoas o exercicio do dereito de accesibilidade en condicións de igualdade sempre que non impongan unha carga desproporcionada.

Conforme o artigo 10.1.b) da Lei 49/1960, 21 de xullo, da Propiedade Horizontal (LPH), será desproporcionada a carga cando custo da instalación a realizar, descontadas as posibles subvencións ou axudas públicas percibidas, exceda na súa repercusión anual, de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns. Cumprindo a condición exposta as obras e actuacións necesarias para garantir axustes razoables en materia de accesibilidade universal teñen carácter obrigatorio.

Artigo 4. Condicións xurídicas para a implantación de torres de ascensores e demais medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade.

1. A instalación de torres de ascensores ou doutros elementos como ramplas ou plataformas elevadoras nas condicións previstas nesta Ordenanza está suxeita a licenza urbanística ou comunicación previa.

2. A obtención de título habilitante, no caso de que a instalación sexa urbanisticamente viable, outorgarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade será posible ocupar as superficies de espazos libres privados que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos mecánicos, así como superficies comúns de uso privativo tales como vestíbulos, descansillos, zonas de circulación ou paso, sobrecubertas, voladizos, soportais e outros espazos libres tanto se se sitúan no chan, como no subsolo ou no voo; asegurárase sempre a funcionalidade dos espazos libres.

Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización conlevará a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación; e concluirá anticipadamente cando un interese público acreditado considere necesaria a súa extinción.

3. Os efectos desta Ordenanza considerarase dominio público:

Solo demanial de titularidade e uso público.

Solos patrimoniais adscritos a un uso ou servizo público por máis de 30 anos.

Solos nos que se atope constituída unha cesión de uso público de superficie.

4. Cando para a instalación de torres de ascensores e demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza sexa necesaria a ocupación de terreos de dominio público non municipais será necesario a autorización da Administración titular do solo, neste suposto a Administración municipal poderá solicitar da Administración titular a cesión de uso do espazo que resulte necesario.

TÍTULO I

Condicións para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade

Artigo 5. Xustificación e condicións xerais de emprazamento de torres ascensor en fachada.

1. Nos edificios construídos de uso residencial colectivo poderase autorizar a instalación de torres de ascensores encostadas ás fachadas ben ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas), ben ocupando espazos privados, cando na solicitude de licenza xustifíquese que, polas características da edificación, tal solución é a única técnica ou economicamente viable para a corrección da carencia de accesibilidade universal e que dita solución, no caso de uso residencial colectivo, non afecta nin ás vivendas nin aos locais existentes.

En todo caso xustificárase que a instalación de ascensor non é posible no interior do edificio ben no oco de escaleras, ben no patio interior xa sexa aberto ou de luces. Entenderase que non é posible a instalación do ascensor no interior do edificio nalgún dos seguintes casos:

- a. Cando non exista espazo suficiente nas zonas comúns ou no oco de escaleiras.
- b. Cando non sexa posible garantir o cumprimento das esixencias básicas do CTE e os seus documentos de apoio.
- c. Cando a instalación afecte a elementos ou espazos obxecto de protección.
- d. Cando non sexa posible a ocupación de zonas privativas conforme á LPH

A autorización outorgarase considerando o mantemento da edificación e que dela non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

Os servizos urbanos existentes serán retranqueados fora do espazo ocupado pola instalación.

2. A solución adoptada integrarase coa fachada do edificio no referente á forma e dimensións da torre de ascensor e dos materiais empregados.

3. A solución permitirá o funcionamento do espazo público en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade. Quedará garantido o acceso de vehículos de emerxencia.

A solución para a instalación da torre no exterior do edificio observará un ancho mínimo de paso de 1,50 metros. Excepcionalmente reducirase a 1,20 metros no suposto que as características do espazo público fágao inviable.

4. Aplicaranse as medidas de sinalización establecidas na normativa de accesibilidade.

Artigo 6. Condicións particulares da instalación de torres ascensor na fachada dos edificios.

1. *Características.* Non permitirase a instalación de ascensores de velocidade igual ou inferior a 0,15m/s se han de servir máis de dous niveis ou a un percorrido superior de a 3,20 metros; estarán dotados de sistemas de tracción que garantan un baixo consumo eléctrico; evitarase a instalación de ascensores hidráulicos agás por razóns excepcionais e construtivas.

2. *Acceso.* O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmovible e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (enrase) nos accesos será perfecta.

Dotarase aos núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior en nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor.

3. *Distancia a fachadas.* Dependerá en cada caso da disposición do ascensor sobre o espazo público.

4. *Distancia a xanelas.* Evitarase que as actuacións incidan negativamente nas condicións de salubridade e hixiene das dependencias vivideras existentes no edificio ou nos edificios lindeiros.

Os documentos gráficos do proxecto reflectirán a disposición de todas as xanelas das vivendas que ventilan ou iluminan a través dos espazos onde poida existir incidencia da torre ascensor indicando o uso das devanditas estancias.

Son dependencias vivideras o conxunto de pezas nas que desenvólvese a vida dos ocupantes da vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas vivideras as estancias e as cociñas.

Considerarase que non existe dita incidencia negativa cando pódase verificar que:

a. Non se produce ningunha interferencia de luces rectas entre a instalación de ascensor e os ocos de xanela existentes na fachada do edificio.

b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias vivideras afectadas e o plano de cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vividera é de baño, aseo ou corredor.

5. *Acabados exteriores e peche perimetral.* Serán acordes cos materiais e cores das edificacións existentes; serán duradeiros, integrados coa contorna e de aspecto lixeiro o fin de xerar o menor impacto visual. Procurarase o uso de elementos permeables á luz e ao aire en todo caso o cerramento impedirá introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

6. *Instalacións.* Dispoñeráse da instalación de recollida e evacuación de augas pluviais ata a rede pública. Non realizaranse actuacións antiestéticas, inconvenientes ou lesivas non integradas tales como condutos eléctricos ou de telecomunicacións encostados á fachada visibles desde a vía pública; instalaranse baixo molduras, canalizacións ou condutos integrados na fachada.

7. *Cuarto de máquinas.* Situarase en todo caso no interior do volume da edificación ou sobre o recinto de percorrido da cabina sendo accesible desde zonas comúns; cumprirá as condicións de illamento acústico previstas na normativa municipal sobre Protección do Medio Ambiente e contra ruidos e vibracións. Permitiranse casetóns que deban localizarse por riba das pendentes de cuberta e sexan obigatorios en virtude da normativa sectorial.

8. *Obras de urbanización.* Os remates de execución de obras de urbanización a realizar no espazo público, tales como pavimentado e bordos, entre outros, utilizarán materiais de idénticas calidades e características aos existentes. As obras complementarias de urbanización asegurarán o mantemento e correcto funcionamento das redes de infraestruturas e servizos urbanos que, no seu caso, discorran por estes espazos, garantindo coas modificacións necesarias que se mantén e resolve axeitadamente o interese público destes espazos. A estes efectos depositarase con carácter previo á obtención da licenza ou título que corresponda, fianza ou aval bancario que garanta a reposición dos servizos urbanísticos que puideran verse afectados pola execución das obras.

Cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características do mobiliario urbano, prazas de aparcamento ou plantacións situadas naquel os custos de modificación serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar o ascensor.

Artigo 7. Ascensores no interior dos edificios.

1. Comprende aquelas situacións posibles que non modifican o sólido capaz orixinal do edificio, é dicir, non se altera o fondo edificado do inmovible, nin as fachadas, nin este sofre unha distorsión perceptible desde o exterior salvo a eventual aparición do casetón da maquinaria nos planos de cuberta. Ditas situacións poden ser:

- a. No interior do edificio, preferentemente na caixa de escaleiras.
- b. En patio interior. Situación que comprende tanto os patios de luces como os patios abertos a fachada, pero sempre ao interior dos planos que configuran as fachadas orixinais do edificio.
- c. En situacións especiais. Situación concreta e particular que deberá explicarse no proxecto.

2. Permítese unha redución da dimensión mínima do patio resultante que estivese establecida con carácter xeral pola normativa urbanística ou sectorial de aplicación; en todo caso a superficie do patio resultante redución non será inferior o 25% da dimensión mínima establecida con carácter xeral para os patios na normativa urbanística.

3. Non serán de aplicación as alturas libres mínimas en función dos usos regulados na normativa urbanística podendo manter as alturas existentes. No caso de que sexa indispensable unha redución da altura admitiranse alturas libres mínimas de ata 2,40m en usos residenciais e espazos comúns de circulación do uso residencial e de 2,10m en zonas de circulación de uso garaxe-aparcamento, podendo chegar a 2,00m en prazas de aparcamento e rochos. Estas reducións non superarán o 20% da superficie útil do recinto considerado.

4. Poderán eliminarse as prazas de aparcamento e/ou rochos imprescindibles, aúncumprindo á dotación mínima de prazas de garaxe aparcamento e rochos dos usos residenciais imposta como obriga na licenza de construción da edificación. Ademais da necesaria xustificación técnica, será requisito indispensable contar coa conformidade do propietario do elemento que se elimina.

5. En todo caso a instalación dun ascensor interior non supoñerá a desaparición dos ocos de acceso ao patio salvo que se acredite que é imprescindible a súa desaparición para tal instalación, neste caso deberán dispoñerse ocos substitutivos ou, en todo caso, medios alternativos para o acceso ao patio.

6. No suposto que a instalación dun ascensor no interior do edificio imposibilite a escaleira do mesmo conforme á normativa técnica aplicable poderase autorizar a instalación de torres de escaleiras encostadas ás fachadas ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas). As torres de escaleiras, dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan a efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración da cualificación do solo.

Artigo 8. Instalación de ramplas e plataformas elevadoras.

1. As ramplas e plataformas elevadoras poden colocarse:

a. De forma preferente, no interior da edificación, ben sexa en zonas comúns ou, no caso de que fose imprescindible, con afección a propiedades particulares.

b. Cando a colocación dos devanditos elementos no interior do edificio sexa inviable técnica ou economicamente, ou resulte incompatible co grao de protección do mesmo, as persoas interesadas poderán solicitar a instalación destes elementos polo exterior do edificio, ocupando espazos privados de uso público ou espazos públicos, quedando suxeitas á pertinente autorización municipal, ou da administración titular, para a súa ocupación.

2. Toda solución exposta debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, forma e dimensións, materiais e cores empregadas. Así mesmo, debe asegurarse a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puidesen verse afectados, en particular os percorridos peonís e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

3. No caso de que a proposta contemple a localización en solo de uso público deberá xustificarse, achegando e detallando as razóns que, no seu caso, impidan a

localización no interior do edificio. Para a localización dos devanditos elementos polo exterior da edificación, sobre espazos de dominio privado ou público, quedando sometidos á previa obtención de licenza urbanística e de calquera outro título habilitante necesario.

4. Os servizos técnicos municipais poderán, á vista dos argumentos achegados, requirir a información ou documentación que consideren precisa sobre calquera emprazamento posible, todo iso con obxecto de perfeccionar a proposta en canto á súa localización definitiva.

Artigo 9. Seguridade de utilización e accesibilidade. Seguridade en caso de incendio.

1. No referente ás condicións de seguridade de utilización e de accesibilidade a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais sectoriais de aplicación.

2. Co fin de garantir a accesibilidade universal deberase dispoñer dun itinerario accesible que comunique a cabina do ascensor tanto coa vía ou espazo público como coas vivendas segundo a definición establecida no Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DB SUA) do CTE.

3. Cando se dean as circunstancias de inviabilidade de cumprimento do CTE ou dos seus documentos interpretativos propoñeranse solucións alternativas e autorizaranse modificacións no trazado das escaleiras non estritamente axustadas ás disposicións específicas da normativa vixente en materia de accesibilidade atendendo á mellora na accesibilidade xeral que representa a torre ascensor; tal solución non supoñerá o incumprimento da normativa vixente de Protección contra Incendios.

4. No referente ás condicións de seguridade en caso de incendio, a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais e sectoriais de aplicación.

5. As obras de mellora da accesibilidade mediante torre ascensor no exterior dun edificio existente non reducirán as condicións esixibles de aproximación dos vehículos de emerxencia á contorna do edificio ou os seus lindeiros nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

6. Nos casos de edificios de vivenda colectiva nos que se autorize a instalación de torre ascensor e que carezan das instalacións de iluminación, sinalización de emerxencia e extintores conforme a normativa, esixirase a colocación destes elementos nos percorridos de evacuación con independencia doutras melloras que poidan resultar obrigatorias en cumprimento do CTE.

TÍTULO II

Normas sobre procedemento

Artigo 10. Procedemento e solicitude de licenza de torres ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios.

1. En todo caso será preciso tramitar expediente de solicitude de licenza urbanística para a instalación de torres de ascensores ou outros medios de accesibilidade e mobiliade no exterior dos edificios, ocupen ou non, espazos de dominio público, axustándose ao procedemento definido na norma reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas coas especialidades previstas nesta Ordenanza.

2. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de licenza urbanística en modelo normalizado. A solicitude acompañarase da documentación xeral prevista na Ordenanza reguladora para a tramitación de licenzas urbanísticas no procedemento de licenza de reestruturación e considerando a documentación específica desta Ordenanza.

3. Nos supostos de edificios existentes sometidos ao réxime de propiedade horizontal, ademais da documentación xeral, achegarase certificación literal do acordo de instalación da torre ascensor expedida polo secretario ou administrador da Comunidade de Propietarios co visto e praxe do presidente; tal certificación, ademais de mencionar que o acordo foi adoptado conforme as normas que rexen o funcionamento da Comunidade de Propietarios, mencionará a aprobación do proxecto de obras achegado á solicitude.

4. Se o inmovible non estivese sometido ao réxime legal de propiedade horizontal por non resultar obrigatorio conforme as normas de Dereito privado, ademais da documentación xeral esixible, farase constancia expresa desta circunstancia achegando o documento notarial ou rexistral que o acredite.

Artigo 11. Documentación específica.

1. Será esixible a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico redactor do proxecto analizando e acreditando que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable conforme o sinalado no artigo 5.1 desta Ordenanza.

O estudo de inviabilidade económica considerará o sinalado no artigo 2.5 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

b) Proxecto de obras asinado polo técnico competente que, ademais da esixida regulamentariamente, incluíra as determinacións e documentación seguinte:

- Informe sinalando que o Proxecto cumpre coa normativa urbanística aplicable o coa sinalada nesta Ordenanza.

- Memoria descritiva da solución adoptada dende o punto de vista urbanístico, construtivo e compositivo.

- Reportaxe fotográfico do estado actual do edificio e o súa contorna e, no caso de edificios protexidos, fotocomposición da imaxe final.

- Orzamento da actuación.

- Plano a escala suficiente da contorna afectada grafiando percorridos peonís e rodados existentes e definindo a incidencia da torre de ascensor proxectada sobre os mesmos.

- Descrición e planos detallados recollindo a solución urbanística adoptada no caso de que a implantación da torre de ascensor produza interaccións coa urbanización existente ou afecte á viabilidade e/ou a elementos urbanos.

- Planos do estado actual e reformado da edificación en plantas, seccións e alzados.

- Memoria, planos e orzamento que definan o deseño final e as obras necesarias para a reposición e/ou reforma da vía pública ou zona verde afectada pola actuación indicando os servizos existentes e solución proposta.

2. Previamente á comunicación de inicio de obras o solicitante aportará carta de pago acreditativa do depósito do aval, ou o seu equivalente en metálico, referido á reposición o estado orixinal dos espazos públicos ou zonas verdes.

Artigo 12. Informes.

1. A Xerencia Municipal de Urbanismo emitirá informe técnico nos seguintes aspectos:

a) Validación ou aceptación da Memoria xustificativa presentada analizando e acreditando que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable.

b) Que da instalación non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

c) Que o proxecto intégrase da documentación xeral esixida na normativa municipal e da específica desta Ordenanza.

d) Que o proxecto cumpre as condicións particulares sinaladas na presente Ordenanza.

2. No suposto de que o ascensor se localize en terreos de dominio público municipal a Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase a Área competente en materia de Patrimonio ou á competente en materia de Parques e Xardíns aos efectos de que no prazo de dez días emitan informe determinando o custo de reposición da vía pública ou zona verde e dos elementos preexistentes aos efectos da constitución do aval para a súa reposición ao seu estado orixinal.

3. A Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase á Área competente en materia de Seguridade e Mobilidade nos casos en que a actuación incida no tráfico vial e peonil así como no acceso de vehículos de emerxencia á rede de hidrantes.

4. Cando o edificio forme parte dun conxunto de similares características, a fin de salvagardar a unidade do conxunto urbano, o informe técnico prescribirá que o modelo autorizado sexa referente a instalacións futuras no mesmo ámbito.

5. Emitidos os informes técnicos emitirase informe xurídico considerando a normativa aplicable que conterà a proposta de Resolución en relación á solicitude formulada.

Artigo 13. Actuacións en edificios catalogados ou declarados BIC.

1. Nos edificios protexidos polo seu valor cultural nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural poderán autorizarse solucións alternativas ou innovadoras respecto ás esixencias técnicas que resulten sostibles e respectuosas coas características e elementos de valor cultural do edificio.

2. A concesión de licenza de torre ascensor en edificios incluídos no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) ou no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello (PEPRI Casco Vello) requirirán informe favorable das respectivas Comisións Técnicas de Seguimento. A autorización supeditarase á determinación e execución das medidas que en cada caso estímense necesarias para a preservación e o mantemento dos inmobles nas condicións determinadas en dito réxime.

Outorgada a autorización do parágrafo anterior a proposta elevarase a informe do órgano autonómico competente na xestión do réxime de protección aplicable.

Artigo 14. Resolución.

1. O procedemento de licenza finalizará coa resolución. No caso de ser favorable, autorizará o emprazamento, as obras precisas e a instalación solicitada incluíndo a lexitimación para a ocupación privativa de espazos libres do dominio público conforme o réxime descrito na presente Ordenanza.

2. A licenza urbanística conterà como prescrición os seguintes aspectos:

Obriga de obter a conformidade das empresas subministradoras para a modificación das redes de servizos afectados pola instalación do ascensor, debendo dar cumprimento á solución final.

O custo das obras necesarias para o desvío do trazado dos servizos urbanos afectados así como os de retirada, instalación ou desprazamento dos elementos preexistentes na vía pública como mobiliario urbano ou sinalización, corresponderá o titular da licenza.

3. No caso de ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante Comunicación Previa, estarase ó disposto no artigo 146 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia así coma nos artigos 360 e seguintes do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu Regulamento e a Ordenanza Municipal Reguladora Tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 15. Inicio de obras. Inspección e supervisión das obras e instalacións.

1. O titular da licenza comunicará cunha antelación de 15 días a data de inicio de obra e/ou replanteo.

2. O Concello de Vigo inspeccionará a correcta execución das obras da instalación da torre de ascensor en fachada e supervisará as mesmas nos termos autorizados.

Disposición adicional primeira. Ascensores en solo privado exterior o edificio.

As disposicións e condicións xerais de instalación de torres de ascensores con ocupación do espazo público reguladas no Título Preliminar, I e II desta Ordenanza serán de aplicación á instalación de torres de ascensores en solos privados exteriores salvo as específicas para ocupación do espazo público, unha vez constatada a imposibilidade técnica ou económica da súa instalación no interior da edificación.

Cando non sexa técnica ou economicamente viable ou, no seu caso, incompatible co seu grao de protección, poderanse aplicar solucións alternativas que permitan alcanzar o maior grao de adecuación ás condicións de accesibilidade universal.

Disposición adicional segunda. Outros axustes razoables en materia de accesibilidade.

1. As previsións desta Ordenanza relativas as torres ascensor en espazos libres e de dominio público serán de aplicación ás pequenas actuacións dirixidas a salvar reducidos desniveis de acceso mediante ramplas ou mediante plataformas mecánicas ben inclinadas, ben verticais ou outros elementos análogos.

2. Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, no seu caso, iso resulte incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que subscriba a memoria, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.

3. A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polos propietarios e usuarios.

Disposición adicional terceira. Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Engádase no artigo 1, Feito Impoñible, da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público un apartado 2 co seguinte contido:

2. Non constituirá feito impoñible para o devengo de taxa polos aproveitamentos especiais sinalados no apartado a) do artigo 1 a instalación o servizo da edificación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso dotacional ou residencial colectivo que carezan de instalación de ascensor.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a instalación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo

Para facilitar os obxectivos contemplados nesta Ordenanza poderán establecerse axudas públicas a través das actuacións subvencionables acollidas aos programas que convoque o Concello de Vigo de conformidade coas bases reguladoras que ao seu efecto se establezan.

Disposición transitoria segunda. Procedementos iniciados

Os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

Disposición final primeira. Interpretación da Ordenanza.

As mencións na presente Ordenanza a normas específicas entenderase extensiva á norma que por promulgación posterior a substitúa.

Corresponde á concellería delegada da Área competente en materia Urbanismo a coordinación das actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación desta Ordenanza e fixar mediante Instrución os seus criterios interpretativos.

As definicións dos conceptos regulados nesta Ordenanza serán interpretados e aplicados conforme á Lei 1/2019, do 22 abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbana de Galicia e conforme o Decreto 143/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor.

Conforme o artigo 65 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Administración da Comunidade Autónoma.”

Con data 12.08.20, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe preceptivo.

O interventor xeral, en data de 18.08.20, emite informe de fiscalización.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 1.09.20, ditamina favorablemente dita proposta.

En data 10.09.20, a Xunta de Goberno Local acorda favorablemente a proposta que antecede.

Abrése o prazo de 6 días para que os grupos municipais presenten as emendas que estimen oportuna.

O concelleiro membro non adscrito presenta en data 22.09.20, emenda a dita Ordenanza.

O 24.09.20, a concelleira delegada de Urbanismo resolve o seguinte:

“En sesión de data 10/09/2020, a Xunta de Goberno local aproba o proxecto de ordenanza municipal para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade en edificios construídos de uso residencial e colectivo e dotacional no termo municipal de Vigo.

Segundo o disposto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno, procedeuse a apertura do prazo de emendas aos voceiros dos grupos municipais.

En data 22/09/2020, o BNG presenta emenda relativa a corrixir grallas e erros gramaticais e ortográficos, así coma evitar a utilización de linguaxe sexista na tramitación da presente ordenanza.

En data 23/09/2020 foi remitido o texto íntegro ao servizo de normalización lingüística do concello de Vigo.

Tras a revisión lingüística da totalidade do articulado por ese servizo, e toda vez que non se modifican consideracións técnicas nin xurídicas, a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo resolve continuar a tramitación do presente expediente coa súa remisión ao Pleno do seguinte teor literal:

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE TANTO EN FACHADAS COMA EN INTERIOR DE EDIFICIOS CONSTRÚIDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.
(Expte 103457/421)

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Na data 21/02/2020 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo acorda incoar o presente expediente administrativo; tramitándose dende a Oficina de Licenzas da

Xerencia Municipal de Urbanismo baixo o número 103457/421, dándosele conta ó Consello da Xerencia de Urbanismo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 03/03/2020 toma coñecemento do inicio das actuacións previas á elaboración da presente Ordenanza consistentes na apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da *“Ordenanza reguladora para a instalación de ascensores en fachada de edificios construídos de uso residencial no termo municipal de Vigo”*, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo.

En data 04/03/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo o borrador da presente ordenanza, comenzando o prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións a 05/03/2020.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 na súa Disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público advertindo que reanudasen no momento no que perda vixencia o real decreto ou as prórrogas do mesmo.

Non obstante o exposto; o apartado 4. da Disposición adicional terceira do mesmo Real Decreto 463/2020, segundo redacción modificada polo Real Decreto 465/2020, sinala,

“Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que ... sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.

Por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, en data 28/04/2020, acorda a continuación do procedemento administrativo incoado para a redacción dunha Ordenanza para a instalación de ascensores en fachada en edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional abrindo a continuación do prazo para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura ordenanza.

En data 22/04/2020 publícase na sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Vigo a reanudación do prazo de vinte días hábiles para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións. Deixase constancia na sede electrónica e no portal de transparencia, que dito prazo finaliza a 12/05/2020.

Durante o prazo de exposición pública do borrador da presente Ordenanza, a Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) presenta suxestións na data 23/03/2020 no rexistro web da XMU. (cod sol. W425932-5811) Así mesmo, e xa fóra de prazo, presenta suxestións a 15/05/2020 o técnico Domingo Couto Toucedo.(cod sol. W431787-7619)

A 10/08/2020, a técnica de Administración Xeral asina memoria de impacto normativo que consta no expediente.

En data de 11/08/2020 a Técnica de Administración xeral, co conforme do Xerente da XMU, formula a proposta de acordo que consta no Expediente que na mesma data é trasladado á Secretaría do Pleno o obxecto do informe preceptivo sinalado no artigo 3.3.d)1.º do R.D. 128/2018.

A 12/08/2020 o Secretario do Concello de Vigo emite o preceptivo informe.

O interventor do Concello de Vigo a 18/08/2020 imite informe.

II. MARCO NORMATIVO

As ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

III. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das ordenanzas e regulamentos municipais (art 123.1) .

O procedemento para a aprobación da ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxestións.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, coma así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da ordenanza.

Segundo o artigo artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e organizacións afectadas. A presente ordenanza axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

IV PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Deseguido a concelleira emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de data 25.09.20, actuando como Comisión Informativa do Pleno, ditamina favorablemente a proposta de Ordenanza.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade espero que nesta iniciativa ou desta proposta do goberno municipal cambie a tónica, e si que teñamos o apoio dos grupos da oposición para levar adiante unha medida que ten como obxectivo fundamental garantir a igualdade de tódolos cidadáns porque cada día observamos como dende logo na pirámide de poboación hai máis persoas maiores que teñen dificultades para poder acceder as súas vivendas, cando estas non teñen un medio mecánico que lles axude a chegar ao seu piso, dende logo tamén observamos como teñen algunhas dificultades para subir polas rúas, polo tanto, o concello de Vigo está a facilitar a accesibilidade nos espazos públicos pero tamén queremos facilitar a accesibilidade a eses espazos privados, ademais o texto refundido da Lei do Solo

de rehabilitación urbana sinala que somos os poderes públicos os responsables de tomar as medidas axeitadas para intentar garantir estas medidas de accesibilidade e en particular as vivendas, accesos aos edificios, ás vivendas colectivos, aos edificios dotacionais, polo tanto, esta medida, esta iniciativa, esta ordenanza ten como obxectivo fundamental que poidamos encaixar este desexo dentro da nosa realidade e que polo tanto podamos facer posible que incluso en aqueles casos que por motivos económicos ou técnicos sexa imposible que por exemplo, un edificio de vivenda colectiva poida instalar unha ascensor dentro do propio edificio poidamos facilitarlle que o poidan facer por fora e incluso aínda que este ascensor que ocupar unha parte do viario público, de tal xeito que polo tanto, esta ordenanza ten como obxectivo fundamental permitir a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensables para a instalación de ascensores ademais concretar as condicións técnicas e xurídicas que resulten da aplicación para a instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa e ademais establecer o procedemento formal para a tramitación das solicitudes co obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que ademais promova a eficacia e a axilidade precisamente desta iniciativa.

Polo tanto, que pretendemos? Pretendemos que en tódolos aqueles casos onde sexa imposible a instalación dun ascensor se poida facer en fachada, ademais hai establecer cales son as condicións con que se pode establecer nesa fachada para garantir por suposto que isto non afecta aos residentes nese edificio negativamente, ademais se establece cal é o procedemento de solicitude de licencia ou comunicación previa para poder facer esa obra, e se establecen ademais as condicións mínimas que debe ter a vía pública, porque baixo ningún concepto o viario público, logo desa ocupación por un elemento anexo a edificación para garantir a accesibilidade pois pode ter unhas dimensións inferiores a 1,50 metros, excepcionalmente 1,20 metros cando non exista outra solución, sabemos ademais que neste momento en Vigo existen edificacións, especialmente no barrio de Coia, pero en moitos outros barrios da cidade, aqueles edificacións que foron construídas arredor dos anos 50, 60, a principios dos 70 que non contan con ascensor, que esta medida polo tanto, lle vai a permitir dar unha oportunidade

para solventar un problema que a día de hoxe está incomunicando á xente nas súa casa, polo tanto, que non poden saír á rúa o ben por cuestións de dependencia ou ben por cuestións de idade, polo tanto, facilitándoa, tamén se amplía esta ordenanza para que dentro das propias edificacións se poidan resolver problemas ou ben en patios interiores, ou ben solventar nalgunhas cuestións técnicas cando se instalaron ascensores dentro dos propios edificios e adicionalmente ademais se regula que esta ordenanza permita que en edificios que son declarados ben de interese cultural, pois obviamente o proxecto singular que se presente para facilitar ese acceso ten que ser avaliado pola comisión de seguimento do Plan do Ensanche en particular ou do Casco Vello, e dende logo terá que ter o informe favorable do organismo competente que será Patrimonio.

Polo tanto, entendemos que regula tódolos casos e sobre todo é un paso decisivo para garantir a igualdade e a accesibilidade nos edificios de vivenda colectiva.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego valoramos positivamente a proposta de ordenanza que entendemos vai permitir facilitar a accesibilidade e que vai beneficiar sobre todo a ámbitos e a barrios como o mencionado de Coia, ámbitos moi poboados e onde as características de moitas das edificacións non o permitían, contan polo tanto co voto favorable do BNG para aprobar esta ordenanza. En todo caso si que quixéramos facerlle un apelo a seguir avanzando cara unha política integral que faga plenamente accesible á cidade e entendemos que un primeiro paso nese sentido sería reactivar e dotar de contido efectivo ao Consello Local de Accesibilidade.

Por último, en relación ao debate de remanentes este concelleiro do BNG mantén a proposta que fixo o Sr. Caballero na Comisión de Reconstrución do Congreso, derogación da Lei Montoro e un fondo sen condicións de 5.000 millóns para os concellos, o Alcalde presume de falar a miúdo co presidente do Goberno, chame ao Sr. Pedro Sánchez, Sr. Caballero e convénzao de que leva esta proposta ao Congreso dos Deputados, a derogación da Lei Montoro e un fondo sen condicións de 5.000 millóns en favor dos concellos, contará co voto a prol do noso deputado/a Sr. Nestor Rego, do BNG, no Congreso.

SR. PÉREZ CORREA: Nós sabemos que a labor da oposición moitas veces é ser como aquel personaxe de Rafael Azcona na Codorniz ,o de repelente neno Vicente que pero aquí obviamente recollendo o guante que nos bota a concelleira de urbanismo é obvio que non podemos máis que apoiar esta moción e quen lle queira buscar algún tipo de problema pois obviamente que se retrate tamén porque esta moción xa está aprobada en tódolos concellos grandes deste país, en tódolos concellos con cascos históricos, con desenvolvementos urbanísticos dos anos 50 e 60 caso por exemplo, da periferia de Madrid, dos barrios de Aluvión que se construíron pois moitos deles sen as dotacións públicas e agora mesmo son varios barrios profundamente envellecidos, polo tanto, non só era necesaria esta moción e urxente senón que nos tiñamos un exemplo que ben retratou a concelleira que é o caso do barrio de Coia que urbanisticamente se fixo precisamente como ese desenvolvemento franquista pero tamén aos barrios de Aluvión que moitas veces naquela altura nin sequera se pensaba nos espazos onde colocar ascensores ou cousas que hoxe en día son esenciais como aparcamento e dotacións públicas. Nós estamos de acordo, creo que ademais resolve incluso moitos problemas de convivencia dentro dos edificios, dos problemas moitas veces derivados de querer colocar un ascensor e non ter espazo no edificio, nos pasou recentemente na Avenida de Castelao cunha problemática importante, un bloque de edificio dentro da contorna do centro comercial e esperemos que esta ordenanza axude a resolver eses problemas e nos faga construír unha cidade pensando que vai a estar amplamente embelecida, máis alá de que a Xunta de Galicia quería mostrar en Europa o seu modelo demográfico, unha novas que parece surrealista, hoxe na prensa o noso modelo demográfico é para escondelo e para dicir que non sei se imos a extinción como galegos pero un modelo demográfico que vai a embelecer a poboación e vainos a cambiar practicamente tódalas dotacións públicas, seguramente os que estean aquí neste Pleno dentro de 20 anos, así como nós estamos preocupados das escolas infantís estarán preocupados das cuestións derivadas das persoas de terceira idade, é unha evidencia e isto creo que é unha urxencia que xa este grupo municipal reclamara noutras ocasións e ademais para resolver en concreto este problema que xurdira

no bloque de edificios da Avenida de Castelao e que se aprobe e que obviamente funcione dunha maneira inmediata.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, mire, as críticas loxicamente pois para iso estamos aquí, para facer crítica e para facer debates e os debates ademais enriquecen a vida política e, a democracia e coa mesma vehemencia que lle dixen que esta política fiscal é errática e inxusta e coa mesma vehemencia que lle digo que estas liñas de orzamento tamén o son e que se baseaban nunha norma derogada e que ten vostede que traballar, con esa mesma vehemencia lle digo que esta ordenanza a imos apoiar a favor porque é unha ordenanza útil, porque é unha ordenanza tecnicamente correcta, felicitamos aí aos servizos técnicos da Xerencia e municipais que participaron na súa redacción e esperamos que pase ou supere o período información pública con éxito porque é útil e boa para cidade a nós aí todo o que sexa útil e bo para a cidade pois imos a estar a favor como non podería ser doutro xeito, hai unha ordenanza tipo, na FEMP está ben, unha ordenanza de rehabilitación que aquí se acolle nunha parte e nós aquí non imos facer nin imos a traer ao debate nada que non teña que ver con isto. Estamos a favor, é útil tecnicamente é correcta e veremos o que di a cidadanía.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Agradecer dende logo o apoio de tódolos grupos a esta iniciativa, unha iniciativa que como dicimos todos é necesaria, recordar que o concello ten un programa de axudas, ten un programa de subvencións para axudar á colocación de elementos que permitan a accesibilidade ou ben ascensores ou ramplas etc, que está permitindo que en parte dos edificios de Vigo se estean instalando ascensores e medidas de accesibilidade como ramplas de acceso etc. Polo tanto, isto vai na mesma liña na que levamos tempo traballando e dende logo o continuamos a facer.

(No momento da votación atópase ausente a concelleira, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional que coma Anexo I se incorpora á presente resolución.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

ANEXO I.

Anteproxecto de Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional.

PREÁMBULO

I. “Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.”

O artigo 9.2 da Constitución refunde a finalidade subxacente da actividade pública concretada na idea de procurar unhas condicións obxectivas de integración das e dos cidadás; por outra banda a configuración do Estado como “social” esixe a intervención dos poderes públicos para que a igualdade dos individuos sexa efectiva. Dende esta visión a eliminación de obstáculos arquitectónicos de accesibilidade e mobilidade é unha aposta das administracións o fin de acadar unha digna calidade de vida.

O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), no artigo 3.3.e) sinala, “Os poderes públicos formularán e desenvolverán, no medio urbano as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social (...) *En particular: garantirán o acceso universal da cidadanía, de acordo cos requirimentos legais mínimos, ós edificios ...*”

II. No marco descrito o TRLSRU no artigo 24.4 indica, “*Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público*”. En idéntico xeito pronúnciase o artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas en Galicia.

Nos preceptos transcritos os lexisladores estatais e autonómicos dan resposta a un baleiro legal e a unha demanda reclamada pola máis elemental idea de mobilidade vertical e polo dereito á cidadanía de gozar dunha vivenda digna e accesible entendendo este termo, non como accesibilidade económica -cuestión que lles corresponde ás políticas de vivenda protexida- senón como accesibilidade funcional.

III. O vixente Plan xeral de ordenación municipal do 1993 (PXOM 1993) non garante na súa normativa nin nas súas previsións unha solución á problemática de accesibilidade dos edificios carentes de ascensor, isto non impide que o Concello de Vigo -poder público comprometido coas políticas de accesibilidade- co fin de elevar a calidade de vida das e dos seus cidadás, no marco da súa competencia no outorgamento de licenzas urbanísticas, artigo 143.2. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no uso da súa potestade regulamentaria, artigo 4 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, desenvolva unha resposta mediante unha norma que posibilite actos de edificación (torre ascensor) en solos de dominio público ou privado para corrixir efectos dispares no goce dos dereitos garantidos na Constitución.

A presente ordenanza -complementaria ás de edificación do vixente PXOU 1993- debe entenderse como unha norma especial para o desenvolvemento dos artigos 3.3 e 24.4 do R.D lei. 7/2015 e como a materialización dunha política de colaboración da Administración municipal desenvolva dende o seu compromiso co principio de igualdade material, artigo 9.2 da Constitución, no seu concepto máis amplo pois garante a prevalencia da accesibilidade (interese particular) fronte a utilización do voo do solo público (interese xeral) conforme ás necesidades básicas dos individuos. Para este fin, impulsa e estimula a instalación dun equipamento esencial (ascensor, rampa...) no uso residencial colectivo.

IV. A ordenanza segue a síntese das que en similar sentido teñen aprobado outras grandes cidades. Neste sentido mostra tres obxectivos básicos, (i) incorpora as previsións normativas ditadas con posterioridade á aprobación do vixente plan xeral, en concreto o TRLSRU que, como se ten exposto, permite a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensables para a instalación de ascensores; (ii) Concreta as condicións técnicas e xurídicas que resultan de aplicación

na instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa; (iii) Disciplina o procedemento formal para a tramitación das solicitudes o obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que redunde en eficiencia e axilidade ofertando un marco de seguridade xurídica.

Na normativa de aplicación subxace a pretensión de favorecer a accesibilidade universal sen distinguir o solo nin polo o seu destino nin pola a súa titularidade. No sentido exposto a ordenanza incorpora a posibilidade de torres de ascensor sobre espazos libres privados aos que se lles aplicarán as condicións xerais establecidas para as torres en espazo público. Tamén menciona a posibilidade da instalación de ascensor no interior dos edificios e a posibilidade de outorgar licenzas sobre espazos de dominio público ou privados para a instalación doutros axustes razoables de pequena entidade.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza garantir e fomentar no ámbito do término municipal de Vigo o cumprimento das medidas de igualdade material que permitan o acceso e a utilización das edificacións conforme coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación. A este efecto regula as condicións técnicas, urbanísticas, administrativas e procedimentais no suposto de autorización de instalación dunha torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo ou dotacional así coma de determinados elementos que permitan realizar axustes razoables tales como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares en edificacións que, carecendo destas ou non reunindo as condicións de accesibilidade ou mobilidade, deban instalarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal.

É tamén obxecto da Ordenanza a instalación de ascensores e outros medios mecánicos similares relativos a facilitar a accesibilidade e mobilidade en solo privado exterior o edificio ou no seu interior.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A instalación da torre ascensor ou dos restantes medios de accesibilidade e mobilidade como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares, ben sexa sobre terreos de dominio público ou de propiedade privada, rexerase polo disposto na presente ordenanza que desenvolve o previsto nos artigos 3.3 e 24.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia; polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e pola normativa técnica de aplicación.

2. As obras precisas para a instalación destes elementos de mobilidade e accesibilidade no interior do edificio encádranse, segundo o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, nas

de *adecuación funcional de edificio*. Son obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Os promotores das actuacións previstas nesta Ordenanza atópanse excepciónados do cumprimento exacto das condicións de habitabilidade se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

3. Respecto ao procedemento para súa tramitación administrativa, no non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 3. Conceptos urbanísticos. Edificio existente; torre de ascensor; axustes razoables.

1. *Edificio existente*. Para os efectos desta ordenanza teñen a consideración de edificios existentes aqueles cuxa solicitude de licenza de obras sexa anterior á entrada en vigor do Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación (CTE) en materia de accesibilidade. No suposto de edificios cuxa solicitude de licenza sexa posterior á devandita norma, enténdese que cumpren as condicións de accesibilidade polo que non se poderán acoller ao previsto nesta ordenanza sen prexuízo de ser susceptibles de axustes razoables.

Teñen tamén a consideración de edificios existentes aqueles construídos con anterioridade ao ano 2010, aínda que non se teña constancia da solicitude de licenza.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación os edificios existentes de usos e tipoloxías diferentes ao de residencial de vivendas colectivas e equipamento de carácter público.

2. *Tipoloxía residencial*. Para os mesmos efectos, considérase edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter outros usos distintos do residencial.

3. *Torre ascensor*. Para os efectos desta ordenanza ten a consideración de torre de ascensor a construción ou instalación integrada polo espazo necesario para a maquinaria e o recinto ou espazo vertical por onde se despraza a cabina do ascensor, as plataformas de embarque e desembarque deste, así como as superficies complementarias que, no seu caso, resulten imprescindibles dispoñer para establecer a comunicación entre as plataformas e o núcleo de comunicación vertical resultante da actuación.

As torres de ascensores e os demais elementos de accesibilidade regulados nesta Ordenanza tales como ramplas, plataformas elevadoras e similares dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións. Tampouco supoñen alteración da cualificación do solo. Consecuencia do anterior poderán instalarse en edificios que teñan esgotado a edificabilidade máxima asignada no correspondente Plan.

Ás torres de ascensores e aos demais elementos de accesibilidade e mobilidade non lles resultarán de aplicación as condicións de posición da edificación establecidas no planeamento urbanístico.

4. *Ascensor*. Para os efectos desta ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" aprobada por Real Decreto 88/2013, do 8 de febreiro.

5. *Axustes razoables*. Para os efectos desta ordenanza enténdese por axustes razoables en materia de accesibilidade aquelas modificacións e adaptacións necesarias que garantan a todas as persoas o exercicio do dereito de accesibilidade en condicións de igualdade sempre que non impoñan unha carga desproporcionada.

Conforme co artigo 10.1.b) da Lei 49/1960 do 21 de xullo, da propiedade horizontal (LPH), será desproporcionada a carga cando o custo da instalación que se vai realizar, descontadas as posibles subvencións ou axudas públicas percibidas, exceda na súa repercusión anual, de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns. Cumprindo a condición exposta as obras e actuacións necesarias para garantir axustes razoables en materia de accesibilidade universal teñen carácter obrigatorio.

Artigo 4. Condicións xurídicas para a implantación de torres de ascensores e demais medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade.

1. A instalación de torres de ascensores ou doutros elementos como ramplas ou plataformas elevadoras nas condicións previstas nesta Ordenanza está suxeita a licenza urbanística ou comunicación previa.

2. A obtención de título habilitante, no caso de que a instalación sexa urbanisticamente viable, outorgarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade será posible ocupar as superficies de espazos libres privados que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos mecánicos, así como superficies comúns de uso privativo tales como vestíbulos, descansos, zonas de circulación ou paso, sobrecubertas, saíntes, soportais e outros espazos libres tanto se se sitúan no chan, como no subsolo ou no voo; asegurarse sempre a funcionalidade dos espazos libres.

Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese público acreditado considere necesaria a súa extinción.

3. Os efectos desta Ordenanza consideraranse dominio público:

Solo demanial de titularidade e uso público.

Solos patrimoniais adscritos a un uso ou servizo público por máis de 30 anos.

Solos nos que se atope constituída unha cesión de uso público de superficie.

4. Cando para a instalación de torres de ascensores e demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta ordenanza sexa necesaria a ocupación de terreos de dominio público non municipais será precisa a autorización da Administración titular do solo, neste suposto a Administración municipal poderá solicitar da Administración titular a cesión de uso do espazo que resulte necesario.

TÍTULO I

Condicións para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade

Artigo 5. Xustificación e condicións xerais de localización de torres ascensor en fachada.

1. Nos edificios construídos de uso residencial colectivo poderase autorizar a instalación de torres de ascensores apegadas ás fachadas ben ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas), ben ocupando espazos privados, cando na solicitude de licenza se xustifique que, polas características da edificación, tal solución é a única técnica ou economicamente viable para a corrección da carencia de accesibilidade universal e que dita solución, no caso de uso residencial colectivo, non afecta nin ás vivendas nin aos locais existentes.

En todo caso xustificarse que a instalación de ascensor non é posible no interior do edificio ben no oco de escaleiras, ben no patio interior xa sexa aberto ou de luces. Entenderase que non é posible a instalación do ascensor no interior do edificio nalgún dos seguintes casos:

- a. Cando non exista espazo suficiente nas zonas comúns ou no oco de escaleiras.
- b. Cando non sexa posible garantir o cumprimento das esixencias básicas do CTE e os seus documentos de apoio.
- c. Cando a instalación afecte a elementos ou espazos obxecto de protección.
- d. Cando non sexa posible a ocupación de zonas privativas conforme á LPH

A autorización outorgarse considerando o mantemento da edificación e que dela non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

Os servizos urbanos existentes serán retranqueados fóra do espazo ocupado pola instalación.

2. A solución adoptada integrarase coa fachada do edificio no referente á forma e dimensións da torre de ascensor e dos materiais empregados.

3. A solución permitirá o funcionamento do espazo público en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade. Quedará garantido o acceso de vehículos de emerxencia.

A solución para a instalación da torre no exterior do edificio observará un ancho mínimo de paso de 1,50 metros. Excepcionalmente reducirase a 1,20 metros no suposto que as características do espazo público a faga inviable.

4. Aplicaranse as medidas de sinalización establecidas na normativa de accesibilidade.

Artigo 6. Condicións particulares da instalación de torres ascensor na fachada dos edificios.

1. *Características.* Non se permitirá a instalación de ascensores de velocidade igual ou inferior a 0,15m/s se han de servir mais de dous niveis ou a un percorrido superior de a 3,20 metros; estarán dotados de sistemas de tracción que garantan un baixo consumo eléctrico; evitarase a instalación de ascensores hidráulicos agás por razóns excepcionais e construtivas.

2. *Acceso.* O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmovible e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (a ras) nos accesos será perfecta.

Dotarase ós núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior en nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor.

3. *Distancia a fachadas.* Dependerá en cada caso da disposición do ascensor sobre o espazo público.

4. *Distancia a xanelas.* Evitarase que as actuacións incidan negativamente nas condicións de salubridade e hixiene das dependencias habitables existentes no edificio ou nos edificios lindeiros.

Os documentos gráficos do proxecto reflectirán a disposición de todas as xanelas das vivendas que ventilan ou iluminan a través dos espazos onde poida existir incidencia da torre ascensor con indicación do uso das devanditas estancias.

Son dependencias habitables o conxunto de pezas nas que se desenvolve a vida das persoas que ocupan vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas habitables as estancias e as cociñas.

Considerarase que non existe a dita incidencia negativa cando se poida verificar que:

a. Non se produce ningunha interferencia de luces rectas entre a instalación de ascensor e os ocos de xanela existentes na fachada do edificio.

b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano de cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vividera é de baño, aseo ou corredor.

5. *Acabados exteriores e peche perimetral.* Serán acordes cos materiais e cores das edificacións existentes. Serán duradeiros, integrados coa contorna e de aspecto lixeiro co fin de xerar o menor impacto visual. Procurarase o uso de elementos permeables á luz e ao aire en todo caso o cerramento impedirá introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

6. *Instalacións.* Dispoñerase da instalación de recollida e evacuación de augas pluviais ata a rede pública. Non se realizarán actuacións antiestéticas, inconvenientes ou lesivas non integradas tales como condutos eléctricos ou de telecomunicacións apegados á fachada visibles desde a vía pública. Instalaranse baixo molduras, canalizacións ou condutos integrados na fachada.

7. *Cuarto de máquinas.* Situarase en todo caso no interior do volume da edificación ou sobre o recinto de percorrido da cabina. Será accesible desde zonas comúns e cumprirá as condicións de illamento acústico previstas na normativa municipal sobre Protección do Medio Ambiente e contra ruídos e vibracións. Permitiranse casetóns que deban localizarse por riba das pendentes de cuberta e sexan obrigatorios en virtude da normativa sectorial.

8. *Obras de urbanización.* Os remates de execución de obras de urbanización para realizar no espazo público, tales como pavimentado e bordos, entre outros, utilizarán materiais de idénticas calidades e características aos existentes. As obras complementarias de urbanización asegurarán o mantemento e correcto funcionamento das redes de infraestruturas e servizos urbanos que, no seu caso, discorran por estes espazos. Garantirán as modificacións necesarias que se mantén e resolve axeitadamente o interese público destes espazos. A estes efectos depositarase con carácter previo á obtención da licenza ou título que corresponda, fianza ou aval bancario que garanta a reposición dos servizos urbanísticos que puideran verse afectados pola execución das obras.

Cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características do mobiliario urbano, prazas de aparcamento ou plantacións situadas naquel os custos de modificación serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar o ascensor.

Artigo 7. Ascensores no interior dos edificios.

1. Comprende aquelas situacións posibles que non modifican o sólido capaz orixinal do edificio, é dicir, non se altera o fondo edificado do inmovible, nin as fachadas, nin este sofre unha distorsión perceptible desde o exterior salvo a eventual aparición do casetón da maquinaria nos planos de cuberta. As ditas situacións poden ser:

a. No interior do edificio, preferentemente na caixa de escaleiras.

b. En patio interior. Situación que comprende tanto os patios de luces como os patios abertos a fachada, pero sempre ao interior dos planos que configuran as fachadas orixinais do edificio.

c. En situacións especiais. Situación concreta e particular que deberá explicarse no proxecto.

2. Permítese unha redución da dimensión mínima do patio resultante que estivese establecida con carácter xeral pola normativa urbanística ou sectorial de aplicación; en todo caso a superficie do patio resultante redución non será inferior o 25% da dimensión mínima establecida con carácter xeral para os patios na normativa urbanística.

3. Non serán de aplicación as alturas libres mínimas en función dos usos regulados na normativa urbanística polo que poderán manter as alturas existentes. No caso de que sexa indispensable unha redución da altura admitiranse alturas libres mínimas de ata 2,40m en usos residenciais e espazos comúns de circulación do uso residencial e de 2,10m en zonas de circulación de uso garaxe-aparcamento, que poderán chegar a 2,00m en prazas de aparcamento e rochos. Estas reducións non superarán o 20% da superficie útil do recinto considerado.

4. Poderán eliminarse as prazas de aparcamento e/ou rochos imprescindibles, aínda que se incumpra a dotación mínima de prazas de garaxe aparcamento e rochos dos usos residenciais imposta como obriga na licenza de construción da edificación. Ademais da necesaria xustificación técnica, será requisito indispensable contar coa conformidade do propietario do elemento que se elimina.

5. En todo caso a instalación dun ascensor interior non supoñerá a desaparición dos ocos de acceso ao patio salvo que se acredite que é imprescindible a súa desaparición para tal instalación, neste caso deberán dispoñerse ocos substitutivos ou, en todo caso, medios alternativos para o acceso ao patio.

6. No suposto que a instalación dun ascensor no interior do edificio imposibilite a escaleira deste conforme coa normativa técnica aplicable poderase autorizar a instalación de torres de escaleiras encostadas ás fachadas coa ocupación de espazos libres ou de dominio público (vías públicas). As torres de escaleiras, dado o seu interese xeral e prioritario sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan para os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración da cualificación do solo.

Artigo 8. Instalación de ramplas e plataformas elevadoras.

1. As ramplas e plataformas elevadoras poden colocarse:

a. De forma preferente, no interior da edificación, ben sexa en zonas comúns ou, no caso de que fose imprescindible, con afección a propiedades particulares.

b. Cando a colocación dos devanditos elementos no interior do edificio sexa inviable técnica ou economicamente, ou resulte incompatible co seu grao de protección, as persoas interesadas poderán solicitar a instalación destes elementos polo exterior do edificio, ocupando espazos privados de uso público ou espazos públicos. Quedará suxeita esta ocupación á pertinente autorización municipal, ou da administración titular.

2. Toda solución exposta debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, forma e dimensións, materiais e cores empregadas. Así mesmo, debe asegurarse a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puidesen verse afectados, en particular os percorridos peonís e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

3. No caso de que a proposta contemple a localización en solo de uso público deberá xustificarse, achegando e detallando as razóns que, no seu caso, impidan a localización no interior do edificio. Para a localización dos devanditos elementos polo exterior da edificación, sobre espazos de dominio privado ou público, quedando sometidos á previa obtención de licenza urbanística e de calquera outro título habilitante necesario.

4. Os servizos técnicos municipais poderán, tras o exame da documentación achegada, requirir a información que consideren precisa sobre calquera emprazamento posible, todo iso con obxecto de perfeccionar a proposta en canto á súa localización definitiva.

Artigo 9. Seguridade de utilización e accesibilidade. Seguridade en caso de incendio.

1. No referente ás condicións de seguridade de utilización e de accesibilidade a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais sectoriais de aplicación.

2. Co fin de garantir a accesibilidade universal deberase dispoñer dun itinerario accesible que comunique a cabina do ascensor tanto coa vía ou espazo público como coas vivendas segundo a definición establecida no Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DB SUA) do CTE.

3. Cando se dean as circunstancias de inviabilidade de cumprimento do CTE ou dos seus documentos interpretativos propoñeranse solucións alternativas e autorizaranse modificacións no trazado das escaleiras non estritamente axustadas ás disposicións específicas da normativa vixente en materia de accesibilidade atendendo á mellora na accesibilidade xeral que representa a torre ascensor; tal solución non supoñerá o incumprimento da normativa vixente de Protección contra Incendios.

4. No referente ás condicións de seguridade en caso de incendio, a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais e sectoriais de aplicación.

5. As obras de mellora da accesibilidade mediante torre ascensor no exterior dun edificio existente non reducirán as condicións esixibles de aproximación dos vehículos de emerxencia á contorna do edificio ou os seus lindeiros nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

6. Nos casos de edificios de vivenda colectiva nos que se autorice a instalación de torre ascensor e que carezan das instalacións de iluminación, sinalización de emerxencia e extintores conforme a normativa, esixirase a colocación destes elementos nos percorridos de evacuación con independencia doutras melloras que poidan resultar obrigatorias en cumprimento do CTE.

TÍTULO II

Normas sobre procedemento

Artigo 10. Procedemento e solicitude de licenza de torres ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios.

1. En todo caso será preciso tramitar expediente de solicitude de licenza urbanística para a instalación de torres de ascensores ou outros medios de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios, ocupen ou non, espazos de dominio público, conforme co procedemento definido na norma reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas coas especialidades previstas nesta ordenanza.

2. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de licenza urbanística en modelo normalizado. A solicitude acompañarase da documentación xeral prevista na Ordenanza reguladora para a tramitación de licenzas urbanísticas no procedemento de licenza de reestruturación e considerando a documentación específica desta Ordenanza.

3. Nos supostos de edificios existentes sometidos ao réxime de propiedade horizontal, ademais da documentación xeral, achegarase certificación literal do acordo de instalación da torre ascensor expedida polo secretario ou administrador da Comunidade de Propietarios co visto e praxe do presidente; tal certificación, ademais de mencionar que o acordo foi adoptado consonte coas normas que rexen o funcionamento da Comunidade de Propietarios, mencionará a aprobación do proxecto de obras achegado á solicitude.

4. Se o inmovible non estivese sometido ao réxime legal de propiedade horizontal por non resultar obrigatorio conforme as normas de Dereito privado, ademais da documentación xeral esixible, farase constancia expresa desta circunstancia e achegarase o documento notarial ou rexistral que o acredite.

Artigo 11. Documentación específica.

1. Será esixible a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa subscrita polo técnico redactor do proxecto, que analice e acredite que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable conforme o sinalado no artigo 5.1 desta ordenanza.

O estudo de inviabilidade económica considerará o sinalado no artigo 2.5 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

b) Proxecto de obras asinado polo técnico competente que, ademais da esixida regulamentariamente, incluíra as determinacións e documentación seguinte:

- Informe no que se sinala que o proxecto cumpre coa normativa urbanística aplicable o coa indicada nesta ordenanza.

- Memoria descritiva da solución adoptada dende o punto de vista urbanístico, construtivo e compositivo.

- Reportaxe fotográfica do estado actual do edificio e da súa contorna e, no caso de edificios protexidos, fotocomposición da imaxe final.

- Orzamento da actuación.

- Plano a escala suficiente da contorna afectada grafiando percorridos peonís e rodados existentes e definindo a incidencia da torre de ascensor proxectada sobre os mesmos.

- Descrición e planos detallados que recollan a solución urbanística adoptada no caso de que a implantación da torre de ascensor produza interaccións coa urbanización existente ou afecte á viabilidade e/ou a elementos urbanos.

- Planos do estado actual e reformado da edificación en plantas, seccións e alzados.

- Memoria, planos e orzamento que definan o deseño final e as obras necesarias para a reposición e/ou reforma da vía pública ou zona verde afectada pola actuación coa indicación dos servizos existentes e solución proposta.

2. Previamente á comunicación de inicio de obras o solicitante achegará carta de pago acreditativa do depósito do aval, ou o seu equivalente en metálico, referido á reposición ao estado orixinal dos espazos públicos ou zonas verdes.

Artigo 12. Informes.

1. A Xerencia Municipal de Urbanismo emitirá informe técnico nos seguintes aspectos:

a) Validación ou aceptación da Memoria xustificativa presentada na que se analizará e acreditará que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable.

b) Que da instalación non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

c) Que o proxecto intégrase da documentación xeral esixida na normativa municipal e da específica desta ordenanza.

d) Que o proxecto cumpre coas condicións particulares sinaladas na presente ordenanza.

2. No suposto de que o ascensor se localice en terreos de dominio público municipal a Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase a Área competente en materia de Patrimonio ou á competente en materia de parques e xardíns para os efectos de que no prazo de dez días emitan informe no cal se determine o custe de reposición da vía pública ou zona verde e dos elementos preexistentes co fin da constitución do aval para a súa reposición ao seu estado orixinal.

3. A Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase á área competente en materia de seguridade e mobilidade nos casos en que a actuación incida no tráfico viario e peonil así como no acceso de vehículos de emerxencia.

4. Cando o edificio forme parte dun conxunto de similares características, a fin de salvagardar a unidade do conxunto urbano, o informe técnico prescribirá que o modelo autorizado sexa referente a instalacións futuras no mesmo ámbito.

5. Tras os informes técnicos emitirase informe xurídico respecto á normativa aplicable que conterà a proposta de Resolución en relación á solicitude formulada.

Artigo 13. Actuacións en edificios catalogados ou declarados BIC.

1. Nos edificios protexidos polo seu valor cultural nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural poderán autorizarse solucións alternativas ou innovadoras respecto ás esixencias técnicas que resulten sostibles e respectuosas coas características e elementos de valor cultural do edificio.

2. A concesión de licenza de torre ascensor en edificios incluídos no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) ou no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello (PEPRI Casco Vello) requirirán informe favorable das respectivas Comisións Técnicas de Seguimento. A autorización supeditarase á determinación e execución das medidas que en cada caso se estimen necesarias para a preservación e o mantemento dos inmobles nas condicións determinadas no dito réxime.

Outorgada a autorización do parágrafo anterior a proposta remitirase para informe do órgano autonómico competente na xestión do réxime de protección aplicable.

Artigo 14. Resolución.

1. O procedemento de licenza finalizará coa resolución. No caso de ser favorable, autorizará a localización, as obras precisas e a instalación solicitada con inclusión da lexitimación para a ocupación privativa de espazos libres do dominio público conforme o réxime descrito na presente ordenanza.

2. A licenza urbanística conterà como prescrición os seguintes aspectos:

Obriga de obter a conformidade das empresas subministradoras para a modificación das redes de servizos afectados pola instalación do ascensor, debendo dar cumprimento á solución final.

O custo das obras necesarias para o desvío do trazado dos servizos urbanos afectados así como os de retirada, instalación ou desprazamento dos elementos preexistentes na vía pública como mobiliario urbano ou sinalización, corresponderalle titular da licenza.

3. No caso de ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante comunicación previa, estarase ó disposto no artigo 146 da lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia así coma nos artigos 360 e seguintes do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento e a Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 15. Inicio de obras. Inspección e supervisión das obras e instalacións.

1. O/a titular da licenza comunicará cunha antelación de 15 días a data de inicio de obra e/ou replanteo.

2. O Concello de Vigo inspeccionará a correcta execución das obras da instalación da torre de ascensor en fachada e supervisará as mesmas nos termos autorizados.

Disposición adicional primeira. Ascensores en solo privado exterior o edificio.

As disposicións e condicións xerais de instalación de torres de ascensores con ocupación do espazo público reguladas no Título Preliminar, I e II desta ordenanza serán de aplicación á instalación de torres de ascensores en solos privados exteriores salvo as específicas para ocupación do espazo público, unha vez constatada a imposibilidade técnica ou económica da súa instalación no interior da edificación.

Cando non sexa técnica ou economicamente viable ou, no seu caso, incompatible co seu grao de protección, poderanse aplicar solucións alternativas que permitan alcanzar o maior grao de adecuación ás condicións de accesibilidade universal.

Disposición adicional segunda. Outros axustes razoables en materia de accesibilidade.

1. As previsións desta ordenanza relativas as torres ascensor en espazos libres e de dominio público serán de aplicación ás pequenas actuacións dirixidas a salvar reducidos desniveis de acceso mediante ramplas ou mediante plataformas mecánicas ben inclinadas, ben verticais ou outros elementos análogos.

2. Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, no seu caso, iso resulte incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que subscriba a memoria,

aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.

3. A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polas persoas propietarias e usuarias

Disposición adicional terceira. Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Engádase no artigo 1, Feito Impoñible, da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público un apartado 2 co seguinte contido:

2. Non constituirá feito impoñible para o devengo de taxa polos aproveitamentos especiais sinalados no apartado a) do artigo 1 a instalación o servizo da edificación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso dotacional ou residencial colectivo que carezan de instalación de ascensor.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a instalación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo

Para facilitar os obxectivos contemplados nesta Ordenanza poderán establecerse axudas públicas a través das actuacións subvencionables acollidas aos programas que convoque o Concello de Vigo de conformidade coas bases reguladoras que ao seu efecto se establezan.

Disposición transitoria segunda. Procedementos iniciados

Os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

Disposición final primeira. Interpretación da Ordenanza.

As mencións na presente ordenanza a normas específicas entenderase extensiva á norma que por promulgación posterior a substitúa.

Corresponde á concellería delegada da Área competente en materia Urbanismo a coordinación das actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación desta Ordenanza e fixar mediante Instrución os seus criterios interpretativos.

As definicións dos conceptos regulados nesta Ordenanza serán interpretados e aplicados conforme á Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia e conforme o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor.

Conforme o artigo 65 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Administración da Comunidade Autónoma.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

10(156).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, DEMANDANDO A INVESTIGACIÓN DO ACONTECIDO NAS RESIDENCIAS DE MAIORES DURANTE A PRIMEIRA ONDA DO CORONAVIRUS E INSTANDO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTIVAS. REXISTRO PLENO 2608/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2608/1101, o concelleiro membro Non Adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“DEMANDANDO A INVESTIGACIÓN DO ACONTECIDO NAS RESIDENCIAS DE MAIORES DURANTE A PRIMEIRA ONDA DO CORONAVIRUS E INSTANDO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTIVAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que se declarou en Galiza a emerxencia sanitaria, o 13 de marzo de 2020, até o momento de se rexistrar esta moción, segundo os datos oficiais, faleceron en Galiza 726 persoas por mor da Covid-19. Delas, 4 de cada 10 eran persoas usuarias de centros residenciais. Na área sanitaria de Vigo as vítimas mortais aproxímanse xa ao centenar. A meirande parte da desgrazada perda de vidas humanas na nosa cidade produciuse na residencia DomusVi de Barreiro, onde segundo os rexistros oficiais faleceron 32 persoas (até o pasado 11 de setembro) , pero que colectivos de familiares elevan até 47.

Non son só estatísticas. Non son apenas cifras. Son o maior e máis doloroso expoñente do impacto brutal que a vixente pandemia do coronavirus tivo, e segue a ter, no noso País e na nosa cidade. A estas vidas perdidas por causa da Covid-19, hai que engadir varios millares de persoas enfermas, algunhas delas atravesando semanas críticas e que hoxe enfrontan graves secuelas na súa saúde.

Durante a primeira onda da pandemia, entre os meses de marzo e xuño, as residencias de maiores foron un dos principais focos de contaxio producíndose situacións de enorme gravidade nalgúns deles, fundamentalmente de titularidade privada, que motivaron a intervención pública dos centros máis afectados e mesmo o traslado de persoas usuarias a outros espazos para garantir a súa seguridade. Ese foi o caso, por exemplo, da residencia DomusVi en Barreiro.

A crise sanitaria provocada pola Covid-19 fixo emerxer con toda crueza as carencias, as deficiencias e a precariedade de recursos do actual modelo de residencias de maiores e centros de persoas con discapacidade en Galiza. Un modelo que deixa en mans de entidades privadas o coidado das persoas maiores e converte un dereito, como é a vellez digna, nun lucrativo negocio.

Un modelo “indigno”, como así o cualifica Rede - Federación Galega de usuarios e familiares de residencias e dependencia, que provocou como ten afirmado publicamente este colectivo “un masacre no interior das residencias”. Un modelo que ten responsabilidades non só nas empresas privadas -algunha delas con estreitísimas ligazóns de amizade e complicidade persoal co poder político en Galiza-, senón na propia administración, que axiu durante meses como consentidora a pesar de ter pleno coñecemento da insuficiencia de medios humanos e materiais, da falla de protocolos efectivos, do nulo soporte sanitario nestes centros ou da vulneración dos dereitos das familias a seren informadas da situación dos seus seres queridos e a teren contacto con estes.

A nefasta xestión das empresas privadas titulares destes centros e a inacción cómplice da Xunta, deixou no máis absoluto abandono as persoas maiores malia seren un colectivo vulnerábel e de alto risco fronte ao virus. Como abandonado ficou tamén o persoal das residencias, na súa maioría traballadoras, que a pesar das súas condicións laborais precarias, dos baixos salarios e da falla de medios

esforzáronse a eito, cunha dedicación admirábel, para evitar que o alcance deste drama fose inda maior, e cuxa labor merece do maior recoñecemento social e institucional.

Cómpre lembrar, que a maior parte das prazas de centros residenciais en Galiza son privadas. Das máis de 21.000 prazas de residencias de maiores existentes no noso País, só 8.154 son públicas, e que foron entidades privadas – como DomusVi– as que rexistraron un maior número de persoas contaxiadas e falecidas. Aliás, a Xunta do Partido Popular ten incumplido de maneira reiterada as súas promesas de dotar de máis prazas públicas de residencias a nosa cidade.

Tamén a Covid-19 evidenciou a falta de previsión e anticipación do Goberno galego á hora de adoptar as medidas de prevención e control necesarias, a garantía de persoal suficiente e a adopción escrupulosa dos protocolos. Infelizmente, estamos a constatar como esa situación volve materializarse nesta segunda vaga en curso, rexistrándose de novo contaxios masivos nalgunhas residencias.

Para o Bloque Nacionalista Galego todo o acontecido durante a pandemia merece unha investigación profunda a nivel político que permita coñecer o que pasou nas residencias de maiores do noso país e depurar responsabilidades políticas, se as houber. Mais tamén, é precisa unha investigación en profundidade para detectar erros e carencias garantindo a súa corrección e que situacións como as vividas non volvan repetirse nunca máis.

Así o propuxo o BNG no Parlamento de Galiza, onde a maioría absoluta do Partido Popular decidiu vetar a creación dunha Comisión de Investigación para analizar o que pasou, corrixir erros e avanzar cara un novo modelo que permita garantir o dereito a unha vellez digna, convertendo o seu rodete parlamentar nunha enorme alfombra de indignidade baixo a que agochar as responsabilidades da dramática situación vivida nas residencias e centros de maiores. No entanto, as familias seguen a merecer verdade, xustiza e reparación.

Esta pandemia ten que significar un punto de inflexión. A atención ás persoas maiores en espazos residenciais diferentes aos seus domicilios debe ser a resposta a unha necesidade social polo que debe garantir os dereitos das persoas maiores e perseguir sempre a rendibilidade social, non a económica.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Expresar a esixencia de que se poña en marcha no Parlamento de Galiza unha Comisión de Investigación sobre a xestión da pandemia da Covid-19 nas residencias de maiores e nos centros de discapacidade.
- 2.- Instar a Xunta de Galiza a que proceda á intervención de todas as residencias de maiores, para as poñer baixo control público e blindar estes centros co obxectivo de evitar que se convertan no maior foco de contaxios e mortalidade nesta segunda onda do coronavirus.

3.- Demandar do Goberno galego que promova as actuacións precisas para poñer en marcha un novo modelo de atención ás persoas maiores que, apostando na xestión pública, garanta o dereito a unha vellez digna, e que dote a nosa cidade dunha oferta suficiente de prazas públicas.”

4.- Dar traslado destes acordos ao Presidente da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: O 45% das mortes pola COVID-19 en Galicia producíronse en residencias de maiores a pesares de que só representaban o 3% da poboación. A área sanitaria de Vigo xa estamos preto dos 100 falecementos e a redor da metade destes, 47, segundo os datos dos colectivos de familiares, se produciron na residencia privada de DomusVi Barreiro. Datos que en opinión do Bloque Nacionalista Galego deixan en clamorosa evidencia que algo fallou, que algo grave fallou.

Lupe Martínez perdeu a súa nai nunha residencia de DomusVi o pasado sábado nunha concentración diante do Marco fixo un chamado emocionado a que non nos esquezamos nin das persoas que perderon a vida nin daquelas que seguen na residencias, pediu de maneira clara e rotunda outro modelo de residencias para que non estea en mans de empresas desalmadas, empresas moi amigas do Partido Popular como é o caso de DomusVi a xestión dos coidados dos nosos maiores e das nosas maiores. A moción do Bloque Nacionalista Galego traslada esta cuestión ao Pleno da Corporación para que este Pleno exprese a esixencia de que se poña en marcha no Parlamento de Galicia unha Comisión de investigación que de maneira absolutamente infame vetou o Partido Popular. Queremos tamén instar á Xunta de Galicia a que proceda de maneira inmediata á intervención das residencias de maiores para evitar que volva a suceder nesta segunda voga de contaxios o que sucedeu na primeira, e tamén para demandar ao goberno galego a que promova as actuacións que sexan necesarias para poñermos en marcha un novo modelo de atención ás persoas maiores que aposte na xestión pública para garantir un

dereito, unha vellez digna e que doten tamén á nosa cidade dunha oferta suficiente de prazas públicas.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Neste Pleno imos referirnos tamén aos efectos da nefasta privatización das caixas de aforro galegas como xa fixéramos de feito no anterior Pleno.

No ano 2010 a Xunta de Galicia vendía a súa participación do 45% en Sogaserso, Sociedade Galega de Servizos Sociais, un ente posto en marcha polo bipartito para a construción e a xestión de residencias de maiores que estaba participada noutro 55% por unhas caixas, Caixa Nova e Caixa Galicia que comezaban daquela o seu proceso de fusión. O colapso de NovaCaixaGalicia seguido do fracaso de NovaGaliciaBanco supuxo a posta a venda de maneira precipitada da totalidade dos seus activos e entre os que se atopaban, como dicimos, esas participacións no sistema público de residencias de maiores Sogaserso, así como o resto de residencias xestionadas directamente polas antigas caixas e agrupadas en xeriátricos. En 2017 o antigo sistema público de xestión do Sistema de Residencias está xa completamente en mans privadas e pasa a ser denominado DomusVi sendo dirixido pola antiga funcionaria de facenda a Sra. Josefina Fernández e acumulando xa en 2017, insisto, moreas de denuncias de traballadores e usuarios pola calidade do seu servizo, tal e como puña de manifesto no seu informe, o Consello de Contas en 2017, insisto. Aínda así esta empresa resulta gañadora do Premio Galicia Global que outorga a consellería de Industria en novembro de 2019, é dicir, poucos meses antes da Pandemia e presenta uns beneficios de 20 millóns de euros, co estoupido por tanto da Pandemia póñense de manifesto con toda a súa crueza ós efectos das políticas privatizadoras que deixaron en mans de empresas, movidas unicamente polo afán de lucro a curto prazo a saúde dos nosos maiores, 274 persoas usuarias de residencias da terceira idade morreron en toda Galicia, dende o comezo da crise da COVID-19, un 44% do total, tódalas mortes, excepto unha, rexistráronse en residencias privadas, e destas medio cento producíronse nas tres residencias do grupo DomusVi de Vigo, Cangas e Santiago de Compostela. Ao longo das últimas semanas, efectivamente mentres se suceden as denuncias por vía penal dos familiares das persoas mortas nestas residencias e do persoal sanitario infectado, imos coñecendo aínda máis en detalle as graves

deficiencias e irregularidades na xestión destes centros privados de coidados de persoas da terceira idade.

A xestión da crise do coronavirus nestas residencias amosa, como xa temos denunciado, como vimos denunciado dende maio coa moción que rexistramos, xa amosando as consecuencias fatais da privatización dun servizo público esencial como debería ser o dereito aos coidados e á saúde. Polo tanto, nós defendemos e apoiamos que se poña en marcha no Parlamento Galego unha comisión de investigación sobre a xestión da Pandemia nas residencias e moi especialmente seguimos a defender e insistimos en que o Concello de Vigo inste á Xunta de Galicia a mudar ás súas políticas privatizadoras e a camiñar cara a xestión pública directa destes servizos de atención á dependencia.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Antes de comezar a defender a moción gustárame expresar en nome do Partido Popular e non nos cansaremos de expresar as nosas máis sinceras condolencias polas familias de tódolos falecidos na Pandemia, tanto aqueles que residían nos centros para maiores o discapitados como en xeral para tódolos falecidos derivados pola COVID-19.

Sr. Iglesias, vostede trae ao Concello de Vigo a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión da pandemia da COVID-19 pero vostede sabe igual que eu que isto xa foi debatido a semana pasada no Parlamento Galego e foi alí onde se deron as explicacións oportunas para a creación ou non de dita investigación. E é xustamente alí onde se teñen que debater estas cuestións e non no noso Concello, entendo que vostede se decatou disto. O Partido Popular non oculta os falecidos, os datos son tristes, son lamentables e como vostede se refería non son unha estadística, son toda unha xeración que deu todo pola nosa comunidade, por iso a Xunta de Galicia nunca lle da as costas, con todo Galicia é das comunidades autónomas coas ratios máis baixas de mortalidade por COVID-19 en residencias de maiores, moi por debaixo da media estatal.

A Xunta de Galicia xa comezou a traballar nun novo modelo de residencias que axuda a mellorar a atención e a calidade de vida nos nosos maiores e persoas con discapacidade. Este novo modelo se sustentará nunha nova maior integración de atención social e sanitaria, esta foi a razón pola creación da nova dirección xeral,

dirixida á atención integral socio-sanitaria que ten como obxectivo servir de ponte entre os centros residenciais e o sistema de saúde galego. Dende a Xunta de Galicia xa se está a traballar co novo modelo de residencias coa participación das autoridades sanitarias e co sector residencial. O obxectivo, mellorar o funcionamento do sistema residencial galego, lle informo tamén que outra das actuacións que fará a Xunta de Galicia dirixidas a mellorar a atención asistencial dos maiores, é a próxima construción de 7 novos centros residencias públicos, un en cada unha das grandes cidades de Galicia, con estas novas residencias poñeranse a disposición das persoas maiores en situación de dependencia, 900 novas prazas públicas, estas novas instalacións contarán cos últimos avances tecnolóxicos e con unidades xeriátricas especializadas para o tratamento de residentes que padezan tanto alzhéimer como outros trastornos cognitivos, na actualidade, tódalas residencias galegas dispoñen de varios protocolos de actuación elaborados polo comité clínico que restrinxen a súa intervención unicamente aos casos nos que así o recomenda a autoridade sanitaria. Así mesmo, lle informo que en circunstancias extremas a Xunta de Galicia interviu as residencias, o SERGAS tutelou varias residencias e non se cansará de facelo polo ben das persoas usuarias, traballadores e familias, é importante recalcar que na actualidade o 99% das residencias galegas non contan con ningún caso positivo nin de residentes nin de traballadores, falamos do 1% e aínda que somos conscientes que non debe de existir ningún caso positivo nas nosas residencias, tamén somos conscientes que a xestión galega foi felicitada e copiada por diferentes comunidades do noso país. Non podemos esquecer que esta pandemia é a nivel mundial e que a xestión galega respondeu e seguirá respondendo, facendo os cambios oportunos, ao fío da súa moción non lle parecería conveniente que o goberno central fixera público os datos da pandemia nas residencias, tanto a nivel nacional como en tódalas comunidades autónomas ao igual que fai diariamente a administración autonómica?.

Finalmente me gustaría felicitar e agradecer dende este Concello a tódolos profesionais que traballaron e traballan nas nosas residencias pola labor realizada, por todos aqueles profesionais que día a día se desviven para dar os mellores cuidados aos nosos avós, a Xunta de Galicia como xa lle dixen anteriormente apostará pola creación dun novo modelo polo tanto, dende o Partido Popular de

Vigo imos a votar en contra, xa que a Xunta de Galicia leva traballando para mellorar a calidade dos nosos maiores.

SRA AGUIAR CASTRO: Eu quixera no nome do meu grupo tamén comezar esta intervención expresando a nosa condolencia coas familias das 736 persoas falecidas durante a pandemia e nomeadamente ás familias das persoas maiores que morreron en condicións inhumanas nas residencias galegas.

As nosas persoas maiores morreron vítimas da negligencia na xestión da pandemia neses centros, nos centros de maiores pero tamén nos centros de persoas con discapacidade, como xa se dixo aquí o 45% das persoas falecidas foron persoas en residencias, ademais á vista dos datos que son públicos o dato realmente preocupante é que existe un 24% de posibilidades máis de morrer nunha residencia privada, o que resulta chamativo é pon de manifesto o fracaso da privatización do modelo privatizador do Sr. Feijóo, pero isto era unha crónica xa anunciada porque xa no informe fiscalizador do Consello de Contas sobre a xestión das residencias durante o goberno do Sr. Feijóo, xa anunciaba o fracaso dese modelo privatizador, o 80% das prazas de residencias de maiores en Galicia son privadas, só o 20% son públicas, o Sr. Feijóo durante 12 anos non construíu nin unha soa praza pública residencial, o informe ademais destaca a escaseza de prazas públicas, as longuísimas listas de espera, a precariedade laboral, as ratios que nos sitúan á cola de España, este é o traballo que fixo o Sr. Feijóo durante 12 anos, o informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión das residencias privadas e o fracaso do modelo de inspección e de sanción nas ditas residencias pois ben, a primeira votación do Partido Popular nesta lexislatura en sede parlamentaria foi precisamente para votar en contra, teño recordarlllo á Sra. López Román, da creación de esta comisión de investigación. Os socialistas propuxemos diante da mesa do Parlamento a creación dunha comisión de investigación non só para saber cales foron os erros que se cometeron e para saber en que se pode mellorar o modelo senón tamén para facer unha reflexión con consenso de tódolos parlamentarios para efectivamente traballar na elaboración dun novo modelo residencial, os principios reitores dese novo modelo de residencias integradas debe pasar pola autonomía, a independencia e a

inclusión social das persoas maiores e vulnerables, a autonomía cunha atención centrada nas persoas para que poidas seguir controlando a súa propia vida, independencia coa oferta de programas e servizos de prevención e de rehabilitación, e inclusión social que debe favorecer o mantemento das persoas maiores na súa contorna, en contacto coa veciñanza e co resto dos recursos comunitarios, un modelo máis orientado a construír fogares e lugares de socialización no que se preserven os dereitos á privacidade, á intimidade e a toma independente de decisións, un modelo que escoite aos maiores, as súas familias e aos traballadores, un modelo que incorpore a xestión ás persoas usuarias, desafortunadamente ese non é modelo do Partido Popular, nin do Sr. Feijóo, o seu modelo é o da privatización e do beneficio empresarial, queremos reformular a xestión das residencias, queremos apostar por residencias públicas e queremos apostar pola dignidade dos usuarios que viven nesas residencias, queremos tamén reivindicar aos traballadores e aos profesionais das residencias que están a traballar na actualidade en condicións de absoluta precariedade e con falla de seguridade, polo tanto, avanzamos o voto a favor do noso grupo a esta moción porque coincide plenamente co que nós propuxemos xa, o PSdeG en sede parlamentaria, reformular o modelo e devolver a dignidade ás persoas maiores, é unha débeda moral coas familias activar esta comisión de investigación se non honramos aos nosos maiores perdemos dignidade como país.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar por agradecer o apoio expresado por parte de Marea de Vigo e do grupo municipal Socialista, a concelleira do Partido Popular expresaba sinceras condolencias do seu grupo que eu considero sinceras, máis sería de agradecer que para alén desas condolencias se poidese escoitar por parte do Partido Popular algún reproche á súa moi amiga Chafi Fernández CEO de DomusVi que hoxe mesmo de maneira insultante se gababa da feliz xestión, da gran xestión durante a pandemia e tamén que o Partido Popular deixe de favorecer dende a Xunta de Galicia o seu negocio privado, asentado na precariedade. Efectivamente aquí se falou do papel do persoal, fundamentalmente traballadoras que maila todo a pesar da precariedade laboral, dos baixos salarios, da falla de medios, da falla de protocolos, do abandono que sufriron por parte da empresa e

da Xunta de Galicia puxeron o mellor de si mesmas para atender dentro das súas posibilidades ás persoas maiores.

O Partido Popular non quere que se investigue porque o que non queren é que se coñeza a súa responsabilidade no que pasou pero as familias merecen verdade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego, Rodríguez Calviño e o Sr. Rivas González).

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2608/1101), polo concelleiro membro Non Ascrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(157).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PARA UNHA POLÍTICA URXENTE EN MATERIA DE VIVENDA CON PROTECCIÓN PÚBLICA, PARA A MOBILIZACIÓN DA VIVENDA BALEIRA E PARA AFRONTAR OS GASTOS DE

ALOXAMENTO DAS FAMILIAS VIGUESAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE. REXISTRO PLENO 2607/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2020, número 2607/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN DA MAREA DE VIGO PARA UNHA POLÍTICA URXENTE EN MATERIA DE VIVENDA CON PROTECCIÓN PÚBLICA, PARA A MOBILIZACIÓN DA VIVENDA BALEIRA E PARA AFRONTAR OS GASTOS DE ALOXAMENTO DAS FAMILIAS VIGUESAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE.

A pesar de que reiteradamente o noso Grupo municipal ven alertando con numerosas mocións e iniciativas dos crecentes problemas que viven diariamente numerosas familias viguesas para ter acceso a unha vivenda digna e as dificultades para a asunción dos custes de permanecer nelas; o certo é que lonxe de artellarse políticas públicas que eviten a cronificación deste problema, os avances institucionais e de recursos públicos son absolutamente insuficientes.

A crise da COVID-19 puxo, por desgraza, rostro e realidade a esta situación, xa que centos de familias, ate o de agora sen problemas para afrontar a súa solución habitacional, véronse inmersas en serias dificultades para o pago de alugueiros que, pese a que se paralizaron os procesos xudiciais relacionados coas vivendas alugadas, abriron xa numerosas reclamacións de propietarios.

Nos últimos meses os medios de comunicación veñen recollendo a crecente preocupación da cidadanía por causa da escaseza de vivenda para alugueiro, así como do importante aumento dos prezos dos mesmos. A causa principal desta emerxencia habitacional semella clara, posto que moitas das vivendas que anteriormente eran destinadas ao alugueiro, fose para familias ou fose para estudantes, agora son destinadas ao uso turístico. Un fenómeno que non para de crecer na nosa cidade especialmente no Casco Vello e zonas centrais da cidade e, se ven a crise da COVID-19 paralizou momentáneamente a súa progresión, o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas volta a amosar unha tendencia crecente de uso de vivenda para esta actividade.

Paulatinamente asistimos a un crecemento exponencial das persoas con problemas para afrontar o pago de alugueiros que peregrina entre os edificios do Concello e da Xunta para atopar solucións que ou ben pasa por axudas para afrontar soamente dous meses ao máximo o pago dos alugueiros ou un incomprendible silencio ou anuncio de “falla de recursos” dos programas autonómicos de vivenda como o Reconduce, onde debería xa estar dotados os recursos económicos que o goberno central tranferiu ás comunidades autónomas para afrontar o aumento de esta problemática coa situación de crise económica e social devengada da COVID-19.

Vigo nestas alturas carece de oferta pública de vivenda, tanto de nova construción, como de vivenda pública de emerxencia social ou mecanismos análogos para dar solución habitacional ás familias máis vulnerables. Algo que é obsceno cando temos na cidade só no rexistro de demandantes de vivenda de protección inscritas 5.302 persoas (dun total autonómico de 15.000), máis do dobre da seguinte cidade, que é Coruña con 2.555. Ademais cun formato de demanda que tampouco se adapta ás previsións e formatos da futura e esclerótica oferta pública de vivenda, xa que esta maioritariamente será vivenda pública en venda con prezo tasado e o que amosa o rexistro é que dos 5.302 vigueses e viguesas que demandan vivenda con algún tipo de protección, 4108 o fan en réxime de alugueiro ou alugueiro con opción a compra.

Ante esta situación, o Partido Popular da Xunta paralizou a construción de vivenda de protección deliberadamente e só reacciona cando a situación é xa insostible, como é o caso do PAU de Navia. O Rexistro debería de funcionar como orientador da cantidade de vivenda de protección que ten que promocionarse, pero nos últimos 5 anos en Galicia só se iniciaron unha media de 15 vivendas ao ano. Galicia está á cola do Estado en vivenda de protección, só por diante de Ceuta e Melilla. Fronte a esta realidade, o Partido Popular e grupos mediáticos concretos comencan unha ridícula campaña sobre un suposto grave problema relacionado coa mal chamada “okupación” que identifica ridículamente a entrada a vivir de persoas en inmobles determinados (no caso da nosa cidade abandonados ou propiedade de bancos ou en subastas xudiciais) coa falsa idea de ocupación de primeiras, segundas ou vivendas vacacionais, algo que na nosa cidade é igual a 0.

Por outra banda, e arrogando un conflito competencial ridículo xa que os concellos do estado están asumindo sen problemas políticas de promoción pública de vivendas, creación de parques municipais, etc., o Concello de Vigo non quere asumir políticas de acción directa no parque e nas políticas de vivenda na cidade. Porque tan pouca competencia municipal é baixo ese criterio interpretativo da Lei de Bases de Réxime Local a vivenda, como o é o alumeado de nadal (relacionado coas competencias en materia de comercio maioritariamente autonómicas) ou as becas de inglés (competencia educativa que reparte o estado central e o autonómico).

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

Ao Concello de Vigo:

-1.- Estudar a creación dun PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDA DE EMERXENCIA con vivendas procedentes de cesións da SAREB, aproveitamentos lucrativos de convenios urbanísticos e cesións voluntarias de activos de entidades bancarias.

-2.- Desenvolver un estudo sobre o uso da vivenda en todo o termo municipal de cara a regular a compatibilidade entre vivendas de uso turístico e vivendas de uso residencial co obxectivo de garantir a existencia dunha bolsa suficiente de vivendas para o seu alugueiro.

-3.- Apertura inmediata dunha oficina específica e descentralizada nos centros de distrito a ser posible, para o asesoramento de políticas de vivenda, situacións de emerxencia e vulnerabilidade e obtención de axudas habitacionais.

Á Xunta de Galicia:

-4.- Instar ás modificacións legislativas precisas para evitar o aumento dos alugueiros en Galicia e as prácticas especulativas relacionadas con un dereito constitucional como é a vivenda.

-5.- Instar á creación dun imposto autonómico de vivenda baleira para grandes posuidores cando esta non cumpra coa súa función social, que impida a especulación coa vivenda.

-6.- Aumentar os fondos adicados á construción de vivenda de protección pública e as axudas para a rehabilitación verdadeiramente vinculadas á saída da vivenda ao mercado de alugueiro.

Ao Goberno do Estado:

-7.- Modificar a lexislación vixente para o regulamento claro dos prezos dos alugueiros e a vivenda pública.

-8.- Aumento das partidas públicas contidas no Plan Estatal de Vivenda relacionadas coa rehabilitación de vivendas para a súa entrada regulada no mercado de alugueiro.

-9.- Aumentar sensiblemente nos PXE 2021 as partidas do Estado (sexan xestionadas directamente ou transferidas ás CCAA) relacionadas con políticas públicas de vivenda.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Durante estes últimos meses estivemos vendo unha situación que nos superou a moitos cargos públicos, chamadas, creo que ademais dunha maneira máis evidente a determinadas responsabilidades no goberno local, nomeadamente servizos sociais, precisamente unha situación de desamparo inmediato que moitas familias viguesas viviron. Este grupo municipal sempre tivo unha especial preocupación por unha cuestión que precisamente na situación de

desamparo nas crises ou nas situacións máis de situación económica vulnerable supoñen un problema serio ás familias vigueses e isto ben un pouco a colación do informe do Valedor do Pobo que coincide cos números que practicamente tódalas comunidades autónomas están dando que un cidadán medio xa se está gastando chegamos case ao 40% dos seus ingresos, 30% en poder ter unha vivenda para obviamente vivir e desenvolver os seu proxecto de vida.

Na anterior lexislatura este grupo municipal entendía que claro que hai un debate competencial, nos temos claro que as competencias autonómicas son claras, claro que hai un plan estatal de vivenda, cunhas transferencias ás comunidades autónomas e cunha política de orientación dese gasto pero nós seguimos pensando que tamén, en virtude da Lei de Bases e tamén en virtude da emerxencia, os concellos poden asumir máis políticas de vivenda e aquí entramos en moitos debates que nós algúns deles na exposición de motivos puxemos, hai concellos que a través de mecanismos como empresas municipais de vivenda fan incluso promoción de vivenda con algún tipo de protección, Barcelona recentemente con máis de 680 vivendas en diferentes barrios da cidade pero que ademais se pode actuar sobre determinadas bolsas de vivendas que os concellos van obtendo a través de convenios urbanísticos, con entidades bancarias para afrontar unha situación que para nós xa é evidentemente un grave problema nos concellos do noso país, primeiro porque se saturan os servizos sociais de consultas sobre como solucionar as súas, xa non temos a figura esa da anterior crise que era o lanzamento hipotecario pero agora temos os desafuizamentos por parte de propietarios que ben necesitan a vivenda ou que ben entran nun mercado cada vez máis perigoso e que simplemente se quedou constringido foi pola crise que é o das vivendas vacacionais, en Vigo no rexistro de vivendas e de empresas turísticas di que en Vigo en dous meses que van de maio a xullo se deron de alta só na cidade de Vigo 200 vivendas para uso de apartamento turísticos e a maior parte delas non son nova vivenda porque estamos nunha situación tamén de, mentres non teñamos un novo plan xeral as vivendas que estamos a construír son unifamiliares e no extraradio, é dicir, son vivendas que saen maioritariamente de mercado de alugueiro. Nós estamos de acordo da principal responsabilidade disto, e é administración con maior competencia para abordalo o que é a administración

autonómica, en Galicia por desgracia e son datos que acaba, fai hoxe público o Diario Económico 5 Días, temos menos dunha vivenda con protección, a xente moitas veces confunde vivenda social con vivenda con algún tipo de protección pero desas vivendas só temos menos dunha por cada 100 habitantes que da Unión Europea é a taxa máis baixa. Durante e dío o informe do Valedor do Pobo, hai 15 anos se facía tres ou catro veces máis de vivenda con algún tipo de protección e non é absolutamente defendible que na cidade de Vigo agora mesmo calquera persoa que se dirixa á Xunta de Galicia, o famoso Plan Reconduce que nin estivo nin se lle esperou durante a crise e este concelleiro chamou moitas veces á Xunta de Galicia e me dixo que non había recursos e que o Plan Reconduce estaba pendente dunha asignación orzamentaria, durante o tempo da pandemia con moitas familias en situación de vulnerabilidade, pois ese Plan Reconduce nin sequera vehiculiza gran parte destas demandas, temos unha cidade onde os máis de 15.000 persoas que están rexistradas no rexistro de solicitantes de vivenda con algún tipo de protección, 5.300 son de Vigo e polo tanto, o que pedimos nesta moción con algunha achega que nos trasladou o BNG que estamos de acordo, é certo que o Concello pode facer tamén promoción como dicíamos, nós aquí queríamos simplemente poñer a urxencia no parque de vivendas de emerxencia, volvemos a reiterar tres cuestións a tres administracións, recursos a través dos Plans de Vivenda, construción de vivenda pública e dentro das competencias autonómicas e do estado e obviamente coa emenda que nos propón o grupo do BNG que estamos de acordo tamén o Concello en última instancia e a creación dun parque de emerxencia aproveitando os aproveitamentos lucrativos de vivendas que moitas veces dilapidamos cando asinamos convenios cos construtores, e cremos que son unha cuestión de emerxencia que nos vai vir enriba durante estes meses.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O primeiro dereito da cidadanía é o de poder habitar a cidade e iso pasa por dispor dunha vivenda, dun teito baixo o que vivir. Na nosa cidade hai 18.500 pisos desocupados maila que hai 5.300 persoas rexistradas, en realidade son moitas máis, como demandantes de vivenda protexida, nunha cidade onde os prezos dos alugueiros en datos do propio sector inmobiliario aumentaron por volta dun 30% nos últimos 5 anos e onde no primeiro semestre

deste 2020 había un 20% máis de pisos turísticos dos que existían a finais do ano 2019, e claro que ten que ser unha prioridade política facilitar o acceso social á vivenda e unha prioridade que tamén temos que asumir a nivel municipal. Nese sentido van as emendas que formulamos dende o BNG á moción da Marea de Vigo coa que concordamos plenamente, no sentido de que entendemos que esta situación nos coloca na conxuntura de que non é momento de estudar senón de promover e de tomar decisións para que esta cidade conte cun parque municipal de vivenda social, máis tamén entendemos que hai que facer un reclamo firme, contundente, para esixir da Xunta de Galicia o exercicio pleno das súas competencias nesta cuestión, nisto imos estar de acordo, eu creo que a práctica maioría desta Corporación, a Xunta de Galicia é quen ten a responsabilidade máis non podemos agardar a que a Xunta de Galicia faga o que ten que facer para atender unha situación de evidente urxencia nunha cidade na que se seguen a producir desafuizamentos sen alternativa habitacional no propio termo municipal e por último entendemos tamén que é o momento de demandar a transferencia a Galicia dos activos inmobiliarios da Sareb, do banco malo, para que ese rescate millonario que fixemos en favor da banca privada se traduza en bens inmoables que poñer a disposición das viguesas/es que ven cada vez con máis dificultade a posibilidade de poder acceder a unha vivenda.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En Vigo hai un problema serio de acceso á vivenda, hai un problema serio, desgraciadamente non é só quizais era mo máis sangrante o problema do acceso a vivenda das persoas máis vulnerables pero é que en Vigo o problema se estende tamén ás rendas medias, hai un problema de acceso a vivenda das rendas medias o cal polo prezo da vivenda, polo prezo de aluguer o cal xera tamén problemas á hora de pois do sostemento, de sostenibilidade económica da cidade e os movementos demográficos, o certo é que Vigo a vivenda é cara se concentra en determinadas zonas en prezos altos e o aluguer tamén o é.

Ese problema que insisto, que efectivamente afecta sobre todo ás persoas máis vulnerables porque están moi lonxe de poder acceder a esa vivenda, tamén afecta ás rendas medias e as causas son múltiples pero non podemos esquecer que en

Vigo no hai PXOM e o que estivo vixente dende o ano 2008 ata o ano 2015 prevía a creación de 16.000, se non recordo mal vivendas protexidas, nas cales neses sete anos non se fixo ningunha, algunha influencia terá na situación do prezo da vivenda a carencia dese Plan Xeral, a falla do desenvolvemento do Plan Xeral mentres estivo vixente e agora mesmo pensamos que se podería solucionar coa tramitación do novo Plan Xeral, entre tanto tamén digo que algunha culpa terá o Concello porque aínda que a moción parecía inocua, o debate vai focalizando á Xunta de Galicia, digo que algunha culpa terá o Concello porque o certo é que tivemos un debate aquí no mes de xullo, despois das eleccións autonómicas, sobre a aprobación definitiva da modificación do Plan Parcial de Navia que prevía 1.600 vivendas novas e que estivo parado durante moito tempo, algunha, digo, influencia terá tamén o ter paralizado o desenvolvemento dese plan porque digo eu que algunha influencia terá sobre o prezo da vivenda que se constrúan en Vigo 1.600 vivendas protexidas, entón nós tamén cremos que o problema esencial do prezo da vivenda en Vigo é un problema municipal porque as competencias urbanísticas son nosas e non as estamos exercitando e se o fixemos foi dunha maneira ao mellor pouco acertada, por cualificalo dun xeito suave.

Non quero polemizar con este tema, é o meu ton non é un ton de polémica pero si que dicir que algunha culpa terá o Concello nisto, porque o tema insisto é un tema grave, afecta a miles de familias que queren acceder a unha vivenda e non poden, hai proxectos de vida que non se pode realizar por culpa do prezo da vivenda e insisto que o problema é do Concello, non vou falar aquí nin do Plan Estatal de Vivenda nin das políticas en vivenda do goberno central, que pois está concentrado noutras cousas, podería dicir tamén cal é a política urbanística e de vivenda da Xunta de Galicia, efectivamente temos como digo, basta con dicir que está enriba da mesa o Plan Parcial de Navia felizmente en execución coa aprobación unánime da corporación. Tamén podería falar do Consorcio do Casco Vello, tamén podería falar das vivendas sociais que se están executando e podería dicir que a Xunta de Galicia estará facendo o seu traballo que nunca será de abondo, pero cremos no Partido Popular de Vigo, cremos sinceramente que o Concello pode facer moito máis, que o Concello podería ter feito máis e que unhas das causas deste increíble prezo da vivenda en Vigo que non baixou nin durante a crise económica é precisamente esa carencia de Plan Xeral e un Plan Xeral que se

aprobou no 2008 que non se executou porque ía desacertado, por dicilo dunha maneira suave, ía desacertado, o certo é que se anulou, non hai Plan en Vigo, algunha influencia terá, po iso nós nesta moción nos imos abster, non estamos en contra, nalgúns dos aspectos que din aquí estamos en contra pero creo que non se pon o acento onde se ten que poñer, o traballo teno que facer sobre todo o Concello, en colaboración con moitas administracións, a estatal e a autonómica pero o traballo teno que facer nomeadamente o Concello que é o que ten as competencias en urbanismo, somos unha gran cidade, temos un orzamento de 267 millóns de euros, temos unha Xerencia de urbanismo, algo poderemos facer.

SR. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Marnotes, no único que coincido con vostede é que esta é unha gran cidade, iso si é certo, pero no resto a verdade é que cústame un pouco centrarme nesta moción porque aínda estou abraiada con este titular “a Xunta de Galicia quere exportar o éxito do seu modelo demográfico para pedir fondos da Unión Europea” apañados imos, é dicir, como esta sexa a gran estratexia para conseguir fondos para Galicia eu sinceramente creo que non imos conseguir nada, é a antoloxía do disparate, só fai falla mirar as cifras demográficas en Galicia. A verdade é que resulta paradoxal que ao final o Sr. Marnotes comeza dicindo que algo de responsabilidade terá tamén o Concello para rematar asignándollo a toda, esquecendo que as competencias de vivenda, de garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna é unha competencia que ten totalmente a Xunta de Galicia, polo tanto, esa competencia ten que exercela e ten que comezar a dar explicacións en Vigo de porque leva 12 anos sen promover vivendas en Vigo, sendo Vigo a cidade que ten maior demanda de vivenda protexida e ademais vivenda protexida en réxime de aluguer, é dicir, os cidadáns cada vez entenden máis o que significa isto de comprometerse durante a vida a adquirir unha vivenda, a Xunta de Galicia decidiu que a Vigo a anulaba, lle daba igual, a esquecía, porque dende o ano 2008 ao ano 2020 tardou en aprobar a ampliación de Navia e agora di vostede que xa están en promoción, onde? Non están en execución aínda hai que rematar as expropiacións, aínda que facer o proxecto de urbanización, aínda hai que facer a urbanización e logo chegarán as vivendas, polo tanto nos queda un longo camiño, pero fronte aos máis de 5.000 demandantes de

vivenda protexida que están no rexistro de demandantes de Vigo que é a maior de toda Galicia, mais que duplica a demanda na cidade de A Coruña por exemplo, a Xunta de Galicia acaba de anunciar a bombo e pratillo que vai adxudicar 33 vivendas, en Cambeses, un gran anuncio, tivo o Concello de Vigo que cederlle unha parcela en Cambeses e outra en Chantada para que a Xunta de Galicia tivese ben construír unhas vivendas en Vigo, só fallaba, este é o gran anuncio, é dicir, creo recordar o 0,6% da demanda de vivenda protexida que hai na nosa cidade e a que ten neste momento a cobertura por parte da Xunta de Galicia.

Eu podo estar en liña xerais de acordo coa moción que se presenta, si é certo que eu creo que o Concello de Vigo está facendo moitas cousas máis para garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna e en particular dende a concellería de Benestar estase axudando a moitas familias de Vigo a resolver o seu problema habitacional e para iso se destinan, tanto para o o pago de aluguer como para pagos de hipoteca, importantes axudas, unha boa parte de todas esas axudas que concede o Concello son precisamente para esta finalidade e do mesmo xeito está loitando día a día para evitar os lanzamentos dos cidadáns de Vigo, cun convenio cos promotores para ter coñecemento antes e poder actuar con máis tempo, incluso para buscar alternativas habitacionais para as persoas promovendo que a fianza a pague o Concello de Vigo o primeiro pago o faga o Concello de Vigo, do seu aluguer, é dicir, estamos na miña opinión traballando moito máis aló do que di esta moción, do mesmo xeito o Concello de Vigo ten un parque de vivendas de emerxencia, por certo a día de hoxe non hai unha desocupada, o que non ten ningunha alternativa ou non está proporcionando ningunha alternativa aos cidadáns de Vigo é aquel que é competente da materia que é a Xunta de Galicia porque está mandando aos cidadás de Vigo á Mariña, me dicía o concelleiro de Benestar o outro día polo tanto, temos que responsabilizar a quen realmente ten a responsabilidade, e por certo, hai moitas cousas que se poderían facer, lexislativamente tamén porque a Xunta de Galicia en vez de estar anunciando a bombo e pratillo que os fitos demográficos dan sinal en Galicia, podería estar facendo leis como outras comunidades autónomas teñen, limitando os ingresos que as familias vulnerables poden adicar ao pago do aluguer, poñendo unha bolsa e decididamente apostando polo impulso desas actividades, é dicir, pode facer moitas cousas, por exemplo, pode colaborar co Plan Estatal de Vivenda, ou as

axudas do Plan Estatal poden chegar ao 65% do investimento, ás da Xunta de Galicia? Non pasan do 15%, podería claramente amplialas polo tanto, imos a absternos a esta moción.

SR. PÉREZ CORREA: Eu quería clarificar algunhas cuestións, en primeiro lugar, isto é unha moción de volta, é dicir, este grupo municipal en Abril do 2016, pola intervención do concelleiro do BNG non instamos a facer un estudo, no 2016 viñemos aquí cunha moción que viña, que esixía un parque municipal e que poñía o regulamento, fixemos o traballo esforzado de poñer enriba da mesa un regulamento de como funcionaría ese parque municipal de vivendas, o que si que é certo é que pode haber algunhas vivendas moitas delas residuais de acordos en convenios urbanísticos, como vivendas que se utilizan para o caso de mulleres en situación de risco por violencia de xénero e vostede ademais digo porque é unha práctica habitual deste Concello que creo que hai que corrixir o caso de Cambeses, do aproveitamento lucrativo de Cambeses que vostedes citou, o Concello de Vigo obtería un 10% que serían, creo que eran 60 e pico de vivendas estou falado de memoria, pois obtería o 10%, este concello en vez de crear vivendas pediu formalmente na Xerencia de Urbanismo baixos comerciais, por iso eu digo a nós nos gustaría, non sei se logo se modificou pero era a solicitude que o aproveitamento lucrativo foran baixos comerciais, eu creo que ese mecanismo ou poderíamos citar moitos aproveitamentos lucrativos, xa non deste goberno, de gobernos anteriores que pois podíamos ter o 10% de moitos convenios urbanísticos que sumarían a frioleira pois seguramente de 200 ou 300 vivendas, así de fácil, estou falando do convenio coa Unión Cerveceira onde está as Torres Ifer que o 10% de Adif ben que o reclamou pero o Concello de Vigo malvendeu ese 10% ó promotor e estamos a falar de moitas actuacións, por que dicimos estudar isto porque sabemos que non estamos de acordo o Partido Socialista e os grupos, xa sabemos, xa falamos, eu falei persoalmente coa concelleira de Servizos Sociais sobre se tiñamos que ter un ou non un parque municipal de vivendas, nos dicimos que se estude porque ademais hai mecanismos que son cesións voluntarias da Sareb, a Sareb vaise facer nesta cidade cun bloque de edificios que están na rúa Aragón de máis de 160 vivendas que a través dunha acción, creo que ademais se

pode facer do compromiso urbanístico do Concello e a Sareb nos ceda as vivendas e teríamos xa un mecanismo, é dicir, non lle chamemos parque, pero teñamos algo máis enriba de mesa, e claro que o Concello de Vigo fixo cousas e algunhas cousas por enriba das súas competencias pero é que estarán con nós que pagar dous ou tres meses de alugueiros non solventa absolutamente nada en situación de cronificación da pobreza que imos a vivir, por iso pedimos cuestións moito máis avanzadas, e a responsabilidade da Xunta de Galicia de adaptarse, no caso de Vigo, á cidade que vive, porque se en Navia o que se está a propoñer son opcións de compra de vivenda cando o que está demandando a maior parte da xente é alugueiro ou alugueiro con opción a compra, é que creo que tamén a Xunta de Galicia non nos pode poñer Navia como exemplo porque o que se está poñendo enriba da Mesa non é nin sequera estatisticamente o que demandan os vigueses/as e creo que ademais que esta moción como as anteriores que propoñíamos se as outras eran necesarias e estaban fundamentadas nunha realidade que pasaba en moitos concellos esta vez é de estremada urxencia que teñamos políticas de vivenda enriba de mesa porque nos veñen meses moi difíciles que ademais, e remato, non debe asumir o Concello ante o silencio administrativo da Xunta de Galicia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes o Sr. Aneiros Pereira e a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e unha abstencións dos membros dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e

señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2020 (Rex. Nº 2607/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RESOLVER A SITUACIÓN DAS AULAS MATINAIS E COMEDORES, XESTIONADOS POR FOANPAS. REXISTRO PLENO 2610/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2610/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, formula a seguinte,

MOCION

“Nos últimos meses, este goberno ven amosando a súa preocupación pola proximidade do inicio do curso educativo e pola difícil situación, á que se están a ver abocadas miles de familias da nosa cidade, ao quedarse sen servizo de comedor e aulas matinais.

Foanpas xestiona o comedor de máis de 2.500 nenos e nenas da nosa cidade e as actividades extraescolares e aulas matinais de máis de 15.000.

A situación é o suficientemente grave como para que o novo Conselleiro de Educación busque unha solución de maneira inmediata e non intente responsabilizar ás familias da mala xestión da Xunta de Galicia.

O curso escolar comezou xa hai tres semanas e a Xunta de Galicia segue sen resolver este grave problema. Miles de familias están a ter moitas dificultades para

xestionar esta situación e están asumindo gastos extraordinarios que en moitos casos non poden afrontar.

O novo Conselleiro debe asumir a súa responsabilidade e resolver esta situación de xeito inmediato.

A Xunta de Galicia debe eximir a Foanpas de toda a responsabilidade da xestión dos comedores, debe aportar medios para garantir a seguridade, debe encargarse da valoración técnica dos espazos de comedor e debe dotar de recursos ás Anpas para a contratación do persoal necesario para a xestión deste servizo.

Despois de tres semanas, ningunha das súas demandas foron atendidas. Esta situación de abandono da Xunta de Galicia fai imposible que Foanpas poida asumir a xestión dos comedores escolares e dos servizos complementarios.

É sorprendente, que ante a importancia da situación, o novo Conselleiro de Educación siga sen facer absolutamente nada.

Esta situación pon de manifesto a incapacidade da Xunta de Galicia e do seu Conselleiro de Educación que ,unha vez máis, abandonan a miles de familias da nosa cidade.

O silencio da Xunta de Galicia é intolerable.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a resolver, de forma inmediata, a situación das aulas matinais e comedores, xestionados por Foanpas, que no caso da cidade de Vigo deixa sen estes servizos a máis de 10.000 familias.”

DEBATE:

SR. GOMEZ DÍAZ: Vou a comezar cun titular do diario.es de hai unhas semanas que dicía “la Consellería de Educación de la Xunta de Galicia se enfrenta a toda la comunidad educativa que le acusa de no actuar, falta de inversión e improvisación continúa”, pois isto foi o que estivo a suceder nos últimos meses na sociedade galega e na comunidade, en canto ao ámbito educativo, non só no ámbito educativo pero particularmente que é o que nos ocupa nesta moción no eido do que imos a falar. En primeiro lugar, quero dicir que celebramos por suposto o acordo que se acadou nos últimos días con FOAMPAS, un acordo que chega tarde,

moi tarde, a Xunta de Galicia ven de deixar a miles de familias da nosa cidade sen comedores e sen aulas matinais durante máis dun mes e a primeira reclamación de FOAMPAS á Xunta de Galicia é sobre o tema dos comedores ven do 31 de xullo aproximadamente e neses case 4 meses o conselleiro e a conselleira saínte parece que estiveron de vacacións, estiveron de vacacións porque o que fixeron foi non atender ás demandas lexítimas da comunidade educativa, neste caso á cidade e Vigo e como dicía este acordo chega tarde e nestes meses o que fixemos dende o Concello foi ser interlocutor permanente de FOAMPAS, fomos os que estivemos ao carón das familias mentres a Xunta de Galicia se afastaba e non quería asumir a súa responsabilidade e a súas competencias, nestes meses as AMPAS, as familias o que tiveron que facer é presionar de forma insistente á Xunta de Galicia para acadar este ansiado acordo e como digo dende o Concello fixemos moita presión para acadar finalmente este acordo, declaracións públicas, mocións a este Pleno, xuntanzas con FOAMPAS, cartas á consellería reclamándolle que atendera ás miles de familias que estaban afectadas, familias que tiveron que sufrir neste último mes problemas de conciliación, moitos rapaces cuxa comida máis importante do día é a que desgraciadamente toman no comedor do colexio, dos centros educativos, non podían acceder a ese comedor pola inoperancia e a incompetencia da Xunta de Galicia.

E agora digo que celebramos este acordo, por suposto porque é o que viñamos reclamando aquí nos últimos meses o que repetimos publicamente en multitude de ocasións pero quero ver que pasa porque as promesas da Xunta de Galicia cando ten que ver con Vigo e cando ten que ver coa educación eu as collo con pinzas, vou a ler outro titular do 9 de setembro “a Xunta de Galicia anuncia un acuerdo con las ANPAS para retomar los comedores y FOAMPAS lo desmiente, la nueva etapa de Ramón Rodríguez no empieza con buen pie”, pois o que digo, anunciar acordos que non se producen, eu espero por iso mantemos esta moción e estamos convencidos e quero crer que o novo conselleiro vai a cumprir a súa palabra, aínda que nos xera bastantes dúbidas porque é certo que non é a primeira vez que di que vai a facer algo que despois non fai ou que di que hai acordos que despois nos decatamos que non se producen, entón quero ser un pouco escéptico, como digo celebramos ese acordo porque é o que demandaban ás familias o que

demandábamnos dende este goberno de Vigo e entón esperemos que cumpran a súa palabra.

Despois as demandas tan lícitas como eximir de responsabilidade ás familias na xestión dos comedores e que a Xunta de Galicia asuma economicamente unha partida para poder acometer as novas circunstancias dos comedores, é certo que hai que aumentar o persoal, haberá que desdobrar quendas, haberá facer unha serie de circunstancias que teñen un custo económico que creo que é importante que a Xunta de Galicia asuma como é competencia súa pois esa cuestión non, nese aspecto é curioso porque o Concello de Vigo achega 606.000 euros a ese convenio de FOAMPAS para apoiar ás familias, para apoiar aos comedores, ás aulas matinais, para apoiar as actividades extraescolares, e nos atopamos con que a Xunta de Galicia achega 109.000 euros, e as familias de Vigo teñen que saber que o que apoia ás familias é este Concello, este goberno, a Xunta de Galicia como sempre desaparecida, iso si, anuncios os que fagan falla, entón queremos confiar, queremos celebrar este acordo, quero agradecer a FOAMPAS e a tódalas familias de Vigo que resistiron que insistiron e persistiron manifestándose e facendo forza e que co apoio deste goberno, deste Concello, conseguimos este acordo que esperemos e desexamos que se cumpra.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o BNG sumámonos á denuncia da enorme irresponsabilidade coa que actuou a Xunta de Galicia ata o momento e que colocou ás familias viguesas nunha situación absolutamente límite e o certo é que ata o momento máis este principio de acordo só hai promesas máis que efectivamente veremos si se verifican na práctica, promesas ao respecto de incremento de recursos, promesas ao respecto do acote da responsabilidade e neste sentido dende o BNG queremos enfeitizar unha cuestión que nos parece fundamental, de non ser polas ANPAS, por FOAMPAS máis de 10.000 familias non terían servizo de comedor no seu centro escolar, nin aulas matinais, nin actividades extraescolares, a Xunta de Galicia segue inhibíndose, segue ser exercer as súas competencias e segue sen asumir ese reclamo histórico, case por dúas décadas de que a Xunta de Galicia asuma a xestión dos comedores que non temos por que xestionar as familias. E nese sentido coincidindo coa moción do grupo municipal Socialista que imos votar favorablemente si que incorporamos unha emenda de engádegas para

instar ao goberno municipal a que no proxecto orzamentos do vindeiro ano se incremente a partida destinada ao convenio de FOAMPAS que como xa se citou é de arredor de 600.000 euros pero que leva practicamente conxelada durante varios exercicios. Sabemos que non é unha competencia municipal, nós non lle imos pedir que equiparen a partida do convenio de FOAMPAS aos máis de 2 millóns de euros que ten orzamentados para as bolsas de inglés, que tampouco son unha competencia municipal, nin tampouco que se aproxime aos case 3 millóns de euros que tiñan orzamentado no inicio do exercicio para axudas a aeroliñas privadas pero si que é certo que neste contexto vai ser necesario un maior esforzo por parte do goberno municipal e dende logo unha administración como concello que goza dunha boa saúde financeira e que conta con recursos, dende logo creo que tódalas/os vigueses entenderán que o Concello faga un maior esforzo tamén para axudar precisamente neste momento a FOAMPAS para manter un servizo que é imprescindible como o de comedores.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Certamente dende que esta moción do grupo Socialista se rexistra ata hoxe mesmo pois experimentamos nos últimos días pois o acordo que parece ser que vai adiante entre FOAMPAS e a Consellería de Educación. Nós tamén celebramos ese acordo máis efectivamente poñémolo tamén en dúbida e en realidade observamos que non estamos nunha situación moi distinta daquela que tiñamos no anterior Pleno que dalgunha maneira chamouse o Pleno da Educación, polo cantidade de mocións que nese sentido concitou aquí e no que conseguimos, un acordo, un consenso amplo, progresista en favor dunha educación pública segura nestes momentos.

Queremos comezar en todo caso felicitando a FOAMPAS polo seu magnífico traballo, por ter chegado a un acordo coa Xunta de Galicia que permite que a Federación de Nais e Pais poida retomar a xestión dos comedores escolares, a pesares de que a Xunta de Galicia estivo dificultando este acordo durante un mes, en realidade máis dun mes, e privou ás familias deste servizo porque no último mes a Xunta de Galicia non cedeu da súa exposición e non puxo da súa parte para salvar unha grande fenda socio-económica pola cal numeroso alumnado da cidade precisa do comedor para garantir unha correcta alimentación diaria e ademais

miles de nais e pais non están de momento podendo conciliar por unha ausencia de aulas matinais e de comedores escolares, tamén que se debeu efectivamente a falla de compromiso da Xunta de Galicia cos servizos da educación. Lamentablemente aínda que nos últimos días FOAMPAS, como xa dixemos, logrou chegar a ese acordo e retomar a xestión a Xunta de Galicia non concretou cuestións fundamentais, non concretou explicitamente por escrito a responsabilidade sanitaria polas medidas adoptadas, os posibles contaxios que se poidan producir e que non pode recaer nas asociacións de nais e pais voluntarios, senón como é razoable na administración e ademais nos entendemos que hai un problema aínda sobre a mesa e é que a Xunta de Galicia non revisará a aplicación do protocolo cos seus técnicos, iso abre un abanico de dúbidas para as nais e pais voluntarios que non van saber se están a desenvolver correcta ou incorrectamente a aplicación dese protocolo, e ademais hai que lembrar que sobre o financiamento as ANPAS tamén teñen que facer un exercicio de fe neste caso porque tampouco se concretan as medidas, as axudas concretas para facer fronte ao sobrecoste da implantación de protocolos anticovid. Polo tanto, ante esta situación nós compartimos as dúbidas, non podemos senón compartilas evidentemente, e como é lóxico demandamos a un goberno que atenda, que asuma a súa responsabilidades e que atendas ás necesidades da cidadanía, a Xunta de Galicia debería habilitar un fondo extraordinario para as asociacións de nais e pais, para xestionar por tanto os comedores, as aulas matinais e outras actividades fundamentais para a conciliación e dándolles ademais garantías xurídicas no desenvolvemento desa labor, corresponde á Xunta de Galicia garantir que as nenas/os teñan unha volta segura e dende a Marea de Vigo sen dúbida defendemos que o Concello de Vigo así llo esixa.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Para vostedes polo que escoitamos sempre en tódalas mocións, hai unha tónica xeral que é a falla de compromiso da Xunta de Galicia en tódolos sectores é dicir, transversal, eu creo que iso ademais cae polo seu propio peso e non só cae polo seu propio peso polos seus discursos absolutamente sempre catastrofistas neste sentido senón tamén polos feitos e pola transparencia no traballo na xestión porque nós neste Pleno municipal moitas veces recoñecemos e comprometémonos ademais dende Vigo a facer un traballo

importante para esta cidade que eu creo que moitas veces se trae sempre os seus froitos ademais eu creo que a transparencia coa que se traballa, ademais por enriba da mesa tódalas necesidades e tódolos problemas que pode haber no campo da educación que como digo sempre nola tomamos moi en serio, choca moito coa opacidade que moitas veces atopamos neste Concello, e a opacidade que hai neste Concello para levar adiante moitas xestións, esta moción Sr. Gómez queda invalidada, vostedes deberían retirala, xa saben que se chegou a un acordo e nós imos a absternos, non nos imos a opoñer ao que din vostedes nesta moción porque estamos absolutamente de acordo co que se di, esas 10.000 familias das que vostede fala no texto, que tamén podería modificalo, terán servizo de comedor e non van quedar sen servizo de comedor, polo tanto, o propio Alcalde de Vigo o Sr. Caballero celebrou onte mesmo o acordo ao que se chegou que se retomase a xestión dos comedores, celebrouno publicamente, ademais cando se dialoga se chega a un acordo, hai diálogo por ambas partes, por moito que digan vostedes claro que houbo reivindicacións, peticións, e houbo propostas enriba da mesa pero diálogo é por ambas partes, vostedes sempre poñen aquí os malos e os bos e non hai malos e bos, aquí camiños todos xuntos e intentamos chegar a un acordo que beneficie aos escolares, aos pais e nais e por suposto á comunidade educativa. Polo tanto, o diálogo foi entre a administración, entre pais e nais, vostede se quere colgarse os galóns e as medallas de que vostede foi o intermediario e falou vostede Sr. Gómez, que estivo aí ao pe do canón moi ben, nós imos a recoñecerlle que vostede tamén despois das súas vacacións merecidas por suposto, como todos, que fala que só tiveron vacacións aquí algunhas persoas e non outras pois tamén vostede puido facer parte do seu traballo, aquí todos temos parte de responsabilidade en moitas cousas e vostedes moita tamén sobre todo polas acusacións que fai dende ese asento de concelleiro que vostede ten aí, unhas acusacións que non se sosteñen en moitas ocasións Sr. Gómez, porque vostede o único que ven a facer aquí é a insultar, bueno ten un bo mestre que é o Sr. Caballero e a insultar sempre a Xunta de Galicia, ás consellerías e ao propio Sr. Feijóo. Mire, a Xunta de Galicia nunca privou a ninguén de ningún servizo, houbo adaptarse a unha realidade que para todos foi nova, non hai promesas como vostedes din, hai compromisos eu vou a explicarlles ben cales son os compromisos

da administración neste caso e neste sentido e insisto, chegouse a un acordo, porque nas negociacións aquí sempre cando haxa ambas partes e falan tódalas partes implicadas e aquí non hai bos e malos, hai un acordo para que sexa como digo beneficioso para a comunidade educativa, para os escolares e para os pais e nais, e por suposto para a cidade de Vigo que é o que temos que ter sempre aquí como bandeira neste Pleno.

En primeiro lugar, a Xunta de Galicia e a consellería vai incrementar de forma substancial as contías das axudas que era unha das reivindicacións que se puña enriba da mesa, as ANPAS e polo tanto, facilitará iso as medidas de adaptación sen que isto supoña un prexuízo para as familias no prezo deses menús, elaborará un protocolo específico no que xa se está a traballar, un protocolo específico ademais que é exactamente igual en tódolos ámbitos porque é un protocolo específico sanitario e non un protocolo que invente a Xunta de Galicia polo tanto, nos centros educativos o comedor escolar no curso 2020-2021 ten as mesmas condicións como digo de feito en xeral para que isto saída adiante. Por máis que vostedes digan que non por parte da Xunta de Galicia existe un compromiso para levar adiante este inicio de curso, por en marcha os comedores, co tema do COVID-19 como pasa en tódolos sectores, sexa o máis sinxelo posible para todos, insisto, Sr. Gómez, a xestión dos comedores xa estaba da man de FOAMPAS e o que hai que facer agora é ir de man para que eles tamén poidan afrontar esta pandemia, que poidan tamén ofrecer o servizo de comedor, como estaban ofrecendo antes pero con esta pandemia enriba da mesa, insisto que por outra banda tamén foron aboadas as axudas de carácter público que vostede aquí non lembra isto de carácter directo, dirixido ás familias do alumnado que son 3 millóns de euros dende que se pecharan os colexios en marzo, polo tanto, iso tamén foi un acordo que se chegou con transparencia enriba da mesa, unha reivindicación pero que se cumpre, e polo tanto, temos que insistir aquí en que imos todos da man neste sentido e que o grupo municipal do Partido Popular e do Partido Popular dende a Xunta de Galicia sempre tivo enriba da mesa a educación pública e que saian adiante todos estes acordos, Sr. Gómez.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade é que veña o Partido Popular aquí a facer un alegato da defensa da educación pública, eu creo que sorprende a propios e a estraños, é

sorprendente, a verdade é que agora o Partido Popular defende a educación pública, isto é inaudito. Catro meses para poder facer ese protocolo, hai que lembrar que o curso comezou o día 10 de setembro, e ata o día de hoxe aínda non hai comedores, este acordo chega tarde, chega, esperemos que se cumpra, pero chega tarde, despois di que aquí vimos a insultar aos conselleiros, ao Presidente, aquí ao que vimos é reclamarlle á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias, e aos seus conselleiros. Despois vostede di que teño un bo mestre, por suposto, o Alcalde máis votado de España, 68% dos votos, a súa mestra ex alcaldesa de Vigo, que deixou unha débeda de 68 millóns de euros e que foi afastada desta cidade polo propio xefe, hai unha diferenza entre un mestre e outro, pero bueno. Despois eu entendo que se poña nerviosa, pero claro se me fala do meu mestre evidentemente pois o Alcalde máis votado de España, pois si, pois é o meu mestre, claro que si, pois teño un bo mestre.

O insulto é o que fixo o Partido Popular deixando a miles de familias sen servizo dende o día 10 de setembro, porque vostede di que estamos nunhas circunstancias excepcionais, evidentemente, pero xa o sabíamos hai 4 meses, e aquí, neste Concello tiñamos unha responsabilidade e por certo, imposta pola Xunta de Galicia que foi a desinfección dos centros educativos e a desinfección dos comedores, e sabe o que estivo facendo o goberno e este concelleiro Sra. Egerique? Preparar todo para que o día 10 de setembro cando comezaron as clases os rapaces desta cidade tiveran a desinfección garantida nos centros educativos, mentres vostedes estaban de vacacións, porque é certo, estaban de vacacións, e unha das conselleiras que era a que se ocupaba deste tema, ademais de estar de vacacións, agora está na súa casa porque a botaron gracias ao seu desgraciado traballo pola educación pública desta comunidade autónoma, entón, esa é a diferenza entre este goberno e o goberno da Xunta de Galicia.

En canto da emenda do concelleiro non adscrito, só puntualizar unha cousa, leo esta emenda e pon, incrementar a partida orzamentaria do Concello para dotar de mais medios e recursos e atender ás necesidades extraordinarias derivadas da crise sanitaria pola COVID-19, eu creo Sr. Pérez Iglesias que esta reclamación tenlla que facer á Xunta de Galicia porque as necesidades extraordinarias derivadas dunha crise sanitaria son competencia da Xunta de Galicia co cal eu creo que a

diferencia é notable entre o que achega o Concello e o convenio de FOAMPAS, 606.000 euros fronte aos 109.000 euros que achega a Xunta de Galicia, entón eu creo que a reclamación debe facerse onde deberíamos reclamar todos que a administración que ten as competencias as asuma e cumpra coa súa palabra.

(No momento da votación preside a 3º Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2610/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(159).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FINANCIAR AS MÁSCARAS, DE USO OBRIGATORIO

NOS CENTROS ESCOLARES, DOS NENOS E NENAS DAS FAMILIAS MAIS VULNERABLES. REXISTRO PLENO 2611/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2611/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, formulan a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia é a administración que ten as competencias exclusivas en materia educativa. Dende o inicio da crise da Covid 19, a Consellería de Educación estivo totalmente ausente.

O comezo do curso e o desenvolvemento da actividade docente ven marcada nas últimas semanas pola difícil situación que se está a vivir nos centros educativos. Centros educativos que foron abandonados pola Xunta de Galicia e que tiveron que asumir toda a responsabilidade na volta ás aulas.

Unha das medidas obrigatorias para o acceso aos centros educativos é o uso da máscara, para os maiores de 6 anos.

A obrigatoriedade do uso da máscara supón un custo adicional, que moitas familias non poden afrontar. Un gasto ao que lle terán que facer fronte durante todo o curso.

Mentres o uso das máscaras sexa obrigatorio nos centros educativos, a Xunta de Galicia debería financiar este material de protección, ou facer un reparto gratuíto e periódico ás familias máis vulnerables

O Goberno de España, nas últimas semanas, ven de distribuir a través de FEMP e de entidades sociais, máis de 15 millóns de mascarillas en todo o territorio nacional para apoiar ás familias máis necesitadas.

A Xunta de Galicia debería asumir as súas competencias e garantir así o dereito fundamental á educación, financiando as máscaras a todas ás familias que teñan dificultades para asumir ese gasto.

É por isto, que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a financiar as máscaras, de uso obrigatorio nos centros escolares, dos nenos e nenas das familias máis vulnerables.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: O comezo do curso escolar en Galicia esta sendo marcado non só pola incerteza da pandemia senón polo desastre na xestión por parte da Xunta de Galicia quen non foi quen de garantir un regreso ás aulas organizado, consensuado coa comunidade educativa, con seguridade e con protocolos claros e recursos suficientes, isto determina que a día de hoxe non estean funcionando os comedores escolares que os centros carezan de espazos axeitados para desenvolver a súa actividade, que os protocolos non se teñan pactado coa comunidade educativa e que os pais e nais estean angustiados por levar aos seus fillos aos centros sen as garantías necesarias. Imprevisión, imprevisión e imprevisión pero é aínda máis grave para as familias máis vulnerables desta cidade que teñen que afrontar as dificultades económicas, o peche dos comedores a fenda dixital e ademais a ausencia de recursos para poder facer fronte á compra de mascarillas diarias para o seus fillos. Esta pandemia non só discrimina pola idade senón tamén pola da situación socioeconómica das familias, os máis vulnerables teñen máis posibilidades de se contaxiar e os esforzos para conter a pandemia non poden esquecer os problemas de equidade, de xustiza, de igualdade de oportunidades para todos. Unha familia de media ten que gastar por riba dos 110 euros mensuais para protexerse polo tanto, as persoas empobrecidas sofren dobremente a crise da pandemia, son as máis golpeadas pola precariedade, polo desemprego e agora arriscanse a multas e sancións por poñer en perigo a saúde dos seus fillos. O uso obrigatorio das mascarillas para os nenos/as que poidan acceder aos centros educativos ten que vir necesariamente da man da entrega gratuíta de mascarillas a estes colectivos vulnerables, porque isto supón para eles unha revictimación, as persoas que viven en risco de exclusión social en situación precaria ou con insuficiencia de ingresos cárgaselle agora a responsabilidade de ter que comprar estes elementos para que os nenos/as podan acceder aos centros educativos, pero iso á Xunta de Galicia dálle igual, a administración competente en materia educativa e en materia sanitaria, non lle interesa, o único protocolo de regreso ás aulas da Xunta de Galicia foi derivar as responsabilidades aos concellos, aos pais, ás nais, aos docentes, a calquera menos

á administración competente porque hai que dicir que é o Concello quen tivo que asumir a desinfección de tódolos centros educativos, de incremento da limpeza dos centros educativos, quen está a ceder espazos municipais para que os rapaces de Vigo poidan gardar a distancia ou facer o seu recreo e o Concello tamén quen puxo en marcha un programa para evitar a fenda dixital e tamén é o Concello quen ten que axudar ás familias máis vulnerables para que poidan ter recursos para cubrir as súas necesidades básicas e así tamén a compra de mascarillas, uns recursos sen os que nenos/as non poder ir ao colexio, a día de hoxe adxudicamos máis de 10.000 axudas de emerxencia por importe de 1,3 millóns de euros, a Xunta de Galicia desaparecida desta cidade, eu pregunto, como van asumir estas familias a compra diaria de mascarillas para que os seus fillos poidan exercer o seu dereito á educación e non arriscar a súa saúde, o Sr. Feijóo cansouse de reclamar as súas competencias e agora que as ten, non as exerce. Pola contra o goberno de España ven de distribuír máis de 15 millóns de mascarillas para apoiar ás familias máis vulnerables e que están sendo distribuídas neste momento polo Concello de Vigo entre as familias vulnerables e entre as entidades do terceiro sector que hai que dicir que están facendo unha labor encomiable en colaboración con esta administración, os nenos/as vulnerables desta cidade deben poder exercer o seu dereito á educación en condicións de seguridade porque a educación é garantía de inclusión social, a Xunta de Galicia non pode mirar para outro lado e ten a obriga de evitar a exclusión dos máis vulnerables. Unha norma autonómica que obriga, insisto a comprar máscaras para poder acceder aos centros educativos debe garantir que esas máscaras se repartan de forma sostible no tempo durante o tempo que dure a pandemia para estes colectivos. Non se pode responsabilizar ás familias, aos pais, as nais, aos docentes ou aos concellos, é a Xunta de Galicia quen ten a obriga e quen ten que exercer as súas competencias.

Esiximos polo tanto, da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que se garanta a entrega gratuíta de máscaras de forma sostida no tempo ás persoas máis vulnerables para que os nenos/as desta cidade poidan exercer o seu dereito á educación e o seu dereito tamén á saúde.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O pasado día 22 o Bloque Nacionalista Galego levamos ao Parlamento de Galicia unha proposición non de lei en termos practicamente equivalentes aos desta moción do grupo municipal Socialista que compartimos e que imos apoiar, unha proposición non de lei onde reclamabamos efectivamente a gratuidade a entrega gratuítas de mascarar de protección para o alumnado e que o Partido Popular votou sen ningún tipo de complexo en contra. Como xa se sinalou para unha familia tipo, para unha familias con dúas crianzas en idade escolar, o custe mensual das súas mascarar sitúase arredor duns 100 euros mensuais nun contexto que compre non esquecer de enormes dificultades de tipo social, económica e laboral para as clases populares e traballadores que constitúen a maioría social.

Dispor dun medio de protección que as nosas fillas/os dispoñen dun medio protección imprescindible fronte a COVID-19 como son as mascarar non pode luxo nin unha opción. Hai que garantir a máscara a todo alumnado tamén para que ninguén se vexa obrigado por falta de medios a ter que reutilizar durante días a mesma máscara desbotable por non poder permitirse adquirir ás necesarias. O que estamos a ver esta semanas é que o verdadeiro grupo burbulla no noso país é a xunta de Galicia do Partido Popular que está a absolutamente fora da realidade e por iso non atende ás necesidades imperiosas que estamos a enfrontar neste contexto, xa de segunda vaga de contaxios polo coronavirus. Máis expresando como xa sinaléi o apoio do BNG a esta moción si que tamén quixéramos sinalar aquí que tal e como demandou o noso voceiro no Congreso dos Deputados o Sr. Nestor Rego, o goberno d Estado ten tamén que abordar a necesaria redución do IVE das mascarar, non ten ningún sentido o tipo impositivo que se está a aplicar e dende logo tamén sería unha medida que facilitaría tanto para os particulares, para as familias como para ás administración un menor custo para adquirir un ben que hoxe xa é de primeira necesidade.

SRA. ORIANA MÉNDEZ: É verdade que cando se producen estes consensos como dicía en torno a determinadas cuestións como nesta caso é a defensa dunha educación pública segura, o que acontece é que tamén nos reiteramos nos argumentos e algunhas das cousas que eu tiña pensado dicir loxicamente xa foron ditas pola concelleira do Partido Socialista e polo concelleiro do BNG pero iso non

quere dicir que non haxa que insistir nesas cuestións e haxa que deixar ben clara a posición do concello de Vigo, é fundamental que o Concello de Vigo, o Concello da cidade motor de Galicia, máis importante de Galicia cando falamos de economía, cando de falamos de cultura e por suposto cando falamos de como a afecta á educación á cantidade de miles de familias, se posicione desta maneira, se posicione de maneira firme e maioritaria apoiando unhas medidas necesarias para garantir a seguridade de todo o alumnado. É fundamental polo tanto, que o goberno galego asuma a súa responsabilidades, díxose varias veces e non por iso deixa de ser necesario repetilo, ten que superar o abandono aos centros educativos, un abandono que se está traducindo en que a Xunta de Galicia deposita toda a responsabilidade da volta ás aulas nos sombreiros dos centros, e que se falamos de vacacións que se citaron aquí, mentres familias, profesorado, equipos directivos, estaban adicando boa parte da súas vacacións a preparar as instalacións e a demandar á Xunta de Galicia, a chamar pola Xunta e a demandarlle diálogo activo, o que fixo o goberno de Galicia foi improvisar ata o punto de cambiar de criterio ata tres veces en dúas semanas no protocolo de distancias de seguridade nas aulas, unhas improvisacións e uns bandazos que en realidade como digo só revelan o abandono da Xunta de Galicia á educación pública. A Xunta de Galicia ten que ser consciente de que só en máscaras unha familia con dúas fillas ou fillos como xa dixo aquí en idade escolar ten que asumir un gasto extra duns 100 euros mensuais, o goberno da Xunta de Galicia polo tanto, ten que saír efectivamente desa burbulla na que eles viven e ser consciente da realidade que a maioría social estamos a vivir, efectivamente inclúome a crise da COVID-219 está afectando a miles de economías domésticas, tan so na cidade de Vigo por iso, é que a consellería de Educación ten que asumir o custe das máscaras porque é unha cuestión clave, unha cuestión fundamental na seguridade do alumnado á hora de desenvolver a súa escolarización presencial. Non podemos permitir que se carguen máis gastos e máis responsabilidades nin sobre os centros nin sobre as familias que teñen xa situacións en moitos casos límite. O goberno galego ten que exercer as súas funcións, aliviar esta situación de moitas familias que se ven ademais moitas veces na necesidade de empregar máscaras ás veces

non testadas sanitariamente ou incluso na necesidade de reutilizar máscaras durante días, poñendo en risco a súa saúde.

Sabemos que para o Partido Popular o fortalecemento e a mellora continuada da educación pública non é unha prioridade, e coincidimos con voces que sinalan que o que está a facer agora o Partido Popular, agora coa chegada da COVID-19, non é máis que a continuación dun programa de desatención e de desmantelamento da educación pública que xa tiña en marcha, por iso temos que repetirlo con claridade, os principios de equidade, de igualdade para todas as nenas/os están en cuestión, vense comprometidos se non garantimos que todo o alumando empregue máscaras seguras nos centros educativos, e iso corresponde á Xunta de Galicia, polo tanto, estamos de acordo como non pode ser doutro xeito en que o Concello de Vigo inste á Xunta de Galicia a habilitar partidas económicas como dixen na outra moción para asumir os gastos dos centros en materia de seguridade sanitaria, nomeadamente nas máscaras.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: O primeiro que teño que dicir é que a Xunta de Galicia e o Partido Popular defende e sempre defendeu a sanidade pública e a educación pública porque vostede póneno sempre en cuestión, e non me cansarei de repetilo, quen viven nunha burbulla? Eleccións autonómicas hai un mes, dous meses, maioría absoluta do Partido Popular da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, por certo, non sei se vostede fala de mestre cando tiña a súa idea de mais ou menos o Sr. Caballero sacou o peor resultado nas eleccións, tamén co tempo quizais vostede chegue a ser un pouco como el. Insisto, non quero desviar o tema cun chascarillo, Marea, Podemos desapareceu do arco parlamentario, tiña deputados cos que tiña boa relación é unha pena, o BNG incrementa, e que vou a repetir aquí os resultados, o número de deputados e o Partido Socialista polo chan outra vez, entón, quen viven nunha burbulla? Agora estamos a falar dun problema, dunha pandemia e dunha obriga que é utilizar máscaras, non só parte dos escolares, máscaras sanitarias por parte de toda a poboación e un goberno central en Madrid que non está disposto nin sequera a reducir o IVE desas máscaras, quen vive nunha burbulla? Quen discrimina? Soamente están pensando en subir os impostos e en conchavear para votar ao Rei de España, para meter a República, están vostedes ao seu e non están gobernando coa pandemia enriba da mesa, ausentes

no verán, na praia, falábamnos de vacacións, na praia o Presidente do Goberno, a ministra a Sra. Celá ausente absolutamente da pandemia, vostedes poden poñerse como queiran pero nunha burbulla está este goberno de España, nunha auténtica burbulla. Nós dende o grupo municipal do Partido Popular estamos dispostos a apoiar ou abstermos nesta moción porque cremos que é importante, pero ten que ser asumible para tódalas comunidades autónomas e para tódolos concellos, polo tanto, tamén un tema de baixada do IVE no prezo das máscaras sería moi interesante que vostedes tamén o propuxeran no goberno central, insisto. Aquí tamén falan vostedes de que a Xunta de Galicia estivo ausente no tema da educación, no tema das escolas, por certo, a desinfección dos colexios eu o outro día lin as súas competencias Sr. Gómez, e claro vostede teñen que facerse cargo do mantemento, da limpeza de tódolos centros, a desinfección dos centros por unha pandemia é un caso que ten, por suposto que pertence á limpeza dun centro, agora a Xunta de Galicia está atendendo dende o primeiro momento a este tema da pandemia con iniciativas que por suposto non me vou a cansar de dicilo aquí, están copiando o seus compañeiros do goberno central en Madrid, porque é un tema que non coñecía ninguén, que temos ir tódalas administración da man e polo tanto e nova para todos, aquí ninguén que estar poñéndose medallas nin sabendo máis que outros porque a vostedes en moitas ocasións, si que a desinfección temos nas competencias municipais a desinfección dos parques infantís, que fixeron vostedes? Están totalmente ausentes, no verán estaban pensando nas luces, totalmente ausentes, vostedes teñen colas na Praza do Rei porque a xestión véuseltes por encima porque non son capaces de xestionar este Concello e atender ás persoas. Polo tanto, eu creo que a demagogia que estamos acostumbrados a escoitar neste Pleno, xa nos supera. Urxe baixar o IVE das máscaras, están vostedes de acordo nesa baixada? Sra. Díaz, ou non están de acordo? Pode darlle á palabra ao Sr. Aneiros é que o ten ir a Facenda, porque non vai vostede a substituír á Sra. Montero que é un auténtico desastre.

Mire, nos dende o Partido Popular fixemos varias propostas precisamente para que non se estableza unha brecha entre as diferencias que pode haber económicas entre as persoas que poidan ou non poidan asumir o custe dunhas máscaras concretas, polo tanto, temos que poñernos tódalas administracións de acordo para

que isto sexa unha realidade e nós emendamos “in voce” esta moción dicindo que instamos ao goberno de España a que baixe o IVE das máscaras e polo tanto, as administracións poderán facerse cargo delas, tanto a Xunta de Galicia como o Concello no caso de que sexan necesarias.

SRA. AGUIAR CASTRO: Sra. Egerique, hoxe vostede deixou o límite co tema do seu libro, á altura... De que lle interesa falar a vostede? Votou máis tempo falando do Rei, dos magníficos resultados do seu xefe iso é o desprezo que vostede sente realmente no fondo do seu corazón co contido desta moción, porque non falou vostede para nada nin das persoas vulnerables nin das súas necesidades, falou vostede do que vostede quixo vir a falar aquí, do seu libro nada máis, iso é o desprezo do Partido Popular o que se demandaba nesta moción, tema que vostedes nin tratou, así trata vostedes as familias vulnerables desta cidade. Mire, mentres o mando único era responsabilidade do goberno de España o Sr. Feijóo comparecía tódolos días para falar do COVID-19, para despotricar contra o goberno de España, para recriminarlle as medidas que se adoptaban, dende que o mando único é o Sr. Feijóo, á máxima autoridade sanitaria e educativa deste país non volveu a comparecer máis, está desaparecido, onde están Sra. Egerique os 18,5 millóns de euros que o goberno de España lle transferiu ao goberno galego para investir en política social? Porque neste concello cero euros, onde están os 90 e tanto millóns de euros que transferiu o goberno de España ao galego para asumir as situacións extraordinarias en materia educativa, onde están os profesores, os EPIs, os protocolos dotados de recursos, en ningures porque ninguén sabe que fixeron vostedes con eses cartos. A escaseza de recursos explica que Galicia sexa a comunidade autónoma onde máis difícil é de identificar a orixe dos contaxios, o 73% dos contaxios que se producen neste país, non se sabe de onde proceden, por que? Porque vostede menten máis que falan, menten máis que falan, onde están os 6.000 rastreadores onde están que saíu toda a comunidades sanitaria a poñerlle os cores na cara dicindo que era unha burda mentira que vostedes tiveran rastreadores e agora onde están as máscaras para as persoas vulnerables. Mire, vostedes o única que fixeron en campaña electoral, claro iso si, porque estábamos en campaña o que fixeron foi repartir unhas máscaras, unha por buzón, iso si, custou máis o logotipo e a pegatina que levaba o sobre coa máscara custou máis

que a propia máscara, pois agora volvan vostedes se queren facer o logotipo un pouco máis grande, volvan a repartir máscaras nos centros educativos para os nenos/as desta cidade que están abandonados pola xunta de Galicia, péguenlle o logotipo un pouco máis grande iso si, procure que non custe máis o adhesivo que a propia máscara.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego e o Sr. Losada Alvarez).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2611/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Diaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(160).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS INMEDIATAS PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA A ATENCIÓN PRIMARIA DE

VIGO, DOTANDO AOS CENTROS DE MEDIOS E DO PERSOAL PRECISO. REXISTRO PLENO 2612/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2612/1101, o concelleiros do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formulan a seguinte,

MOCIÓN

“Xa antes da pandemia, os Centros de Saúde da nosa cidade arrastraban unha falta de persoal e de medios que empobrecía a calidade da atención sanitaria. Esa situación foi denunciada de forma reiterada polos propios profesionais sanitarios e por toda a sociedade. As manifestacións nesta cidade foron un claro exemplo do rexeitamento das viguesas e vigueses á política sanitaria do Goberno da Xunta de Galicia.

A situación derivada do COVID-19 agrava aínda máis a situación da atención primaria. As decisións adoptadas sobre consultas maioritariamente telefónicas, a limitación de acceso aos centros de saúde e outras medidas están a dificultar a detección e atención de patoloxía clínicas distintas.

A saturación dos Centros de Saúde en Vigo é hoxe unha crúa realidade. Os atrasos, nas citas, que se están producindo de ata 14 días son intolerables e os profesionais, aos que sempre apoiamos e seguiremolo facendo, senten unha tremenda impotencia por non poder atender aos seus pacientes como deben.

Fronte a esta situación, o Goberno da Xunta de Galicia non está a tomar as medidas urxentes para poñer solucións. Para os profesionais sanitarios e para os que necesitan de atención médica é un clamor que se debe reforzar a sanidade sen máis dilación en Vigo. O incremento do número de profesionais e de medios materiais que garantan unha atención médica digna é urxente.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria de Vigo e que tanto preocupa a profesionais e usuarios, dotando aos centros de medios e do persoal preciso.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A verdade se adentraba a miña compañeira a Sra. Aguiar no tema sanitario e traemos esta moción coa pretensión de que o goberno de Galicia

dote de medios humanos e materiais á atención primaria. A verdade é que o texto que propoñemos para aprobar neste Pleno é certamente sinxelo o que pasa é que engloba moitas cousas e engloba unha problemática que ten a coincidencia xeneralizada de tódalas viguesas/es estou seguro, o sistema sanitario pasa por unha situación crítica, a atención primaria foi abandonada polo Sr. Feijóo ao longo dos anos anteriores do seu goberno, a política de recortes claramente desmantelou as áreas sanitarias e descapitalizou a atención primaria, todo isto se debe ás políticas anteriores derivada da crise e derivada das políticas do Sr. Rajoy e do Sr. Feijóo. Antes do COVID-19 nesta cidade 23 xefes de centros de saúde de primaria, dimitiron, nunha auténtica rebelión pacífica e con razóns, esta mobilización desta dimisión, foi certamente un referente aquí, en Vigo, en Galicia pero tamén en toda España, e debeuse a que existía un malestar explícito, esta cidade se manifestou como nunca nunha manifestación que foi un feito histórico precisamente para reclamar unha sanidade digna e unha sanidade para tódolos e sanidade pública. A situación da atención primaria hoxe non fixo máis que ver os problemas que xa tiña, só os profesionais e o dixemos neste Pleno en infinidade de ocasións, foron capaces e son capaces de manter en pe esta asistencia sanitaria, o que pasa é que cun custe moi alto, hoxe máis do 40% dos profesionais sanitarios están de baixa, nalgúns centros chegan inclusive ao 50%, precisamente nun momento en que a atención primaria é fundamental. A Xunta de Galicia quixo cargar sobre os profesionais da atención primaria o traballo dos rastreadores a maiores do que lles corresponde e eles son os que din que é absolutamente imposible levar este traballo de rastreador dende a atención primaria, é imposible que pivote sobre eles e son eles os que o din, o Sr. Feijóo dicíao a Sra. Aguiar mentiu cando falaba de 6.000 rastreadores, mentiu pero no peor que se pode mentir hoxe, dicía que tiña máis rastreadores que ninguén e era absolutamente mentira como digo. A semana pasada houbo unha sesión parlamentaria que sería de risa ou esperpéntica senón estiveramos na situación na que estamos, o recente conselleiro non é capaz de definir o que é un rastreador e o presidente da Xunta de Galicia á pregunta de cantos rastreadores hai, é incapaz de contestar cantos hai, porque hai que dicilo moi claro, o relato da crise sanitaria de marzo a xullo é absolutamente falso, a Xunta de Galicia non foi dos mellores en xestionar esta

pandemia, as carencias foron absolutamente notables e temos que dicir a verdade, e moi alta, tivemos certa sorte, o COVID-19 en Galicia tivo unha baixa incidencia afortunadamente, da que certamente nos sentimos todos satisfeitos pero é esta baixa incidencia a que salvou dun auténtica catástrofe sanitaria en Galicia, equivalente a outros sitios que vemos nos informativos. Hoxe o reclamamos aquí, a atención primaria é máis necesaria que nunca, é un pilar básico, é aquela que debe de desconxestionar os hospitais e é precisamente cando está máis débil. O goberno de Galicia é culpable de non ter adoptado medidas nesta previsión da segunda ola, non se aproveitou o período de marzo a xullo para dotar de medios humanos e materiais á atención primaria, lonxe de ter aprendido a lección de marzo e meses seguintes, non se fixo nada e isto se vía vir, os profesionais están cansados e fartos, teñen 50 consultas diarias, teñen que cambiar a bata polos EPIs para atender aos enfermos de COVID-19 e son menos que nunca.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Antes do inicio desta pandemia, a política sanitaria do Partido Popular xa tiña en xaque a atención primaria, hoxe vemos como o persoal sanitario, singularmente na atención primaria está literalmente secuestrado na burocracia, obrigado a diagnosticar e a pautar tratamento farmacolóxico por teléfono, atención médica de oídas. Unha situación que é especialmente grave na atención primaria donde efectivamente se produce unha sobrecarga de traballo con máis de 50 chamadas, moitas delas para comunicar unicamente resultados na súa maioría felizmente negativos nas probas PCR. Esta situación que obedece a unha estratexia tamén deliberada de non apostar pola sanidade pública está a privar dunha atención sanitaria efectiva ao conxunto da poboación pero de maneira singular aos sectores máis vulnerables, ás persoas enfermas crónicas, ás persoas maiores, máis tamén as nenas/os e nese sentido o BNG concordamos coa moción do grupo municipal Socialista e unicamente facemos un engádego por precisar e por incidir ou remarcar esta cuestión da necesaria activación da atención médica presencial coa debidas garantías e tamén para rematar coas listas de agarda en atención primaria. A diferenza de criterio que se está a aplicar por parte da dirección do SERGAS no que ten que ver coa atención sanitaria de tipo hospitalario, coa atención sanitaria na atención primaria, dende logo demostra que como xa levamos alertando moitos anos, hoxe o inimigo a bater para a política

de demolición da sanidade pública que practica o Partido Popular é precisamente a atención primaria nun momento onde é máis necesaria que nunca, onde é imprescindible e onde se ten configurado como a primeira liña de combate fronte á pandemia máis tamén coa primeira liña de cuidados para outro tipo de patoloxías e de enfermidades.

SR. PÉREZ CORREA: Parece que a memoria dos vigueses/as as veces é extremadamente selectiva, e así como é certo e díxo a moción na exposición de motivos que tivemos mobilizacións históricas pola sanidade pública, dende logo o que me corresponde analizar a min é que o resultado electoral das últimas eleccións autonómicas debería de facer unha reflexión profunda ao conxunto dos electores porque que un partido que desmantelou a sanidade pública nesta cidade, que un partido que ademais falaremos das cuestións antes da pandemia o que significou a situación do sistema sanitario sexa a forza máis votada da cidade obviamente nos obriga tamén a unha reflexión e non simplemente quedarnos no que foran as grandes mobilizacións para a sanidade pública senón que as veces hai que mobilizarse e consecuentemente tamén hai que expresalo no voto, por que dicimos isto? Porque esta moción, a pesares de que é certo, estamos de acordo, teñen que artellarse unha serie de medidas de carácter sanitario, algunhas de carácter xa urxente, a nós nos gustaría que se detallaran porque hai cuestións que obviamente cambian radicalmente do escenario anterior, e o 13 de novembro de 2019, por iso digo que as veces a memoria desta cidade é pouco selectiva, dimitiron os xefes de servizo de case tódolos centros de saúde da cidade, estamos a falar de practicamente fhi un ano tiñamos unha situación límite nos centros de atención primaria, ademais cunha política de desmantelamento da atención primaria para nalgún momento, agora o temos pola vía dos feitos, a atención telefónica pero nalgún se propoñía como unha boa opción antes de contratar facultativos. Nós onte falando con algúns médicos, precisamente ao calor da reactivación e a reunión que hoxe ten SOS Sanidade Pública, principal plataforma pública de defensa da sanidade, algún médico nos escribía e nos dicía unha cuestión que obviamente nos fai abrir un escenario de perigosidade e é que se a situación anterior a crise era unha situación moi mala que tiña que ver sobre todo

polo desmantelamento da atención primaria por determinados criterios en base á contracción ou á apertura de bolsas de contracción, recursos públicos que se estaban a colocar e as consabidas privatización que veñen asolando o sistema sanitario do noso país, practicamente dende a creación do Metec e o modelo de privatización, pero que ademais a crise nos días si, quero citalo porque é un texto que nos manda, di “la crise de la pandemia del COVID-19 y su patología significó la paralización de la actividad existencial tanto en la atención primaria como en atención hospitalaria por miedo a colapsar a los hospitales, lo que determinó no solo postergar la actividad asistencial preferente y crónica si no también la actividad quirúrgica no urgente con el incremento de las demoras tanto en consultas y pruebas complementarias así como las listas de espera quirúrgicas. Esas actividades hay que reabrir las lo antes posible para evitar o deterioro del propio sistema y empeorar los datos de salud de la población”, e dicir, se tiñamos unha situación mala todo e cada unhas das medidas que o goberno autonómico tomou en materia sanitaria nos van a poñer un horizonte nos próximos meses de moita perigosidade e ademais hai cousas máis graves que xa están poñendo enriba da mesa os facultativos coas cuestións que teñen que ver cos retardos na diagnose que están provocando, eu sei que é unha polémica que sempre se dixo é demagogia pero hai médicos que xa din abertamente que atrasos na diagnose en determinadas probas provocan mortes e lle podemos dar as voltas que queiramos e xa non o di Beiras no Parlamento como deputado senón que se di abertamente por parte dos médicos porque estamos asistindo a atrasos entre proba e diagnose de moitos meses e ademais agora imos a ter o problema que a diagnose en moitos casos sobre a proba vai ser telemática, co cal a parábola que se está a construír pois é absolutamente demencial, nós cremos que os medios, nos gustaría tamén que a moción abordara que medios porque é certo son cuestións que teñen que ver con máis médicos, cuestións que teñen que ver con recursos, son cuestións que teñen que ver con alcanzar o 25% do orzamento en materia sanitaria e orzamento finalista nos próximos anos, teñen que ver coa apertura dos centros de saúde con consultas presenciais, os propios médicos din que é absolutamente necesario abrir os centros de saúde con consultas presenciais e desdobralos, no sentido de que os pacientes COVID-19 e os non COVID-19 vaian por dúas áreas de atención diferenciados cousa que non está a pasar en ningún centro de saúde mais

alá tamén do plan e unha reivindicación histórica do movemento de defensa de sanidade pública, do plan de mellora de atención primaria que é a primeira fronte de batalla contra esta situación, nós estamos de acordo e seguiremos con moita atención os debates que se dean na contorna do Parlamento de Galicia porque o que ven pode ser incluso peor da situación que nos deixou o ano pasado cando repito, dimitiron en bloque os directores dos centros de atención primaria da cidade.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, como vostedes mesmos din todo o noso apoio e comprensión aos traballadores sanitarios, neste caso aos de atención primaria e sobre todo neste momento de pandemia, ante unha situación de alarma sanitaria destas dimensións non podemos máis que felicitar a todo persoal, o sábado ademais esta cidade recoñecera o seu traballo, polo tanto, a cidade de Vigo toda a cidade de Vigo, esta corporación municipal recoñecerá ese traballo coa Medalla da Cidade, iso vaia por diante e despois teño que insistir nisto, non se desmantelou a sanidade, vostedes falan do resultado electoral como se os votantes non souberan o que votan, imos a ver, acaba de haber eleccións, a Xunta de Galicia con esta xestión, eu traio aquí ademais precisamente o compromiso coa atención primaria coa que nos presentamos ás eleccións, o Partido Popular obtivo 42 deputados e gañou en Vigo por cuarta vez, unha maioría absoluta, o Sr. Feijóo gañou por cuarta vez en Vigo, o Partido Socialista obtivo 14 deputados, en Vigo perdeu ás eleccións, gañou o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego aumentou o seu resultado en 19 deputados, teño que repetir os resultados porque aquí parece que vostedes non o saben, e Marea non obtivo representación autonómica, polo tanto, levan 4 anos repetindo que o Partido Popular, a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo desmantela a sanidade pública e non ten compromiso coa educación pública eu creo que aí hai un número dunha porcentaxe elevando de votantes, tanto de usuarios da sanidade pública e da educación pública como de profesionais polo tanto creo que eses discursos que vostedes están empeñados en dicir neste Pleno, que benefician, por suposto, ao Sr. Caballero non son certos, o Partido Popular e a Xunta de Galicia non desmantelan o sistema público de sanidade, e ademais estamos nun caso de pandemia cunha responsabilidade moi

importante enriba da mesa, cando vostede di que saía o Sr. Feijóo ali, o Sr. Feijóo tivo toda a responsabilidade do mundo, tódalas consellerías estiveron de maneira transversal traballando e a xunta de Galicia traballando cos seus esforzos e os seus recursos postos na pandemia, e digo unha cousa, o Sr. Simón cre que as propostas de Galicia son xustificadas poderá saír da alarma polo seu traballo excelente, o traballo da sanidade pública galega non é da Xunta de Galicia, é de todos, dos profesionais que a fan, e tiñamos as infraestruturas preparadas afortunadamente para poder afrontalo e non tivemos que montar como en Madrid o IFEMA, un pavillón porque non tivemos camas, e falan de sorte, vostedes cando a xestión é axeitada e saen ben as cousas falan de sorte, e que a verdade é unha irresponsabilidade para a súa parte, falan de xefes Sra. Aguiar, non nos temos xefes, nos temos equipos, temos traballo, obxectivos, xestión, compromiso e temos responsabilidades, vostedes teñen un xefe aquí que o sentaron nunha mesa e lle di directamente o que teñen que dicir e o que teñen facer e todos a arrear contra o Sr. Feijóo que o que a el lle vai ben nos resultados electorais, isto é unha vergoña, insisto, unha vergoña e moitas cousas aínda que esteamos no extremo co Bloque Nacionalista Galego é con Marea temos moitas cousas con respecto a esta cidade que poderíamos mellorar entre todos e poderíamos chegar a moitos acordos, entón eu estou xa farta de que vostedes defendan a este Concello acusando permanentemente ao Sr. Feijóo e á xunta de Galicia, cando tiñamos que poñer por suposto, enriba da mesa moitos problemas que ten esta cidade. Mire, como vai dicirme vostede que veño aquí a falar do meu libro, pois non sei, algunha vez escribirei un libro, co tempo, vou falar do punto do programa electoral co que o Partido Popular se presentou ás eleccións, incluso antes da pandemia que houbo que suspender e despois recuperamos, e que sacou insisto, 42 deputados e que gañou ás eleccións en Vigo, gañou en Vigo o Partido Popular o Sr. Feijóo gañou en Vigo.

Miren, no caso da atención primaria o compromiso é completar o Plan Galego de atención primaria iniciado en 2019, polos problemas que se expuxeron aquí enriba da mesa, que conta un orzamento de máis 100 millóns de euros para reordenar e redistribuír as funcións dos equipos de primaria cunha atención específica aos pacientes crónicos e aumento de enfermaría especializada en medicina familiar e pediatría, feitos, Sr. Font, co tempo veremos que nesta lexislatura, a ver si a

pandemia nos permite poñer en marcha todas estas iniciativas e veremos feitos, e despois resultados e non discursos baleiros permanentemente de insultos, si Sr. Gómez de insultos e de lembranzas de Alcaldesas de hai xa 15 ou 20 anos e non responsabilidades enriba da mesa, e insisto, é un tema bastante serio como para estar agora dicindo e inventando e insistindo en que a Xunta de Galicia desmantela a sanidade pública e a educación pública, non é certo, e non imos permitir que permanentemente dende este concello, ademais dende esta Corporación municipal e non só dende o goberno municipal, se transmitan esas mensaxes.

SR. LÓPEZ FONT: Vostede Sra. Egerique aguanta moi pouco o debate político, porque se todo o remite a que se insulta, pois certamente é unha simplificación que os que nos imos a tolerar esa simplificación como nós. O Sr. Feijóo é presidente da xunta de Galicia co voto dos galegos e ten unha responsabilidade ante os galegos e iso é o que estamos vendo aquí, porque mire, se a súa contestación aos que teñen que esperar dúas semanas para unha cita médica é que gañaron vostedes as eleccións o pasado mes de xullo, pois certamente fraco favor lle fai vostede ao Presidente da Xunta de Galicia porque seguindo o seu criterio parece que despois das eleccións o Sr. Feijóo podería comentar as maiores tropelías que como resultou elixido Presidente da xunta de Galicia, as pode cometer. Nós si que estamos fartos, do Sr. Feijóo, e estamos fartos en ámbito sanitario e farta esta cidade da atención primaria e esta cidade é a única cidade de Galicia que ten un hospital privado, porque o decidiu aquel que saíu presidente da Xunta de Galicia polo Partido Popular, polo tanto, hai unha coincidencia en que hai un desmantelamento da atención primaria, pero non o di o Sr. Font, non o din os voceiros que interviron, dino os profesionais, os profesionais din que non aguantan, os profesionais din que non poden máis, os profesionais din que se lles fai contratos lixo, que non hai medios, que non poden actuar de rastreadores, que non aguantan máis e esa é a voz Sra. Egerique que vostede ten que atender, que ten que atender o goberno da Xunta de Galicia, e o que é certo é que vostede ten que vir aquí a dicir as cousas que di, vostede lle debería de dar vergoña de que un presidente da Xunta de Galicia non poida contestar a cantos rastreadores hai hoxe

en plena pandemia, un conselleiro que foi xerente na área sanitaria de Vigo non sabe balbuceando no Parlamento o que é un rastreador e non sabe contestar, esta é sanidade que vostedes queren? Isto é o que nos ofrecen aos galegos despois da inmensa vitoria que conseguiron vostedes, pois haberán conseguido a vitoria pero a sanidade en Galicia está desmantelada, especialmente en Vigo, a atención primaria debería de estar hoxe mellor que nunca porque é a que ten que protexer da atención hospitalaria, en suma, Sra. Egerique non houbo política sanitaria, non hai política sanitaria, é un completo desastre a xestión que se fai da política sanitaria e dino nos os que falamos aquí, senón dino os cidadáns de fora e o din os profesionais da sanidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopan ausentes a Sra. Silva Rego e o Sr. Rivas González).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2612/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

15(161).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA A QUE PROMOVA A DERROGACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMOPRIMEIRA DA LEI DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. REXISTRO PLENO 2613/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2613/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formulan a seguinte,

MOCIÓN

“A creación da Área Metropolitana de Vigo constituíu un feito histórico para esta cidade e para o resto dos municipios que integran este territorio do sur da provincia de Pontevedra. Xurídicamente, a aprobación da Lei 4/2012, de 12 de abril do Parlamento de Galicia establecía a organización e competencias deste organismo supramunicipal chamado a mellorar as condicións de vida dos cidadáns dos municipios de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

Sen embargo, o goberno autonómico do Partido Popular e algúns dos seus representantes nos municipios da contorna de Vigo puxeron o seu empeño en bloquear tanto a súa constitución como a súa efectiva posta en marcha. É significativo que se interpuxera un recurso xudicial pola Xunta de Galicia fronte o acto de constitución da mesma, recurso que, anos despois, este mesmo mes de setembro, os Tribunais acaban de desestimar dito recurso recoñecendo, primeiro, que a área estivo ben convocada. Segundo, que a área estivo ben constituída e, terceiro, que estivo ben designada a súa Presidencia. Polo tanto, é legal a Área Metropolitana e Vigo e tamén é legal e lexítimo o seu Presidente: o Alcalde de Vigo.

Pero o goberno do Sr. Feijoo, á cabeza da Xunta de Galicia, non se limitou a interpoñer un recurso xudicial senón que tamén impulsou a modificación da Lei de creación e organización da Área Metropolitana de Vigo mediante unha Lei posterior que servise de freo para a súa posta en marcha. Así, Disposición Adicional Decimoprimeira da Lei 4/2012, engadida pola Lei 14/2016, de 27 de xullo, veu a establecer unha condición para a efectiva posta en funcionamento da área metropolitana de Vigo: á integración previa no transporte de Vigo no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Esta incorporación, ademáis, prevé o non incremento da aportación da Xunta de Galicia e do resto dos municipios agás para o Concello de Vigo, o cal supón un

trato discriminatorio para esta cidade e unha expropiación, de facto, dos recursos económicos da Facenda Local de Vigo.

Por todo o exposto, propónse o seguinte ACORDO:

Instar á Presidencia da Xunta de Galicia a que promova a derogación da Disposición Adicional Decimoprimeira da Lei do Área Metropolitana de Vigo, engadida pola Lei 14/2016, que impide a posta en efectivo funcionamento da Área Metropolitana xa que está ratificada a súa constitución e a Presidencia no Alcalde de Vigo.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: No ano 2012 producíase un feito histórico onde no Parlamento de Galicia se aprobaba por unanimidade a Lei 4/2012 que daba forma a Área Metropolitana de Vigo, con esa Área Metropolitana nos colocábase na vangarda de España xunto con outras áreas metropolitanas que existen no estado español, a de Barcelona, para facilitar e mellorar as condicións de tódolos habitantes dos 14 municipios da contorna de Vigo, de tódolos municipios da contorna de Vigo, de tódolos habitantes da contorna de Vigo, feito histórico sen crear un custe adicional, sen crear un organismo “ad hoc” específico, permitía digamos consorciar servizos, facer políticas integradas, e coordinar tódolos esforzos deste Vigo metropolitano no que vivimos, onde non hai fronteiras entre municipios senón que hai unha mobilidade, unha andaina conxunta entre tódolos cidadáns. Sen embargo e pese a esa unanimidade o goberno de entón e tamén da actual Xunta de Galicia encabezada polo Sr. Feijóo, empeñouse en boicotear este mandato do Parlamento Galego, encargouse de boicotear a constitución e a Área Metropolitana de Vigo, cun espectáculo que os que estivemos alí vivimos e que foi lamentable, onde tódolos representantes do Partido Popular se encargaron nunha secuencia organizada e orquestrada e planificada previamente dirixida dende Santiago de Compostela, de boicotear tanto a constitución da Área como a elección do Presidente/a e por suposto a posta en marcha desta Área Metropolitana. Anos despois e recentemente vimos que unha sentenza, un dos plans do goberno da Xunta de Galicia para boicotear esa Área non lle sae ben, e da a razón entre outros a este Concello posto que esa sentenza recoñece que a convocatoria para o acto de constitución da Área foi correcta, así o di na páxina 8, esta sentenza do Xulgado do contencioso administrativo de Vigo e tamén a celebración da mesma,

tamén é correcta, legal e lexítima, di nesta páxina 8 a sentenza “el recurso es inadmisibile respecto de la convocatoria y la celebración de la sesión constitutiva da la Asamblea, recurso inadmisibile”, un deses primeiros paus que se meteu na roda da Área Metropolitana de Vigo que comezaba a funcionar con esa sesión constitutiva.

A constitución que era outro dos actos no que vivimos un espectáculo lamentable, onde un Presidente da Mesa de idade que non ten máis competencia que a formal de verificar as credenciais, pretendía por en dúbida algunhas delas, onde pretendía exercer de primo inter pares respecto dos demais concelleiros desa área, por certo, que xa non é Alcalde, porque o tema desa reunión é onde tamén os demais intervinientes nesa reunión show mediático do Partido Popular, pois tampouco está hoxe en día nos seus cargos, un Alcalde de Redondela que xa non é Alcalde, e unha concelleira que era por esta Corporación que xa non é concelleira, coñecida tamén por certo por asinar en cinco minutos un hospital privado para esta cidade, polo que pagamos 70 millóns de euros ao ano tódolos cidadáns e outro responsables políticos que xa non están no cargo, prestándolle servizos ao Partido Popular e non aos cidadáns que están neses municipios, o ex alcalde de Baiona e tamén algún alcaldesa da zona do perimetral de Vigo coñecía por ter máis quebrando o seu municipio que por traballar para a prol do seus habitantes, pero a sentenza dío claramente, esa constitución é válida, e a sesión tamén é válida, a Xunta de Galicia insistía en que esa sesión non debía de celebrarse, tiña que suspenderse, así hai declaracións do vicepresidente da Xunta de Galicia o Sr. Alfonso Rueda e incluso do propio presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo, pero a sentenza é testalana e di que esa sesión foi correcta e que se abandonou simplemente a sesión.

A lección do Presidente tamén é correcta e a Área metropolitana está constituída e ten un presidente, o que pasa é que a Xunta de Galicia meteu o seegundo pau na roda, nunha Lei do 2016, condicionou a posta en marcha efectiva da área Metropolitana á sinatura dun Plan Metropolitano que a propia sentenza páxina 17 di que non existe “El Plan de transporte metropolitano de Galicia no existe” polo tanto, o que temos aquí é unha condición que é de imposible cumprimento, condición que establece unha Lei pero que é de imposible cumprimento e que polo

tanto, procede derogar e procede que o seu impulsor, o Sr. Feijóo, impulse tamén a derogación desa disposicións adicional da Lei de Área Metropolitana de Vigo que impide o efectivo funcionamento desta Área Metropolitana que está chamada a mellorar as condición de tódolos cidadáns.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En 2016 tódolos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, todos, incluído o Partido Socialista atinximos un consenso histórico, non foi unha reforma da Lei de Área Metropolitana que probabelmente nos gustase a todos ao 100% pero no caso do BNG sumámonos co afán de desbloquear a Área Metropolitana e dende logo apostando por unha Área Metropolitana útil, o acordo que contou co voto do Partido Socialista que foi aclamado con absoluta alegría, con entusiasmo por parte do Sr. Caballero dende a propia sesión plenaria, onde se chegou a asinar por parte do Alcalde que hoxe, polo día da aprobación, é un dos grandes días de Galicia é o máis importante que se fixo nunca na historia do Parlamento.

Esa reforma que contou co seu voto incluía efectivamente unha disposición adicional porque formaba parte dos consensos arbitrados para intentar desbloquear esta cuestión. O certo é que sen consenso non haberá nunha Área Metropolitana en Vigo, pero tamén en realidade o que sucede é que nin Partido Socialista nin Partido Popular queren que a Área exista para alén de utilizala como unha permanente arma reboladiza na súa lea partidista e electoralista. Non lles interesa, xa o demostraron tamén durante a tramitación desta reforma, o BNG lles propúñamos a ámbolos dous grupos que se condicionase cun calendario claro de traspaso e competencias e de recursos; Partido Socialista e Partido Popular dixerón que non, porque o que quere o BNG é unha área metropolitana útil para a veciñanza, que se traduza en máis e mellores servizos para o conxunto da cidadanía que habita a realidade metropolitana de Vigo. E o que lle preocupaba ao Sr. Caballero era constituir un ente que el puidera presidir e o que lle preocupaba ao Partido Popular era intentar fanar a posibilidade institucional de que o Partido Socialista gañase peso na provincia de Pontevedra, esa é realidade dos feitos polo que esta moción o único que trae é cinismo e dende logo embarra novamente un debate.

SR. PÉREZ CORREA: Eu supoño que no tempo que levamos discutido nesta corporación sobre esta cuestión que arranca nos anos 90 e se queremos ir un pouco máis á prehistoria, arranca case coa constitución dos concellos democráticos onde xa se falaba naquela altura da posibilidade de ter estruturas metropolitanas, supoño que o nivel de cansanzo da cidadanía viguesa sobre este debate pois dende logo non vai axudarlle absolutamente nada a ser mitigado por mocións deste tipo. Este grupo municipal non vai apoiar ningunha moción proposta polo Partido Popular ou Partido Socialista sobre cuestións da Área metropolitana mentres non haxa un mínimo avance e ademais con cuestións que a medida que van pasando os meses aparecen como condicionantes que invalidan a posibilidade de avanzar en acordos que é a única maneira de constituír unha área metropolitana, primeiro un acordo esencial que nunca se quixo abordar a pesares de que nos no Parlamento de Galicia e aquí no concello se verbalizou, se o único que queremos é transporte metropolitano a lei non vale para nada, fagamos como o resto de comarcas e estruturas metropolitanas de Galicia que teñen un transporte metropolitano que teñen unha tarxeta azul pero non se lían na cuestión da lei e se hai unha Lei é porque houbo un consenso no Parlamento de Galicia e dixemos tódolos grupos, pois adiante, imos a poñer, ademais dixemos que era algo piloto que se funcionaba a lei no ámbito de Vigo a seguinte sería A Coruña onde xa había un acordo dos Plenos dos concellos da área metropolita de A Coruña, e todos nos puxemos de acordo e lanzamos a Lei e cando se lanzou a Lei, a disposición adicional décimo primeira xa existía, e dicía claramente que a efectiva posta en funcionamento da área metropolitana de Vigo requirirá, previa integración efectiva do transporte urbano de Vigo no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que hai un Plan de Transporte Metropolitano de Galicia o que haberá é que propoñer se iso é un marco xeral ou ten que haber, porque vostedes a argumentación é que non hai transporte, que non hai Plan de Transporte Metropolitano de Vigo pero si hai Plan de Transporte Metropolitano de Galicia porque permitiu que entraran outros concellos pois entón porque en A Coruña e Santiago de Compostela teñen transporte metropolitano? Quero dicirllas vale, pero vale perfectamente porque aquí tamén di que obriga a que o concello de Vigo asine previamente un convenio de adhesión entre a Xunta de Galicia e o Concello que está asinado 6 de xullo de

2016, curiosamente o asina o Sr. Caballero, a concelleira e non entendemos porque asina Vitrasa, salvo que vostedes quixeran ver que Vitrasa era unha especie, pois eu como un San Benito que temos aquí atrás e que vai herdarse de xeración en xeración e que teríamos que asinar a tres bandas, ese convenio habilitaba para desenvolver o transporte, o Partido Popular decidiu abrir un debate ridículo en que estaba na sesión de investidura cando hai un momento de presidencia de idade e o cambio de Alcalde e a ver quen era máis vello, foi unha cousa politicamente ridícula, tivo que ser ridícula que abandonara o Partido Popular e que incluso uns minutos antes da constitución ou apertura da constitución da Área Metropolitana nin sequera soubesemos o resto dos grupos se o Partido Popular ía estar ou non, é dicir, todos ese traslado histórico apárqueno porque demostra unha incapacidade política por parte do Concello de Vigo e da xunta de Galicia de ter un mecanismo que funciona con toda naturalidade en toda Europa é que ademais é un mecanismo que telo en Vigo sería unha cuestión democrática con respecto a outros concellos, eu podo perfectamente coller un transporte bonificado de ría a Cangas, paga a Xunta de Galicia, paga o concello de Cangas, o Concello de Vigo non pon un duro e eu me estou aproveitando dos cartos que pon o Concello de Cangas, exactamente igual pasa en Nigrán, podo ir a Nigrán nun transporte bonificado con tarxeta azul, paga a Xunta de Galicia e paga o concello de Nigrán, que problema hai para que Vigo tamén pague? De cantos cartos estamos falando? O alcalde chegou a dicir que podían 300.000 euros ao ano, que é un ridiculismo porque se compensaría seguramente cunha integración do transporte metropolitano que nos permitiría aforrar o resto dos vigueses/as, se o que queremos é a seguinte moción, si esta non estamos de acordo, e para poñela e enmarcala porque isto hai que viaxar por Europa e a ninguén se lle pide empadroamento para unha tarxeta de transporte en París, Bruselas, en calquera cidade, outra cousa é que haxa maiores bonificacións que teñen que ver con determinados colectivos, pois persoas maiores, que habería obviamente que unha bonificación ligada ao empadroamento, non hai ningún transporte metropolitano en España nin sequera que propuña como criterio o empadroamento, ningún, díganme un porque en Madrid podo sacar a tarxeta, de feito a teño, en Sevilla podo quitar a tarxeta, de feito a teño, outra cousa é que a maiores haxa

bonificacións ligadas ao empadramento que xa non teñen nada que ver coa tarxeta básica como vostedes quixeron facer.

Polo tanto este debate, tráíamo 50 veces pero senón non hai ningún avance dende logo nós non imos participar nun Vodevil.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu estaba oíndo as intervencións como concelleiro pero estaba entre o público e dicía que intenso todo, non, as residencias de maiores, as máscaras, os centros educativos, e importábanos moito a todos menos a quen lle ten que importar que é ao Alcalde que non asistiu, e a Área Metropolitana e o transporte metropolitano tampouco lle debe importar eu como sei que me está a escoitar invitaríalle que viñera aquí a explicarnos como presenta esta moción, onde considera que a xente somos parvos, que pensan que somos parvos? Din que se modificou a Área metropolitana para frear a sua posta en marcha, que se modificou a lei para frear pero si se aprobou por unanimidade, pero o Sr. Caballero como dixo o BNG aplaudiu, un día histórico, e agora quere modificara a lei, claro perden un preito e hai que modificar as leis, perden un preito e hai que modificar a lei, se desestimou o recurso da Xunta de Galicia pero si se anulou a posta en funcionamento da Área, que recurso perdeu a Xunta de Galicia? Como perdeu a Xunta de Galicia un recurso presentan vostedes aquí unha moción para modificar a Lei, por favor, non traten á xente de parva, se é tan boa a sentenza a que veñen aquí, a branquear agora ao Alcalde pedindo agora que se modifique a Lei da Área Metropolita que se aprobou por unanimidade queren unha área metropolitana sen transporte metropolitano, iso vai en contra do sentido común e por suposto que vai en contra da Lei, porque a xustiza falou ben claro, a Área Metropolitana non pode funcionar sen transporte metropolitano, nin aquí nin en ningún sitio, dío o sentido común e é o quere a xente, para que queren vostedes unha área sen funcionamento? Para ter un chiringuito, unha nova plataforma para que discutir e falar contra a Xunta de Galicia, para iso o queren, un chiringuito sen competencias, e a xente que? Miren, nós queremos transporte público, nós queremos transporte metropolitano porque cremos en Vigo porque estamos por Vigo porque cremos que un Vigo máis grande se fai coa achegas da xente que ven a Vigo a traballar, que ven a Vigo a mercar, que ven a Vigo a

estudar, e queremos que o teñan fácil, queremos poñerllo fácil, o que non estamos é por un Vigo illado, queremos para os vigueses o mesmo que teñen os coruñeses, onde tamén hai transporte metropolitano ou Santiago Compostela que se adheriron ambas cidades ao transporte metropolitano porque teñen alcaldes Socialistas pero con visión de grandeza, con visión de área, con visión de futuro e nós están a comer as papas, porque nós o que temos é un populista de Alcalde, un populista de mercadillo, iso é o que temos nós aí sentado que non se senta. Os de fora de Vigo que paguen, o Alcalde da cidade máis grande de Galicia, este é o presidente da Área Metropolitana, ese é o Vigo que queren, os de fora de Vigo que paguen e os millóns de euros que lle demos a Ryan Air e as liñas aéreas para traer pasaxeiros de fora que? Os de fora de Vigo que paguen ou sexa os de Ryan Air non pagan, os de Redondela si, por favor, este debate é miserable, é un debate cutre, rebaixaron vostedes o nivel do debate da Área Metropolitana ata extremos inconcibibles porque son impermeables a dar razón e polo visto tamén son impermeables ao dereito, dan vostedes vergoña allea, piden derogar, escóitame Sr. Font, o transporte metropolitano, ese é o Alcalde que temos na cidade, non hai transporte metropolitano, dígallo aos 7.000 mozos vigueses/as que teñen tarxeta xove e non pagan un can por subir ao transporte interurbano porque llo paga a xunta de Galicia, iso si, teñen que pagar o Vitrasa, si, Sr. Pardo, cinco anos máis ida e volta e non pagan o transporte interurbano, por que ? E os 24.000 vigueses/as que utilizan acotío a Área Metropolitana a esos lles dicimos tamén que pagan o Vitrasa porque o Alcalde non quere que os de fora de Vigo paguen, este é un debate miserable, é un debate miserable, vostedes non cren en Vigo, vostedes están aquí para protexer a un Alcalde ao que os tribunais lle quitaron a razón, porque lla deron aos cidadáns, porque a xente quere transporte metropolitano, é unha realidade Sr. Font, é unha realidade o transporte metropolitano, que non existe o transporte metropolitano, que é imposible, unha condición imposible o que é imposible é que vexan a realidade, que vexan o que pasa nesta cidade, hai transporte metropolitano, só hai que ir a Cangas coller o barco e velo, só hai que ir a Nigrán, Baiona ou ir a traballar a Porriño, o que pasa é que se estamos todo o día metidos no despacho no vemos nada, se ao que vimos aquí é a branquear ao Alcalde que lle saíu a xogada mal de novo xudicialmente porque non é o primeiro

preito que perde por isto, entón non se decatan de nada, claro que hai transporte metropolitano e queremos transporte metropolitano.

SR. ANEIROS PEREIRA: Se alguén ven aquí a branquear a alguén é vostede branqueando ao Sr. Feijóo porque é evidente que o show orquestrado no mesmo 1 de decembro de 2016, día da constitución da Área Metropolitana como se acaba de dicir, no que os concelleiros do Partido Popular non apareceron ata un minuto da data de constitución, estaba orquestrado, igual que estaba orquestrado o show do Sr. Grandal, presidente da Mesa de Idade, orquestrando e torpedeando a constitución da Área, igual que estivo orquestrada a intervención do Sr. Javier Bas, exalcalde de Redondela facendo manifestacións nesa constitución da área metropolitana e dicindo á prensa antes que dentro que a Área nacía morta, igual que está orquestrada que a Sra. Nidia Arévalo facendo tamén declaracións fora dixera que a Área estaba morta, señores, aquí o recolle a prensa dese día. Mire, eu entendo que a vostedes, non comparto pero o entendo, non lles guste a historia, teñen esquecemento histórico dalgúns apartados da historia pera esta é a historia da Área Metropolitana, a historia de que dende o primeiro momento o Partido Popular torpedeou a constitución a Área Metropolita non se trata nin se trababa entón tampouco de crear un chiringuito, de chiringuitos saben moito vostedes, se trataba de consorciar, de ter competencias, de planificar conxuntamente actuacións urbanísticas, turísticas, medio ambientais, de mobilidade, diso se trataba, polo tanto, de mellorar as condicións de tódolos que vivimos nesta contorna de 14 municipios que formaban parte e forman parte da área Metropolitana de Vigo, pero tampouco saben ler, non saben ler, porque mire, paxina 17 da sentenza e claro, voulo dicir en castelán “es fundamental subrayar que el plan de transporte metropolitano de Galicia no existe, ni como disposición administrativa ni como acto administrativo general”, non existe, dio a sentenxa do xulgado do contencioso administrativo de Vigo, e que non hai un Plan de transporte metropolitano de Galicia, é que non o hai, como vai a poder cumprirse esa condición se a propia sentenza di que non hai un Plan de transporte metropolitano de Galicia, é que vostede, mire, lea a sentenza e despois pronúnciese pero páxina 17 da sentenza, lle pasa o mesmo co Decreto-lei das

remanentes non o len e votan en contra, e nisto páselle o mesmo, unha sentenza do contencioso administrativo número de 1 de Vigo que di páxina 14 “es fundamental subrayar que el plan de transporte metropolitano de Galicia no existe, ni como disposición administrativa ni como acto administrativo general” di, “puede producirse tras la efectiva integración en el Plan cuando este mismo realmente se apruebe” pero se non hai un Plan de transporte Metropolitana, se o que queren vostedes, o Sr. Feijóo é que os cidadáns de Vigo paguemos totalmente o servizo de transporte, non consorciar un servizo onde cada un achega en función da súa proporción ou chegar un consorcio puntual senón que os cidadáns de Vigo paguemos totalmente ese transporte metropolitano e polo tanto, que baleiremos as nosas arcas en beneficio doutros, que teñen por certo os seus municipios quebrados como pasa en Mos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, atópase tamén ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2613/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

16(162).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICACIÓN DA LEI 2/2017, EN CANTO A MATERIA DE REGULACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO. REXISTRO PLENO 2614/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2614/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia a través da Lei 2/2017 do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, publicada no DOG con data 9 de febreiro de 2017, recolle á ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros, regulando o réxime de competencias, ao transporte público regular de uso xeral, á integración e coordinación de servizos nunha rede de transporte integrada e ao réxime económico e tarifario dos servizos de transporte.

Da súa aplicación vense a demostrar a intencionalidade de impoñer ao Concello de Vigo o pago dos costes dun “plan de transporte metropolitano”, que non lle corresponden.

Na actualidade o Concello de Vigo sofre unha grave inxerencia na xestión do transporte urbano de Vigo, xa que a intención desta Lei e que Vigo teña que pagar unha parte moi importante dos usos do autobús urbano a calquera persoa de fora da cidade de Vigo.

Isto ven a demostrar a necesidade de realizar a oportuna modificación do contido da Lei 2/2007, co obxecto de non interferir na propia autonomía local e para non privar ao Concello de Vigo da potestade de organización e de xestión do transporte urbano na propia cidade de Vigo, e deste xeito, evitar que o Concello de Vigo teña que pagar o custe dos viaxes dos usuarios de fora da cidade.

A interpretación de calquera lei non pode atender contra esta autonomía local e provocar un maior gasto para un concello, polo cal solicítase ó pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

-Instar a Xunta de Galicia a modificación da Lei 2/2017, en canto a materia de regulación do transporte público, pola cal o Concello de Vigo se atopa obrigado a asumir unha parte importante do custo de uso do autobús urbano de persoas non residentes na cidade.”

DEBATE:

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Esta moción se entrelaza bastante coa moción anterior que falaba da Área Metropolitana porque basicamente foi o que deu pe a que o grupo Popular fixera o espectáculo de marchar da sala e montar o número cando se constituía a área Metropolitana que unha sentenza agora di que legalmente está constituída e que hai un Presidente. Nesta moción o que se insta é a modificación desta Lei, dunha Lei creada exclusivamente en contra de Vigo e se centra principalmente na defensa dos dereitos dos veciños/as de Vigo, e como consecuencia na defensa da autonomía do Concello, do dereito que ten o concello da súa propia autonomía, sobre as potestades administrativas de regulación e organización do servizo de transporte urbano, na cidade de Vigo, tanto en relación no seu territorio como o da súa poboación e así mesmo unha parte moi importante sobre a xestión económica deste servizo.

Todo isto non ten nada que ver coa política que leva desenvolvendo o Concello de Vigo, nada ten que ver coas mentiras que se foron expoñendo dende a Xunta de Galicia, indicando que había unha oposición do Concello á participación no transporte metropolitano, na área de Vigo, totalmente incerto, é certo o Concello asinou un convenio, é máis hai un propio escrito da responsable de mobilidade da Xunta de Galicia no que xa no mes de maio do ano 2016, o Concello de Vigo, Vitrasa, Abanca comezaron a traballar, fíxese si era xenerosidade por parte deste Concello que estaba de acordo con este transporte que comezaron a traballar nas validadoras, Sr. Pérez, asinou polas validadoras Vitrasa, non por inspiración divina porque era quen tiña ás máquinas que si logo ven outra empresa ou cando chegue terá que ter validadoras tamén, se supón, entón asinou por iso, no ano 2016, o 6 de xullo asinouse ese convenio e se comezou a traballar o que non nos di é que comezaron a poñer trabas na Xunta de Galicia con aplicación de artigos que non tiñan nada que ver co que pon o convenio. En resumen, o que quería a Xunta de Galicia era que os cidadáns de fora de Vigo chegaran, baixaran nun punto, fixeran o transbordo que o Concello de Vigo xa lle recoñecía para pagarllo e logo se facían

27 viaxes máis recorrendo a bonita cidade que os pagara tamén o concello de Vigo, ese ó problema, non nos enganemos que non hai nada máis, e precisamente isto é no ano 2016, entón o que vimos a dicir é que a Lei é creada e publicada o 9 de febreiro de 2017, unha lei que ten unha parte de uso xeral e unha lei que ten parte social, pero solo se aplica a parte social contra Vigo, e unha lei creada expresamente contra Vigo, para que a xente de Vigo pagara o que os seus cidadáns pagan no autobús que os de fora se lle pagara gratis, Vigo non estivo en contra de integrarse no transporte metropolitano, Vigo non estaba en contra da Área Metropolitana, o PP non quería que houbera un presidente como legalmente hai que era o Sr. Caballero na Área Metropolitana, o que di o BNG está moi ben, consenso, sempre, pero non se esquezan que o día anterior non sabía se acudiría o Partido Popular á constitución da Área, non nos esquezamos diso, consenso de quen a quería a pesar de que a Lei se aprobara no Parlamento, de que non sabían se se ían a presentar, sequera, e o que están pedindo é que viña unha persoa a Vigo, facía un transbordo para ir a traballar, para ir ao seu destino e o que están pedindo é que si logo collían nove viaxes máis que os pagaran os cidadáns de Vigo, ata cando a autonomía de Vigo a súa autoorganización, a súa disposición o transporte, había unhas cantidades se vostedes lembran nese convenio razoables, que asumía o Concello de Vigo, os informes xurídicos e das intervencións o que veñen a dicir é que aceptando o que propoñía a Xunta de Galicia centos e centos de miles de euros, Sr. Pérez non había forma de amortizalos, nin que puxera vostedes o tren chu-chu a continuación, non había forma de amortizalos, centos e centos de miles de euros en primeiro lugar, porque non era capaz de calcular, de ter limitacións de tódalas viaxes que a xente de fora podía facer.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Ben, nas 22 páxinas da sentenza do xulgado contencioso administrativo que algún nos limos, non está a solución a este problema senón a constatación de cal é problema de fondo, a Área non naceu morta, non a deixaron nacer nin Partido socialista, nin Partido Popular e nese sentido tamén queremos subliñar que é indiscutible para nós a necesidade de dotar á área metropolitana dun sistema de transporte integral, nas mesmas condicións e iso dicímolo aquí e

en calquera outro lugar, nas mesmas condicións nas que se incorporan outros concellos e nas que se teñen incorporado outras cidades.

A posición de que pague o que ven de fora, en palabras as veces do propio Alcalde, é irracional, en termos de mobilidade, nunha cidade na que cada día entran 90.000 vehículos dende outros municipios, xerando polo tanto, un enorme impacto tamén ambiental, eu efectivamente cando fun comprar o bono de metro en París nalgunha das visitas ou cando adquirín o bono de bus en Bruno unha cidade da República Checa, dun tamaño equivalente a de Vigo, ninguén me pediu o empadroamento, fallaba, porque se entendía que era tamén un beneficio para ese propio territorio, facilitar unha mobilidade alternativa, sustentable e reducir a utilización doutros medios de transporte. Mire, a principal diverxencia que temos o BNG co actual grupo de goberno é de concepción da cidade, vostedes que teñen a Vigo todo o día na boca, o único que pretenden é empequenecer a cidade, apostan por un modelo onde Vigo se converta nunha especie de mini cidade estado de tipo medieval, amurallada, enfrontada con todos e por todo e nos o queremos é un Vigo que lidere, un Vigo que asuma o seu papel de liderado dende a cooperación, a sinerxía, tecendo a colaboración tamén coa súa área metropolitana, vostedes queren un Vigo á talla da súa aspiración política, da súa ambición, da súa falla de proxecto de cidade. E nós o que queremos é que Vigo se converta no motor de todo un país, do motor de Galicia e iso pasa dende logo por dimensionar a Área Metropolitana, iso dende logo esixe consenso pero sobre todo disposición a que Área Metropolitana se converta nunha realidade cousa nin o PSOE ni o PP teñen.

SR. PÉREZ CORREA: A ver, dúas cuestións sobre o interpretación do convenio, porque ademais foi unha cuestión que nós naquela altura cando se constituía a Área e unha serie de concellos e concelleiros artellamos tamén un espazo propio, o noso voceiro naquela altura que era o Alcalde de Cangas dixo claramente, para nós o convenio está claro, e o convenio vai en que ata un ou dos altos os asumirá o concello de Vigo un 20% e o 80% a Xunta de Galicia, é certo que o Partido Popular tiña unha interpretación como dicía o concelleiro o Sr. Pardo de tarifa plana de salto, iso estivo enriba da mesa, as dúas opcións, había dúas interpretacións sobre un mesmo convenio, o que se falaba en reunións e que se nos dicía que quedara claro por parte da Xunta de Galicia ou non figurar en ningún lado no

convenio, a Xunta de Galicia interpreta que non había limitación de saltos e o que propoñía o Concello de Vigo sobre as cuestións do transbordo limitada a un número que non excedera aos dous saltos e iso é o que nós falamos cando dicimos que iso é o que ten asumir ou que debería asumir o concello de Vigo como está asumindo tamén o concello de Cangas para a xente de Vigo que collemos o barco. Esa cuestión para nós é extremadamente clara, unha ida, un retorno ou cuestións se sexan asumibles para o Concello de Vigo, non lle estamos a pedir unha tarifa plana nin unha barra libre ao concello de Vigo con respecto a ese gasto, polo tanto, e como dixemos naquela altura se o que había era unha interpretación diferente dun mesmo convenio, tiña que resolver un contencioso administrativo e as dúas administracións, nalgún momento escoitei o que pasa é que no elenco de declaracións e aseveracións por parte de todos naquela altura pois seguramente se me escapa algo, pero creo que nalgún momento escoite que se ía a esperar a que a Xustiza resolvera, ao final resolveu por cuestións que ao mellor non eran tan importantes como ter resolto a interpretación do convenio, porque se houbera un acordo na interpretación do convenio e no número de saltos na cuestión das canceladoras que estivemos falando durante moitos meses esperando a ver se era compatible ou non o sistema, se nos dixo que era unha cuestión de software e logo nunca mais se soubo dese tema, si iso era simplemente agora non ten sentido facer unha guerra da interpretación di si existe ou non Plan de Transporte Metropolitano porque o convenio di “de conformidade con todo o exposto en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación, é vontade das partes relacionadas no encabezamento”, Abel Caballero e Etel Vázquez creo lembrar e o conselleiro delegado de Vitrasa, e de formalizar a integración do Concello de Vigo e di “no eido do Plan de Transporte Metropolitano e Galicia” si isto é o mesmo que din agora, si se dixera naquela altura xa non se tiña que asinar porque diríamos que non podemos asinar un convenio que fai referencia a un plan de transporte que vostedes din que non existe e ademais di “igualmente no presente convenio, fixesen as bases de cooperación entre as partes asinantes para a plena integración das tarxetas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, é dicir, o convenio que asinou o Alcalde de Vigo di que hai un Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, nunca tivemos ningún problema en dicir en que había iso e simplemente é certo

que a min me gustaría un plan máis ambicioso que non se baseara simplemente na formulación de convenios ou simplemente na formulación de convenios moitas veces con 17 concesionarias privadas como é o caso do transporte interurbano pero se naquela altura non era discusión a cuestión do Plan de Transporte e a única discusión era a interpretación de cantos saltos se podía facer unha persoa que non fora de Vigo dentro do transporte metropolitano ou urbano de Vigo, volvamos ao punto de inicio, está de acordo a Xunta de Galicia que se limite a un ou dos saltos para integrar á xente e polo tanto esa opción a que sempre manexou o Partido Popular desaparece e o concello de Vigo asume a súa parte e a Xunta de Galicia a súa, vale o convenio entón con esa interpretación ou cunha adenda? E a resposta agora é que pasara xuridicamente ao Parlamento de Galicia si vale a Lei porque a lei dicía que tiña estar tamén constituída dentro dun ano, que tiña que ter unha integración plena do transporte urbano de Vigo para que estivera en funcionamento, ou temos que ir a unha terceira modificación dunha mesma Lei que sería un ridiculismo evidente e creo que poría en solfa o futuro do transporte metropolitano, é unha cuestión moi clara, se hai vontade política, o dixemos os grupos aquí, se clarexa o convenio, se busca xuridicamente o encaixe, xa non digo nesta lexislatura, antes de decembro somos capaces de ter un transporte metropolitano integrado senón os vigueses/as seguiremos dependendo de determinados arbitrios e prezos do transporte público que xa non digo que non sexan competitivos, é que nin sequera son na tendencia que está sendo o transporte público no estado español, se se está falando de que o transporte público sexa gratuíto nas grandes cidades europeas, se nos estamos no cretácico superior do debate sobre o transporte público, se están pensando xa no transporte público como gratuíto para fomentar o uso do transporte e evitar o transporte en vehículos particulares.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Señor Tenente de Alcalde, dicía que a súa intervención é moi ilustrativa porque claro efectivamente nós oíndo as declaracións do Alcalde e logo do señor concelleiro de Facenda, dicindo que o problema era o acto de constitución mesma da Área ou logo a disposición adicional undécima da Lei de 2016, pois agora lle oímos a vostede e vennos cunha realidade, o problema non é a lei, non é a constitución da área, o problema é a interpretación do convenio

asinado porque así o dixo, obriga a pagar ao concello os saltos nos transbordos, que por certo, ese é o problema? Pois, vostede cree realmente que nós imos a pensar que a batalla política que se creou aquí é por un problema dos transbordos, iso foi o que dixo, un momento, os transbordos aos vigueses tamén nos saen gratis, eu cando fago os meus transbordos no autobús a min me cobran o primeiro, non me cobran os transbordos, me imaxino que haberá unha maneira de que lle pase o mesmo aos de Redondela, Nigrán, aos de Baiona, pero iso é un problema técnico non é un problema xurídico porque efectivamente as sentencias as lemos, sabemos o que é un argumento, non afecta ao sentido do fallo e sabemos tamén que hai un convenio interadministrativo que obriga e que non é un acto con carácter xeral, ou acto un acto administrativo, é un convenio, tamén o sabemos, non confundan, pero nós o que queremos é dicir unha realidade, hai unha lei de Área Metropolitana e unha lei de transporte de Galicia, é de transporte estatal que di o que di, unha lei do ano 87, a Lei do Sr. Caballero que tamén prohíbe discriminar, como prohíbe a Constitución ou non nos acordamos da sentenza da Pass Vigo, di que tamén di o que di, verdade? Se suspendeu a obrigaón de empadramento para poder coller a tarxeta, van a ter que ter os mesmos dereitos que temos os vigueses, iso dío unha sentenza xudicial ou non a leron. Miren, claro que a igualdade ante a Lei, esa sentenza da Pass Vigo se refire a regulamentos europeos de transporte e se refire tamén a unha lei de ordenación de transportes terrestres, aprobada e redactada polo Sr. Caballero, que di que os transportes públicos regulares de viaxeiros teñen o carácter de servizo público podendo ser utilizados sen discriminación por calquera persoa que o desexe, é unha norma do Sr. Caballero, e unha norma xurídica lóxica, que non discrimina, terán que ter os mesmos dereitos aos transbordos os de Mos que os Vigo, que xa os temos. Dito isto non é o primeiro problema xudicial que teñen con isto, parece que hai máis problemas, hai o problema da Paas Vigo, perfecto, hai o problema da Lei da área metropolitana, perfecto, aquí sempre se recorre á vía xudicial e sempre se perde, a sentenza anula a posta en funcionamento da Área Metropolitana, dío claramente, anula a posta en funcionamento da Área Metropolitana e nós cremos nun transporte urbano colectivo de viaxeiros como hai noutras cidades españolas e mesmo en Galicia e nos sabemos porque todos non somos parvos Sr. Pardo, todos

sabemos aquí que mentres o Sr. Caballero sega sendo Alcalde de Vigo non vai a funcionar a Área Metropolitana porque non lle interesa politicamente, é un tema político, non é un tema xurídico porque non cre na Área Metropolitana porque non cree nun Vigo que lidere, está metido no seu localismo e no seu victimismo e mentres tanto Vigo perde habitantes e Vigo perde competitividade, iso o saben tódolos vigueses/as, hai transporte metropolitano en A Coruña e o hai en Santiago de Compostela, por que non o hai en Vigo? Por un problema de transbordos Sr. Pardo? Vostede máis eu sabemos que ese non é o problema, ese é un problema moi fácil arranxar, o que pasa é que tamén hai que dicilo claramente, temos un sistema de transporte urbano obsoleto, dos anos 90 que se rexe por unhas cláusulas administrativas e un prego obsoleto, e que vostede prorrogou e aí se perdeu unha oportunidade histórica, para prever nun regulamento de servizos e nun prego moderno a previsión dun novo transporte urbano integrado no transporte metropolitano e iso só hai un culpable, son vostedes, esa foi unha oportunidade que se perdeu, iso condenou ao funcionamento do transporte metropolitano e agora teñen unha sentenza que di que sen Área, sen transporte non hai Área, e agora que imos facer? Porque nós queremos un transporte colectivo metropolitano, interurbano, o quere a cidade e agora que imos a facer? Pois xa saben o que imos a facer recorrer a sentenza, un dirá que o problema é a lei outro que son as validadoras porque nin sequera están vostedes de acordo entre vostedes mesmos e os que perden son sempre os mesmos, aquí só gaña unha, aquí só gaña Vitrasa.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Mire, sabe por que non hai Área metropolitana? Porque o Sr. Feijóo non a quixo, este é moi fácil, o Sr. Feijóo non quería que o Sr. Caballero, que ten a cidade de Vigo e o Alcalde máis votado, que non quería que o Sr. Caballero fora o presidente isto é así de sinxelo, non me pode dicir agora Sr. Pérez Correa de que o que se trata é si é un problema de transbordo ese foi o problema co convenio do transporte, é certo pero o fondo político, porque agora mesmo o Sr. Marnotes que ver? De voceiro da Xunta de Galicia a dicirnos non, isto se arranxa en 2 minutos por que? Porque xa pagan eles todo? E que están vostedes, de verdade, eu o BNG e Marea eu creo que hai posicionarse dunha, está moi ben aquí si aquí non, oia, ou se fai cidade ou non se fai, nós non queremos que os cidadáns

de Mos, de Redondela, de Baiona, de onde sexan, que paguen que teñen subvencións, quen o discute? Se nos o queremos, pero que pague a Xunta de Galicia, oia non é un transporte Metropolitano? O transporte metropolitano di que é un desprazamento de media distancia dende o lugar de residencia ata o lugar de desenvolvemento da súa vida laboral, se lle da un transbordo para acudir ao seu centro de traballo si está noutra rúa de onde deixa o transporte metropolitano pero este foi o debate, agora que temos? Un ofrecemento da Xunta de Galicia di ah! este é o problema, non, isto foi un problema político que non quixeran que o Sr. Caballero fora o Alcalde da área, fora o presidente da área metropolitana, esta é a realidade, o convenio dio claro “as viaxes exclusivamente urbanas realizadas no concello de Vigo, non se regulan” e así de sinxelo eh, este foi o problema na constitución da área metropolitana é certo, non está constituída que estaba dicindo o meu compañeiro o Sr. Aneiros, o Plan de transporte metropolitano de Galicia non existe, sabe que pasa? Que nos enteramos coa sentenza é verdade, pero mire, era todo mentira, a condición que poñía o Sr. Feijóo era mentira, e o problema non é ese, o problema é que o Sr. Feijóo como di o Sr. Marnotes non é que non creamos non nos, nos cremos e sabe que pasa? Creamos, e a Sra. Egerique nos recordou os resultados das votacións, eu tamén lle lembro cal foi o resultado de aquí, e lle recordo que o proxecto de cidade e o que ben avalado pola maioría absoluta máis grande de tódalas cidade de España e de Europa, fíxese se cremos en Vigo, o que non queremos e que a xente de Vigo pague os seus viaxes na cidade, e que veñan de Redondela, de Mos que queremos que teñan tódalas subvencións do mundo, que llo pague a Xunta de Galicia, que é o que ten que facer, e cando queiran constituír a Área metropolitana terán que poñerse de acordo de que o presidente é o Sr. Caballero e está constituída a Área Metropolitana e ten un presidente, esa é a realidade, dío a sentenza, se constituíu legalmente, iso é o certo e o resume.

Mire, e non estamos nos despachos Sr. Marnotes sabe por que? Andamos moito nas rúas, é máis, vostedes eu lembro o Sr. Font non me deixará equivocarme, que nos dicían só cambian unhas losetas, unhas baldosas, pero si vostede agora ir a Matamá ou a algunhas rúas teñen que coller o GPS que na vida pisaron iso, non saben onde están, teñen que coller o GPS para saber, estamos nas rúas seguido,

que agora teñen que chamar e como unha peña, unha reunión nun partido de amigos imos a facer unha foto, estou falando de cousas moi serias, porque está vostede dicindo que o maior Alcalde, a Corporación con maior resultado desta país e de Europa, das grandes cidades, cun 68% dos votos di que non ten o apoio dos seus cidadáns, entón quen o ten? E agora a Área Metropolitana non a quixeron simplemente porque ao Sr. Feijóo lle produce urticaria que o Alcalde de Vigo, que ademais sempre o dixo, que creo que teño mala memoria, a súa antecesora estaba aquí, llo recordou moitas veces, sempre o dixo, non era o Sr. Caballero era o Alcalde de Vigo, como a gran cidade de referencia o Alcalde de Vigo e sempre dixo, sexa Alcalde ou Alcaldesa ou quen fora, o Alcalde de Vigo, a presidencia na Área Metropolitana, iso é o maior xogo democrático e a maior intolerancia democracia que hai, sempre o dixo porque é incuestionable, o liderado é de Vigo, da cidade por certo, co respaldo de 101.000 votos hai un ano e pouco.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, atópase tamén ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2614/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

17(163).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 871/1102 (REXISTRO PLENO 2597/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 871/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

18(164).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 872/1102 (REXISTRO PLENO 2598/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 872/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

19(165).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 17.09.20, REFERENTE AO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CONCELLEIRO D. PABLO LUÍS ESTÉVEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 1666/110 (REXISTRO PLENO 2549/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17 de setembro de 2020, que di o que segue,

“O Pleno do Concello en sesión de data 9.09.2020 acordou modificar o réxime de retribucións dos cargos con dedicación parcial no sentido de que sexan dous os concelleiros do grupo político municipal Socialista os que realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial.

Corresponde ó alcalde, o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a determinación (nomeamento) destes cargos, a tal efecto RESOLVO.

Primeiro. O concelleiro do grupo político municipal socialista D. Pablo Luis Estévez Rodríguez exercerá as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de vinte e seis horas percibindo unha retribución anual de 42.067,66 euros.

Segundo. A retribución aboarase en doce pagas, o seu importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro. A retribución terá efecto retroactivo á data de 10.08.2020, data de toma de posesión do concelleiro.

Carto. O concelleiro non percibirá indemnización por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos Organismos Autónomos Municipais.

Quinto. Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao concelleiro asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Sexto. Notificar a presente Resolución á unidade de persoal, á Tesourería municipal, á Intervención Xeral e ao concelleiro interesado.

Sétimo. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na sede electrónica municipal dando conta individualizada ó Pleno.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

20(166).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 17.09.20, DE APROBACIÓN DO TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS. EXPTE. 601/1102 (REXISTRO PLENO 2601/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 17 de setembro de 2020, que di o que segue,

“14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/09/2020, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. A dita atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollido no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019, 5.09.2019 e 18.08.2020 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 co fin de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos.

A vistas das resolucións ditadas considérase convinte acometer unha tarefa de simplificación e normalización de ambos acordos que inciden no ámbito organizativo e competencial das Áreas, co obxecto de mellorar a súa comprensión e aplicación tanto polos servizos municipais como polos destinatarios dos mesmos.

E por isto polo que propónse a Xunta de Goberno Local como órgano competente segundo o artigo 127 da LRBRL a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS

Primeiro.- Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada por Resolución de data 17.08.2020 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

I.- NA CONCELEIRÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.¹
- 2.As contratacións con cargo ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de contratos menores, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
- 3.O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:
 - a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
 - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás as que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real decreto 500/90 do 20 de abril.
 - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
 - d) Aprobación da achega de remanentes de créditos.
 - e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ao complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estivesen comprendidos globalmente no orzamento.
 - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
 - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.

¹ Parágrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2019

- h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
 - i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
 - j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
 - k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.
- En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:
 - a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles polo importe fixado nas bases de execución orzamentarias do Organismo Autónomo cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
 - b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
 - c) A ordenación de pagos.
 - A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ao Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases do Réxime Local.
 - Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

II.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras
4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras no caso de contratos que se adxudiquen a través de contrato menor ou polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP.

En materia de Transportes²

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
2. Adoptar os acordos relativos ás autorizacións en materia de transporte escolar, taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten

² Subapartado III modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019

legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.

3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:³
 - a. Reserva de estacionamento e paradas
 - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a

³ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019

elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.

8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.⁴
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requerimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.⁵

En materia de SPPRL:

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos

⁴ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

⁵ Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.

5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación⁶

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistradas de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato

⁶ Número 7 engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019

sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistrais, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrais que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.⁷

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

VI.- NA CONCELLERÍA DELEGADA. DA ÁREA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

VII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE.

En materia de Medio Ambiente

Outorgamento das preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Altas, baixas, cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

-Outorgamento de autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).

-Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

⁷ Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

- Ditar ordes de execución a titulares de dereitos privativos de enterramento nos cemiterios municipais en nichos, panteóns, sepulturas en réxime de concesión ou semellante, para que realicen traballos de conservación.

VIII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS.

En materia de Comercio

- Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
- Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

En materia de parques e xardíns⁸

1. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
2. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas

IX.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA⁹

En materia de Igualdade

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

X.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL E CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE¹⁰

En materia de Política de Benestar social

8 Subapartado engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

9 Apartado IX engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

10 Apartado X engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

Segundo.-Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na Resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. Cando fose atribuída por lei á Xunta de Goberno Local, o exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites do artigo 134.3.c do TRLC.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP, así como a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos. ¹¹
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local¹²

11 Letra 5 modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

12 Letra 6 modificada por acordó da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

7. A tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas, nos termos establecidos polas Bases de Execución dos Orzamentos.
8. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia, sen prexuízo de dar cumprimento ás esixencias previas en canto á motivación da súa necesidade e cantos requisitos se establezan na normativa de aplicación.
9. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
10. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de Organización Municipal .
11. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de Organización Municipal, través da Área de Recursos Humanos e Formación.
12. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
13. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
14. Delegar nos/nas Concelleiros/as-Delegados/as de Área, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno:
15. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa

competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal

16.A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.

17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

Terceiro.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Cuarto.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Quinto.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Sexto.- Así mesmo, deléganse nos señores/as Concelleiros/as as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Oitavo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Noveno.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Décimo.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Décimo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

Segundo: Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa inserción na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

21(167).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4.09.20, TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓNS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 600/1102 (REXISTRO PLENO 2602/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4 de setembro de 2020, que di o que segue,

“TEXTO CONSOLIDADO DAS DELEGACIÓNS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

En data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020 por Resolución da Alcaldía e ao abeiro do disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos citados da Lei 7/1985, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 8 a 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público delegouse na Xunta de Goberno Local determinadas atribucións.

A vistas das resolucións ditadas considérase convinte acometer unha tarefa de simplificación e normalización de ambos acordos que inciden no ámbito organizativo e competencial das Áreas, co obxecto de mellorar a súa comprensión e aplicación tanto polos servizos municipais como polos destinatarios dos mesmos.

E por isto polo que esta Alcaldía como órgano competente segundo o artigo 124 da LRBRL RESOLVE

Aprobación do TEXTO CONSOLIDADO DAS DELEGACIÓNS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

1. Aprobar, tralos trámites oportunos, as contas a xustificar rendidas polos seus perceptores.
2. Efectuar as solicitudes e aprobar os proxectos que se prevexan en convocatorias públicas de calquera administración e/ou institución pública estatal, autonómica ou europea en orde á participación en plans ou programas de colaboración e cooperación económica, técnica ou administrativa para o impulso de servizos locais ou outros asuntos de interese común municipal.
4. A aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos.
5. O exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas.
6. Tomar coñecemento de cantas resolucións xudiciais recaian en procesos xurisdicionais nos que fora parte o Concello, agás aquelas das que se deba dar

conta ao Pleno ou ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e aquelas que conleven o pagamento dunha cantidade determinada ou líquida.

7. A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Delegada á que correspondan ditas atribucións.

8. A aprobación dos convenios con outras Administracións e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmo agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno. Ditas facultades estenderanse ao Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar.¹³

Segundo.- As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que corresponden ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido nos artigos 44.1 e 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en todo momento as atribucións sobre calquera asunto ou atribución delegada aínda cando se atope en trámite de debate no seo da Xunta de Goberno Local.

Nas propostas de acordo que se formulen á Xunta de Goberno Local en relación coas competencias delegadas en virtude desta resolución, farase constar expresamente que se ditan por delegación

Terceiro.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición e aos extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, deléganse na Xunta de Goberno Local as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa básica sobre Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde na presente Resolución.

Cuarto.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas

¹³ Apartado engadido por Resolución de data 17.08.2020

e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal. Lembrarlles así mesmo que, de conformidade co art. 177 do RD 2568/1986 e segundo o disposto na Circular 1/2015 da Secretaría da Xunta de Goberno Local, e resolución desta Alcaldía de constitución da Xunta de Goberno Local para que os expedientes conclusos se poidan incluír na orde do día dunha sesión ordinaria, deberán estar en poder da Secretaría do Goberno Local ás 12,00 horas do luns da semana de realización da devandita sesión.

Quinto.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución.

Sexto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

22(168).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4.09.20, TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS/AS: ESTRUCTURA ÁREAS DE GOBERNO 2019-2023. EXPTE. 598/1102 (REXISTRO PLENO 2603/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4 de setembro de 2020, que di o que segue,

TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS
ESTRUTURA ÁREAS DE GOBERNO. 2019-2023

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta a Alcaldía -artigo 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) estableceuse por Resolución de Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020 a estrutura da área de Goberno 2019-2023.-

A vistas das resolucións ditadas considérase convinte acometer unha tarefa de simplificación e normalización de ambos acordos que inciden no ámbito organizativo e competencial das Áreas, co obxecto de mellorar a súa comprensión e aplicación tanto polos servizos municipais como polos destinatarios dos mesmos.

E por isto polo esta Alcaldía como órgano competente segundo o artigo 124 da LRBRL RESOLVE

Aprobación do TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS E CONCELEIRAS: ESTRUCTURA ÁREA DE GOBERNO 2019-2023

Primeiro.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á delegación de competencias en Concelleiros/as se opoñan á presente Resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 e as súas posteriores modificacións polas que se delegan atribucións nos Concelleiros e Concelleiras de área.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

1.- M.^a CARMEN SILVA REGO. Tenente de Alcalde e Área de Patrimonio Histórico.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo.

2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Fomento, Ciclo integral da auga, Limpeza, Transporte e Mobilidade, Aparcadoiros, Vías e Obras, Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos e Xestión de Residuos Sólidos Municipais.

A coordinación, planificación e dirección das actuacións dos servizos vinculados ao viario municipal (Vías e Obras, Electromecánicos, Limpeza, Transportes, etc.).

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal¹⁴

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.

4.- M.^a JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ. Tenente de Alcalde e Área de Urbanismo.

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidenta da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1; Cascos Históricos, sen prexuízo de Patrimonio histórico e Vivenda.

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura e Emprego¹⁵

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado. Así como en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

14 Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

15 Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

6.- ANA M.^a MEJÍAS SACALUGA. Área de I+D e Dinamización Administrativa.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de impulso e promoción da Investigación e Desenvolvemento en todas as súas dimensións, así como mellora de procesos e simplificación administrativa, avaliación e calidade procedimental.

7.- JAIME ANEIROS PEREIRA. Área de Orzamentos e Facenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a planificación e coordinación da actuación económica-financieira dos entes dependentes do Concello en colaboración cos seus órganos xerenciais; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral Delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social ¹⁶

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Políticas de familia e Infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencia.

9.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Área de Deportes.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Deportes, sinaladamente o apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente, dirección e xestión de instalacións deportivas municipais e autorización de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas.

10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal¹⁷

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo, así como a relación cos

¹⁶ Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

¹⁷ Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

órganos directivos municipais, Administración Electrónica, Protección de Datos, rexistros, información e arquivos.

11.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Medio Ambiente, Sanidade e Salubridade, Consumo e Cemiterios, sinaladamente a execución do conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, velando polo control da contaminación atmosférica, sonora, etc.

12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación ¹⁸

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Educación, en particular, a dirección e xestión das Escolas Municipais de Música e Teatro, da Escola Municipal de Danza, a Escola Municipal de Artes e Oficios e Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo.

13.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ. Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Parques e Xardíns, dirixindo e xestionando as actividades e servizos do Viveiro Municipal, así como a inspección permanente do funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias. Corresponderanlle as competencias municipais en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos. En materia de Festas especiais asígnanselle as competencias en relación con aquelas celebracións ou festas de especial transcendencia para a cidade, como as do Nadal e da Reconquista.

14.- UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS. Área de Igualdade e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Igualdade, sinaladamente, a dirección e coordinación do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero, así como convocar e presidir o Consello Municipal da Muller.

¹⁸ Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Normalización Lingüística, sinaladamente en relación co Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).

15.- M^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Turismo e Xuventude.¹⁹

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de turismo, márketing da cidade e coordinación dos servizos turísticos privados da cidade, sinaladamente a dirección da Fundación Vigo Convention Bureau e as competencias municipais para o impulso e promoción da Candidatura Islas Cíes Patrimonio da Humanidade.

Así mesmo corresponderalle as competencias en materia de Xuventude, sinaladamente, dirección e xestión dos seguintes servizos adscritos á Concellería de Xuventude, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro: Casa da Xuventude, Servizos de Información e Dinamización Xuvenil, Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

16.- D. PABLO LUIS ESTEVEZ RODRIGUEZ - Area de Participación cidadá e Festas ²⁰

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Participación Cidadá, sinaladamente en relación co Asociacionismo, as relacións co Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e a dirección dos Centros Cívicos.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Festas e Animación Sociocultural, a xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación coa programación municipal que nel se desenvolva.

Terceiro.- Así mesmo, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior e aquelas nas que se concreten posteriormente, as seguintes:

1. A dirección, xestión, organización, planificación e coordinación das políticas públicas municipais na súa área competencial a fin de acadar os obxectivos previstos, de acordo coas competencias atribuídas nesta materia aos concellos pola lexislación de Réxime Local e a normativa sectorial, determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento, sen prexuízo das competencias transversais da Concellería Delegada de Xestión Municipal.

¹⁹ Apartado modificado por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

²⁰ Apartado engadido por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

2.- Dirixir, coordinar e xestionar os servizos e áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, sen prexuízo da coordinación con aqueles nos que existan ámbitos materiais concorrentes con outras Concellerías Delegadas.

3.- Manter o contacto permanente e representar ao Concello de Vigo perante os organismos e departamentos da administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan competencias, actividades e programas relacionados coas competencias delegadas.

4.- Facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía, as ordenanzas e regulamentos municipais e, en xeral, todas as disposicións legais que afecten ás competencias da súa área, así como a axeitada execución dos actos e acordos dos órganos municipais, cando lle corresponda polo seu ámbito material, ditando as instrucións, circulares e cantos instrumentos resulten precisos para garantir o dito cumprimento.

5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada.

6.- Establecer medidas de seguimento e avaliación, estudos de custos e elaboración de memorias relativas á xestión da Área Delegada, das súas unidades, equipamentos, servizos e programas.

7.-Promover a implantación, actualización ou modificación das ordenanzas e regulamentos relativos ás competencias na súa área, redactando o correspondente anteproxecto normativo.

8.-A incoación de expedientes en materias relacionadas coa Área sinalando ao empregado público encargado da súa tramitación, impulsando a instrución completa e adecuada dos mesmos e a súa resolución en prazo, incluíndo, no seu caso, o arquivo, aceptación da renuncia ou desestimento e solicitudes e declaración de caducidade, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.

9.- Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

10.- Incoación, tramitación e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

11.- A sinatura de documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se dirixan a autoridades, organismos públicos ou cidadanía nas materias relacionadas coa súa Área.

12.- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

13.- Elevar á Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou á Comisión Delegada do Pleno que corresponda, segundo cal sexa o órgano competente, os expedientes tramitados e conclusos conformando, mesmo en vía de urxencia, o informe-proposta que, en todo caso, para resolver, e cos extremos sinalados no art. 175 do RD 2568/1986, deberá constar no mesmo.

14.- Formular, aos órganos competentes, cantas propostas resulten precisas para a completa xestión da súa Área Delegada.

Cuarto - As atribucións e facultades que para as distintas Áreas se establecen na presente Resolución referidas a unha materia ou sector de actividade enténdense outorgadas, sen prexuízo daquelas outras non especificadas que sexan necesarias para unha correcta planificación da Área e para a consecución dos obxectivos e fins xerais dese ámbito.

Quinto .- As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme co establecido no artigo 43.5.a do RD 2568/1986.

Sexto.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Sétimo.- As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as Delegados/as e demais Delegados/as en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Oitavo .- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante, nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Noveno.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios delegados de Area.

Décimo.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

Décimo primeiro.- Os Concelleiros/as Delegados/as estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Décimo segundo .- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Décimo terceiro.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo cuarta.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta

de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

23(169).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4.09.20, TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS/AS DE ÁREA. EXPTE. 598/1102 (REXISTRO PLENO 2604/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4 de setembro de 2020, que di o que segue,

TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta a Alcaldía -artigo 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) estableceuse por Resolución de Alcaldía de data 26.06.2019 e posterior de data 13.08.2019 e 17.08.2020 a delegación de competencias da Alcaldía en concelleiros e concelleiras das áreas.

A vistas das resolucións ditadas considérase convinte acometer unha tarefa de simplificación e normalización de ambos acordos que inciden no ámbito organizativo e competencial das Áreas, co obxecto de mellorar a súa comprensión e aplicación tanto polos servizos municipais como polos destinatarios dos mesmos.

E por isto polo que esta Alcaldía como órgano competente segundo o artigo 124 da LRBRL RESOLVE

Aprobar o TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA DO CONCELLO DE VIGO

Primeiro.- A presente Resolución completa a Resolución desta Alcaldía- Presidencia de delegación de competencias e estrutura das áreas de Goberno 2019-2023, do 18 de xuño do 2019 e posterior de data 18 de agosto de 2020.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

1.- M.^ª CARMEN SILVA REGO. Tenente de Alcalde e Área de Patrimonio Histórico.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo e, en particular:

1. A protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo.
2. Adoptar, no caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado.
3. Fomentar, en coordinación coa Administración Autonómica, a difusión exterior do Patrimonio Cultural impulsando os intercambios culturais que se estimen oportunos e promovendo a realización de convenios ou acordos dirixidos a este fin.
4. Instar á Administración Autonómica a iniciación de expedientes que teñan por obxecto a declaración dun ben de interese cultural, a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no Inventario Xeral do devandito Patrimonio.
5. Velar porque todos os bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas.
6. Instar doutras Administracións Públicas as axudas necesarias para a investigación, documentación, conservación, recuperación, restauración e difusión dos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Vigo.
7. Denunciar ante a Administración Autonómica calquera acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.
8. En virtude da súa riqueza patrimonial, xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en valor do patrimonio municipal.

9. Actuar como interlocutora nas relacións do Concello co Consorcio do Casco Vello de Vigo e tramitar e xestionar cantos expedientes deriven das relacións coa dita entidade, excluídos en todo caso os asuntos de natureza urbanística.

2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Fomento, Ciclo integral da auga, Limpeza, Transporte e Mobilidade, Aparcadoiros, Vías e Obras, Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos e Xestión de Residuos Sólidos Municipais.

A coordinación, planificación e dirección das actuacións dos servizos vinculados ao viario municipal (Vías e Obras, Electromecánicos, Limpeza, Transportes, etc.). En particular asumirá:

Con carácter xeral:

1. A xestión e tramitación das actuacións necesarias no ciclo integral da xestión da auga, tales como mantemento, conservación e no seu caso construción das redes de infraestruturas de abastecemento, evacuación e depuración de augas, así como calquera actuación relacionada co servizo.
 2. Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.
 3. Xestionar as actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación que requiran os edificios de titularidade municipal non adscritos a servizos específicos e de forma especial do edificio da casa consistorial e do edificio do antigo reitorado.
 4. Xestión e control de consumos de auga e enerxías (electricidade, gas, etc.) dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos. Adaptando ou propoñendo a adopción de medidas que se estimen procedentes para unha mellora nos consumos e na economía do gasto.
 5. Xestión e control dos servizos de limpeza dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos.
- a) En materia de obra pública municipal:
1. A xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal, con excepción da contratación menor que será realizada por cada área xestora

2. A xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa, para a execución de obra pública.

b) En materia de seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos:

1. Coordinar as diferentes Áreas na inspección permanente do funcionamento dos servizos xestionados indirectamente por empresas concesionarias para garantir a súa prestación de acordo cos correspondentes pregos de condicións que rexen en cada contrato, impulsando para estes efectos, o funcionamento eficaz da Oficina de Control de Empresas Concesionarias, dotándoa convenientemente de medios materiais e persoais.

2. Coordinar coa Área de Contratación e coa que sectorialmente corresponda a confección dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que se refiran á xestión indirecta da xestión dos servizos públicos co obxecto de homoxeneizar o seu contido e facilitar a súa posterior inspección.

3. Colaborar nas tarefas de inspección das empresas concesionarias cando, polas súas características técnicas ou pola falta de medios, tal actividade non pode ser realizada por cada Servizo dentro da inspección permanente que lle corresponde.

c) En materia de Vías e Obras:

1. Mantemento dos elementos mecánicos de mobilidade nas vías públicas municipais.

2. Mantemento de esculturas, estatuas e demais elementos ornamentais instalados nas prazas e vías públicas municipais.

3. A revisión, informe e proposta de recepción dos proxectos de urbanización, tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser competencia municipal.

d) En materia de Parque Móbil:

1. Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal, incluídos os destinados ao servizo da Policía Municipal.

2. Xestión dos almacéns de materiais e reparacións e mantemento da flota municipal a través do taller mecánico do Parque Móbil.

3. Xestión e control dos seguros dos vehículos municipais.

4. Xestión e control dos consumos de combustibles para os vehículos da flota municipal.

e) En materia de Electromecánicos:

1. A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumado público no suposto de que estes sexan redactados mediante asistencias técnicas externas.
2. O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas, coordinando este proceso cos servizos xestores das diversas instalacións municipais.
3. A planificación e coordinación cos diversos servizos xestores das instalacións municipais que demanden subministro de enerxía eléctrica para a contratación e alta de novos subministros e a confección dos pregos de condicións de cláusulas administrativas e prescricións técnicas necesarios para os procedementos de contratación.
4. Confección e execución de estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.
5. Mantemento e reparación das instalacións e dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.
6. A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación das instalacións eléctricas da Casa Consistorial en coordinación cos Servizos Xerais, e a Concellería Delegada da Área de Organización Municipal (Réxime Interior).
7. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de Electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

f) En materia da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal:

1. Asumir as funcións que lle correspondan en aplicación do disposto na normativa en materia de contratación pública e cantas lle puidesen corresponder pola normativa sectorial ou como consecuencia de instrucións municipais.
2. Supervisión, informe, proposta técnica de expedientes dos diferentes servizos municipais.

g) En materia do Parque Central:

1. Controlar as existencias de materiais e equipos dos diferentes servizos da Área.
2. Control de todo o persoal durante a súa permanencia no recinto do Parque, velando polo cumprimento da xornada e horarios e dando conta á Unidade correspondente da Área de RR HH e Formación das incidencias que se produzan.
3. Xestión, vixilancia e mantemento das instalacións, servizos e espazos do Parque Central, incluíndo a xestión dos residuos derivados das actuacións propias.
4. Xestión dos almacéns de materiais de servizos das Áreas de Vías e Obras, Xardíns, Electromecánicos e Limpeza.

h) En materia de limpeza, recollida e xestión de RSU:

1. Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:
 - a) Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
 - b) Recollida de RSU.
 - c) Limpeza viaria e de praias.
 - d) Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
 - e) Traslado á planta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e residuos de envases.
 - f) Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
 - g) Mantemento da estación Biogás e da superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.
2. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

i) En materia de Transporte:

1. Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de Transporte urbano.
2. Ditar as disposicións que esixa o funcionamento dos servizos de transporte urbano colectivo de viaxeiros e o control do servizo.
3. Ditar as disposicións que esixa o funcionamento do servizo de taxi da cidade e o control deste servizo e resolución dos expedientes sancionadores de conformidade coa normativa reguladora.
4. Resolución das cuestións en materia de transporte interurbano ou metropolitano que afecten á cidade.
5. Resolución das cuestións e seguimento do contrato de mobiliario urbano.

6. Regulación, resolución e control das cuestións relativas ao transporte escolar.
7. Realizar o seguimento dos contratos das concesións dos aparcadoiros subterráneos públicos da cidade.
8. Iniciar, impulsar e resolver, mesmo sancionar, de ser o caso, e a supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da área (aparcadoiros públicos, mobiliario urbano e transporte urbano colectivo de viaxeiros), segundo a lexislación xeral e os pregos das súas respectivas concesións.

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal²¹

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público e, en particular:

a) En materia de recursos humanos e persoal:

1. A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal, así como todas aquelas relativas á xestión dos recursos humanos; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.
2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

²¹ Apartado modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.
11. Outorgar o permiso especial de Alcaldía contemplado no artigo 16 do vixente Acordo regulador.
12. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de

Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.

13. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco das ditas relacións contractuais.
14. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
15. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

b) En materia de Réxime Interior:

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incurso nos supostos legais que corresponda.
5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadramento e dos resumes numéricos do padrón.

7. Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

c) En materia de Seguridade:

1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos.
2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia, utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e, en xeral, as competencias que lle atribúan á Alcaldía pola normativa regulamentaria de desenvolvemento daquela lexislación, excluídas aquelas outras competencias que, tendo orixe noutros réximes legais sectoriais, regulen ámbitos concretos da seguridade pública, entre outros, en materia de urbanismo, medio ambiente, sanidade, consumo, transportes, ... etc.
3. Exercer, en materia de Protección Civil e Emerxencias, as funcións que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.
4. Incoar, tramitar e resolver os procedementos sancionadores, e ditar requirimentos ou ordes de execución, susceptibles de ser instruídos en aplicación da normativa anterior, excluídos todos aqueles que, en cumprimento de calquera outra lexislación sectorial de concorrente aplicación ao ilícito cometido, resultasen competencia delegada doutras áreas, entre outros, en materia de disciplina urbanística e outras formas de intervención administrativa relacionadas coa ordenación dos usos do solo, medio ambiente, consumo, sanidade, comercio, transportes, ... etc.

d) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos :

1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:
 - a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - b) O impulso da investigación en materia de seguridade viaria, factores influentes e impacto de medidas específicas, incluíndo a coordinación con institucións de carácter científico e técnico, e en particular coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - c) O fomento da educación viaria.
 - d) A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación viaria.
 - e) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.
 - f) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policía locais.
 - g) A tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, a tramitación e formulación de declaracións de nulidade e a resolución de reclamacións previas á vía xudicial.
2. Realizar as declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do vehículo.
3. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.

e) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos:

1. Informar as ocupacións do sistema viario público que resulten necesarias en aplicación do previsto na normativa reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, así como calquera outra ocupación do sistema viario derivada da execución de obras públicas promovidas por outros departamentos municipais ou por outras administracións, así como as ocupacións dos espazos viarios que resulten necesarias en execución dos procesos de transformación urbanística ou territorial do solo.
2. Informar as ocupacións do sistema viario que resulten necesarias para a implantación de mercados tradicionais ou populares promovidos por outros departamentos municipais, sen prexuízo da necesidade de recabar e obter, nestes supostos, o informe previo da Área delegada de Seguridade e Mobilidade.
3. Informar a realización dos eventos deportivos obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo RD 1428/2003.
4. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así como pola normativa sectorial de aplicación.
5. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas ilegalmente por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

f) En materia de industria:

1. Fomento de actuacións tendentes á terciarización da nosa economía.
2. Promoción das feiras sectoriais de Vigo, nomeadamente Conxemar.
3. Plans promocionais de Vigo en colaboración coas empresas locais.
4. Seguimento da Autoestrada do Mar.
5. Seguimento dos enlaces e tráfico ferroviarios.
6. Seguimento dos enlaces por estrada e autoestrada.
7. Seguimento das actividades portuarias.
8. Seguimento de actividades do sector pesqueiro e mariñeiro tradicional

4.- M.^a JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ. Tenente de Alcalde e Área de Urbanismo.

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidenta da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1; Cascos Históricos, sen prexuízo de Patrimonio histórico e Vivenda.

a) En materia de Urbanismo:

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidente da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1.

b) En materia de Cascos Históricos:

1. A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.
2. A planificación, deseño e execución das políticas municipais en materia de cascos históricos.
3. Promover o desenvolvemento e protección dos cascos históricos, tanto en relación con outras administracións como co conxunto da sociedade viguesa.

c) En materia de vivenda:

1. A planificación e a execución da política municipal en materia de vivenda, promovendo as relacións con outros órganos estatais, autonómicos ou europeos, especialmente co IGVS. Representar ao Concello de Vigo nos órganos de representación, comisións, comités e foros que ostenten a competencia nesta materia.
2. Elaborar, propoñer para a súa aprobación e executar plans plurianuais municipais de vivenda protexida promovendo, en todo caso, a calidade da mesma.
3. A realización dos estudos necesarios sobre a problemática da vivenda que coadxuven ao establecemento da política municipal nesta materia.

4. O impulso das relocalizacións industriais contempladas nos instrumentos de planeamento que posibiliten dun xeito certo a recuperación das áreas urbanas degradadas.
5. Implantación de medidas para a recuperación dos núcleos rurais co obxecto de revitalizalos como asentamentos poboacionais.
6. Implantación de políticas dirixidas á erradicación de infravivendas.
7. Efectuar, en coordinación coa Xerencia Municipal de Urbanismo, o seguimento e control da normativa municipal referida á Inspección Técnica de Edificacións.
8. Asistir ás reunións da Comisión Provincial de Vivenda e actualizar a xestión da lista de demandantes de Vivendas Sociais.

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura, Emprego.²²

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado. Así como en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

a) En materia de Emprego e Economía:

1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:
 - a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.
 - b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).
2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.
3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.
4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.
5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.

²² Apartado modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

b) En materia de relación cos sindicatos:

1. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.
2. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

c) En materia de Voluntariado:

1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).
2. Xestionar a páxina web da oficina.
3. Xestionar as bases de datos de persoas voluntarias e participantes no programa de “Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC)”.
4. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.
5. A dirección e coordinación do voluntariado da cidade.
6. O deseño e coordinación de campañas de sensibilización e fomento do voluntariado.
7. Coordinar e xestionar cos servizos municipais participantes o convenio de colaboración co Ministerio de Interior, do programa de “Traballo en Beneficio da Comunidade”.

d) En materia de Cultura:

1. Establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución das políticas públicas municipais en materia de Cultura e Bibliotecas. Conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Concello, como a Biblioteca Pública “Juan Compañel” en cosexualión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal “Neira Vilas” e a Casa Galega da Cultura, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal.
3. Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do

Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.

4. Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas.
5. O fomento da creación literaria e a promoción do libro e da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
6. O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
7. Elevar ao Pleno do Concello, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais, instruíndo, para estes efectos, os expedientes que correspondan.
8. Provisión e fomento de servizos bibliotecarios que posibiliten o acceso á información, apoio á formación, promoción lectora e desenvolvemento persoal e cultural. Impulso dos instrumentos de planificación, programas funcionais e plans anuais de acción do servizo bibliotecario. Resolución dos expedientes de doazón gratuíta de fondos.
9. Elevar ao Pleno do Concello, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
10. Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos, etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.
11. A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.
12. O seguimento da xestión cultural e da programación do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

e) En materia de museos:

1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal, en particular:

a) Museo Municipal “Quiñones de León”-Pazo de Castrelos.

b) Verbum-Casa das Palabras.

c) Casa das Artes.

d) Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”

e) Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.

f) Centro de Artesanía Tradicional-CAT.

3. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias anteriormente descritas.

4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.

5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.

6. Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal “Quiñones de León” (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e colección de artesanía do CAT.

7. Xestionar programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos...), como ao préstamo temporal de elementos das mesmas; en ambos casos, establecendo as condicións e requisitos correspondentes.

8. Promover estudos de públicos obxecto das actividades e programas da Rede de Museos Municipais.

6.- ANA M.^a MEJÍAS SACALUGA. Área de I+D e Dinamización Administrativa.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de impulso e promoción da Investigación e Desenvolvemento en todas as súas dimensións, así como mellora de procesos e simplificación administrativa, avaliación e calidade procedimental.

a) En materia de dinamización administrativa:

1. O impulso, promoción, programación e seguimento das actuacións de innovación, mellora e dinamización administrativa.
2. Identificación e análise das necesidades, propostas e proxectos para a elaboración dun Plan de Innovación, Mellora e Dinamización Administrativa.
3. O apoio na execución das distintas accións de innovación e mellora establecidas, e a coordinación para a súa difusión.
4. A proposta de formación do personal municipal en materia de Innovación, Mellora e Dinamización Administrativa.
5. O apoio e asistencia ás demais Concellerías, a través das Áreas e Servizos Municipais para a mellora continua, simplificación de procesos e redución de cargas administrativas.
6. O impulso e estudo dos estándares de calidade dos servizos municipais, a promoción da elaboración das Cartas de Servizos e o fomento de actuacións que permitan a medición da satisfacción das persoas destinatarias dos servizos.
7. A proposta e promoción de medidas destinadas a canalizar actuacións destinadas á redución del gasto da actividade administrativa e xestión de recursos humanos.
8. O fomento do traballo colaborativo en áreas materiais municipais, así como o estudo previo á proposta de creación de redes colaborativas e comunidades de prácticas no Concello.
9. O impulso da implementación da perspectiva de xénero na planificación, xestión e avaliación nas políticas públicas municipais, en coordinación coa Concellería Delegada de Igualdade.

b) En materia de I+D:

1. Establecer relacións cos axentes implicados no desenvolvemento das políticas de I+D.
2. Promover a aliñación das políticas municipais coa súa promoción en todos os ámbitos de xestión.
3. Promover, impulsar e desenvolver a innovación pública, na xestión, na prestación de servizos e nas relacións coa cidadanía.

7.- JAIME ANEIROS PEREIRA. Área de Orzamentos e Facenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a planificación e coordinación da actuación económica-financiera dos entes dependentes do Concello en colaboración cos seus órganos xerenciais; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral Delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

1. Planificar, sinalar e desenvolver as directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda.
2. Formar o proxecto de Orzamento Xeral Municipal e propoñer a súa aprobación, emenda ou devolución á Xunta de Goberno Local, á comisión informativa e ao Pleno da Corporación.
3. Prestar conformidade á tramitación de solicitudes da modificación orzamentaria que no sexa de competencia do Pleno. Nas que son de competencia do Pleno, formular proposta de aprobación á Xunta de Goberno Local, á Comisión Informativa e ao Pleno da Corporación.
4. Propoñer a aprobación de operacións de crédito e tesourería, así como a emisión e amortización de empréstimos e demais operacións de xestión do endebedamento municipal, incluíndo as destinadas á cobertura de riscos derivados da evolución dos tipos de interese e tipos de cambio.
5. Formalizar as operacións de crédito, a curto e longo prazo, en calquera das súas modalidades, agás naquelas nas que esta Alcaldía-Presidencia actúe por si.
6. Planificar a execución orzamentaria e a actuación económica e financeira da Corporación, mediante a utilización, entre outros, dos instrumentos contemplados no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Na devandita planificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da Regra de gasto en función da TRCPIB.
7. Coordinación en materia de gasto das distintas áreas para os efectos de aumentar a eficacia e eficiencia nos procedementos de execución orzamentaria e planificación da mesma.
8. Autorizar as propostas de gastos que teñan ou poidan ter impacto orzamentario en exercicios futuros.

9. Autorizar a variación incrementalista do gasto nos contratos de prestación de servizos, sempre dentro dos límites do cumprimento das variables fiscais do gasto.
10. Dirixir a planificación da execución orzamentaria para os efectos de axustar o fluxo de gastos aos de ingresos, garantindo así mesmo un cumprimento dos índices de execución parcial e total segundo o orzamento aprobado.
11. Proceder ao recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos.
12. Autorizar a tramitación e aprobación das notas de gastos nas que se incorra por execución de tarefas relacionadas coa representación institucional, encomendas ou outras con mandato previo.
13. Propoñer a rendición da Conta Xeral formada por quen teña a debida competencia.
14. Propoñer á Alcaldía dentro dos prazos legais a aprobación da Liquidación do Orzamento anual.
15. Ditar as directrices relacionadas coa formación do Marco Orzamentario de Medio Prazo e das liñas fundamentais do Orzamento. Proposta da aprobación das mesmas e a súa remisión para coñecemento do Pleno.
16. Coordinación das tarefas de formación del Plans Económico-Financeiros así como a proposta de aprobación polo órgano competente.
17. Ordenar os pagamentos, indistintamente coa Alcaldía-Presidencia, a través da sinatura dos seguintes documentos:
 - a) Relacións de obrigas de pagamento tanto de carácter orzamentario como non orzamentario.
 - b) Transferencias, cheques, e demais documentos mediante os que se produzan disposicións dos fondos situados nas contas correntes de titularidade municipal abertas nas entidades financeiras, para a execución material das ordes de pagamento, nos termos previstos na normativa de aplicación.
18. Adoptar as resolucións pertinentes en relación cos expedientes que teñan como forma de pagamento “a xustificar”, así como os tramitados por operacións de caixa fixa.
19. A Superior dirección política dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal
20. Propoñer á Xunta de Goberno Local, Comisión Informativa e Pleno os proxectos de ordenanzas fiscais, de prezos públicos e de prestacións

patrimoniais de carácter público non tributaria (en adiante, PPCPNT) e as súas modificacións ou derogacións.

21. Aprobación do Plan de Control Tributario Anual.
22. Aprobación de padróns fiscais dos diferentes tributos, dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local.
23. Dirixir a aplicación da normativa fiscal de prezos públicos e de PPCPNT.
24. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios ou concertos para pagamento de dereitos a favor da facenda municipal.
25. Aprobación de liquidacións tributarias, de prezos públicos, de PPCPNT e outros ingresos públicos, resolución de recursos sobre a aplicación e efectividade dos anteriores ingresos, imposición de sancións, declaración de ingresos indebidos e conseguinte devolución, declaración de prescripción e, outros actos administrativos relativos á xestión, inspección e recadación dos ingresos públicos municipais.
26. Recoñecer beneficios fiscais, sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
27. Aprobar a suspensión da executividade dos actos administrativos en materia de ingresos, así como a liquidación dos xuros de mora, no seu caso.
28. Dirixir a Xestión Catastral Delegada no Concello segundo o convenio de colaboración vixente. Dirixir o mantemento catastral, incorporando os planeamentos urbanísticos aprobados, expedientes de xestión urbanística, proxectos de urbanización e os actos administrativos de uso e edificación do solo, así como a xestión catastral dos bens inscritos no Inventario Municipal.
29. Propoñer ao órgano competente a interposición de reclamacións, recursos ou o acatamento dos fallos das cuestións litixiosas en materia de tributos ou ingresos públicos estatais e autonómicos, xestionando e controlando a súa efectividade.
30. Tomar coñecemento das resolucións dos Xulgados e Tribunais que leven a condena ao pagamento de cantidade determinada ou líquida e ordenar a tramitación do dito pagamento con cargo ás aplicacións que lle correspondan, sen prexuízo da competencia atribuída nesta materia a outros órganos.
31. Propoñer a aprobación dos modelos, impresos e formularios de aplicación do proceso integral de xestión tributaria e recadadora.
32. Propoñer ao órgano competente a aprobación de convenios de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, a AEAT, a DXT, a ATRIGA e outras

administracións e institucións en materias de xestión, inspección, recadación e intercambio de información coa finalidade de optimizar a realización dos ingresos municipais.

33. Dirixir a xestión e mantemento da base de datos tributarios na súa dobre vertente de datos persoais e territoriais e dispoñer cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación e interoperabilidade entre os diversos servizos municipais e o acceso destes á súa consulta.
34. Solicitar para o persoal da súa área usuarios autorizados para consulta na "Plataforma de intermediación de datos" e intercambio de ficheiros ou datos noutras sedes electrónicas.
35. Dirixir a elaboración de cantos estudos se estimen necesarios, no ámbito económico, referidos ao Concello de Vigo (PIB do municipio, series estatísticas, etc.).
36. Dirixir e coordinar os procesos de formación do custe efectivo dos servizos de acordo co previsto na orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais e dirixir os procesos de formación do custe de actividades e indicadores de xestión.
37. Planificar e coordinar a actuación económica-financeira dos entes dependentes do Concello, coa colaboración dos seus órganos xerenciais, e aprobar normas de aplicación para os entes que forman parte do grupo de consolidación en relación co Período Medio de Pagos, Marco orzamentario, Liñas fundamentais do Orzamento, Proxecto de Orzamentos, remisión de información a organismos ou administracións, entre outros MINHAC, IGAE, AIReF.
38. Coordinar coas Concellerías Delegadas implicadas as transferencias de financiamento ás Fundacións para garantir o cumprimento do períodos de pagamento.
39. Autorizar as peticións de fondos dos entes dependentes do Concello para a realización dos pagamentos que se derivan da execución dos seus presupostos.
40. Autorización de subscripción de acordos ou convenios nos procesos concursais, agás naqueles supostos que, no seu caso, sexan competencia doutros órganos.
41. A superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal, sen prexuízo das funcións que legalmente correspondan ao seu titular e a proposta do mesmo.

42. Aprobar a declaración de fallidos dos obrigados ao pagamento, así como a declaración dos créditos como incobrables, a proposta da Tesourería Municipal.
43. Resolución das peticións de pagamentos de xuros de mora.
44. Decretar a incautación de cantidades, con motivo de providencias xudiciais ou administrativas de embargo.
45. Declarar a prescrición de débedas de dereito público.
46. Formulación e resolución de tercerías, previo informe dos servizos xurídicos, e a proposta da persoa titular da Tesourería Municipal.
47. Conceder e denegar fraccionamentos e aprazamentos de pago a proposta da persoa titular da Tesourería Municipal.
48. Resolver, a proposta da Tesourería Municipal, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor do Concello.
49. A apertura de contas restrinxidas de recadación, contas operativas e contas restrinxidas de pagos a proposta da persoa titular da Tesourería Municipal, e de acordo co previsto nas normas e regras establecidas polo Concello para a organización da Tesourería Municipal.
50. Ditar acordos de derivación de responsabilidade.
51. Resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, a proposta do servizo municipal liquidador competente, cando o ingreso indebido se producira por unha declaración, liquidación ou autoliquidación ou por outra causa que afecte á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar a correspondente débeda; ou a proposta da persoa titular da Tesourería Municipal cando o dito ingreso proceda dunha duplicidade ou exceso no pagamento, do pagamento de débedas prescritas ou de erros de feito ou dereito padecidos na xestión recadatoria que non afecten á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar.
52. Acordar a adxudicación de bens ao Concello, previa consulta aos Servizos Técnicos sobre a utilidade dos mesmos.
53. A adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias.
54. Concertar operacións de tesourería cando o importe das vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

55. Calquera outras funcións necesarias para continuar ou finalizar o procedemento de recadación, non atribuídas a outros órganos.

8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social²³

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Políticas de familia e infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencia.

1. Detección e estudo das necesidades sociais e demandas das persoas, grupos ou da comunidade en xeral, procurando garantir a atención, valoración técnica, orientación, información, asesoramento e a prestación dos servizos sociais básicos a aqueles sectores da poboación que se atopen en situación de desprotección ou risco de exclusión social.
2. Promover e impulsar cantas actividades se consideren necesarias para contribuír ao desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade diante dos problemas de marxinación, desprotección e exclusión social, para o que fomentará a coordinación coas entidades integrantes do terceiro sector que actúan na cidade, a participación comunitaria e o asociacionismo, dispoñendo a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro.
3. Colaborar e recabar a colaboración das demais Administracións Públicas no exercicio das respectivas competencias en materia de servizos sociais e das funcións e tarefas relacionadas cos Servizos Sociais e a Política de Benestar Social, demandando desas outras Administracións os medios necesarios complementarios para atender ás novas peticións de colaboración.
4. Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais.
5. Formalizar os acordos de incorporación das persoas usuarias aos programas básicos de acollemento e inclusión social e de transición á vida autónoma do «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» (Albergue-CIIES).
6. Promover e tramitar as solicitudes de subvencións e axudas de carácter social a outras Administracións Públicas e a institucións e entidades públicas e privadas.
7. Dirixir a xestión e o mantemento das bases de datos de usuarios/as da Área e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polas unidades desconcentradas.
8. Dirixir, mentres siga sendo un servizo de titularidade municipal, o «Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias» (CEDRO), que presta servizos sociosanitarios ás persoas drogodependentes a través da “Unidade

²³ Apartado modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

Asistencial de Drogodependencias” e da “Unidade de Día”; está integrado funcionalmente no SERGAS (Orde do 12 de marzo de 2007 da Consellería de Sanidade; DOG nº 62, do 28.03.2007) e depende funcionalmente, en canto a desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

9. Ostentar a superior dirección e representación no «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» e a representación municipal no Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola».
10. Presidir os Consellos sectoriais da Área de Política de Benestar Social (Consellos das Migracións, de Cooperación internacional e Solidariedade e de Accesibilidade).
11. Xestionar e realizar o seguimento dos programas de información e mediación intercultural dirixidos a inmigrantes e emigrantes retornados.
12. Asumir a dirección política para a implementación das axudas humanitarias e de cooperación internacional que se concedan desde a Área de Política de Benestar Social do Concello.
13. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar Social.
14. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar social.

9.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Área de Deportes.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Deportes, sinaladamente o apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente, dirección e xestión de instalacións deportivas municipais e autorización de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas.

1. O deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva municipal mantendo, para os efectos, relación con organismos, clubs, entidades e institucións públicas e privadas para a correcta execución da dita política.
2. O apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente.

3. Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais, en especial o Estadio Municipal de Balaídos propoñendo con referencia ao mesmo as actuacións axeitadas que se estimen convenientes que deberán ser estudadas e debatidas no seo da correspondente comisión.
4. Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais, en especial o Estadio Municipal de Balaídos propoñendo con referencia ó mesmo as actuacións axeitadas que se estimen convenientes que deberán ser estudadas e debatidas no seo da correspondente comisión.
5. Coordinar a actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no Municipio.
6. Autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas e, no seu caso, o aproveitamento especial do solo, voo o subsolo da vía pública ou dominio público municipal.

10.-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.²⁴

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica e Protección de Datos, e materia de rexistros, información e arquivos .

a) En materia de Contratación:

1. Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación.
2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
3. Impulsar a tramitación dos expedientes relativos á modificación, resolución e liquidación dos contratos e a tramitación dos recursos especiais en materia de contratación.
4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.
5. Coordinar e dirixir a actividade de apoio á Mesa de Contratación do Concello de Vigo.
6. Velar polo mantemento e actualización constante da información relativa á actividade contractual deste Concello no perfil de contratante.

²⁴ Apartado modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

b) En materia de Xestión Municipal:²⁵

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión de depostos, encomendas, peticións de informe, etc)

c) En materia de Goberno Aberto e Transparencia

1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.
2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.
3. Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.
4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

d) En materia de Patrimonio:

- 1.A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
- 2.Dirixir e xestionar o réxime, trafico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os

²⁵ Letra b) modificada por Resolución da Alcaldía de data 13 de agosto de 2019

datos necesarios para elo.

3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.
4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.
6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.
8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.
10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.
11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.
12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Público.

13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, dos diferentes espazos do inmovible.

e) En materia de Administración Electrónica:

1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.
2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.
3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.
4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas areas e servizos.
5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un uso eficiente e eficaz das mesmas.
6. Xestión, administración e mantemento das comunicacións de datos na totalidade das sedes municipais.
7. Xestión administración e mantemento do equipamento tecnolóxico existente nas distintas sedes municipais.
8. Xestión e administración das distintas aplicacións de xestión municipal.
9. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.

f) En materia de rexistros, información e arquivos ²⁶

1. Garantir a correcta implantación da Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme co marco normativo vixente en cada momento
2. Xestionar as relacións interadministrativas en termos de interoperabilidade e interconexión do Rexistro Electrónico municipal

²⁶ Letra f) engadida por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

3. Coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros
4. Adecuar a organización e funcionamento dos servizos de Arquivo para a xestión electrónica de expedientes, garantindo a dotación dos medios e ferramentas precisas para o cumprimento das obrigas legais nos prazos establecidos.
5. Coordinar, aplicar, supervisar e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.
6. Adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación.
7. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.
8. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía.

11.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Medio Ambiente, Sanidade e Salubridade, Consumo e Cemiterios, sinaladamente a execución do conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, velando polo control da contaminación atmosférica, sonora, etc.

a) En materia de Medio Ambiente:

1. A adopción das Ordes de Execución que proceda por razón de salubridade, e a súa execución forzosa no caso de incumprimento, polos medios legalmente previstos.
2. Acometer o conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, plasmado na Axenda 21 Local.
3. Desenvolver o Proxecto Municipio Turístico Sostible, co fin de implantar o sistema de xestión medioambiental como instrumento fundamental para executar a política medioambiental do Concello, sen prexuízo e en coordinación coas atribucións da Concellería competente en materia de Turismo.

4. Fomentar e velar pola regularización das actividades industriais, mercantís, comerciais e análogas co obxecto de controlar preventivamente e de cara ao futuro o funcionamento desas actividades, acadar unha descontaminación gradual e evitar os vertidos incontrolados á rede de sumidoiros, ás augas e ás costas, no ámbito das competencias municipais. Con este mesmo fin, colaborar e recabar a cooperación activa das Administracións Públicas e Organismos Autónomos competentes, propoñendo e asinando os convenios e concertos que proceda.
5. Colaborar coas Administracións e Organismos Autónomos competentes co fin de manter e controlar os recursos hídricos e as marxes e canles dos ríos e regatos que transcorren polo termo municipal.
6. Velar polo control da contaminación atmosférica no ámbito das competencias locais.
7. O control da contaminación sonora e por vibracións no ámbito das competencias locais.
8. Exercitar as medidas precisas para evitar o abandono incontrolado de residuos no termo municipal.
9. A xestión dos servizos de temporada que poidan establecerse nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, así mesmo, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.
10. Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.
11. Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal e en particular relativa ás especies naturais e a flora e fauna silvestre, no eido do marco de competencias municipais.
12. A responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa aos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
13. As atribucións que corresponden a esta Alcaldía en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.

14. Colaborar no deseño dos plans de emerxencia municipais que procedan, en especial, nos aspectos relativos a situacións de risco ambiental que se poidan presentar.
15. Propoñer as actuacións e medidas necesarias para conseguir a redución dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a súa valorización fomentando a colaboración na recollida selectiva.
16. Fomentar a diminución do uso en embalaxes innecesarias.
17. Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social e aquelas outras que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía en materia medioambiental.
18. Concienciar á cidadanía das consecuencias nocivas que para o medio ambiente e para a convivencia social implica o uso incorrecto de produtos e o depósito irregular e inaxeitado de RSU.
19. Propoñer a rexeneración daqueles lugares que sexan ou fosen obxecto de vertidos incontrolados.
20. Inspeccionar permanentemente o correcto funcionamento medioambiental dos servizos xestionados indirectamente por concesionarios para garantir que se presten de acordo cos correspondentes Pregos de Condicións e con observancia da normativa técnica sectorial aplicable en cada caso.
21. Dirixir e xestionar o “Parque Natural das Ciencias-Vigo Zoo” integrado no Servizo de Medio Ambiente.

b) En materia de Sanidade e Consumo:

1. Efectuar o seguimento na cidade do Plan de Saúde da Administración Autonómica propoñendo á mesma, a través da Xunta de Goberno Local, a ampliación ou mellora dos servizos sanitarios que sexan insuficientes.
2. Exercer as competencias atribuídas á administración municipal pola lexislación en materia de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade, en especial a potestade sancionadora que corresponda ao Alcalde.
3. Coordinar coa Administración Autonómica a inspección hixiénica e de consumo de todo tipo de produtos alimenticios que se ofrezan ao consumidor nos establecementos comerciais e especialmente nos mercados municipais de abastos.
4. Xestionar, coa Administración Autonómica, a acción de policía sanitaria de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente nos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal,

- hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico-deportivas e de lecer.
5. Colaborar coa Administración Autonómica nas campañas de vacinación escolar.
 6. Fomentar hábitos de vida saudable na poboación.
 7. Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.
 8. Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas que desenvolvan e exerzan funcións relacionadas coa saúde, a hixiene dos alimentos, a salubridade pública e a protección ao consumidor.
 9. Información aos consumidores e usuarios, recepción, tramitación e resolución a través da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) das consultas e reclamacións relacionadas cos bens, produtos e servizos postos á súa disposición dentro do ámbito das súas competencias e a remisión destas, no seu caso, ás entidades ou organismos competentes.
 10. Edición de publicacións dirixidas á cidadanía para lle subministrar información sobre temas relativos á saúde.
 11. Dirixir, impulsar e procurar a mellora dos medios do Laboratorio Municipal para realizar os controis analíticos, o asesoramento técnico e o apoio aos diferentes departamentos do Concello, particulares e outras administracións que o precisen en aras a garantir a salubridade pública e a calidade do medio urbano.
 12. Control, tratamento e prevención de pragas urbanas: desinfección, desratización e desinsectación.
 13. Inspeccionar os aspectos sanitarios vinculados ás actividades relacionadas cos servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal e cantas outras sexan atribuídas á Alcaldía.

12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación ²⁷

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Educación, en particular, a dirección e xestión das Escolas Municipais de Música e Teatro, da Escola Municipal de Danza, a Escola Municipal de Artes e Oficios e Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo.

En materia de Educación:

²⁷ Apartado modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

1. Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.
2. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
3. Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área Política de Benestar Social e intervenir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
4. Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.
5. Impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
6. Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.
7. Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
8. Facilitar a todos os colexios e escolas de Vigo programas que melloren o coñecemento e a interrelación co contorno socioeconómico e natural no que desenvolven o seu labor educativo, fomentando a asunción dunha cidadanía activa. Coordinar cantas intervencións educativas acometan outras áreas municipais, en orde á dotalas de coherencia e economía de medios e integralas baixo a concepción de Vigo como cidade educadora.
9. Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
10. Promover, dirixir e xestionar a rede de escolas infantís municipais 0-3 (REIM), ao abeiro do marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Ordenar

o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.

11. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e teatro, así como aquelas outras que o Concello considerase necesario crear, baixo este nome e ámbito ou outro. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
12. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA): Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de teatro (EMT), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Escola municipal de danza e percusión tradicional (EMD), así como aquelas outras que o Concello considere necesario crear. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.
13. Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas dirixidas á alfabetización de persoas adultas.
14. Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas para a educación básica de persoas adultas e, en xeral, fomentar e favorecer o desenvolvemento de actividades que axuden e propicien a formación das persoas ao longo de toda a súa vida (Life Long Learning).
15. Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
16. Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
17. Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais nesta área.
18. Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.
19. Dinamizar as actuacións que se deriven do desenvolvemento dos convenios de colaboración que se celebren coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

20. Ostentar a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

13.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ. Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Parques e Xardíns, dirixindo e xestionando as actividades e servizos do Viveiro Municipal, así como a inspección permanente do funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de comercio, en especial, a promoción e dinamización do comercio local, impulso das actividades feirais e mercados municipais, así como en materia de Distritos.

En materia de Festas especiais asígnanselle as competencias en relación con aquelas celebracións ou festas de especial transcendencia para a cidade, como as do Nadal e da Reconquista.

a) En materia de parques e xardíns:²⁸

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.
2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais: elaboración do Plan, ordenanzas e convenios de colaboración en materia de incendios forestais.
7. Ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 7.d), 21 a 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou normativa vixente que a substitúa.

28 Letra a) modificada por Resolución da Alcaldía de data 13 de agosto de 2019

8. Calquera outra atribución da Alcaldía en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais prevista na referida Lei.

b) En materia de Comercio:

1. Dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades, etc., así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.
2. A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
3. O impulso das actividades feirais.
4. Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.
5. O impulso e a xestión dos mercados de abastos municipais.

c) En materia de Distritos:

1. Elaborar os estudos precisos para que dende a racionalidade organizativa municipal, homoxeneidade demográfica, localización física do territorio e eficacia administrativa se propoña no seu día ao Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en Distritos que faciliten, a través dos seus respectivos órganos, a xestión desconcentrada dos asuntos municipais, todo elo sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación e posta en marcha que, no seu caso, resulten necesarios.
2. Froito do estudo referido no primeiro punto, e en coordinación co resto dos asuntos das distintas áreas que se estimen necesarios desconcentrar, facer chegar á cidadanía os servizos locais.
3. Servir de canle de comunicación das diferentes áreas delegadas recollendo, distribuindo e facendo o seguimento das informacións, queixas e suxestións que as comunidades veciñais, cidadás, demais colectivos de barrios e parroquias dos ámbitos urbanos e periurbanos desexen facer chegar ao Concello.

d) En materia de festas especiais:

1. A análise, estudo e impulso das festas e eventos especiais de maior impacto na cidade, en termos sociais, económicos e de turismo.

2. O impulso, tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal e da Reconquista.

14.- UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS. Area de Igualdade e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Igualdade, sinaladamente, a dirección e coordinación do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero, así como convocar e presidir o Consello Municipal da Muller.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Normalización Lingüística, sinaladamente en relación co Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).

a) En materia de igualdade e promoción da muller:

1. Diseñar, dirixir, implementar, coordinar e avaliar as políticas municipais de Igualdade a desenvolver polo Concello de Vigo, determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento.
2. Detección de discriminacións directas e indirectas, impulsando e desenvolvendo accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos, especialmente as que se atopan en situación de vulnerabilidade social.
3. Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero.
4. Convocar e presidir o Consello Municipal da Muller segundo o seu Regulamento, executando os seus acordos e demais competencias que lle confire tal regulamento.
5. Xestionar e tramitar as queixas recibidas a través do Observatorio Municipal de Xénero.
6. Convocar e presidir a Mesa de Coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero.
7. Promocionar, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e

nos procesos de toma de decisións, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres.

8. Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas así como organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.
9. Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
10. Elaboración, execución, coordinación e avaliación das medidas e accións reflectidas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo” vixente.
11. Promover e apoiar estudos e investigacións desagregados por sexo.
12. Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.
13. Detectar posibles casos de discriminacións indirectas por razón de sexo no persoal ao servizo do Concello e propoñer estratexias para a súa eliminación.
14. Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas; desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.
15. Impulsar e apoiar medidas e servizos na procura da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
16. Impulsar a aplicación de medidas que promovan a incorporación da perspectiva de xénero en todos os departamentos e a todos os niveis no ámbito municipal. (principio de transversalidade).
17. Promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.
18. Impulsar e colaborar en campañas de concienciación, información e sensibilización cidadá a prol da igualdade e combate da violencia machista, especialmente para a prevención de condutas violentas nas novas xeracións.

19. Propoñer á Xunta de Goberno Local ás cesións temporais de ocupación na Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, previa proposta técnica das profesionais dos servizos municipais de atención ás mulleres.
20. Representar ao Concello de Vigo diante do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.
21. Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.
22. Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou convenios con outras Administracións Públicas ou de iniciativa social para colaborar na realización de programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.
23. Impulsar, en colaboración coa área de Recursos Humanos e Formación, o diagnóstico, elaboración, execución e avaliación das medidas e accións que se recollan no *V Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo*.

b) En materia de Normalización Lingüística:

1. Esta concellaría terá adscritos, sen prexuízo dos que poidan crearse no futuro, os seguintes
 - Servizo de Normalización Lingüística (SNL)
 - Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)
2. Desenvolver as actuacións necesarias para a consecución dos seguintes obxectivos:
 - Incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos e en todo o termo municipal cara a conseguirmos a normalidade lingüística.
 - Garantir os dereitos lingüísticos das e dos cidadáns
 - Proporcionar recursos e apoios necesarios cara á incorporación do galego na actividade cotiá desta administración e por parte da cidadanía, empresas e entidades sitas en Vigo.
 - Implicar no proceso de normalización lingüística as diferentes entidades da sociedade viguesa e as institucións públicas da cidade.
 - Recuperar o patrimonio inmaterial galego
3. Velar polo cumprimento da lexislación lingüística, especialmente a Ordenanza municipal de normalización lingüística (OMNL) deste concello e cantas disposicións neste eido teña aprobado o Concello de Vigo e impulsar propostas que complementen a OMNL.

4. Potenciar o papel da Administración municipal como institución referente na promoción da lingua galega.
5. Propoñer para a súa inclusión na Relación dos Postos de Traballo os perfís lingüísticos necesarios para cada un dos postos de traballo desta administración.
6. Impulsar o desenvolvemento do Plan de dinamización lingüística de Vigo e velar polo seu cumprimento.
7. Implicar no proceso de normalización lingüística as diferentes entidades da sociedade viguesa e as institucións públicas da cidade propiciando a súa presenza no Consello Municipal da Lingua. Asemade, garantir o papel deste consello como órgano asesor do Concello de Vigo na política e planificación lingüística consonte co regulamento deste consello.
8. Planificar as actuacións dinamizadoras e determinar os criterios de política lingüística que asumirá o concello a partir do marco lexislativo existente, da realidade sociolingüística e tendo como marco o Plan de dinamización lingüística de Vigo.
9. Xestionar, dirixir e avaliar campañas de dinamización lingüística nos sectores socioeconómico, socioeducativo, sociolaboral, sociocultural, nos ámbitos das novas tecnoloxías da información e especialmente aquelas dirixidas á mocidade e poboación infantil.
10. Xestionar, dirixir e avaliar actuacións desenvolvidas para un maior e mellor coñecemento da lingua galega e da súa realidade sociolingüística: obradoiros de lingua, obradoiros de comunicación oral, obradoiros de dinamización sociolingüística. Cursos de lingua galega. Edición de léxicos e outros soportes de difusión terminolóxica.
11. Xestionar, dirixir e avaliar actuacións tendentes a facilitar o coñecemento da lexislación lingüística; dereitos e deberes, galeguización de apelidos, toponimia oficial...
12. Xestionar, dirixir e avaliar as actuacións publicitarias tendentes a dar a coñecer a Concellaría de Normalización Lingüística, o seu traballo e ofertar a súa colaboración.
13. Promover a presenza do SNL e do CIOV nos foros de debate, simposios, seminarios ou congresos que teñan como eixo a dinamización das linguas minoritarias e/ou minorizadas en situación de anormalidade lingüística.

14. Actuar como interlocutora diante/con outras administracións, institucións, asociacións..., cara a acadar convenios e acordos para desenvolver actuacións normalizadoras no ámbito municipal vigués.
15. Impulsar a xestión cara á realización de encontros, intercambios e outras actividades que permitan o achegamento entre concellos, cidadanía (en particular mozas e mozos) e centros de ensino do ámbito lusófono, en especial da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e do Eixo Atlántico.
16. Xestionar, dirixir e avaliar as publicacións do Servizo de Normalización Lingüística, entre elas Lingua Viva.

15.- M.^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Turismo e Xuventude.²⁹

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de turismo, márketing da cidade e coordinación dos servizos turísticos privados da cidade sinaladamente a dirección da Fundación Vigo Convention Bureau. Así mesmo as competencias municipais para o impulso e promoción da *Candidatura Islas Cíes Patrimonio de la Humanidad*.

En materia de Xuventude correspóndelle a dirección e xestión dos seguintes servizos adscritos á Concellería de Xuventude, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro: Casa da Xuventude, Servizos de Información e Dinamización Xuvenil, Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

a) En materia de Turismo:

1. Aprobación da promoción, planificación e márketing turístico de Vigo.
 - a) Deseño, construción e promoción da marca da cidade.
 - b) Propostas de actuación, coordinación e implementación local dos plans turísticos de ámbito estatal, autonómico, da área metropolitana, provincial e internacional e adecuación dos diversos ámbitos ao destino Vigo.
 - c) Estudio e execución de plans de desenvolvemento turístico, dirixido a públicos específicos, en coordinación co sector privado.
 - d) Promoción turística do municipio en feiras e certames, como FITUR.
 - e) Promoción, reserva e comercialización internacional de produtos turísticos propios.
 - f) Control e fomento da reputación de Vigo na rede e de boa utilización das tecnoloxías da información.
 - g) Promoción dunha oferta turística diferenciada vencellada a produtos alimentarios con denominación de orixe e promoción do seu consumo: conservas de peixe, marisco, peixe fresco e conxelado, cervexa artesá, viño Rías Baixas.
 - h) Promoción dunha oferta turística vencellada coa cultura diferencial da cidade e comunidade autónoma.

²⁹ Apartado 15 modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

- i) Petición de intervención da Policía Local cando sexa necesario para evitar o acoso publicitario aos visitantes en determinadas zonas turísticas.
 - j) Acordos con operadores para o fomento internacional e nacional do destino.
 - k) Delimitación da zona de interese turístico preferente de Vigo.
 - l) Promoción turística das grandes festas e eventos de Vigo: Bouzas, Xornadas Marisqueiras, Marisqueño.
2. Determinación e planificación xeral de obxectivos e aprobación da información turística oficial derivada da marca Vigo.
- a) Dirección do servizo municipal de turismo e da información e atención aos visitantes: Centro de Recepción de Visitantes (CRV), Centro de Interpretación de Vigo y su ría (CIVR) e do receptivo de cruceiristas.
 - b) Aprobación de contidos e da xestión da web e redes sociais de turismodevigo.org.
 - c) Determinación de obxectivos, discurso, ruta, paradas e usos do bus turístico de Vigo ou semellantes.
 - d) Servizo de información e atención a prescriptores turísticos e profesionais.
 - e) Aprobación da mellora e mantemento da sinalética, accesibilidade e xeolocalización de puntos de interese turístico e recursos e servizos turísticos.
 - f) Xestión da base de datos fotográfica de Vigo, sen prexuízo das competencias delegadas en materia de arquivo.
3. Coordinación dos servizos turísticos privados da cidade:
- a) Observatorio turístico local e doutros sistemas de recollida da información de usos turísticos con actualización diaria.
 - b) Implementación e seguimento de prácticas de turismo sostible en colaboración co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia - Cies, e das empresas locais e implementación de programas para a comprensión e defensa do turismo sostible.
 - c) Supervisión do cumprimento da normativa de aplicación como control e fomento da calidade turística.
 - d) Determinación de prioridades e convocatoria do programa Vigo Hospitality.
4. Fomento, coordinación e proposta de proxectos de creación e conservación de infraestruturas e recursos de uso turístico:
- a) Conectividade do transportes terrestres, aéreos e marítimos do destino.
 - b) Supervisión do estado de camiños rurais, sendeiros e vías urbanas: ciclista, peonais, ecuestres, camiños de interese cultural, xacobeo, etc
 - c) Ordenación da circulación, parada e estacionamento de buses turísticos na cidade.

- d) Impulso ao uso turístico dos Centros Comerciais Abertos e Mercados de Vigo.
- e) Programa participativo de voluntariado turístico.
- f) Coordinación de actuacións de atención turística na rede municipal de museos e outros equipamentos culturais e educativos.

5. Coordinación e dirección do turismo MICE municipal:

- a) Dirección da política municipal no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI). Vocal do Padroado.
- b) Dirección da Fundación Vigo Convention Bureau. Vicepresidencia do padroado.

6. Dirección, aprobación e impulso dos procedementos administrativos para a obtención e xestión de marcas, sen prexuízo das competencias da Concellería Delegada de Patrimonio, premios, subvencións, recoñecementos e programas de protección de ámbito local, autonómico, estatal ou internacional do termo municipal de Vigo ou de parte do mesmo.

b) En materia de Xuventude:

1. Garantir o deseño e execución dunha política integral, coherente e eficaz, coordinando todas as actuacións que en materia de Xuventude se xestionen polo Concello.
2. Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Xuventude: Casa da Xuventude, Espazos de Dinamización infantil e Centro de usos múltiples Vigosónico.
3. Dirixir, xestionar e impulsar a páxina web da Concellería como vehículo de difusión.
4. Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas dirixidos ao colectivo xuvenil.
5. Impulsar o traballo en rede (cooperación e coordinación) entre os axentes implicados no traballo coa mocidade e as políticas xuvenís.
6. Impulsar a elaboración, execución, coordinación e avaliación do I Plan de Xuventude, en coordinación coas demais concellerías, que de xeito transversal teñan ao colectivo xuvenil como destinatario das súas políticas.
7. Promover a creación de programas e proxectos de educación non formal dirixidos á xuventude no ámbito do ocio saudable, a educación afectivo-sexual, a emancipación xuvenil, a participación e o asociacionismo.
8. Propoñer e impulsar medidas de integración e eliminación de situacións de desigualdade cara á poboación xuvenil do municipio.
9. Establecer medidas e actuacións de carácter educativo-formativo e

participativo tendentes á ocupación do lecer e tempo libre da mocidade do municipio.

16.- D. PABLO LUIS ESTEVEZ RODRIGUEZ - Area de Participación cidadá e Festas³⁰

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Participación Cidadá, sinaladamente en relación co Asociacionismo, as relacións co Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e a dirección dos Centros Cívicos.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Festas e Animación Sociocultural, a xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación coa programación municipal que nel se desenvolva.

a) En materia de Participación Cidadá:

1. Dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e á Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal propoñendo, a estes efectos, ao Concello-Pleno a aprobación dun novo Regulamento Orgánico.
2. A xestión do Rexistro Municipal de Asociacións.
3. Presidir o Consello Sectorial de Participación Cidadá; impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles consellos sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.
4. Impulso e proposta dos proxectos construtivos de inmobles promovidos polo Servizo (Centros Municipais de Distrito e outros) que sexan redactados pola Oficina Municipal de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo.
5. Xestionar a páxina web da Concellería nos módulos de información de asociacións, cidadanía, voluntariado e emigración.
6. Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet, así como das actividades socioculturais e formativas nos Centros Municipais de Distrito, procurando a colaboración das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
7. Tramitar, solicitando das respectivas xefaturas os preceptivos informes ou documentos, todas as queixas que a cidadanía presente perante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe ao Concello, tomando coñecemento das suxestións ou recomendacións recaídas neses procedementos.

b) En materia de festas e animación sociocultural:

³⁰ Apartado 16 engadido por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

1. Programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns.
2. Sinatura da conta de habilitación “Festas e Animación Sociocultural” utilizada para os pagamentos derivados dos contratos de actividades e espectáculos organizados polo servizo.
3. Xestión de convenios de colaboración e/ou patrocinio de actividades propias da Concellería por parte de empresas ou entidades, así como a resolución dos textos dos convenios que se propoñan para a súa aprobación a súa sinatura.
4. O fomento, a promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións de carácter sociocultural.
5. A xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva e/ou outras xestións en autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas.
6. Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao ar libre de Castrelos.
7. Promover a creación de institucións para o fomento de actividades socioculturais.

Terceiro.- Así mesmo, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior e aquelas nas que se concreten posteriormente, as seguintes:

- 1.- A dirección, xestión, organización, planificación e coordinación das políticas públicas municipais na súa área competencial a fin de acadar os obxectivos previstos, de acordo coas competencias atribuídas nesta materia aos concellos pola lexislación de Réxime Local e a normativa sectorial, determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento, sen prexuízo das competencias transversais da Concellería Delegada de Xestión Municipal.
- 2.- Dirixir, coordinar e xestionar os servizos e áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, sen prexuízo da coordinación con aqueles nos que existan ámbitos materiais concorrentes con outras Concellerías Delegadas.
- 3.- Manter o contacto permanente e representar ao Concello de Vigo perante os organismos e departamentos da administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan

competencias, actividades e programas relacionados coas competencias delegadas.

4.- Facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía, as ordenanzas e regulamentos municipais e, en xeral, todas as disposicións legais que afecten ás competencias da súa área, así como a axeitada execución dos actos e acordos dos órganos municipais, cando lle corresponda polo seu ámbito material, ditando as instrucións, circulares e cantos instrumentos resulten precisos para garantir o dito cumprimento.

5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos agás os que revistan unha especial relevancia institucional apreciada polo Alcalde que se reservarán a súa sinatura. Ditas facultades estenderanse aos Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar.³¹

6.- Establecer medidas de seguimento e avaliación, estudos de custos e elaboración de memorias relativas á xestión da Área Delegada, das súas unidades, equipamentos, servizos e programas.

7.- Promover a implantación, actualización ou modificación das ordenanzas e regulamentos relativos ás competencias da súa área, redactando o correspondente anteproxecto normativo.

8.- A incoación de expedientes en materias relacionadas coa Área sinalando ao empregado público encargado da súa tramitación, impulsando a instrución completa e adecuada dos mesmos e a súa resolución en prazo, incluíndo, no seu caso, o arquivo, aceptación da renuncia ou desestimento e solicitudes e declaración de caducidade, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.

9.- Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

10.- Incoación, tramitación e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

11.- A sinatura de documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se dirixan a

³¹ Apartado 5 modificado por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

autoridades, organismos públicos ou cidadanía nas materias relacionadas coa súa Área.

12.- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

13.- Elevar á Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou á Comisión Delegada do Pleno que corresponda, segundo cal sexa o órgano competente, os expedientes tramitados e conclusos conformando, mesmo en vía de urxencia, o informe-proposta que, en todo caso, para resolver, e cos extremos sinalados no art. 175 do RD 2568/1986, deberá constar no mesmo.

14.- Formular, aos órganos competentes, cantas propostas resulten precisas para a completa xestión da súa Área Delegada.

15.- Resolver as solicitudes formuladas polos concelleiros/as no exercicio do seu dereito á información que se remitirá a través da Secretaría Xeral de Pleno.³²

Cuarto- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Quinto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Sexto .- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sétimo.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

³² Apartado engadido por Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020

24(170).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REPROBAR A DESTRUCCIÓN DA AVDA. GRAN VIA E A CONVOCAR UN CONCURSO INTERNACIONAL DE ARQUITECTOS PARA A POSTA EN VALOR E REMODELACIÓN DA GRAN VÍA E PRAZA DE ESPAÑA. REXISTRO PLENO 2609/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2020, número 2609/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Hai 75 anos, o 24 de agosto de 1945 inaugurábase a Gran Vía desde Travesas a Lepanto. Era o esforzo dunha cidade que xa era a máis grande de Galicia, con 132000 habitantes e unha das máis grandes de España. Deseñouse e construíuse tal e como a coñecemos agora, con beirarrúas arborizadas, con dúas calzadas e un bulevar central tamén arborizado e con bancos de pedra.

Vigo quería unha Gran Vía como a que tiña Madrid, Barcelona ou Bilbao. Era o esforzo dunha cidade que empezou a Gran Vía en 1938 en plena Guerra Civil pero que tivo a ambición e a visión dun Vigo que durase xeracións. Así que fixeron un dos bulevares máis grandes e máis fermosos de España: A Gran Vía de Vigo é dúas veces e media a de Madrid e unha vez e media máis ancha. Aí houbo visión: tres km e medio de longo e 36 metros de ancho. E un trazo distintivo. Nin a gran Vía de Madrid, nin a de Barcelona, nin a de Bilbao tiñan un bulevar central.

A Gran Vía marcou o crecemento da cidade dende entón, porque foi a verdadeira espiña dorsal da cidade sobre a que Vigo apoiou o seu crecemento, o compás que sinalou o seu futuro coa prolongación ata Samil e por todo elo ten ademais dun valor urbanístico un forte valor simbólico.

Hoxe 75 anos despois o goberno de Vigo, mediante un proxecto de autor anónimo, arrasou cun tramo completo e pretende facer o mesmo con toda a Gran Vía. Usa como escusa algo ao que ninguén se opón e nós tampouco: ramplas para mellorar a mobilidade. Pero ocorre que para poñer unha rampla de 2 metros de ancho cárgase os 36 que mide a Gran Vía dun lado ao outro. Arrinca as árbores e todos os xardíns do bulevar para poñer beirarrúas de formigón e non de pedra. Para quitar farois de forxa e poñer báculos dun polígono industrial. E para construír un armatoste, un espantallo de cores, onde antes había un bulevar. A Gran Vía non se merece isto. Merecíase unha obra emblemática pero respectuosa, que recuperase os valores estéticos e cidadáns cos que foi construída.

O goberno ten intención de ampliar a obra de reforma da Gran Vía a outros tramos, pero entendemos que para abordar esa remodelación é preciso un proxecto completo que inclúa tamén a Praza de España, hoxe un espazo degradado con socavóns no pavimento, beirarrúas esnaquizadas e carente de iluminación, cunha espectacular escultura e fonte monumental que sofre a deslexia municipal e da que xa non abrolla a a auga, unha situación en suma indigna dunha praza que é un emblema da cidade e que constitúe a súa entrada principal.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Reprobar a destrución da Avenida de Gran Vía realizada polo Goberno Municipal.

2.- Instar ao goberno municipal a convocar un concurso internacional de arquitectos para a posta en valor e remodelación da Gran Vía e a Praza de España de tal xeito que mantendo os seus valores históricos, urbanísticos e patrimoniais se mellore a mobilidade peonil mantendo os bulevares centrais e as beirarrúas arborizadas como sinal de identidade da cidade.”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Un pouco facendo alusión á intervención que tivo vostede tamén antes que falaba de se facemos cidade os grupos da oposición, a verdade é que unha cousa é facer cidade e outra cousas é facer “caballerismo”, vostede aquí puña unha decisión dun Alcalde como se fixera ou non se fixera cidade, eu creo que o avance de Vigo é ficticio, nós cremos que o avance de Vigo do que falan vostedes é ficticio e o transporte é unha das cousas máis evidentes que o poñen de manifesto, eu creo que ademais disfrazan o avance de Vigo, neste caso, e imos a velo nesta moción, con ferros de cores e cunha estrutura moi corida que parece un circo, entón disfrazan o avance de Vigo con ese tipo de cousas, confunden o que é a modernidade con poñer un bloque de ferro de cores é modernizar a Gran Vía. Mire, hai 75 anos, o 24 de agosto de 1945, inaugurábase a Gran Vía dende Travesas a Lepanto, era o esforzo dunha cidade que xa era a máis grande de Galicia con 132.000 habitantes, e unha das máis grandes de España, deseñouse e construíuse tal e como coñecemos agora con beirarrúas arborizadas, con dúas calzadas e un bulevar central tamén arborizado en con bancos de pedra, Vigo quería unha gran Vía como a que tiña Madrid, Barcelona ou como a que tiña Bilbao era un esforzo dunha cidade que comezou a Gran Vía en 1938, en plena

Guerra Civil pero que tivo a ambición e visión dun Vigo que durase xeracións, así que fixeron un dos bulevares máis grandes e máis fermosos de España, a Gran Vía de Vigo que é dúas veces e media a de Madrid e unha vez media máis ancha a que propia da capital, houbo visión naquel momento, a tres quilómetros e medio de longo, 36 metros de ancho e un trazo distintivo, nin a Gran Vía de Madrid nin a Gran vía de Barcelona, nin a de Bilbao tiñan un bulevar central. A Gran Vía marcou o crecemento da cidade dende entón porque foi a verdadeira espiña dorsal da cidade sobre a que Vigo apoiou o seu crecemento, o compás que sinalou o seu futuro coa prolongación ata Samil e por todo elo ten ademais un valor urbanístico, un forte valor simbólico, de feito vemos que a prolongación ademais da Praza de América, da Avenida Castelao tamén ten pois ese deseño é era emular e ampliar ata Samil o que era o Gran Vía de Vigo. Hoxe, 75 anos despois o goberno de Vigo mediante un proxecto de autor anónimo arrasou cun tramo completo e pretende facer o mesmo con toda a Gran Vía, usa como excusa, como dicía antes, algo que ninguén se opón e que nos tampouco que é a mobilidade, que son unhas ramplas para mellorar a mobilidade e iso ninguén se opón, e quero dicilo ben claro, nós non estamos en contra de que se poñan ramplas para mellorar a mobilidade pero que se integran perfectamente no urbanismo da cidade, como pasa noutras cidade como pode ser Toledo como pode ser Santander. Ocorre que para poñer unha rampla de dous metros de ancho cárgase 36 que mide a Gran Vías dun lado a outro, arrinca árbores, todos os xardíns do bulevar para poñer beirarrúas de formigón e non de pedra, quita farois de forxa para poñer báculos dun polígono industrial para construír un armatoste, un espantallo de cores onde antes había un bulevar, a Gran Vía non se merece isto, nin a Gran Vía nin Vigo nin os vigueses, insisto, non o disfracen de modernidade porque iso tampouco nos vale.

Merecíase unha obra emblemática pero respectuosa, que recuperase os valores estéticos e cidadáns cos que foi construída e tamén consenso, por certo, consenso. O goberno municipal de Vigo ten a intención de ampliar a obra de reforma da Gran Vía a outros tramos pero entendemos que para abordar esa remodelación é preciso un proxecto completo que inclúa tamén a Praza de España hoxe un espazo degradado, con buratos no pavimento e moi abandonado, tamén que ademais se está recuperando o que era o “Pirulí”, a cidade da Xustiza e habería ademais pois

poñer acorde un pouco a evolución do que é a recuperación dese edificio tamén a Praza de España. Habería que mellorar tamén a iluminación, habería que facer un proxecto máis integrador da cidade pero que o que fixeron vostedes foi poñer un bloque de cores de formigón en medio da Gran Vía e cargarse ese bulevar do que falaba ao principio.

Polo tanto, nós queremos que este Pleno acorde, non cremos que teñamos moito éxito porque eu estiven facendo un pouco de memoria e nós xa en abril de 2018, en maio de 2018 pedimos consenso, pedimos reconsiderar o proxecto, insisto, pedíamos esas ramplas, insistiamos na necesidade de que podería haber, poñer eses accesos e mellorar o que é mobilidade pero sen esa estrutura e sen ese deseño que tiñan, por iso hoxe nós pedimos reprobar a destrución da Avenida da Gran Vía realizada polo goberno municipal e nós instamos ao Goberno municipal a convocar un concurso internacional de arquitectos para posta en valor a remodelación da Gran vía e a Praza de España de tal xeito que mantendo os seus valores históricos, urbanísticos e patrimoniais se mellore a mobilidade peonil mantendo os bulevares centrais e as beirarrúas arborizadas como sinal de identidade da cidade, insisto, non un circo, un bulevar como o que se construíu no seu día, hai 75 anos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Presidente, permítame en todo caso comezar lamentando a falla de respecto cara este Pleno que neste caso o agrava, xa estamos afeitos/as á reiterada ausencia do Alcalde no debate das mocións, pero é absolutamente escandaloso que o Alcalde estea a desenvolver neste momento unha rolda de prensa mentres segue a sesionar o Pleno da Corporación. Onde ten que comparecer o Sr. Caballero é diante desta corporación que representamos colectivamente ao conxunto da cidade e non facendo autobombo diante dos medios de comunicación.

Entrando xa na cuestión da moción, expresar en primeiro lugar que entendemos e eu creo que todo o mundo entende que a Gran Vía si precisaba dalgunha actuación que a puxese en valor, que a modernizara e que dende logo atendese pois a unhas eivas que se estaban acumulando e que facilitase tamén a súa integración na nova realidade urbana que foi evolucionando nos últimos anos. En todo caso o BNG xa expresamos de maneira clara que lamentamos que esta actuación se fixera sen o

máis mínimo diálogo, matando árbores e dende logo impondo unha concepción estética, máis que discutible do Alcalde. En todo o caso o BNG non podemos votar favorablemente esta moción por dúas razóns fundamentais, porque se limita unicamente a lado estético, á discrepancia estética sen formular unha alternativa e porque traen esta moción a pouco tempo de que se vai inaugurar a obra, entón non é mesmo discutir sobre un proxecto cando está sen desenvolver que cando a obra xa esta instalada, a pregunta, o elefante na sala, sobre a posición que ten o Partido Popular en relación as ramplas de Gran Vía que por unha banda di que non está en contra, que non lle gustan, estas que lle gustarían doutra maneira e que alternativa que lle ofrece á cidade no momento donde o investimento xa está realizado, a obra practicamente executada e dende logo estamos a piques da entrega da mesma, non parece moi serio colocar esta cuestión, traer esta debate nestes termos, neste momento.

SR. PÉREZ CORREA: Hai varias cuestións nesta moción que a nós non nos gusta e coñecido que a nós tampouco nos gusta o proxecto de Gran Vía, que consideramos ademais que é un uso cando menos discutible dos fondos europeos destinados, entre outras cousas a reducir o impacto da pegada de carbono na nosas sociedades, a facer unha mobilidade sostible, e tamén a un uso absolutamente prioritario dos fondos europeos, cuestión que nos trasladamos tamén ao Parlamento europeo, entre outras cousas porque o impacto da pegada de carbono de escaleiras mecánicas destas características de longo percorrido é coñecida e máis hai estudos que o din, pois excesivamente alto, hai dúas cuestións ademais a maiores desta, unha ten que ver coa propio exposición, claro que a Gran Vía non é só existente do ano 45, cando hai un proxecto por certo, de desenvolvemento franquista para converter a Gran Vía na Gran Vía do xeneralísimo e inaugurada polo propio ditador e ademais pensada nalgún caso para que fora precisamente pois a gran achega de Vigo ao réxime, hai un proxecto inicial de principios de século, a participación importante de Ramilo Pascual dentro do seu plan de ensanche no 1907, as propostas posteriores de 1910, é dicir, a Gran vía como bulevar estivo proposto moito antes do ano 45 cando se fai esa remodelación, como digo eu dentro dun proxecto que miraba máis as necesidades do réxime

franquista que outras realidades, e obviamente que a Gran vía necesitaba darlle unha volta, a pesares de que darlle unha volta non é necesariamente a substitución permanente de cuestións que prexisten nas nosas vilas e nas nosas cidades e que moitas vecesponse en cuestión, seguimos a demandar un estudo claro e meridiano de por que se talaron ás árbores, xa non hai volta atrás, pero xa non é que non haxa volta atrás, é que nos imos esperar ata o final da obra porque ademais se nos dixo, se nos aseverou coas reiteradas queixas da Marea de Vigo que ía haber moitos máis árbores e máis frondosos, incluso máis grandes que os que existen, non sabemos onde van entrar senón no seu invernadoiro que se está colocando ou se nos pequenos maceteiros que están nos laterais, dende logo a nós non dan os números pero imos a ser precavidos e nos imos crer a infografía que nos pon aí unha especie de selva saldadoreña e pouco máis que unha especie de novo verxel no centro urbano.

E hai outra cuestión coa que non estamos de acordo, creo que debería de estar xa erradicado dalgunha vez por todas, xa non de todo o ámbito municipal, porque esa cidade xa viviu moitas concursos internacionais e grandes arquitectos que ían facer a cidade perita de século 21, que quedaron en maquetas, en gasto económico terrible ou Plan Moneo e algunhas outras cuestións, o Plan Nouvel lle seguimos chamando Plan Nouvel pero non se parece nin na sola dos zapatos e xa está ben, cada vez que non sabemos como resolver cousas, nós aparecen os concursos internacionais de arquitectos que moitas veces son os grandes culpables de dispendios económicos que logo non somos capaces nin de xustificar nin de asumir, e temos en Santiago de Compostela a Cidade da Cultura que seguramente serían os mellores arquitectos do mundo, pero segue sendo un instrumento de soterrar recursos públicos. É todo para nós, triste dicilo, pero é todo xa absolutamente tarde, xa temos aí o esperpento do que se rin de nós en tódolos lados porque é unha risa permanente, xa temos aí un esperpento que non sabemos aínda cal vai ser o seu custe de mantemento, sabemos que o custe de mantemento das escaleiras se vai a financiar e está no proxecto, cos recursos que tiñen que ir para tapar buracos viarios por toda a cidade, e iso pois mentres non se habilite outro sistema de sostemento disto pois dende logo se detraendo recursos para o mantemento da rede viaria, para meter o que xa dicimos que vai a ser reiteradas avarías nun sistema de tracción mecanizada como este porque xa se

están nos outros que son moito máis simples e nós non estamos de acordo con trasladar aquí unha simple reprobación, si a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia quixera parar este proxecto hai un ano, ou ano e pico, estaba paralizado, só cun informe de Patrimonio estaba paralizado, o que pasa é que ás veces se critica moito aquí pero creo que a administración autonómica moitas veces non se atreve a tomar decisións porque van a pensar que queren paralizar a cidade, que son inimigos de Vigo pero que patrimonialmente é inxustificable esta actuación e o que nos parece que chega tarde e nos parece que hai unha desleixo de funcións por parte da consellería porque non vale só facerse cargo da estatua e das cuestións patrimoniais de abaixo, senón que todo patrimonio a protexer era o conxunto do bulevar.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Este proxecto de obras de rehabilitación e transformación da Gran vía como vostedes saberán se marca dentro da estratexia de desenvolvemento urbano sostible, e cos fondos europeos. Todo isto está enmarcado dentro dun grupo de actuacións dirixidas a favorecer a mobilidade peonil a través de elementos mecánicos na cidade, con altas cotas de desnivel que dificultan os desprazamentos da cidadanía, sobre todo naquelas persoas que teñen dificultades de mobilidade, din vostedes na súa moción que descoñecen quen é o autor, non é anónimo, este proxecto está feito por un dos maiores estudos de enxeñería e arquitectura de Galicia, con presenza en todo o mundo, incluído traballos para a Xunta de Galicia e na redacción deste proxecto participaron un equipo multidisciplinar de enxeñeiros, enxeñeiros de camiños, canais e portos, arquitecturas especialista urbana, arquitectos técnicos, enxeñeiros agrónomos, ou sexa é un proxecto traballado, é un proxecto de cidade e sobre todo é un proxecto de mobilidade, é un proxecto de mobilidade que vai incardinado con tódolos proxectos de mobilidade que este goberno está a facer na cidade, con todos eses proxectos que están cos fondos europeos destinados a garantir e mellorar a calidade de vida de tódalas persoas, sobre todo das persoas maiores, é un proxecto verde e sostible, se implantan máis de 300 arbores entre vexetación, árbores, plantas e se incrementa a superficie verde nun 55% con respecto á actual, non se esquezan, Sr. Marnotes vostedes se anima connigo, se triplica o número de

árbores, todas estas árbores non é que se cortaran se evitou o risco de que caeran porque non se esquezan de que xa caeran árbores enriba de coches en moitas zonas da cidade, se incrementan en máis de 300 metros cadrados as zonas axardinadas da cidade, pero miren, sobre todo é un proxecto que cree na mobilidade vertical, que cre na mobilidade, na axuda para a mobilidade das persoas maiores, é un proxecto pensado para ter continuidade no resto da cidade, con todo o que se leva feito, con máis ascensores e vaise seguir facendo máis obras de Vigo Vertical con fondos europeos e con investimentos dos propios orzamentos da cidade. É un gran proxecto moderno, de mellora da mobilidade sostible medio ambientalmente é sobre todo crea espazos e zonas de goce para os cidadáns, e min paréceme moi ben Sr. Correa que non lle guste, pero é que a vostede non lle gusta isto, non lle gustaban as escaleiras da Segunda República, non lles gustan as ramplas, sabe que pasa? A nós gusta nos pensar que a xente ten máis facilidades e se pode mover mellor, a nos gusta o noso proxecto de cidade e o Vigo Vertical é o noso proxecto de cidade, xunto coa luces de Nadal e con 50 cousas máis e sabe que pasa? Vostede é o mesmo que o Partido Popular, teñen a costume de enfadarse porque a xente logo di, claro que hai que pensar o que votou a xente, si pero é así, pero a xente elixe proxectos de cidade liderado polo Sr. Caballero que é unha transformación da cidade, de arriba a abaixo. Sr. Marnotes é así, isto é o resultado é unha transformación da cidade e imos seguir facendo máis ramplas e máis ascensores e máis escaleiras mecánicas, vaise seguir investindo na cidade axudando á xente a mellorar na súa mobilidade, no seu goce, no seu tempo de ocio que teñan maior comunicación, reducir o impacto medio ambiental, vaise a conseguir todo, por iso ten 101.000 votos, mire que non mo canso de repetirlo.

Gozo moito pero o certo é que nos quedan este e moitos anos para seguilo gozando.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar esta moción presentámola porque como ben dixo vostede agora ameazan con continuar ese proxecto e nos non queremos que continúe ese proxecto así, e sobre todo como dicía tamén o sr. Iglesias isto tivo un erro porque si que se propuxo e trouxemos mocións a este Pleno para que se consensuase, para que se replantexase o proxecto de Gran Vía,

nin sequera para que vostedes eliminasen ese proxecto, como dicimos as escaleiras da Segunda República, o Sr. Correa di que case as utiliza a diario eu case tamén, moi ben ninguén cuestionou ese proxecto ou o que van facer agora no colexio Mariano, moi necesarias, estamos e dicir que non estamos en contra nin de ramplas nin de escaleiras mecanismos, estamos en contra de que vostedes planten armatrestes na cidade cargándose o Patrimonio, e despois claro, dicían, se a Xunta de Galicia quixera isto o paraba Patrimonio, vostedes están propoñendo tamén na emenda, que iso case é prevaricar, que dirixirían e terían unha Dirección Xeral de Patrimonio “ad hoc”, a Dirección de patrimonio son técnicos que din o que está ben, o que se pode facer e o que non se pode facer, efectivamente dixeron que no primeiro tramo da Gran Vía é onde esta escultura non se podía tocar, pero aquí está dicindo o Sr. Pérez Correa e na súa emenda di que o Sr. Feijóo e a Dirección Xeral de Patrimonio cando nos gobernemos faremos o que nos dea gana e cargaremonos tódolos informes técnicos que poden dicir, ou sexa que ollo cando din que dende a Xunta de Galicia poderíamos parar os proxectos, porque iso é o que fan vostedes, parar os proxectos que a Xunta de Galicia trae a Vigo. Miren, este é un tema de cidade e de estética, pode gustar máis ou menos, a marxe da estética é por moi traballado que estea cargouse un bulevar case centenario, un emblema de esta cidade, zonas verdes, arboladas, verde está no metal da propia estrutura de invernadoiro, de que zonas verdes fala Sr. Pardo? É que estamos vendo que está case rematada xa as beirarrúas, que van meter bonsais dentro do invernadoiro? Van plantar alí dentro porque coa calor pois igual temos unha horta alí dentro. Mire ademais sabemos que esteticamente iso se deteriora tamén, en mantemento seguramente vai ser moito caro que calquera outra opción, iso tamén o imos a ter en conta, e insisto en abril de 2018 dixemos que había que replantear o proxecto de Gran vía que se escoitara aos veciños, que se escoitara aos grupos da oposición, non escoitou, ou sexa, non vai con consenso e en maio de 2018 presentamos tamén outra moción na que dicíamos que non era unha decisión política, e non queríamos evitar iso, era unha decisión técnica que vostedes tiñan que adaptarse nestas ocasións ao Patrimonio e como dicía antes cando emiten os informes, non que o decida a Xunta de Galicia ou porque o decida politicamente calquera de nós.

Nós pedimos que replantexen vostedes o futuro se queren manter ese proxecto, insisto por non cargarse máis Patrimonio en Vigo e por non cargarse máis zonas verdes en Vigo, a mobilidade e a modernidade é compatible co Patrimonio e coas zonas verdes.

PRESIDENCIA: Entendo que a reprobación ao Presidente da Xunta de Galicia non a acepta.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, atópase tamén ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.09.2020 (Rex. Nº 2609/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

25(171).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A QUE SE REFORCE AS CONEXIÓNS E FRECUENCIAS DO SERVIZO AUTOBÚS URBANO CO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo presidente, é que se reforce a conexión por autobús urbano co hospital Álvaro Cunqueiro, aumentando as frecuencias das liñas directas existentes e poñendo en marcha as novas lanzadeiras dende Navia e Coia e Praza dos Cabalos, así como que se recuperen a totalidade das frecuencias existentes no conxunto das liñas de bus, antes do inicio da crise sanitaria da COVID-19, e o sistema de horarios fixos e se adopten as medidas necesarias para evitar a saturación nos autobuses ao Cuvi.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

26(172).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á HOMENAXE Á XERACIÓN NÓS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se atenda a nosa petición que xa a rexistramos por escrito, de homenaxear con algún tipo de escultura ou placa ó centenario da Xeración Nós para o que propoñemos e teña en conta o espazo no que se localizaban os volcáns de Coia e propiamente na Avenida de Castelao.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

27(173).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE Á APERTURA DUNHA OFICINA DE AQUALIA NO CENTRO DA CIDADE.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Moitas grazas e tamén ao persoal do Concello que está a garantir as medidas de seguridade anti-covid e o desenvolvemento normal da sesión.

Nós temos un rogo que é que o goberno ordene a apertura dunha oficina de atención ao público de Aqualia no centro de Vigo, cunhas instalacións amplas, con medidas de seguridade anti-covid e tamén con cita previa, ese é noso rogo.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

28(174).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á ACTUACIÓN DO GOBERNO FRONTE AS DEFICIENCIA QUE PRESENTA A ETEA.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta é cando ten previsto actuar o goberno municipal nas numerosas deficiencias e fallas de mantemento e limpeza que presentan diferentes ámbitos da Etea.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

29(175).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AS RESPONSABILIDADES DA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL EN REFERENCIA A SENTENZA LABORAL.

SR. PÉREZ CORREA: Pensa o Concello depurar responsabilidades na Xefatura da Policía Local toda vez que esa sentenza cuestiona a política laboral e as cuestións que teñen que ver co funcionamento do servizo.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

30(176).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS MEDIDAS QUE VAI ADOPTAR O GOBERNO EN RELACIÓN AS REPRESALIAS DOS AXENTES DA POLICÍA LOCAL RECOÑECIDAS NOS TRIBUNAIS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Que medidas vai a adoptar o goberno local para cesar na persecución e represalia dos axentes da Policía Local que sofren acoso laboral tal e como recoñeceron recentemente os tribunais de xustiza.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Susana Gallardo Fariña.